

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 83

Sesión plenaria
24 de febreiro de 2026

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto (doc. núm 50911. 12/PL-000013)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

Punto 2. Comparecencia

50247 (12/CPP-000088)

Do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre a situación xeral do servizo ferroviario en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

Punto 3. Mocións

3.1 50513 (12/MOC-000104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 955, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2026)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

3.2 50654 (12/MOC-000105)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45418, publicada no BOPG núm. 319f2, do 22 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2026)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026



3.3 50656 (12/MOC-000106)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia**

Sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45956, publicada no BOPG 323f1, do 29 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2026)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 38343 (12/PNP-002819)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua
Publicación da iniciativa, BOPG nº 283f1, do 12.11.2025

4.2 43192 (12/PNP-003004)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación do alumnado con necesidades educativas especiais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 310f1, do 09.01.2026

4.3 49603 (12/PNP-003236)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da expansión da enerxía eólica mariña en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

4.4 49610 (12/PNP-003237)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que complemente con fondos propios o programa do bono alugueiro financiado con fondos estatais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

4.5 49676 (12/PNP-003250)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de deseñar e impulsar as políticas en materia de corresponsabilidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026



4.6 49710 (12/PNP-003256)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a actitude do Goberno central coas políticas galegas en materia de dependencia e servizos sociais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

Punto 5. Interpelacións**5.1 34163 (12/INT-001230)****Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

5.2 48321 (12/INT-001593)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

5.3 49524 (12/INT-001641)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f1, do 11.02.2026

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 50861 (12/POPX-000071)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa garantía de respecto aos principios de autonomía local, igualdade e suficiencia financeira dos concellos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026

6.2 50868 (12/POPX-000072)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a transparencia informativa do Goberno galego, nomeadamente respecto do proxecto de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f1, do 19.02.2026



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 43380 (12/POP-005880)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e dous deputados/as máis

Sobre o grao de cumprimento dos compromisos e acordos adquiridos na unión dos concellos de Oza e Cesuras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 311f1, do 12.01.2026

7.2 50869 (12/PUP-000194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para corrixir os danos económicos, ambientais e sociais no encoro das Conchas e na comarca de Limia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2 do 19.02.2026

7.3 50886 (12/PUP-000197)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre as accións que está a pór en marcha a Xunta de Galicia para lle reclamar ao Goberno central toda a información precisa sobre o alcance da modificación do Regulamento xeral de costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.4 48584 (12/POP-006830)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Bouza Manso, Aitor

Sobre o estado actual das instalacións do CEIP A Xunqueira 1, de Pontevedra, e as súas consecuencias para a calidade da educación no devandito centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f2, do 05.02.2026

7.5 50870 (12/PUP-000195)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coas políticas de prevención fronte á desinformación e ao espallamento dos discursos de odio por razón de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.6 44869 (12/POP-006312)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a variante de Viveiro e o proxecto da vía de alta capacidade Costa Norte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026



7.7 45843 (12/POP-006505)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de retomar o proxecto inicial da vía de alta capacidade Costa Norte en Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f4, do 22.01.2026

7.8 48062 (12/POP-006753)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a construción e posta en marcha do novo centro de saúde do Carballiño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f2, do 05.02.2026

7.9 44864 (12/POP-006311)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e dez deputados/as máis**

Sobre os traballos de conservación que o Goberno galego leva a cabo na muralla de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

7.10 44374 (12/POP-006217)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e sete deputados/as máis**

Sobre as principais liñas de axudas que o Goberno galego ten actualmente en marcha para apoiar os traballadores e as traballadoras por conta propia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f2, do 16.01.2026



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O presidente comunica a ausencia da deputada Alexandra Fernández Gómez (BNG), que delega o seu voto, para a reunión do día de hoxe, na deputada Ana Belén Pontón Mondelo (BNG) e, para a reunión do día de mañá, na deputada Olalla Rodil Fernández (BNG), conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento. (Páx. 11.)

Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto. (Punto primeiro da orde do día)

O presidente informa do acordo da Mesa, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na reunión do 18 de febreiro de 2026, relativo a proporlle ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento especial de lectura única deste proxecto de lei, de conformidade co disposto no artigo 134.1 do Regulamento. (Páx. 11.)

O presidente abre unha rolda dos grupos parlamentarios para fixaren brevemente a súa posición respecto da proposta de tramitación. Despois de manifestaren a súa posición o deputado Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 11.) e a deputada María Elena Espinosa Mangana (S) (Páx. 11.), a deputada Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 12.) sinala que o seu grupo parlamentario esperaba que houbera unha quenda de intervención para poderen explicar a súa posición política. Despois diso, o presidente abre unha nova quenda de cinco minutos para todos os grupos. (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.), Aitor Bouza Manso (S) (Páx. 12.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 14.) e José Alberto Pazos Couñago (P) (Páx. 15.).

Votación de proposta de tramitación

Votación da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal: aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 17.)

Debate e votación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal. (Punto primeiro da orde do día)

Presentación do proxecto de lei: conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corcos López-Prado). (Páx. 17.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 20.), Aitor Bouza Manso (S) (Páx. 21.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 23.) e José Alberto Pazos Couñago (P) (Páx. 27.).

A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) pide a palabra, conforme o artigo 76.1 do Regulamento do Parlamento, por inexactitudes durante a intervención do representante do Grupo Parlamentario Popular. Logo dun intercambio co presidente no que a deputada mencionada sinala a inexactitude e pide a lectura dun documento co obxectivo de aclarala, esta élle denegada polo presidente. (Páx. 30.)



Votación de texto lexislativo

Votación do proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e unha abstención.* (Páx. 34.)

Comparecencia do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre a situación xeral do servizo ferroviario en Galicia. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso).* (Páx. 35.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 43.), Carlos López Font (S) (Páx. 46.), Paulo Ríos Santomé (BNG) (Páx. 49.) e Paula Prado del Río (P) (Páx. 52).*

Réplica do Goberno: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso).* (Páx. 56.)

A presidenta (María Elena Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 62.) (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 62.) Nesta rolda interveñen Carlos López Font (S) (Páx. 62.), Paulo Ríos Santomé (BNG) (Páx. 64.), Paula Prado del Río (P) (Páx. 66.) e o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso) (Páx. 68.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social. (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: *Olalla Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 74.), Silvia Longueira Castro (S) (Páx. 74.) e Raquel Arias Rodríguez (P) (Páx. 77.).*

Nova intervención da deputada Olalla Rodil Fernández (BNG). (Páx. 79.)

Suspéndese a sesión ás dúas horas e quince minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009. (Punto terceiro da orde do día)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 80.)

Intervención do grupo autor da moción: *Mercedes Queixas Zas (BNG).* (Páx. 81.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Silvia Longueira Castro (S).* (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 86.), José Luis Ferro Iglesias (P) (Páx. 86.).*

A deputada Mercedes Queixas Zas (BNG) interveñen para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 88.)



Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais. (Punto terceiro da orde do día)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 90.)

Intervención do grupo autor da moción: *Silvia Longueira Castro (S).* (Páx. 91.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Olalla Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 95.)
e Raquel Arias Rodríguez (P) (Páx. 97.).

A deputada Silvia Longueira Castro (S) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 99.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social: *rexeitada por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009: *rexeitada por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais: *rexeitada por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua. (Punto cuarto da orde do día)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *José Luis Ferro Iglesias (P).* (Páx. 103.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Silvia Longueira Castro (S).* (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Daniel Castro García (BNG).* (Páx. 107.)

O deputado José Luis Ferro Iglesias (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 110.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa das deputadas María Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación do alumnado con necesidades educativas especiais. (Punto cuarto da orde do día)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 112.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María Cristina Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 112.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Raúl Santamaría González (P)*. (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Aitor Bouza Manso (S)*. (Páx. 117.)

A deputada María Cristina Fernández Davila (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 120.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da expansión da enerxía eólica mariña en Galicia. (Punto cuarto da orde do día)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 121.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *José Manuel Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 122.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Miguel Fidalgo Iglesias (P)*. (Páx. 125.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 127.)

O deputado José Manuel Golpe Acuña (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que complemente con fondos propios o programa do bono alugueiro financiado con fondos estatais. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Aitor Bouza Manso (S)*. (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Saleta Chao Rivas (BNG)* (Páx. 135.) e *Moisés Rodríguez Pérez (P)* (Páx. 137.).

Nova intervención do deputado Aitor Bouza Manso (S). (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de deseñar e impulsar as políticas en materia de co-responsabilidade. (Punto cuarto da orde do día)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 140.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 142.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Ramón Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 144.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Noelia Pérez López (P)*. (Páx. 147.)

A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 150.)

Suspéndese a sesión ás oito e un minuto da noite.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

En xustificación de inasistencias ou delegación de voto faino a deputada dona Alexandra Fernández Gómez, que xustifica a súa inasistencia e delega o seu voto para a reunión do día de hoxe na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo e, para a reunión do día de mañá, na deputada dona Olalla Rodil, todo iso conforme o disposto no artigo 84.3 do Regulamento.

E entramos na orde do día. O primeiro punto é o texto lexislativo.

Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto

O PRESIDENTE: Todo iso de acordo co artigo 134 do Regulamento do Parlamento. A Mesa, na reunión do 18 de febreiro, acordou admitir a trámite este proxecto de lei polo procedemento de urxencia e, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, acordou proporlle ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento de lectura única deste proxecto de lei.

Antes de someter a votación a proposta da tramitación polo procedemento de lectura única, ábrese unha rolda dos grupos parlamentarios, por un tempo estimado de cinco minutos, para fixar a súa posición respecto da proposta de tramitación.

Entón, comezamos. Non sei, se o queren facer incluso dende o escano, porque é un procedemento rápido, poderíámolo facer así.

Entón, Grupo Parlamentario Mixto.

Déanlle voz ao escano do señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Votaremos a favor, presidente.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Si, presidente, a favor.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(Pausa.)

¿Si, señora Presas?

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Nós imos pronunciarnos favorablemente, pero agardabamos que, conforme o indicado no horario do pleno, houbera unha quenda de intervención para poder explicar a nosa posición política.

O PRESIDENTE: Eu iso díxeno; se queren, pódena utilizar.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Si, si...

O PRESIDENTE: Non sei se a quere volver utilizar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Quérena utilizar?

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Eu quero empregala, si.

O PRESIDENTE: Ben, pois entón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale, vale. ¡Pois puidéronmo dicir antes! *(Risos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Vale, pois veña, veña, cinco minutos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Si, a lei é o que di, cinco minutos pódense facer, pero puidéronmo dicir antes e evitaba as preguntas tamén, pero ben. É igual, non perdamos o tempo.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas, presidente.

Xustamente estamos hoxe perdendo o tempo pola chapuza que fixo a Xunta de Galicia coa modificación específica deste punto. *(Aplausos.)* Se a chapuza non se producise, non estaríamos debatendo hoxe este punto neste pleno.

E quero comezar así porque tanto sentidiño ten a Xunta de Galicia, tanto bo facer ten a Xunta de Galicia aprobando os seus orzamentos e a súa Lei de medidas fiscais e administrativas en tempo que hoxe temos que vir aquí, e xustamente ten que vir a Xunta de Galicia arrastrando os pés, por culpa de que anuncia a bombo e platillo unhas medidas que despois non leva á práctica na propia modificación lexislativa.

E por iso xustamente, de chapuza en chapuza, é polo que hoxe debatemos esta proposición de lei de modificación urxente polo trámite de lectura única, porque a Xunta de Galicia non fixo os seus deberes —nunca mellor dito—. E xustamente neste debate o que hoxe queremos pór de manifesto é que, se non chega a ser pola propia reivindicación social, se non chega a ser pola propia existencia que fixeron os grupos da oposición, nomeadamente este partido, o Grupo Parlamentario Socialista, hoxe seguramente non estaríamos aquí.



Vimos como o señor Rueda anunciaba, primeiramente no debate do estado da Autonomía, como se ían facer estas deducións por libros de texto e material escolar. Posteriormente —isto foi no mes de abril—, no mes de maio, non suficiente con iso, fíxose unha rolda de prensa para anunciar que ía haber 60.000 alumnos e alumnas que se poderían beneficiar desta desgravación fiscal. Non lle debeu dar tempo á Xunta de Galicia en todos estes meses —abril, maio, xuño, xullo, agosto, setembro, outubro, novembro e decembro— para poder estudar o tema. Fora xa unha promesa previa do Partido Popular e non lle chegou todos estes meses para poder acometer as medidas tal e como se tiñan que facer. Pero incluso chegou o día de ter que xustificalo e a Xunta de Galicia botou balóns fóra; ben, máis ben botou balóns entre consellería e consellería —agradézolles aos dous conselleiros do balón que estean hoxe aquí—, o balón da Consellería de Educación pasou á Consellería de Facenda, botando uns as culpas aos outros. Pero realmente as familias, que eran as grandes prexudicadas, o único que podían facer era mirar absolutamente abraiadas, porque esa medida que fixo o Partido Popular non se podía levar á práctica.

O conselleiro de Educación dicía, xustamente o sábado 7 de febreiro de 2026, despois de que a Xunta de Galicia —esta gran xestora, este gran goberno do sentidiño común e do sentidiño en todos os sentidos menos para poder facer ben as súas propias normas—, dicía o conselleiro Román Rodríguez, referíndose á polémica —non sei cal é a polémica, señor conselleiro, porque realmente non é unha polémica, é unha mala xestión, unha absoluta chapuza o que fixo a Xunta de Galicia, que anunciou a bombo e platillo unha desgravación fiscal que despois non se ía poder realizar—, que realmente era o marco legal, que non se podía facer nada. Se era o marco legal, ¿por que estamos hoxe aquí? Se non se podía facer nada, ¿por que si que se podía facer algo? ¿Por que negaron a evidencia? O que realmente evidencia isto é que estaban mal feitas as cousas, de présa e correndo. Pero ¿de présa e correndo por que? ¡Se houbo meses para facelo!

E, polo tanto, despois desa presión social, conseguiu-se que se fixera esta modificación, pero o único que demostra é que tanta propaganda o único que provoca é que ao mellor é mellor ir máis lentos pero máis seguros e non simplemente saír a golpe de titular, a golpe de anuncio no debate do estado da Autonomía e despois o único que se fai é ter este trato para todas esas familias.

Polo tanto, en consecuencia, nós levamos semanas, dende que saíu esta cuestión, reivindicando que a Xunta de Galicia faga o que xa tivo que facer; que faga realmente o que nunca debeu pasar, que foi deixar desamparadas todas esas familias. Claro que esa normativa se pode facer así. Din na exposición de motivos, intentan xustificar algo inxustificable, porque claro que pode ser así noutras normativas, e claro que está así na normativa, pero, como se demostra, tamén caben as excepcións. E sobre todo caben as excepcións cando non se lles explica ás familias cales son os requisitos que teñen que cumprir. Se foran xa previamente explicados, nada que dicir, pero a cuestión está en que nada se dixo e, ao final, ¿quen pagou o pato? Coma sempre, os galegos e as galegas.

Polo tanto, nós votaremos a favor deste trámite polo procedemento de lectura única, non polo Goberno da Xunta de Galicia, non para emendar esta chapuza do Goberno da Xunta de Galicia, senón por todas esas familias que non poden quedar desamparadas pola súa mala xestión.



Grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

¡C'est la vie! Precisan o Parlamento, teñen que escoitar o Parlamento, ¡só faltaba! Aquí des-
pístaste un momento e xa..., en fin.

Antes de máis, desde o Bloque Nacionalista Galego non podemos comezar este pleno do Par-
lamento galego sen facer un agradecemento; un agradecemento á sociedade galega, que coa
súa mobilización fixo o que era xusto e necesario: freou un proxecto lesivo para Galiza e dixo
(*Aplausos.*) ¡Altri non, Galiza si!, demostrando que somos un pobo orgulloso, vivo e cheo de
dignidade.

E, indo á cuestión, resúmese nunha soa palabra, señores Corgo, Rodríguez e Calvo: trapa-
llada, trapallada. Ter que facer este remendo legal directamente pois mostra, e pon negro
sobre branco, que realmente a súa Lei de medidas fiscais administrativas é unha trapallada
lexislativa. (*Aplausos.*) Moita maioría absoluta, que presumen día e noite, moito *Gobierno de
rigor*, moito autodenominarse bos xestores, pero son vostedes uns absolutos trapalleiros.

A Real Academia Galega define trapallada como substantivo feminino, «cousa mal feita, sen
coidado nin arte», e a verdade é que só falta que incorporen na páxina web unha foto do
Consello da Xunta, porque iso é o que define a Lei de medidas fiscais e administrativas, non
só nesta ocasión, senón habitualmente ano a ano. E ¿por que? Porque aí aproveitan vostedes,
con premeditación e aleivosía, para meter pola porta de atrás todo tipo de cambios legais,
—hai que recordalo— sen pasar polo CES, sen pasar por unha tramitación parlamentaria
demorada, sen consulta social e saltando informes legais. A mesma película todos os anos.

E, se facemos recapitulación da última —como se fora isto unha serie—, pois vemos que o
que fixeron vostedes no último capítulo pois, claro, deron tantos xiros que como para non
meter a pata, porque eu quero recordar aquí que na última Lei de medidas fiscais e admi-
nistrativas reformaron vostedes nada máis e nada menos que cincuenta leis —que se di
pronto— e quince decretos que nada tiñan que ver coa tramitación orzamentaria, sen contar
xa o propio espectáculo co que nos deleitaron coas súas propias emendas do Grupo Popular.

Por iso, hai que recompilar. Hai que recompilar porque, ademais, equivocáronse nunha cues-
tión que afecta os libros de texto e que afecta a fiscalidade, pero non se equivocaron nas pre-
bendas á patronal enerxética; non se equivocaron para seguir promovendo a plantación de
eucalipto neste país; non se equivocaron para reformar as exixencias de habitabilidade e
permitir que galegos e galegas vaian vivir en pisos máis pequenos que os hoteis aos que van
vostedes cando se xunta o Consello da Xunta. Niso non se equivocaron. Foron equivocarse,
para pouco que meten de fiscalidade, foron equivocarse —*el Gobierno del rigor*— en algo que
tiña que ver coa desgravación dos libros de texto. Non se equivocaron tampouco en permitir



prebendas no imposto de patrimonio ou no sector do xogo. Foron equivocarse nos libros de texto. Claro, fan tal caixón de xastre que esta é a consecuencia. Deses pos, estes lodos.

Pero, e en todo caso, o problema de fondo é ese. Non é unha cuestión menor, non é unha cuestión anecdótica e puntual, porque errar, efectivamente, é humano e é lóxico en leis complexas poder cometer un erro, pero a cuestión é que vostedes viven instalados no terror lexislativo da Lei de medidas fiscais e administrativas, na que xuntan absolutamente todo, e por iso lles pasa iso, porque rigor, pouco; planificación, ningunha; e soberbia, moita. (*Aplausos.*) A ver se isto lles serve para quitar un pouco de soberbia, porque que dous meses, dous meses despois de aprobar os orzamentos, tendo maioría absoluta, teñan que vir con estas pois amosa que realmente están facendo as cousas mal.

Está facendo as cousas mal nun dobre sentido: mal porque estiveron tan ocupados vendendo a bombo e platillo a proposta que non demoraron en traballala de forma adecuada e en contacto coa comunidade educativa; e mal tamén polo fondo, porque, aínda que hoxe se remedie este erro, a proposta segue sendo un parche.

Segue sendo un parche porque hai dezasete anos había unha medida que funcionaba, que era realmente transformadora e que era a gratuidade dos libros de texto e o primeiro que fixeron ao chegar ao Goberno foi aplicar a tesoiria; foi aplicar a tesoiria e a axenda da dereita de recortar dereitos sociais na peor crise financeira da historia deste país. (*Aplausos.*) Polo tanto, ese é o erro maior que debera corrixir esta lei: apostar pola gratuidade dos libros de texto.

En todo caso, compartimos que hai un problema. É evidente que a comezos de abril vai iniciarse o proceso da declaración da renda e que isto prexudicaría moitos galegos e galegas, e, como no BNG o que nos importa é a xente, non nos imos opoñer a esta tramitación polo procedemento de urxencia. Para unha vez, para unha vez que o Goberno a emprega de forma xustificada, pois non imos dicir que «non» á urxencia, diremos que «si», pero aproveitamos tamén para dicir «non» ás chapuzas do Partido Popular e á súa política fiscal.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Ben, presidente, pois moitas grazas.

A verdade é que acabamos de asistir a un exemplo marabilloso do que é vir a un parlamento facer calquera cousa menos debater, ¿non?, porque debater consiste en gran parte en escoitar a outro. Vostedes nin sequera escoitaron o presidente da Cámara, (*Aplausos.*) que comezou esta sesión ofrecéndolles intervir cinco minutos dende este atril ou dende o seu escano, pero ¿para que atender ao que di o presidente da Cámara podendo montar un pequeno lío? Iso é o seu.



Mire, na realidade —moi brevemente—, os requisitos para a tramitación do proxecto de lei polo procedemento de lectura única están recollidos na sección 5ª deste Regulamento do Parlamento de Galicia, máis concretamente no artigo 134 —leo—: «Cando a natureza dun proxecto de lei o aconsellar ou a súa simplicidade de formulación o permitir, o pleno da Cámara, por proposta da Mesa, oída a Xunta de Portavoces ou por iniciativa desta, poderá acordar que este proxecto se transmite directamente en lectura única ante o pleno ou ante unha comisión». 2: «Adoptado o acordo, procederase a un debate suxeito ás normas establecidas para os de totalidade e seguidamente o conxunto do proxecto someterase a unha soa votación», é dicir, exactamente o que estamos facendo. Polo tanto, estamos ante un procedemento que está reservado para dous supostos: o primeiro, un proxecto con gran simplicidade de formulación —creo que, se tiveron a oportunidade de ler a documentación que acompaña este proxecto, coincidirán comigo en que encaixa perfectamente— e un proxecto cuxa natureza aconselle este procedemento, entre eles pois as leis de reforma puntual doutros textos normativos. En calquera caso, creo que se cumpren as dúas posibilidades nunha mesma norma.

Eu penso que este texto que hoxe sometemos á consideración da Cámara encaixa perfectamente neses supostos para esta tramitación de lectura única e, polo tanto, non cabe ningunha dúbida sobre a legalidade do procedemento elixido.

A lei que hoxe sometemos a debate límitase a modificar a disposición adicional quinta da Lei 5/2025, de medidas fiscais e administrativas, introducindo respecto da dedución por adquisición de libros e material escolar unha única novidade substancial —paso a ler esa formulación—: «De xeito excepcional, no ano 2025 serán tamén admisibles as contías satisfeitas mediante a entrega de diñeiro de curso legal». Dificilmente atoparemos unha lei de contido máis sinxelo que esta e, polo tanto, que se axuste mellor ao procedemento de lectura única.

Eu quero agradecer a Democracia Ourensana e ao BNG que teñan amosado a súa comprensión polo procedemento elixido dende o primeiro momento, aínda que despois veñan aquí falar de «trapalladas». Por certo, que veña falar o BNG de «trapalladas» na mesma semana na que presentaron nas Cortes españolas unha emenda sobre a AP-9 na que eliminaban a cesión desa autovía a Galicia... je dixeron que era un erro! Se veñen vostedes dar leccións de «trapalladas», recoñezo que para iso son bos mestres, pero eu taparíame un pouco. (*Aplausos.*)

Tamén aproveito para agradecer o apoio ao PSdeG, aínda que debo amosar unha certa sorpresa pola reticencia que mostrou inicialmente, xa que estimaba máis acaída unha tramitación ordinaria desta lei, que impediría que a medida estivese en vigor antes de que se iniciase o prazo de presentación da declaración da renda. Só caben dúas explicacións a esa reticencia, e a verdade é que cada unha me parece máis preocupante que a anterior: ou ben o PSdeG entende que isto é extremadamente simple, pero prefire buscar unha polémica artificial aínda que sexa á custa de crearlles un prexuízo ás familias que se poderían ver beneficiadas pola medida —é unha posibilidade—; ou a segunda, que o PSdeG considera que o contido da lei resulta excesivamente complexo para as súas señorías e impide que se substancie nun trámite de lectura única, o cal —sinceramente— non falaría demasiado ben das capacidades cognitivas da bancada socialista. A verdade é que, despois de escoitar algunhas das reflexións



que se fixeron dende este atril, efectivamente, creo que non entenderon demasiado ben o contido da lei.

Iso si, atrevemento non lles falta, porque que veña un socialista nos tempos de Pedro Sánchez falar aquí de promesas e anuncios incumpridos é para nota, señorías. (*Aplausos.*) (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) Si, si. Pode vostede asentir, que eu sei que atrevemento non lle falta; coñecemento, xa veremos. Diso imos debater agora.

En todo caso, presidente, por suposto que este grupo vai aprobar este trámite de tramitación polo procedemento elixido.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación de proposta de tramitación

O PRESIDENTE: Ben, pois sometemos, polo tanto, a votación a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única.

Votamos.

Votación da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta por unanimidade.

Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal

O PRESIDENTE: Pasamos ao debate e votación do proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal.

Para iso, ten a palabra, para presentar o proxecto de lei, o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): Señor presidente, señorías, bos días.

Presento nesta Cámara o proxecto de lei de medida excepcional en materia fiscal para que as familias galegas que mercaron libros de texto e material escolar entre o 1 de xullo e o 31 de decembro e pagaron as facturas en efectivo poidan aplicar na declaración do IRPF do ano



2025 a bonificación fiscal aprobada por este goberno de ata 105 euros por fillo ou filla en idade escolar; unha medida que pretende un aforro de case 7 millóns de euros para unhas sesenta mil familias galegas e queremos darlle continuidade en anos sucesivos.

Presentamos este proxecto de lei porque algunhas destas familias non ían poder aproveitar esta dedución neste primeiro ano, ao descoñecer que un requisito para aplicala é non pagar en efectivo. Optamos polo procedemento de lectura única porque permite acelerar a aprobación da norma reducindo os prazos, xa que —como dixeron— o obxectivo é asegurar que estea aprobada para a vindeira campaña de presentación do imposto sobre a renda das persoas físicas, que, como saben, comeza o próximo 1 de abril.

O primeiro que quero lembrar é que o artigo 31.1 da Constitución española consagra o principio de que todos os cidadáns contribuírán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto, inspirado nos principios de igualdade e progresividade e que en ningún caso terá carácter confiscatorio.

Por outra banda, os beneficios fiscais, como saben, son instrumentos de política económica e social polos que as administracións tributarias, no eido das súas competencias, renuncian total ou parcialmente á percepción de determinados ingresos para acadar obxectivos estratéxicos de desenvolvemento económico ou social. Neste senso, os beneficios fiscais son unha excepción ao principio da xeneralidade tributaria que acabo de anunciar, e respostan a razóns económicas, sociais ou estratéxicas e buscan promover unha finalidade pública ao tempo que supoñen unha minoración da recadación. Ademais, como ferramentas de política pública, requiren un control, pois, ao non seren os beneficios fiscais simples reducións de impostos, deben administrarse con responsabilidade, con transparencia e co control dos presupostos habilitantes para a súa obtención.

Un dos medios para acadar este control é a exigencia de uso de medios de pago trazables, pois permite verificar a realidade das operacións, permite reducir o risco de facturas falsas ou simuladas, permite facilitar a comprobación administrativa e permite evitar a utilización instrumental do beneficio fiscal.

Ademais, esta exigencia é un medio de control coherente coa normativa fiscal antifraude, que evidencia unha orientación lexislativa clara cara á rastrexabilidade das operacións económicas como un instrumento de control tributario. De feito, todas as comunidades autónomas, xunto coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, no seo do Consello Superior para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria, defenden como principio xeral no deseño das deducións fiscais que os beneficios fiscais que se apliquen sobre entregas dinerarias se realicen mediante medios trazables, algo que non garante o pago en efectivo.

Polo tanto, a xustificación de que o gasto suxeito a dedución non poida realizarse mediante entregas de diñeiro de curso legal obedece á necesidade de que teña que estar debidamente xustificado e rexistrado a través de medios de pago que permitan verificar a realidade das transaccións e a orixe inmediata dos fondos adicados ao mesmo; unha finalidade que non se consegue co pago en metálico e si co pago mediante tarxeta de crédito ou débito, trans-



ferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en entidades de crédito ou a través de plataformas de servizos de pagamento electrónico instantáneos autorizadas no noso país.

Señorías, por iso, no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, inclúense xa diferentes beneficios fiscais que exclúen como medio de xustificación do gasto fiscalmente deducible as entregas de diñeiro de curso legal. Estes beneficios son a dedución polo investimento de instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual para uso exclusivo para o autoconsumo, a dedución de obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares ou a redución no imposto sobre doazóns pola adquisición de bens e dereitos adicados a reparar ou repoñer os danos causados polos incendios forestais acaecidos no pasado verán.

Este requisito é común ao conxunto das administracións públicas —non é exclusivo da nosa—. Así, no caso da Administración xeral do Estado, podemos citar como medidas fiscais nas que non cabe acreditar o pago mediante entregas de diñeiro de curso legal a dedución por obras de mellora da vivenda, a dedución por obras de mellora da eficiencia enerxética de vivendas e a dedución para a adquisición de vehículos eléctricos enchufables.

Nesta mesma liña, diferentes comunidades autónomas aproban con carácter xeral este requisito para a aplicación de todos os seus beneficios fiscais. Así, por exemplo, a Comunidade Autónoma de Aragón, xa no ano 2005, aproba requisitos ás entregas de importes pecuniarios para a aplicación de determinados beneficios fiscais, indicando que as deducións na cota íntegra autonómica no imposto da renda das persoas físicas polas contías satisfeitas derivadas dos gastos polos que os contribuíntes teñan dereito á aplicación do correspondente beneficio fiscal quedan condicionadas a que o pago dos devanditos gastos se realicen mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas de entidades financeiras. O mesmo acontece coa Comunidade Autónoma de Estremadura, que, no 2018, aproba que os beneficios fiscais relativos aos tributos cedidos quedan condicionados a que o aboamento das cantidades satisfeitas polos negocios xurídicos que orixinen o dereito á súa aplicación se realice con tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas de entidades de crédito. E, así mesmo, a Comunidade Valenciana tamén establece para todas as súas bonificacións fiscais que a aplicación destas deducións establecidas na súa norma legal queda condicionada a que a entrega dos importes derivada do acto ou do negocio xurídico que dea dereito á aplicación daquelas se realice mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas de entidades de crédito. No resto das comunidades autónomas, este requisito establécese en cada unha das deducións concretas, ao igual que acontece na nosa comunidade autónoma.

No caso de Galicia, o beneficio fiscal para a compra de libros de texto e material escolar régulase —como se acaba de dicir aquí— na Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, engadindo un novo apartado, o número 25 do artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, establecendo que na Comu-



nidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias normativas na regulación desta dedución no imposto sobre a renda das persoas físicas, no tocante aos medios de xustificación de gasto, a acreditación do gasto para a adquisición de libros de texto e material escolar se realizará mediante a factura detallada dos bens adquiridos e os xustificantes de pagamento efectuado mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso a conta de entidades de crédito ou a través de plataformas de servizos de pagamento electrónicos instantáneos autorizadas no noso país. En ningún caso terán dereito a practicar esta dedución as contías satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.

Porén, aínda que durante a tramitación desta lei non se presentou ningunha alegación ao respecto, e dado que a norma se aproba e publica a finais do ano 2025, con efectos retroactivos —reitero, coa finalidade de non prexudicar as persoas que realizaron o gasto en material escolar e libros de texto no segundo semestre do pasado ano con diñeiro de curso legal, podendo descoñecer de boa fe que non se ía admitir como medio válido para acreditar que este gasto é deducible—, modificamos a disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para admitir, de xeito excepcional no período impositivo 2025, este medio de pago para aplicar esta dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas. Deste xeito, con carácter excepcional e polos motivos expostos, permitiremos o pago en diñeiro de curso legal dos gastos de material escolar e libros de texto realizados durante o período do 1 de xullo ao 31 de decembro do ano 2025.

Os contribuíntes galegos con rendas familiares de ata 30.000 euros per cápita poderán deducirse a partir do vindeiro mes de abril, na campaña da renda correspondente ao ano 2025, o 15 por cento dos gastos en material escolar e libros de texto, ata un máximo de 105 euros por fillo ou filla en idade escolar, e coa tranquilidade de que tamén poderán incluír nesta dedución aqueles pagos que realizasen en efectivo.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Moi breve. Non votaremos explicitamente a favor desta proposta, porque non queremos dar carta de natureza a unha forma de traballar que denota pouca previsión. Temos que utilizar este procedemento excepcional para corrixir unha falta de previsión por parte do Goberno galego. Tampouco nos imos opoñer; ímonos abster, porque tampouco imos prexudicar as moitas persoas que, con toda a boa vontade, compraron os seus libros pagando en moeda, en efectivo, sen utilizar os outros procedementos de pago. Non queremos que iso sexa motivo de castigalos, así que nos absteremos. Sinxelamente pensamos que este procedemento excepcional debería estar máis xustificado. A ver se o pode estar noutros casos, pero neste caso



era facilmente previsible o que pasou, e por iso nós ímonos abster. Para outra vez, a ver se o Goberno ten máis capacidade de previsión e contempla todas as posibilidades que aparecen na lexislación. Nada máis. Absterémonos.

Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas de novo, presidente.

Señor conselleiro, grazas por vir lernos a exposición de motivos da Lei; a verdade é que llo agradezo, por se non tivemos tempo nestes escasos días a facelo. Pero agradecería que, en vez de ler a exposición de motivos que xa coñeciamos, a Xunta de Galicia nos explicase por que. En todos eses meses xa se coñecía que realmente esa medida se ía poñer en práctica; entre abril e decembro xa se sabía. Empezou o curso escolar, as familias xa fixeron as compras, e chegamos a decembro e aprobouse esa lei que a vostedes con tanto *jolgorio y regocijo* lles gusta aprobar aquí no Parlamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, é o procedemento ordinario, señor Pazos: aprobalo na Lei de medidas fiscais e administrativas; iso é o que dixo o Partido Socialista. Cuestión distinta é que a chapuza que vostedes fixeron teñamos que vir hoxe aquí emendala porque non se fixo no procedemento ordinario dunhas desgravacións fiscais que se fan na Lei de medidas, esa é a cuestión. ¡Claro que se tiña que facer no procedemento ordinario! Aquí ninguén cuestiona a legalidade de que se aprobe por lectura única; claro que é legal. ¡É que, se non fose legal, non estaríamos debatendo hoxe aquí!

E, á parte, vostede di que veño aquí con atrevemento. ¿A que lle chama vostede atrevemento? ¿A non comulgar co que di o Partido Popular? Pois moito lle queda, señor Pazos, porque eu non vou permitir que vostede me veña aquí nin faltar ao respecto pola miña falta de capacidade cognitiva nin tampouco coas ameazas do atrevemento porque veña opoñerme ao que fai o Partido Popular. (*Aplausos.*) Xa llo vou anunciando. Dígoo por se temos máis debates en conxunto, por se esa é a súa forma de actuar habitualmente, por se a súa forma de debater é vir aquí de matón de colexio para poder dicirle ao resto o que temos que pensar e opinar. Comigo non lle vai funcionar, porque eu vou falar do tema, como, por certo, xa fixen na miña primeira intervención.

A legalidade do procedemento é unha cousa, e o fondo da cuestión é outra. A legalidade claro que está amparada no Regulamento; ¡só faltaba que non se encaixase dentro do establecido no propio Regulamento! O que se fai é un emprego torticero para, ao final, modificar unha chapuza da Xunta de Galicia. Iso é o que criticamos hoxe aquí: que teña que vir por lectura única e polo trámite de urxencia xustamente porque a Xunta de Galicia non fixese ben o seu traballo.

Pero, ademais, todo iso que vostedes venden habitualmente... A cuestión non é que non sexa o habitual, señor conselleiro. Podemos estar de acordo con que o lóxico é que a tramitación habitual dunha axuda poida ser esa; esa non é a cuestión. A cuestión aquí de fondo é que



non se avisou as familias, non se informou. Non é que as familias non o coñecesen; é que se fixo un anuncio no mes de abril, e nada se lles dixo ás familias de que, a partir do mes de xullo ou do mes de agosto, cando comezaron a facer as compras, non podían facelas en efectivo. Esa é a cuestión de fondo; non é unha cuestión legal. Ninguén pon en dúbida que realmente teña que ser así.

Por iso, a cuestión que aquí estamos analizando é distinta. Non é unha cuestión xurídica; é unha cuestión política, é unha reclamación, unha reivindicación que facemos á Xunta de Galicia por non facer ben o seu traballo, que é informar as familias, e, se vai poñer iso despois nunha norma que se aproba meses despois, anuncialo previamente. Iso é o que estamos poñendo en dúbida.

Polo tanto, hoxe estamos aquí por iso; non por outra cousa. Porque a magnanimidade do Partido Popular non é vir aquí dicir: agora dou a miña bendición a que poidan pagar en efectivo. Porque, se non fose legal, non o fariamos, non se podería someter á votación desta Cámara. E faise porque a Xunta de Galicia reconece de facto que realmente cometeu unha temeridade cun anuncio que despois non plasmou. ¡É que fixo unha chapuza, en definitiva! Non pasa nada en recoñecelo, non pasa nada. Recoñézao; modifícase e non se grava as familias. Pero o que non se poden facer son declaracións en contra das familias dicindo que o tiñan que saber. Porque, se vemos as propias declaracións do presidente da Xunta de Galicia, ¡nada se dixo, nada se informou! En ningún momento se informou desta cuestión. Iso é o verdadeiramente reprochable.

Pero, mire, é que aproveito que está tamén o señor conselleiro de Educación hoxe aquí, porque non é a primeira vez que a Xunta de Galicia leva un varapalo —e, si, digo un varapalo, incluso, xudicial— (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*) respecto a unha orde de axudas de material escolar e de libros de texto —¿verdade, señor conselleiro? Vostede xa o coñece—, como é coa sentenza condenatoria que tivo a Xunta de Galicia na que se anulou a orde por non respectar a educación inclusiva. É a realidade, ¿verdade? Esa é a realidade. Porque a Xunta de Galicia, dende o 2014 ata que se emitiu esta sentenza, o que facía era darlle unha axuda ao alumnado que estaba en centros especiais respecto aos que estaban en centros ordinarios, e iso provocaba unha discriminación. Xa o reconece a propia sentenza na súa parte expositiva, dío claramente. Producíase unha discriminación, e por iso o fallo anula os dous puntos que facían unha discriminación evidente, porque o que provocaban era que se daba máis axuda ao alumnado que ía a un centro especial respecto ao que ía a un centro educativo. Iso si, despois vimos aquí facer gala da inclusión educativa da Xunta de Galicia. Polo tanto, esta é unha tónica habitual, porque ata os propios tribunais reconecen que se levan a cabo prácticas que son discriminatorias. ¡Díu claramente a sentenza! Por iso se anulou. Por iso, o fallo, que xa é directamente de aplicación, establece esa cuestión.

E nós hoxe aproveitamos —a ver se así—, xa dentro deste *mare mágnam* de debate no que a Xunta de Galicia vén recoñecer de facto —non de maneira específica— que se cometeu un erro, par reivindicar e exixir tamén á Xunta de Galicia que respecte a educación inclusiva en todos os seus termos, tamén no que ten que ver no marco das axudas que se conceden para o material escolar e os libros de texto: que non haxa ningún tipo de discriminación, indistintamente do centro ao que vaia o alumno ou alumna. Porque ao que se dá a axuda non é



ao centro educativo; é ao alumno ou alumna, e isto ten que facerse en igualdade de condicións. Non sei se isto é atrevemento ou coñecemento, pero, de momento, ler sabemos, e dío claramente: unha condena á Xunta de Galicia por unha discriminación evidente. E iso non se pode consentir. *(Aplausos.)*

Imos seguir reivindicando, como fixemos hai semanas, que se rectifique por parte da Xunta. Seguiremolo facendo no caso da educación inclusiva, para que o material escolar e os libros de texto non sexan unha medida discriminatoria dependendo do centro educativo no que se estea, e faremolo con cada unha das medidas que produza unha indefensión, unha discriminación para calquera alumno, para calquera alumna, para calquera cidadán ou para calquera cidadá de Galicia.

Iso é o que faremos dende o Partido Socialista para realmente chegar ao punto de non ter que vir aquí arrastrando os pés porque a sociedade civil, os grupos da oposición e tamén a comunidade educativa se alzan contra unha medida que non foi informada, que non foi desenvolvida para realmente ter os seus froitos. Porque entendo que as desgravacións fiscais se aproban para que repercutan beneficiosamente nas persoas ás que van dirixidas. Se non se informa esas persoas, de nada serven. Isto é como as axudas de infravivenda que pon en marcha a Xunta de Galicia. Queren apostar por unhas axudas nas que queren apostar por esas persoas que non chegan aos recursos mínimos pero, sen embargo, unha persoa que ten unha pensión non contributiva non entra dentro desas axudas. Esa é a realidade, esa é a realidade.

Polo tanto, temos que axustar o marco normativo á política que se vende. Iso é o que hoxe nós reivindicamos aquí. Polo tanto, apoiaremos esta modificación non para emendar a Xunta de Galicia e non para sacarlles as castañas do lume ao señor conselleiro, á Xunta de Galicia e ao presidente da Xunta, senón porque todas as familias necesitan que esas promesas que fai a Xunta de Galicia se fagan realidade.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños amosa un libro.) Isto é un libro de texto; non un obxecto de luxo. É algo habitual, ordinario para a vida de moitas persoas. Todos e todas nós convivimos con isto moitos anos da nosa vida; de feito quen aquí é pai ou nai renova a subscripción, e as e os que somos profes, xa nin que dicir. E isto realmente —insisto— é un instrumento de mediación no proceso de ensino e aprendizaxe compatible hoxe con outros métodos, compatible con outras cuestións, porque a sociedade e o ensino cambiaron, pero, desde logo, é absolutamente imprescindible. É unha ferramenta que abre portas, unha ferramenta coa que aprender, coa que entender, e, en tempos ademais de mentiras e desinformación, é unha fonte de verdade. E hoxe non debemos deixar, polo tanto, que o dedo nos



impida ver a lúa. Fóra de arranxar unha chapuza lexislativa do Partido Popular —que tamén—, o debate de fondo é outro. O debate de fondo é que valor lle damos a isto, que importancia no centro da sociedade lle damos a un libro de texto e ao que significa; non ao obxecto en si, senón ao que significa.

E por iso nós neste debate queremos insistir en se ten sentido que isto se someta a desgravación fiscal ou se, nunha sociedade avanzada, nunha sociedade que fortalece o ensino público —sendo o ensino público gratuíto—, debe ser xa unha ferramenta fornecida de forma directa e gratuíta no ensino público, de forma que garanta a igualdade entre os alumnos. Ese, polo tanto, é o debate de fondo que nós queremos incorporar de novo a este debate, e temos clara a resposta: para nós, acceder a este material imprescindible para o proceso de ensino ten que ser gratuíto. Así o era cunha metodoloxía vangardista hai vinte anos co Goberno bipartito, e foi o Partido Popular quen decidiu aplicar —insistimos— a tesoira ao chegar ao goberno, ser campións dos recortes e, polo tanto, furtar esa medida.

Nós, desde logo, insistimos en que iso funcionaba. E o problema é que nesa crise financeira non só eliminaron a gratuidade dos libros de texto coa que estudaron algúns dos deputados e deputadas que hoxe sentan nestas bancadas, senón que fixeron máis cousas. A Xunta do Partido Popular reduciu o salario do profesorado e a Xunta do Partido Popular aumentou as horas lectivas ao profesorado —somos hoxe a única comunidade do Estado que aínda non as recuperou—.

E, ao mesmo tempo que eliminaban a gratuidade dos libros de texto, facían máis cousas, non só a consellería da que hoxe é responsable o señor Rodríguez, senón tamén desde os propios servizos centrais dos que son responsables vostedes desde a Consellería de Facenda, señor Corgos. E non o di o BNG; dío o propio Consello de Contas. Informe do Consello de Contas: a Xunta de Galiza foi a cuarta autonomía que máis reduciu o persoal público entre 2009 e 2019. Iso, traducido ao sistema educativo obrigatorio, ás etapas obrigatorias, significa neste período de tempo 2.500 docentes menos na etapa non universitaria. Polo tanto, onte recortaron dereitos, e hoxe venden unha esmola como se fose a panacea para facer unha manobra de distracción da situación na que deixaron hoxe o ensino público. E non enganar a ninguén.

Isto está mal feito e é, desde logo, un parche —insistimos—. Está mal feito porque o procedemento para tramitar a Lei de medidas fiscais e administrativas é convertido polo Partido Popular nunha trapallada constante na que meten de todo, e iso é a súa responsabilidade directa. E ten narices que se veña aquí manipular a realidade. Teño aquí, ademais, a emenda subsanada no debate ao que se refería o señor portavoz do Partido Popular, que, efectivamente, era un erro onde se puxo «emenda de substitución» a unha emenda que era de engadido. ¡Emendas rexistradas en prazo!, que xa é bastante máis do que fixo o Grupo Parlamentario do Partido Popular na tramitación da Lei de medidas fiscais administrativas. (Aplausos.) Así que, polo tanto, un pouco de rubor que, de non ser polo Partido Popular en Galicia e no Estado, hoxe os galegos e galegas terían unha AP-9 libre e gratuíta.

En fin, está mal feito —insistimos— non só por iso, senón polo fondo desta cuestión. Primeiro, porque é un parche, un parche que, por certo, non chega a todo o mundo, e non me



refiro ás rendas máis altas, senón a eses galegos e galegas que quedan no limbo entre as axudas directas e esta medida.

En segundo lugar, hai que recordar que é un alivio a posteriori, en diferido, que no momento de setembro, cando as familias teñen que desembolsar arredor de 400 euros para o inicio escolar, cando teñen que desembolsar arredor de 200-250, como mínimo, para o material escolar e para libros de texto, pois ese alivio, en diferido, de máximo 105 euros a futuro, tendo en conta un contexto no que nos dez últimos anos a cesta da compra e os prezos se incrementaron ata un 50 por cento, pois, desde logo, é un alivio escaso, escasísimo, por non dicir que é absolutamente insuficiente.

En terceiro lugar, pois tamén hai que recordar que está mal feito, sobre todo porque non ten para nós sentido empregar a política fiscal para isto.

Quero recordar que a fiscalidade ten dúas funcións: a primeira —e máis elemental—, que todas e cada unha de nós contribuíamos desde a nosa posibilidade de riqueza ao sistema público: ao ensino público, á sanidade pública, etc., etc. Niso xa o Partido Popular sabemos que ten outras prioridades, que por iso teñen un modelo fiscal que drena cada ano case 800 millóns de euros das arcas públicas, que impide ese ingreso nunha parte moi importante de contías que poderían evitarse a través doutra fiscalidade, que por riba se dedican a renunciar a unha quitación da débeda de 3.000 millóns de euros.

Pero a segunda función da fiscalidade é tamén axudar a modelar a sociedade que queremos. E poño exemplos: ¿ten sentido que unha empresa contaminante teña que pagar máis que unha empresa que non contamina? Pois evidentemente si, porque é unha forma de incentivar que se renoven, que se actualicen e que melloren as súas maquinarias. ¿Ten sentido que unha empresa innovadora teña desgravacións en materia de IRPF e Seguridade Social? Pois ten sentido para incentivar que teñan máis capacidade de innovación. Pero ¿ten para nós algún sentido que esta medida que podería habilitarse doutra maneira sexa a través dunha dedución fiscal? Pois ningunha. Entendemos que é unha medida propagandística, tan propagandística que se dedicaron a vendela máis que a facela práctica, cun alivio escaso ademais en comparación co que suporía a gratuidade de textos.

Nós insistimos en que hai capacidade para recuperar esa medida. A Consellería de Educación ten un orzamento de máis de 3.000 millóns de euros e isto custaría arredor de 40. Poden iniciar vostedes, por exemplo, a redución dos concertos educativos, nos que gastan case 400 millóns de euros neste orzamento; poden iniciar a retirada do apoio ao profesorado de relixión, no que gastan tamén 30 millóns de euros; ou poden vostedes eliminar outros beneficios fiscais, como os beneficios que teñen os patrimonios máis altos e que nos custan case 40 millóns de euros cada ano e así financiar unha gratuidade que contribuiría a que realmente o ensino sexa universal.

É curioso porque nos peores momentos da crise financeira vetaron recuperar esta medida, vetaron recuperar esta medida na pandemia da covid-19, vetaron recuperar esta medida no ciclo de crise de prezos enorme que arrastramos nos últimos anos, e cabería preguntarse por que agora veñen cun parche, por que agora, máis alá da falta de iniciativa política dun



gobierno que nun debate do estado da nación nos vendeu esta medida, uns CIM móbiles que privatizaron e tardaron un ano e pico en poñer en marcha, e máis parques para cans, basicamente, non houbo outra medida de calado nese debate do estado da nación.

Pero, máis alá diso, dígolle eu por que pasa isto. Pois pasa porque é unha manobra de distracción, é unha manobra de distracción de cales son os problemas hoxe en día no sistema educativo e de como está o noso sistema educativo no día de hoxe despois de tantos anos de medidas antisociais e de medidas contrarias aos seus intereses.

E alégrome moito de que estea connosco, señor Rodríguez, porque hai que recordar que levamos un curso inédito en mobilizacións do profesorado, inédito en mobilizacións de ANPA e de asociacións de pais e nais, xa non só polas condicións nas que desenvolve o profesorado a súa actividade no día a día, xa non só polas necesidades de apoio educativo especial que temos traído unha e outra vez a este Parlamento; é que non hai semana, non hai semana que este grupo parlamentario non traia a esta Cámara o caso dun instituto ou dun colexio que está caendo a cachos. Esa é a metáfora da situación do noso ensino público.

E hoxe é martes, señor Rodríguez, é «martes negro», supoño que o sabe, que hoxe está mobilizado o ensino público galego, a comunidade educativa, reclamando melloras, reclamando que vostedes os escoiten, ademais porque non escoitan, non escoitan porque a maioría sindical non é afín a vostedes, pero é democrática, escollida polo profesorado; están demandando cuestións esenciais, como recuperar o horario lectivo precrise, como recuperar masa salarial, como ter ratios máis baixas para poder atender mellor o máis importante, que son os nenos e nenas do sistema educativo (*Aplausos.*), reclamando menos burocracia, reclamando medidas para blindar o ensino público.

E iso, apostar por esa vía, recuperar a gratuidade dos textos é realmente defender o ensino público. Esa necesidade non hai quen a tape. Esta chapuza fiscal parcial, aínda que se corrixa nesta lei, corrixe un erro puntual, pero non corrixe un erro maior, que é renunciar a esa medida que sería realmente xusta para todo o mundo.

Polo tanto —remato xa a miña intervención—, imos dicir «si» a esta lei para solventar este problema, que suporía unha discriminación para centos de galegos e galegas, pero imos seguir traballando para que isto sexa un dereito e non sexa un obxecto de luxo. (*A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra un documento.*) Isto non é un obxecto para desgravar no IRPF, isto é algo que debe estar garantido, igual que o ensino público, de forma directa, desde a Xunta de Galiza, con profesorado suficiente, con ratios máis baixas, con condicións dignas nos centros educativos e, sobre todo, con condicións para que poida haber un ensino avanzado e propio do século XXI.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.



JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

(O deputado José Alberto Pazos Couñago mostra un documento.) Emenda de substitución: «*El Pleno del Senado insta al Gobierno a iniciar los trámites para la anulación de la prórroga de veinticinco años otorgada a la concesionaria de la AP-9 y asumir la gestión directa de la autopista y la supresión de los peajes*».

Gobierno español, como se pide en esta iniciativa, redactada en perfecto castellano y rexistrada por el Bloque Nacionalista Gallego en el Senado. (Aplausos.) O que pasa é que, claro, as confusións do BNG son erros; as do resto, chapuzas, chapuzas.

Miren, señorías, eu creo que sometemos á consideración deste Parlamento unha lei extremadamente sinxela na súa redacción e creo que extremadamente razoable no obxectivo que persegue. En consecuencia, pois penso que calquera persoa sensata esperaría un apoio unánime a unha lei que o único que pretende é facilitar ás familias galegas que de boa fe utilizaron o pago en efectivo para mercar os libros dos seus fillos que non se vexan privadas por un defecto, por unha cuestión formal, dunha dedución fiscal á que teñen dereito.

Como saben, en aras á máxima transparencia fiscal —explicouno hai un momento o conselleiro—, hai anos que as administracións establecen como principio xeral que, para acceder a desgravacións ou bonificacións fiscais, non caben os pagos en efectivo, un plantexamento que o único que persegue é dificultar a fraude. É lóxico e razoable. ¿Por que? Porque así se impide o uso de diñeiro de orixe irregular para acceder a beneficios fiscais, non vaia ser que alguén lle dea por comprar os libros en B ou en negro, ¿verdade?; e, ao mesmo tempo, garántese que só acceden a eses beneficios aqueles contribuíntes que cumpren cos requisitos establecidos e que realmente efectuaron o gasto, é dicir, que non vexa unha familia que si ten posibles que, como paga unha factura alta e despois ve que non a pode deducir, pásalla a un irmán, a un primo, a un amigo que pasaba por alí. Parecen cuestións bastante razoables.

No caso concreto que nos ocupa, a compra de libros, produciuse meses antes da aprobación e publicación da lei, e iso levou a algunhas familias, por descoñecemento, pois a pagar en efectivo os mesmos, descoñecendo as consecuencias que iso podía conlevar. E nós cremos que non hai que castígalos por iso.

Lamentablemente, o que debería ser unha solución legal e sinxela para beneficiar as familias galegas pois para a oposición galega non é máis que outra ocasión para facer o que máis lle gusta facer: ruído.

A realidade é que dá igual o contido da medida, dá igual o instrumento que se utilice para tramitala, dá igual se están de acordo ou en desacordo con ela, dá igual incluso se a votan a favor ou en contra; fagamos o que fagamos, a única certeza que teñen os galegos é que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia nunca deixarán pasar unha oportunidade para a confrontación, para o ruído e para a discusión estéril. *(Aplausos.)* Son vostedes o matrimonio Van Gaal da política galega: sempre negativo, nunca positivo. É o que poden esperar de vostedes os galegos.



¡Oe!, aprobamos unha dedución fiscal por adquisición de libros de texto e material escolar, e vostedes a criticar. Tivemos a ousadía de introducir esa medida fiscal nunha Lei de medidas fiscais, e vostedes tamén o criticaron, porque ¡vaia o atrevemento! Agora introducimos unha mínima modificación de carácter temporal para facilitar que as familias se beneficien desa medida, e vostedes vólvena criticar. A min este Nadal preguntábame un dos nenos da casa que facía o Grinch o resto do ano cando non estaba fastidiando o Nadal; está traballando na bancada de esquerda da oposición galega no Parlamento de Galicia (*Aplausos.*). É que non se pode estar todo o día en contra de todo. É unha cousa alucinante, é unha incapacidade para chegar a algún tipo de acordo ou recoñecer algunha cuestión.

Pero se acabamos de pasar o Entroido, e ata foron capaces de amargarse porque un conselleiro decidiu vestirse de muller un día cun traxe de galega. Pódeste disfrazar de andaluza, pódeste disfrazar de brasileira, pódeste disfrazar do que queiras, pero, se se pon o conselleiro un traxe de galega, é unha ofensa ao pobo galego (*Aplausos.*). Son vostedes a amargura personificada, dígollelo de verdade. ¡Fágano ver, home!, ¡alegría!, ¡ríanse!, ¡desfruten da vida!, ¡home!, que non todo isto é un val lágrimas; de verdade, ¡que cousa!

Hoxe viñeron aquí preocupados e moi compunxidos, porque, claro, creamos certas dificultades ás familias galegas, están sufrindo, ¡que inseguridade!, ¿como poden xogar vostedes con elas? Eu quero recordarlles hoxe, quero recordar aos galegos o que estaban dicindo vostedes desta dedución hai apenas dous meses, cando estabamos aprobándoa, porque vostedes afirmaban que isto era unha das medidas do Goberno de Alfonso Rueda para beneficiar os ricos, formaba parte dese paquete de 700 millóns de euros que se cansaron aquí de repetir que era para beneficiar os ricos. Hai que ter moito atrevemento e moi pouca memoria para vir aparentar hoxe preocupación por unha medida que vostedes afirmaban que estaba pensada exclusivamente para beneficio dos millonarios. (*Aplausos.*) Pero ¿que...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non me diga que non, señoría, que vostede foi unha das que fixo alusión concreta a ese tema.

Hai que ter moito atrevemento para facer o que fixeron estes días, moi pouca memoria, para vir aquí dar leccións de calidade lexislativa, os mesmos que están defendendo un goberno que, por certo, é verdade, o Goberno de España non presenta Lei de acompañamento, porque, claro, a Lei de acompañamento ten que acompañar unha Lei de orzamentos, e como levan tres anos incumprindo a súa obriga constitucional de presentar un orzamento (*Aplausos.*), niso non incorren. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home!, vostede sostenos, señora Pontón, a ver se vai ser presidente porque o votei eu; non, non, púxoo vostede, ¡eh! Non, vostede é moito de poñer os cargos no sitio e despois desenténdese deles, co que pase non pasa nada.

Iso si, ¡eh!, tamén lle recordo que vostedes inventaron a súa propia lei de medidas; chámase decreto ómnibus, e aprobaron ata nove. Se quere, recórdolle algunha das cousas que metían neses decretos ómnibus. Mire, teño aquí un precioso onde nos metían as axudas á dana e as bonificacións con transporte público, que o Partido Popular apoiaba. Pero, claro, vostedes metérono coa fin da prórroga ás baixadas do IVE e, polo tanto, unha subida de impostos ao conxunto dos cidadáns, un palacete que ía para o PNV, maior protección aos okupas e ademais recortaban o financiamento das comunidades autónomas. Iso si é calidade lexislativa.



Ou cando mesturaron o aumento xeral das pensións con medidas como o financiamento territorial ou novas medidas para evitar desafiuzamentos aos okupas. Eses son vostedes, que veñen dar aquí leccións.

Miren, a dedución por compra de libros é unha medida acertada, que foi perfectamente planificada, deseñada e redactada, e por iso temos a vontade de mantela no tempo de cara ao futuro, exactamente nos mesmos termos en que foi aprobada por este Parlamento de Galicia, porque o que introducimos hoxe é unha excepción, de carácter limitado, temporal e que se aplicará exclusivamente este ano para non causar un problema a centos de familias que actuaron de boa fe. Non hai ningún erro que xustifique a súa aprobación. O único erro sería facer oídos xordos a todas esas persoas e non atender á demanda das familias, e nós non imos incorrer nese erro.

Por iso me sorprende que se atrevan a falar desta medida nos termos que escoitamos desde hai algúns días, sobre todo se temos en conta que nin a medida orixinal nin a modificación temporal que hoxe introducimos recibiron nin unha soa emenda da oposición. ¡Era previsible!, escoitamos hoxe aquí. ¡Home!, sendo previsible, eu preguntome: ¿como é posible que os superdotados deputados do BNG, tan listos, tan preparados, donos dun coñecemento enciclopédico e case omnisciente, non advertisen no seu momento este erro? ¿Como é posible que o Partido Socialista de Galicia, que conta nas súas filas con letrados que farían palidecer a Fuentes Quintana, García Enterría e ao mesmísimo Oliver Wendell Holmes (*Risos.*), non tiveran reparado nesta tacha? Tiveron tempo —de abril a decembro, díxoo vostede, señoría—. Supoño que vostede se despistou, estaría redactando iniciativas ao peso, que é do que lle gusta vir presumir aquí, e esqueceuse, e esqueceuse de revisar cousas sobre unha medida (*Aplausos.*) que parece ser que o tiña preocupadísimo, preocupadísimo.

En fin, vir aquí falar de chapuzas... Eu creo que hai... Chapuzas son outras cousas. Mire, chapuza é vir aquí presumir de compromiso co ensino público e pedirnos que recuperemos unha medida do Bipartito. Eu recupereina. Último orzamento do Bipartito: programa de préstamo universal de libros de texto, 14,4 millóns. ¡Oe!, imos ver o compromiso do señor Rueda no orzamento que aprobou este ano: adquisición de libros de texto, 9,6 millóns; axudas de material escolar, 7,2 millóns; fondo solidario de libros de texto, 14,8 millóns; dedución que hoxe aprobamos, 6,5 millóns de euros; gratuidade de matrículas universitarias —que foron conxeladas, por certo, catorce anos—, un aforro para as familias de 20 millóns de euros; gratuidade das escolas infantís universal para todos os nenos galegos, 75 millóns de euros. Bipartito, 14,4 millóns de euros; Partido Popular, presidida a Xunta por Alfonso Rueda, 123,1 millóns de euros. (*Aplausos.*) Pero ¿quen ten compromiso aquí co ensino público e gratuíto: o que pon 123 millóns ou os que poñían 14,4? Pero ¡que broma é esta, home!, ¡que broma é esta!

Mire, eu, en fin, creo que de erros e de chapuzas, diso non vou discutir con vostedes, saben máis que ninguén. Tivemos a señora voceira do Goberno na sombra o pasado pleno afeándolle ao presidente os danos que causaba unha modificación do canon eólico que non estaba en vigor; recordamos todos aquela indignación que amosaba á súa número dous porque non estaba feito, (*O deputado José Alberto Pazos Couñago amosa unha fotografía.*) non estaba lícitado en Galicia este centro de autismo en Friol, que dicían que non estaba nin lícitado, e de re-



pena empezaron a ver ladrillos e edificios feitos, levaron un susto... Rectificar aínda non rectificaron. Veñen aquí dar leccións de democracia, de carácter, de talante, de non sei que, os mesmos que —por certo, levamos esperando uns cantos días—...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...votaron en contra de que se condenase aquí a vandalización de sedes do Partido Popular e de todos os partidos galegos, e aínda non foron capaces de condenar o ataque ao busto do señor Fraga, *(Aplausos.)* que nos gustaría. Temos unha proposta enriba da mesa para unha declaración institucional; eu espero que nola apoien.

En fin, erro. Erro é pensar que están vostedes aquí para arreglar algún problema dos galegos; iso si que é un erro. Nós nese erro que incorren vostedes non imos incorrer. Imos aprobar esta norma e imos garantir unha vez máis que as axudas ao ensino público galego estean entre as mellores, sen ningunha dúbida, que existen no conxunto do Estado, grazas ao Goberno que preside Alfonso Rueda.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños pide a palabra.)

Si, ¿para que quere a palabra, señora Presas?

Déanlle voz ao escano da señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Quería pedir a palabra conforme o Regulamento do Parlamento galego, artigo 76.1, de inexactitudes.

O PRESIDENTE: ¿Cal é exactamente a inexactitude?

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Foron varias, pero por seleccionar e non...

O PRESIDENTE: ¿Perdón?

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Foron varias, pero, por seleccionar, o portavoz do Partido Popular referiuse á Cámara equivocada nunha acusación ao BNG e obviou un erro que eu quería explicar.

O PRESIDENTE: ¿E cal é exactamente esa inexactitude?

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Pois, para comezar, referiuse inicialmente ao Congreso das e dos Deputados cando o erro *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* tivo lugar no Senado,... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O PRESIDENTE: Silencio. Ben, iso é...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: É o que explica, é o que explica...

O PRESIDENTE: Iso é debate político. Si, si, si...,

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...que o que el leu estivera en castelán, porque quero recordar que no Senado... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: ...debate político. Non, iso é...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...non se pode falar en galego...,

O PRESIDENTE: Xa, xa entendín, si.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...grazas aos votos do Partido Popular e de Vox, entre outras razóns.

O PRESIDENTE: Eu deime conta tamén diso tamén, pero ben... *(Aplausos.)*

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: De acordo. Entón, pido...,

O PRESIDENTE: Iso, iso non vale. Non...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...conforme o 72.2...,

O PRESIDENTE: Está.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ... a lectura do documento ao que eu me refiro.

O PRESIDENTE: Pero o documento ao que se referiu vostede *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* foi o que leu xa o...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Non, non, non. *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Si, si, leuno.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Non, non, non. Pido a lectura do documento.

O PRESIDENTE: Non, non, xa o leu, xa o leu...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Pido a lectura do documento número de entrada 69770 no Rexistro do Senado.

O PRESIDENTE: Iso sería outro artigo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: É o que acabo de dicir, que, como non me dá, conforme o...

O PRESIDENTE: Pero el...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...73.1, píddollo conforme o...

O PRESIDENTE: Imos ver, vostede pediume...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...72.2.

O PRESIDENTE: ...en principio... É que, se me baila cos artigos, tamén me confunde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Non, é que, se me denega con un, proba con outro (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O PRESIDENTE: Un momento, (*Murmurios*) un pouquiño de tranquilidade, imos alá.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Como me dixo que non ao 76.1...,

O PRESIDENTE: Vostede pediume primeiro por inexactitudes.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...probo co 72.2.

O PRESIDENTE: Non, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede pediume primeiro por inexactitudes.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Si, e negoumo.

O PRESIDENTE: Eu pregunteille... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). Non, déixeme falar, por favor. (*Murmurios.*) Pregunteille: ¿cal é a inexactitude? E vostede dime: a inexactitude é que o señor portavoz do Grupo Parlamentario Popular leu un documento que estaba en castelán e que facía referencia ao Congreso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Non, que na súa primeira intervención (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) referiuse ao Congreso...

O PRESIDENTE: Ben, non era este Parlamento, o Congreso...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...e despois...

O PRESIDENTE: ...ou o Parlamento nacional,...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...leu un documento manipulando...



O PRESIDENTE: ...entendín.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...a realidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: ¿O Senado? O Senado, perfecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
E ¿cal é o problema? El é libre de ler o que queira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Non, pero eu quero *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* corrixir, porque...

O PRESIDENTE: Non, pero non.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...hai unha subsanación de erros...

O PRESIDENTE: El... Non, non, pero...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...que manipula...

O PRESIDENTE: ...non cabe a corrección.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...a posición política...

O PRESIDENTE: El no debate...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...do BNG.

O PRESIDENTE: ...é libre. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O documento xa o leu *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*. El é libre.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Pode ler o que queira.

O PRESIDENTE: Si, si. El pode...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Así, claro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: El pode esgrimir calquera documento, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e foi o que fixo, como algunha vez se dirime aquí calquera outro documento...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Señor presidente, por favor, sei perfectamente...

O PRESIDENTE: ...e non pasa nada.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...o que di o Regulamento do Parlamento galego, e o que lle estou dicindo é que...

O PRESIDENTE: Non.



NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...hai unha inexactitude, porque hai unha corrección de erros a ese erro (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que cometeu o BNG, e que eu expliquei na miña primeira quenda e que despois o señor Pazos manipulou, e eu quero aclarar a posición política...

O PRESIDENTE: Non, non, foi o que...

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: ...do meu grupo parlamentario.

O PRESIDENTE: ...leu, foi o que leu. Está pechado este debate, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) está pechado.

Imos votar.

Votamos.

¿Toquei o timbre, non? ¡Eh, Elena!, ¿toqueino?

A VICEPRESIDENTA (María Elena Candia López): Si, si.

O PRESIDENTE: Si, vale.

A VICEPRESIDENTA (María Elena Candia López): Varias veces.

O PRESIDENTE: Votamos.

Votación de texto legislativo

Votación do proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este proxecto de lei.

O PRESIDENTE: Rematou aquí a votación.

Continuamos co segundo punto da orde do día.

Comparecencia do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre a situación xeral do servizo ferroviario en Galicia

O PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso. Cando queira.



O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señorías.

Comparezo hoxe, por petición propia, nesta Cámara para dar conta da situación xeral na que se atopa a prestación do servizo ferroviario en Galicia, motivado polos problemas acumulados nas últimas semanas, con máis incidencias das que xa son habituais nos trens.

Hai oito meses, no pasado mes de xuño, comparecía nesta Cámara precisamente para falar de transporte. Repasando aquela intervención, decátase un rapidamente de que ningún dos problemas aos que se facía referencia naquela intervención se teñen solucionado durante este tempo; ningunha das demandas que trasladabamos ao Goberno central foron atendidas. É dicir, todo segue igual, ou, mellor dito, segue un pouco peor do que estaba hai oito meses, porque se sumaron novos problemas e, por conseguinte, a lista de demandas desatendidas por parte de Renfe, de Adif ou do Goberno é aínda maior.

Así que seguen sen recuperarse os servizos suprimidos durante a pandemia; mantéñense os incumprimentos de horario na maior parte das viaxes; a oferta de frecuencias e de prazos no eixo atlántico segue sendo insuficiente, pese ás promesas; mantense o agravio con Ferrol, e sumouse porque se suprimiu a única conexión directa que tiña con Madrid; ao que hai que sumar a recente eliminación de conexións en Vilagarcía e Santiago dende o pasado 6 de febreiro. Habilitáronse algúns autobuses, pero deixaron sen alternativas paradas intermedias como Padrón, Pontecesures ou Catoira. A suspensión do servizo entre Ferrol e A Coruña polo accidente dun tren de mercadorías, supostamente tamén por traballos de inspección nas vías, e avarías e incidencias do máis variado durante este tempo; hai de todo tipo: cancelacións de servizos pola liña do Miño; a redución do traxecto e de frecuencias do tren Celta durante bastantes semanas; a cancelación intermitente do antigo FEVE —que isto case merece pois unha comparecencia á parte—; e as continuas incidencias entre Ourense e Ponferrada, provocando cortes de circulación ferroviaria (pola caída dun noiro na estación de Santo Estevo do Sil, en Pantón; o desprendemento de terras no Freixeiro, en Quiroga; un incendio no túnel de Montefurado; ou o enganchón do pantógrafo dun tren coa catenaria entre Montefurado e San Clodio a semana pasada).

E nada disto é novo, nin responde a un momento concreto. Non, non, porque sempre é a mesma historia, sempre é recorrente. O bloqueo dunha porta atrasou en maio de 2024 á saída dun Talgo Avril dende Vigo; avaríouse un ERTMS en xaneiro de 2025; nese mesmo mes 28 circulacións entre Madrid-Galicia quedaron inoperativas porque non cargaban as baterías do Avril, afectando máis de 14.000 viaxeiros; e en marzo de 2025 parou unha locomotora en Monforte, porque esta vez quedou sen combustible, houbo que seguir o traxecto en autobús.

En alta velocidade os problemas de puntualidade son constantes. Durante o ano 2024 a media de atrasos en Galicia era claramente superior á media estatal: o 77 por cento dos trens Avril non cumprían os horarios, o 77 por cento. ¿Onde van aqueles tempos onde o AVE era sinónimo de puntualidade e nunca fallaba?, ¿onde van aqueles tempos? (*Aplausos.*) Sirva de



exemplo un caso extremo do AVE entre A Coruña-Madrid en novembro do 2024, que nada máis e nada menos que levou sete horas de atraso respecto do horario previsto.

Tan habituais eran esas incidencias que Renfe tivo que modificar a súa política de indemnizacións, —é certo— botándolle a culpa ao resto de operadores, porque Renfe non tiña ningún tipo de culpa. Por iso nos vimos obrigados este grupo parlamentario a introducir no Congreso unha emenda á Lei de mobilidade sostible que obrigaba o Goberno central a recuperar os anteriores criterios. Pese a iso, que tiña que entrar en vigor xa dende principio de ano, Renfe segue sen modificar a súa política de indemnizacións e segue con eses criterios cambiados para non ter que indemnizar os pasaxeiros.

Pero hai moito máis. Pese ao prometido, non se aumentaron as frecuencias entre Galicia e Madrid —seguimos coas 11 mesmas frecuencias—, con outros trens de maior capacidade, pero as mesmas frecuencias; e o AVE a Lugo pois segue sen chegar; segue sen chegar porque a liña entre Ourense e Lugo non está preparada para iso nin o vai estar. Nós este ano remataremos as obras dunha intermodal na que estamos traballando, xunto co concello e xunto con Adif, pero hai que dicir, alto e claro, que o AVE a esa intermodal de Lugo non vai chegar. Non vai chegar porque o Goberno central decidiu non dotar o trazado da alta velocidade entre Ourense e Lugo. Non se fixeron as variantes que estaban previstas e a velocidade media entre Ourense e Lugo dista moito de ser «alta velocidade». Non é «alta velocidade» nin «velocidade alta», nin «velocidade media», porque vai chegar a percorridos de sesenta quilómetros por hora. En fin...

Pero, se isto é complicado para a cidade de Lugo, imaxinen vostedes como está a cidade de Ferrol. En Ferrol non temos intermodal. É máis, non temos firmado, nin sequera, o convenio para poder construír a intermodal. É a única das sete cidades de Galicia na que non temos firmado ese convenio, pese a que llo pedimos en reiteradas ocasións ao propio ministro, ao comisionado do Corredor e ao presidente de Renfe. O ministro comprometeuse cando chegou naquel tren á Coruña en abril de finais do 2024, pero, no día de hoxe, non tiveron tempo para firmar ese convenio.

Tanta é a desidia do Goberno central que, a instancias tamén do concello, foi a propia Xunta de Galicia a que fixo un estudo para mellorar a mobilidade do transporte ferroviario nesta comarca e a súa conexión coa Coruña, estimado en algo menos de 300 millóns de euros. Fíxense vostedes que este é un investimento relativamente pequeno e asequible para o que estamos acostumados nos investimentos ferroviarios. Foi un documento que era unha proposta, nin moito menos cerrada, que foi presentada tamén aos grupos municipais do Concello de Ferrol. Tras un debate, foi máis ou menos aceptada, pero —repito— é un punto de partida que, seguramente, podería ser moito máis ambicioso, ¡seguro!

De feito, presentámolo como o mínimo necesario para facer atractiva a circulación do tren entre Ferrol e A Coruña. Foi casualmente o Partido Socialista o que quería que fose máis ambiciosa, aínda que despois recuou; tamén lle vale como punto de partida. Presentámosllo ao Goberno e pedimos reunións para poder presentarllo e para poder discutilo. Levamos seis meses esperando pola reunións e non temos ningunha contestación, pero ningunha. Nin sequera se dignaron a contestar que recibiran esa proposta, feita por unha enxeñería, para mellorar a conexión.



A Gudiña e Vilagarcía non recuperaron tampouco os servizos eliminados. Hai que lembrar neste caso a resposta de Renfe, cando dixo que estaban dispostos a recuperar as frecuencias —digamos, os trens— na Gudiña, pero que iso o tiñan que pagar a Xunta de Galicia, a Junta de Castilla y León e as deputacións de Ourense e de Zamora. Este é o trato que recibimos por parte do Goberno do Estado e o trato que recibimos por parte de Renfe: unha resposta insólita.

A verdade é que falta o de sempre, que é información directa, clara e transparente sobre o que pasa e, sobre todo, por que pasa, así como tamén sobre cales van ser as medidas que se van poñer enriba da mesa para que deixe de pasar. E o que pasa é o de sempre: que o trato que o Goberno do Estado do Partido Socialista lle dá a Galicia non é o mesmo que o trato que o Goberno socialista lles dá a outras comunidades, sobre todo as poucas que están gobernadas polo Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Aquí en Galicia pódese suspender o tráfico ferroviario, non lles dar alternativa aos usuarios e non pasa nada. Renfe xustificou a súa inacción alegando que as condicións climatolóxicas eran adversas para o transporte ferroviario e tamén para establecer un transporte alternativo por estrada, que non eran capaces de garantir a totalidade das prazas que tiñan vendidas nos trens a través do transporte por estrada e, polo tanto, como non podían garantir o número total de billetes vendidos no tren, o que decidían era non poñer ningunha praza dispoñible para ningún viaxeiro —para que non houbera diferenzas, supoño que sería—. A consecuencia é que deixaron máis de 14.000 persoas que tiñan comprados os seus tickets tiradas, olvidadas e sen ningún tipo de alternativa. Por certo, o transporte interurbano da Xunta de Galicia foi quen de establecer de xoves a sábado 98 reforzos e 4.125 prazas dispoñibles. *(Aplausos.)*

Pero estas cousas non son iguais en todos os territorios. Tras o accidente de Adamuz, por suposto que se activou un plan alternativo de transporte para garantir a conexión. E xa non falemos de Rodalies, porque cada vez que hai un problema en Cataluña, sexa cal sexa o problema, Renfe activa ata dez plans alternativos de transporte para garantir a mobilidade cidadá. Incluso activou un plan especial de comunicación para informar destes plans con setecentos informadores nas estacións, practicamente o mesmo que se fixo en Galicia durante varios días despois de ter incomunicada a cidade máis grande de toda Galicia, exactamente o mesmo.

Aquí elimínanse servizos que non se sustentan sobre criterios técnicos e non se rectifica; aquí atrásase a liberalización das liñas, o que impide a entrada doutros operadores; aquí, aínda que tamén nos afecta o atraso na entrega dos novos trens de ancho métrico —falo de FEVE—, no resto de comunidades as viaxes son gratis, pero aquí non, e Galicia é a única comunidade na que os usuarios de FEVE teñen que pagar —en Asturias non pagan, pero en Galicia si—; e aquí anúnciase un estudo sobre a rede de proximidade ou «cercanías». Lévasenos dicindo que vai ser presentado mes tras mes, tras mes. Iso si, o que non falla nunca é que á Xunta de Galicia non lle dan ningún tipo de información. Non sabemos absolutamente nada. Ninguén se puxo en contacto con nós para falar deste asunto e as peticións de información que facemos non son contestadas.

Dirán vostedes que se pon a venda antes que a ferida. Non, xa o dixemos no pasado pleno nunha resposta oral. Nós non imos cuestionar nunca decisións que se tomen por seguridade,



porque a seguridade dos viaxeiros e dos traballadores é sempre prioritaria. ¡Faltaría máis! Non o fixemos cando en agosto, por mor dos incendios, se suprimiu o tráfico ferroviario entre Ourense e Monforte e non o fixemos hai unhas semanas, cando se cancelaron todas as conexións con orixe e destino en Vigo por culpa dos temporais. Non cuestionamos a cancelación. Nin sequera por limitar a velocidade nun tramo de 28 quilómetros entre Ourense e Santiago, por reiteradas advertencias dos maquinistas sobre deficiencias na vía. Pero, como non podería ser doutro xeito, que antepoñamos a seguridade non significa que non pidamos explicacións e información sobre que se fai, como se fai e cando se van solucionar eses problemas. (Aplausos.)

Hai unha evidencia innegable: o transporte ferroviario en Galicia, á parte das incidencias, dos atrasos e da falta de frecuencias, adoece de investimento e de planificación. Este cóctel dificulta a mobilidade dos galegos e o desenvolvemento da nosa comunidade. Por moito que lles moleste a algúns, nós non imos deixar de facer o noso traballo, que non é outro que defender os intereses dos galegos. Hoxe mesmo saía unha noticia publicada onde o Tribunal de Contas advertía «*del potencial deterioro de los activos materiales de Renfe*». Por moito que tenten agochar a realidade e por moito que tenten agochar as causas dos problemas, ou incluso dos accidentes, a realidade acabarase impoñendo.

Tamén merece un apartado á parte o Corredor Atlántico. O Corredor Atlántico merece unha atención especial porque é a crónica da desvergonza, a crónica do maltrato a unha zona e a crónica dun maltrato ao Noroeste peninsular.

E aquí hai que facer unha breve lembranza do camiño andado. En 2017 fraguouse unha alianza estratéxica coas comunidades de Galicia, Asturias —gobernada polo Partido Socialista— e Castela e León, o que nos permitiu incluír o Noroeste peninsular no trazado dos corredores europeos de transporte de mercadorías, corrixindo un erro, efectivamente; e en xaneiro de 2023 reforzamos esa alianza coa celebración dun encontro sobre o Corredor Atlántico baixo o lema «Unha estratexia conxunta para un proxecto común».

Máis de 1.000 persoas concentráronse en Santiago (do empresariado, dos portos, das plataformas loxísticas das tres comunidades autónomas e axentes políticos e sociais). Os presidentes Rueda, Mañueco e Barbón presentaron unha estratexia conxunta para o desenvolvemento deste corredor, estimando en, aproximadamente, 8.000 millóns de euros o orzamento necesario para facer as actuacións que se identificaban como prioritarias. Casualmente ese día, despois de telo reclamado durante meses e meses, o Goberno decidiu nomear un comisionado para o Corredor Atlántico. ¡Benvido!

O comisionado para o Corredor Mediterráneo levaba anos traballando e nós levabamos anos pedindo, xunto co presidente socialista de Asturias e tamén co popular de Castela e León, que se nomease tamén un comisionado para o Corredor Atlántico. Non queríamos ser máis que ninguén pero, dende logo, o que non queremos é ser menos que ningún outro territorio. (Aplausos.) Estabamos cansos de que o Goberno central sacara peito por investir 7.000 millóns de euros no Corredor Mediterráneo e, non obstante, no Corredor Atlántico apenas había uns centos de millóns de investimento.



Por certo, ese comisionado que nomearon en xaneiro de 2023, o señor José Antonio Sebastián, mantivo durante case tres anos reunións con todo o mundo. Mantivo reunións con empresarios, con sindicatos e con todo tipo de plataformas de persoas que paseaban pola rúa. Iso si, coa Xunta de Galicia nunca tivo unha reunión en tres anos. Tivemos que esperar tres anos para que o señor comisionado do Corredor se reunise coa Xunta de Galicia, o que amosa xa non a desidia, senón unha falta de respecto que non se pode consentir. Nas contadas ocasións que coincidín co comisionado, sempre foi no marco de reunións institucionais relacionadas co Corredor Atlántico Noroeste, nas que, por certo, sempre aproveito para pedirlle o famoso plan director detallado, non o powerpoint que levan a algunha presentación, na que podía falar do Corredor Atlántico ou podía falar de calquera outra cousa. *(Aplausos.)*

Pese á insistencia —pódenme crer que son insistente—, no día de hoxe, dende o ano 2023 que está nomeado —estamos en febreiro do ano 2026—, aínda non dispoñemos do documento do plan director. É certo que nas últimas reunións sempre nos di que nolo vai facer chegar, pero tamén é certo que no día de hoxe aínda non o temos. Debe vir andando. Esa é a transparencia e a lealdade institucional que practica o Goberno de Pedro Sánchez, señorías.

Despois desa xuntanza do ano 2023, seguiron outras moitas, boa parte delas poñendo énfase na necesidade de avanzar a conexión con Portugal. Fíxense: en xullo do ano 2024, en Valença do Miño, o Goberno galego e a Comisión de coordinación e de desenvolvemento rexional Norte de Portugal asinou un manifesto en defensa do impulso da liña de alta velocidade ferroviaria entre Vigo, Porto e Lisboa. En xuño do 2025, acudimos ao II Foro do Corredor Atlántico, onde solicitamos a incorporación do AVE Vigo-Porto na rede básica transeuropea para o ano 2030. Para non alongarme moito neste relatorio, refírome como final ao III Foro do Corredor Atlántico celebrado en Bruxelas, en novembro do ano 2025, ante o coordinador europeo deste corredor, François Bausch, e tamén representantes portugueses e de España. Volvemos reclamar prazos claros e investimentos para a conexión entre Galicia e Portugal.

O pasado venres, en Bruxelas, tivemos unha reunión coa asesora do coordinador do Corredor Atlántico, Julie Buy, cun dobre obxectivo: en primeiro lugar, recibir, a través do coordinador europeo do Corredor Atlántico, información sobre as actuacións e investimentos estatais do fondo do mecanismo Conectar Europa —porque o Goberno non nola dá—; e, en segundo lugar, convidar novamente o comisionado, François Bausch, a que veña a Galicia para coñecer de primeira man as nosas necesidades. Porque este señor xa foi invitado polo Goberno do Estado a coñecer as necesidades do Corredor Atlántico, pero levárono ao País Vasco; olvidáronse de que o Corredor Atlántico dende o País Vasco cara á esquerda peninsular tamén existe. *(Murmurios.)* Polo tanto, o Ministerio non tivo a necesidade nin a delicadeza de presentarlle a totalidade do Corredor Atlántico ou de visitar a totalidade do territorio. Nós o que lle ofrecemos ao comisionado é que veña coñecer Galicia e as necesidades de Galicia para que coñeza, realmente, cales son as decisións e que poidamos acertar entre todos á hora de planificalas. *(Aplausos.)*

Son moitas as necesidades que lle trasladamos. Precisamos unha conexión ferroviaria para os nosos principais portos, señorías. Está en execución a conexión do porto exterior da Coruña, pero temos que acadar tamén o recoñecemento do porto de Vigo e do porto de Ferrol como portos nodais na rede básica, para que a súa conexión estea rematada no ano 2030. Non ten sentido ningún que o porto de Vigo e o porto de Ferrol non sexan portos nodais.



O normal é que as mercancías de Ferrol e da Coruña saian por Lugo e Monforte por varios motivos. En primeiro lugar, pola distancia, e, en segundo lugar, porque iso deixaría máis libre o Eixe Atlántico, que está bastante saturado de liñas. Pero o comisionado do Corredor Atlántico do Goberno de España parece ser que non o ve, e iso a pesar de que o investimento necesario para mellorar esta conexión ferroviaria é asumible dende o punto de vista económico.

Por outro lado, temos o porto de Vigo. En 2024, alcanzou un récord histórico, con 5,7 millóns de toneladas movidas, o que supuxo un incremento do 18 por cento respecto ao ano anterior. Estes datos sitúano entre os dez portos máis activos de España por volume de mercancía non contedorizada. Este porto xera arredor de 35.000 empregos directos e indirectos e a súa actividade ten un impacto determinante no desenvolvemento económico da área metropolitana de Vigo. Ademais, Vigo pechou o ano pasado cun movemento de 672.000 vehículos polo porto de Vigo, o que supón un máximo histórico —terceiro récord consecutivo das súas contas— e o sitúa hoxe como o segundo porto español en tráfico de vehículos novos, só por detrás de Barcelona, señorías, e cun potencial exportador para o sector innegable. Hai só uns días, a semana pasada, celebrouse en Bouzas o embarque do vehículo número 15.000.000. Levan saído 15 millóns de vehículos dende o porto de Vigo, o cal non fai máis que consolidar ese papel esencial exportador do porto.

Son datos obxectivos, e por iso falan por si sós. ¿E o Goberno de España non os coñece? Parece que non, porque o Porto de Vigo non forma parte da rede global, non é un porto nodal. A súa implicación e a súa inclusión como porto nodal permitiríanos ter mellor conectividade, ter prioridade no financiamento con fondos europeos e unha maior consideración estratéxica dentro dos plans de mobilidade da Unión Europea. Coa súa inclusión na rede básica, sería máis factible o acceso a fondos do Mecanismo Conectar Europa. Nós, xunto coa Autoridade Portuaria de Vigo, Portos do Estado e tamén cos principais axentes políticos e sociais traballamos para cambiar esta situación (*Aplausos.*) con propostas sólidas que xustifiquen a súa inclusión. Con ser importante, non falamos só de automoción, senón que falamos de sectores tan necesitados como a pesca, tanto fresca como conxelada, elaborada ou a conserva.

Pola contra, ¿cal é a situación que nos atopamos? Que, a pesar da súa relevancia, o porto de Vigo non foi incluído nesa rede básica. Esta inclusión impide que se poida acceder a eses 3.143 millóns de euros que o Ministerio de Transportes repartirá entre o ano 2025 e o ano 2030, e a razón é que non acada o 1 por cento do tráfico de mercancías da Unión Europea, o cal é un criterio que parece ser que a Unión Europea ten explicitado. Agora ben, hai outros portos que si son considerados nodais por parte do Goberno de España na súa proposta que non alcanzan ese 1 por cento. Sen embargo, eses si que son nodais, (*Aplausos.*) porque aí se preocuparon de xustificar a importancia do porto, pero, no caso de Galicia, o porto de Vigo non era importante para o Partido Socialista. Por iso non se preocupou de que Vigo superase ese criterio que se ten demostrado que se pode superar.

E nunha situación parecida está o porto de Ferrol. Centos de millóns de euros de fondos europeos se levan investido no porto exterior de Ferrol. Agora, na conexión ferroviaria ao porto exterior, hai máis de cento e pico millóns de euros de investimento, dos cales corenta e pico son fondos Feder; é dicir, fondos europeos que se invisten nunha infraestrutura que se con-



sidera básica —por iso se fixo, e, de aí, o seu custo—. E, ¿que pasa no día de hoxe? Que tampouco é considerado un porto nodal polo Goberno de España.

Estase a rematar esa conexión ferroviaria dentro do porto para sacar as mercancías do porto exterior ata o porto interior. Suporá un fito comparable coa construción do porto exterior e volverá ser referencia do norte peninsular. Sen embargo, o Goberno de España tampouco considera que debe ser un porto nodal.

Actualmente está en desenvolvemento unha terminal de contedores de gran capacidade. Ten unha liña de atraque que permite chegar portacontedores pospanamax, destes que teñen un calado superior aos 20 metros. Non hai outro porto que poida atender estes portacontedores. Fai necesario que se poida conectar este porto co resto da rede. Sen embargo, iso non é relevante para o Goberno socialista. Hai dúas novas terminais de líquidos cun investimento de 30 millóns no porto exterior, pero tampouco é importante.

No porto de Ferrol está un dos principais estaleiros militares de España, onde se están a construír as futuras fragatas F-110. Tampouco é relevante, pese a que a Unión Europea considera que todo o relacionado con defensa debe ser relevante e prioritario nas conexións. Sen embargo, para o Goberno de Pedro Sánchez, para o Goberno do Partido Socialista non é importante. O porto de Ferrol é base da Armada española; pois tampouco é relevante para o Goberno do Partido Socialista.

Pero, en definitiva, para optimizar a saída de mercadorías dos portos de Ferrol e da Coruña, hai que mellorar a liña entre Ferrol e A Coruña, e despois a súa derivada por Betanzos cara a Lugo e Monforte. Tamén hai que mellorar a saída de Bouzas do porto de Vigo. Estas son obras necesarias que non son incluídas e que nós queremos debater. Queremos que se nos diga por que o Goberno non considera que debamos pelexar por estas liñas e por estas actuacións, pero non temos a posibilidade, porque o Goberno non senta con nós.

É prioritario substituír tamén a rede ferroviaria nosa por un ancho internacional; neste momento, o 80 por cento ten ancho ibérico. Actuar neste senso entre Ourense e Santiago é prioritario como unha fase inicial da migración total. En realidade só suporía engadir un raíl, posto que as travesas existentes e a plataforma están preparadas para acometer este cambio, e sería un investimento moi razoable: preto de 50 millóns de euros entre Ourense e Santiago. Iso permitiría, ademais, que a competencia realmente puidese chegar a Galicia na prestación de servizos ferroviarios, porque hoxe ningunha das operadoras ferroviarias están dispostas a estudar a comunicación con Galicia, posto que só poden chegar ata Ourense ao non dispoñer de trens de ancho variable. E, aínda que encarguen os trens de ancho variable, o período de entrega desas máquinas e desas unidades fai inviable loxicamente esa inversión no día de hoxe.

Temos pendentes de execución obras importantes na variante de Ourense, que é fundamental para eliminar o punto crítico que supón a entrada na cidade das Burgas. Temos moi presente que calquera avaría ou incidencia que se produza aí bloquearía a circulación do AVE entre Galicia e Madrid e que eses 8 quilómetros entre Taboada e Ourense están a impedir rebaixar os tempos de viaxe a Madrid.



E temos a conexión con Portugal. É outro dos puntos quentes que require un tratamento especial, señorías. É notorio o atraso da saída sur de Vigo. Contratouse o estudo informativo no ano 2021, e estamos no 2026. Levamos tres atrasos na finalización do estudo informativo; tres veces que se comprometen datas para ter finalizado o estudo informativo e tres veces que se incumpre por parte de Renfe, por parte do Goberno, a posta á disposición dese estudo informativo, que non é máis que o primeiro paso para poder ter esa conexión. Xa non falamos do resto dos pasos. O tramo Vigo-Porriño aínda non ten ese estudo, o estudo entre Porriño e a fronteira portuguesa licitouse o pasado mes de agosto, e aínda non temos nada avanzado para o acordo bilateral que é necesario entre España e Portugal para facer a conexión a través dunha nova ponte internacional.

Por iso, por moito que o Goberno central negue a evidencia, é certo que, coa tramitación actual, é imposible chegar no ano 2032 ao obxectivo da conexión do AVE entre Vigo e Porto; é imposible. É imposible, señorías, chegar no ano 2032, como segue mantendo o Goberno do Estado. O máis lóxico sería chegar no ano 2038, e o Goberno do Estado, como cre que Portugal vai peor, o que fai é dicir que non lle preocupa, porque imos estar ao mesmo tempo. Pero a nós si; *(Aplausos.)* nós queremos compromisos e queremos prazos. Por iso é fundamental que a Unión Europea recoñeza ese carácter estratéxico desta conexión. E sinto ter que dicir isto, de verdade, pero é unha realidade que non deixa de constatarase no tempo: na nosa aposta pola conexión ferroviaria con Portugal, temos máis complicidade e apoio do Goberno de Portugal, aínda cando cambia de partido político no goberno, que do Goberno de España. Iso si que é unha realidade. *(Aplausos.)*

O mércores pasado, o novo alcalde do Porto ratificáballe ao presidente da Xunta o compromiso do seu goberno de que a conexión de alta velocidade con Galicia se mantén en Portugal para o ano 2032. Nós, desafortunadamente, ao outro lado da fronteira, non podemos facer este tipo de afirmacións. Primeiro, porque non temos a información; segundo, porque o Goberno non está igual de implicado que o Goberno portugués, e, terceiro, porque, sabendo como están os trámites, ata o 2038 non imos chegar.

É evidente que no país veciño a vontade política desta conexión e moito máis clara. É máis, chegaron a dicir que para eles era moito máis importante conectarse con España a través de Vigo que conectarse con España a través de Estremadura. Aí o deixo. Nós non estamos en contra de que se conecten con España e de que as capitais europeas estean conectadas —faltaría máis—, pero o que non queremos é que a conexión con Galicia, neste caso con Vigo, se atrase.

Saben vostedes que no Corredor Atlántico se dixo nun momento por parte do comisionado que se ía constituír un grupo de traballo técnico no que ían estar incluídos os empresarios, non sei cantas asociacións, e, despois de pedirlllo, dixo que tamén ían incluír a Xunta de Galicia. Este anuncio foi en xaneiro do ano 2025; é dicir, hai un ano e un mes. Hoxe non temos recibida ningunha comunicación de reunión por parte dese grupo de traballo, ningunha. Non é que estean traballando e non fagan caso á Xunta ou non inviten a Xunta; é que non están facendo nada, non se reuniron unha soa vez. E así está a situación.

Onte mesmo levabamos ao Consello un informe sobre o estado actual das previsións das actuacións para a saída sur de Vigo. Seguen pendentes algunhas actuacións importantes tamén



—isto xa cambiando de ámbito— na actuación entre Galicia e Madrid, como completar a dotación de dobre vía. Hai 120 quilómetros de vía da conexión entre Galicia e Madrid que son de vía única, o que limita a eficiencia e, loxicamente, os tempos de viaxe. Esta circunstancia fai que a liña entre Madrid e Galicia teña ata un 75 por cento menos de capacidade que a media do resto de corredores que existen en España. Unha vez máis, Galicia queda relegada por parte do Goberno do Estado. De feito, acabamos de coñecer que un proxecto de desdoblamento de 32 quilómetros entre Vilaverde, que está en Ourense, e Pedralba, en Zamora, que estaba en redacción dende hai dous anos, se vai dividir en dous, porque parece ser que Adif acaba de atopar, despois de dous anos, necesidades adicionais no contrato que fan necesaria a súa división en dous contratos.

Esta é a situación do transporte ferroviario en Galicia. Encantaríanos poder vir aquí anunciar acordos, anunciar investimentos ou anunciar traballo conxunto. Créame que o intentamos, pero é moi difícil conseguir isto se o interlocutor que o Estado pon á Xunta de Galicia, o comisionado do Corredor, bota case tres anos sen reunirse coa Xunta de Galicia, e se cando nos reunimos acadamos unha serie de compromisos que —hoxe xa vai case un ano aló dende a reunión— aínda non fomos quen de conseguir. E non vaian pensar que o compromiso era investir 8.000 millóns de euros en dous anos —iso loxicamente sería moi complicado—. O compromiso principal era: ¡joia!, se vostedes din que teñen un plan director que vai investir non sei cantos miles de millóns para poñer o noroeste peninsular conectado con Europa, a min pode que me valla. O único que lles pido é que me deixen ver o documento; (*Aplausos.*) ver o documento, porque, no PowerPoint que poñen cando imos a algunha destas presentacións, aparece «desbroces», «sinais». Supoño que iso non estaría incluído no Plan director porque se incluimos os desbroces e os sinais nun plan director do corredor atlántico, entón os que botamos as mans á cabeza somos nós. Probablemente esa sexa a razón pola cal non nos dan o documento. Ese era o gran compromiso que tiñamos co ministro diante e co comisionado do corredor: que nos ía pasar o documento.

Señores, van varios anos. ¿Que terá o documento este, que terá o Plan director, para non poder ser ensinado?.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, ten a palabra o representante do Grupo Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidencia.

Bos días de novo.

Vou empezar cunha anécdota persoal: o outro día, cando houbo folga de maquinistas, establecéronse uns servizos mínimos. Eu dirixinme á estación de tren de Ourense para vir para aquí, precisamente, e consultei as viaxes de tren que seguían dispoñibles para poder vir;



había menos do habitual, loxicamente, porque eran os servizos mínimos, pero un deles víñame ben acaído para vir, e reservei ese billete.

Cando cheguei á estación, díxéronme que si, que, en principio, parecía ser que todo ía correcto, pero tampouco estaban moi seguros —falando así co persoal que coñeces pola habitualidade da viaxe—. Na pantalla non había absolutamente ningunha información acerca de cancelación ou de atrasos, senón que todo parecía estar ben, pero, ao final, o tren non apareceu á hora prevista; daban un atraso estimado de non lembro canto e, ao final, tiven que tomar unha forma alternativa para vir.

Pero o curioso foi que o outro día —o tren, ao final, creo que chegou con media hora de atraso— foi que recibín no correo a reprimenda de Renfe por non ter viaxado segundo tiña previsto; ou sexa que, curiosamente, aínda encima de que Renfe non cumpriu co tema de poñer á disposición a viaxe no tempo previsto, como non puiden viaxar —non era factible esperar o atraso do tren— e viaxei doutra maneira, sancionáronme... [...] polo bono etcétera.

Esta é unha anécdota persoal das moitas incomodidades e dos moitos problemas que está tendo o servizo ferroviario en toda España, tal e como nos están contando. Están falando na prensa ferroviarios, xubilados, maquinistas, representantes sindicais e cidadáns que se viron afectados por distintas circunstancias nas súas viaxes. Eu, fundamentalmente, podo falar en primeira persoa por varias cuestións relacionadas co transporte ferroviario entre Ourense e Santiago.

Coincido co que dixo hai uns días o señor conselleiro acerca de que necesitamos información de por que se perdeu velocidade, sobre todo durante algúns días, entre Ourense e Pontevedra e, sobre todo, nalgúns tramos concretos. Tomei a molestia de conectar o Google Maps para controlar a ubicación en cada momento e, como coñeces máis ou menos os tempos entre cada sitio, había lugares moi concretos do traxecto, ou tramos moi concretos, onde baixaba considerablemente a velocidade. Todos temos un Google Maps e un reloxo para controlar os tempos. E non houbo explicación, que sería o desexable, por parte de Adif ou de Renfe, sobre por que había esas variacións de velocidade en tramos moi concretos —ademais, como dixer, porque puiden comprobalo—; non sabemos o porqué.

Nós imos seguir insistindo en moitos destes aspectos, por exemplo, na perda de frecuencias da Gudiña. Esa plataforma segue traballando e, desde Democracia Ourensana seguiremos pedindo —como xa pedimos moitas veces— que se restablezan as frecuencias de tren na estación da Gudiña, pola necesidade que se ten desas paradas para o desenrolo económico da comarca etcétera, etcétera, evitando a despoboación e todo o que se cansa un de dicir. Parécenos especialmente sangrante que as perdas de frecuencia fosen por un capricho —chamémolo dalgunha maneira— ou por unha vontade, non de todo xustificada, do alcalde de Vigo, como el mesmo recoñeceu. Tamén recoñecemos que Ourense necesita un AVE directo a Vigo. A Vigo chamámoslle moitas veces a nosa cidade irmá.

Adif ten que facer en Ourense unha nova estación de tren. Xa non se trata de que sexa unha Norman Foster ou unha obra faraónica, senón de que a estación de Ourense non teña nin escaleiras mecánicas. A estación de Ourense —se van alí— non ten escaleiras mecánicas.



Comparen, a estación de Ourense coa de Vigo. Hai un ascensor —un *ascensoriño*—, que, ¡claro!, coa cantidade de xente que usa esa estación e nas horas puntas de viaxes, con moitísimos viaxeiros, pois ese ascensor, con dúas ou tres persoas e con tres ou catro maletas que leven, non dá abasto. Con poñerlle ese exemplo de que a estación de Ourense non ten nin sequera unhas escaleiras mecánicas... —¡xa nin sequera para subir...!, xa menos que telas para subir e para baixar—. ¡Non ten! Teñen que subir a pé, algo que non pasa, practicamente, en ningunha estación do mundo.

Tamén hai que dicir que a estación de autobuses que fixo a Xunta, ao lado, é dicir, a intermodal..., pouco máis é que unha explanada cun tellado, porque non ten nada que ver esa estación de autobuses coas que se ven por outras partes de Galicia financiadas pola Xunta. Esa é unha explanada con catro columnas e un tellado. Si, puxéronlle unhas frases moi bonitas, de Curros Enríquez e doutro escritores galegos, alí nas paredes; e, con ese guiño, parece ser que nos temos que conformar os ourensáns. A estación é parte das outras moitas deficiencias das cales se fala habitualmente e que son coñecidas desa intermodal. Débennos unha intermodal tamén como é debido.

Efectivamente, tamén se precisa un ancho internacional de vía entre Ourense e Santiago. Entrarían as outras operadoras, que sería unha boa competencia, sobre todo para que Renfe non cometese os abusos a falta de eficacia que está cometendo.

No verán —lembrei o outro día nunha comisión— un tren provocou un incendio no contorno da cidade de Ourense. O Goberno galego comprometeuse a pedir explicacións sobre se a responsabilidade era de Renfe porque o tren non estaba en boas condicións e emitía chispas ou se a responsabilidade, en parte, tamén podía ser de Adif, por non ter suficientemente limpa de broza a vía en que prendeu o lume. Ou sexa que, o Goberno galego que cumpra co que dixo no seu momento, de exixir responsabilidades a quen fose, que explique ese incendio concreto e outras circunstancias similares que se produciron en Galicia e na provincia de Ourense, en concreto. Teñen que asumir responsabilidades porque se causaron moitos, moitos problemas de todo tipo: houbo desaloxos de persoas; houbo afectacións polo fume; houbo perdas económicas; houbo perda de enseres, de casas... Foi un incendio —como todos vostedes saben— causante de moitos problemas. Adif e Renfe teñen que dar responsabilidades; e o Goberno galego, el mesmo dixo que as ía pedir.

Estes días de temporal, usouse moito menos o tren, polas deficiencias, polo visto, estruturais e crónicas que están denunciando os profesionais ferroviarios, unidas ao problema conxuntural do temporal. Puidéronse comprobar tamén as deficiencias no transporte público de autobuses de competencia autonómica; porque a xente viuse obrigada a utilizar o seu vehículo privado e tamén as alternativas de transporte público —tamén as que son competencia da Xunta de Galicia—, polo que tamén se puxeron de manifesto, con moita máis claridade, esas deficiencias: no incumprimento de horarios e na optimización das rutas que son máis necesarias. Entón aí pois, ao mellor, a Xunta de Galicia tamén debería aproveitar e converter o problema nunha oportunidade eses días en que houbo unha maior necesidade de transporte público por parte dos viaxeiros, por non ter a suficiente cobertura no transporte ferroviario. Debería aproveitar eses problemas, esas protestas e esas deficiencias, que se



puxeron de manifesto nas liñas de transporte de autobuses de competencia autonómica, porque tamén aí hai moito que mellorar.

Quero dicir con isto que está moi ben pedir responsabilidades ao Goberno do Estado, pois, efectivamente e sen ningunha dúbida, discrimina Galicia no tema —entre outros moitos— do transporte ferroviario, pero a Xunta de Galicia tamén ten que asumir as súas responsabilidades.

Como dixeron: mellorar o transporte por carretera, cuxas deficiencias se puxeron moi de manifesto, ademais, co correspondente incremento de accidentes, por un lado, polo temporal, pero, polo outro lado, porque a xente tivo que utilizar o vehículo con máis frecuencia, precisamente por ter menos alternativas; alternativas que tampouco Renfe deu en moitas das viaxes de tren que se fixeron en Galicia, pois deixou tirados os viaxeiros e non deu alternativas, que si deu noutras partes de España.

O Goberno do Estado tamén nos ten que conceder, por fin, a variante de Taboadela. Aquí gustaríame mandar unha mensaxe ás familias dos obreiros que faleceron, non hai demasiado, na construción do túnel que hai por alí e que visitamos nalgúns momentos para ver como ía a obra.

E pouco máis teño que dicir porque estes feitos son coñecidos por todos.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Quero, unha vez máis, seguir facendo presión para recuperar as frecuencias da Gudiña e quero instar o Goberno central para que mellore as conexións ferroviarias en Galicia, poñéndooas, como mínimo, ao nivel das que teñen noutras partes de España.

Nada máis e grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Conselleiro.

Vicepresidente.

Moitas grazas pola súa comparecencia. O que ocorre é que nos sorprendeu a comparecencia porque pensabamos que vostede comparecería para dar conta dalgunhas das súas moitas competencias.



Por exemplo, o transporte público en Galicia, que tantos centos de queixas ten sobre os cambios de itinerarios, sobre os incumprimentos das concesionarias, sobre os viaxeiros a pé, sobre os problemas no transporte escolar, sobre a xente tirada nas paradas... Todo está peor que hai meses, e vostede fai de relator doutras incidencias. (*Aplausos.*) Conviría que fixese de relator das incidencias que lle corresponden, (*Aplausos.*) por non falar do conflito do transporte na provincia da Coruña, cunha longa folga que está a afectar a vida de moitas persoas. Pero, ¡claro!, resulta que vostede respondeu a iso con que non é competencia súa e trouxo a competencia sobre o tema dos servizos ferroviarios, que tampouco é a súa competencia. ¡Menuda contradición! A vostede válelle todo.

Mire, en Galicia hai dous grandes sistemas de transporte público entre cidades: o autobús, competencia da Xunta; o tren, competencia estatal. Vostede fala de que o tren está mal e de que o bus está ben porque non fala del. E eu preguntolle: ¿dos 75 parlamentarios que estamos aquí, quen utiliza o bus ou quen utiliza o tren? Porque a resposta é a proba de que ninguén utiliza o bus polo mal funcionamento, e si o tren. (*Aplausos.*)

Vostedes teñen competencias propias que non exercen, competencias que asignan a outras administracións sen dotacións orzamentarias e unha competencia como esta, que é unha competencia ómnibus. Porque vostede fala de todo: di que vai falar de servizos ferroviarios e acaba falando de automoción, de pesca, de estaleiros... ¡É unha falta de respecto e é imposible contestarlle a vostede! Fala do porto nodal... O porto nodal, para ser porto nodal, ten unhas condicións europeas aprobadas polo Goberno do PP, e o porto de Vigo pode neste momento solicitar subvencións aínda non sendo porto nodal. Polo tanto, a súa competencia e preocupación neste Parlamento é única: confrontar co Goberno de España. Vostedes converteron este Parlamento nunha prolongación do Congreso e do Senado, faltándolles ao respecto aos galegos. Estatisticamente demóstrase que o 55 por cento das resolucións deste Parlamento son o mantra de «instar o Goberno central». Pois mire, a función deste Parlamento é controlar a acción executiva da Xunta. Esta porcentaxe nunca en anteriores lexislaturas foi similar.

Polo tanto, teñen vostedes unha dobre vara de medir, esténdense logo as xustificacións. Trala vaga de incendios do pasado verán trataron de desviar as responsabilidades, non asumindo as propias; coa situación de emerxencias recentes, outro tanto do mesmo; e, en canto non teñen máis argumentación, o outro mantra, que é que «todo é mellorable». (*Risos.*) O que deba ser mellorable son os 350.000 galegos que están esperando por algunha actuación médica en listas de espera; (*Aplausos.*) o que é mellorable son as 29.000 familias galegas que están esperando por unha vivenda oficial; e o que é mellorable tamén é que vostedes aumentan a débeda de Galicia mentres non queren asumir o que é a condonación de parte da débeda.

Eu imaxínome que vostede está hoxe un pouco contrariado, porque seguro que prefería que nos días anteriores a este pleno, despois de solicitar a comparecencia, houbera incidencias, moitas incidencias —cantas máis mellor— no transporte ferroviario, e vir aquí co relato que fixo: relator de incidencias. Seguro que lle tería gustado ter moitas máis para ampliar ese discurso apocalíptico que fixo vostede, só lle faltou unha música de película de terror como fondo. (*Risos.*) Porque cando vostede pediu esta comparecencia acabábase de anunciar o de-



bate no Congreso sobre o ferrocarril e, como vostedes aquí son un comando de axentes electorais de Feijóo, vostede (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) tiña que achegar o seu granito de area e «imos falar de ferrocarril tamén en Galicia». Nalgún momento pensei (*Risos.*) que solicitarían comparecencia sobre Venezuela, porque tanto faláron de Venezuela en plenos anteriores e levamos uns plenos nos que non falan de Venezuela. Pero non, era mellor falar de Pedro Sánchez, de Óscar Puente... Seguro que no momento no que pediu vostede esta comparecencia non (*Risos.*) contaba co repaso que o ministro Puente e Pedro Sánchez lle deron a Feijóo e ao resto de intervenientes do PP. Seguro que non contaba co ridículo que fixo Feijóo cando fai unha proposta de crear unha axencia de seguridade xa creada con voto en contra do Partido Popular.

Vostede ten a vantaxe de falar aquí 35 minutos, que creo que falou, e disparar en ráfaga contra todo o que se move. Fala de seguridade. A vostedes ás veces parece importarlles pouco a seguridade cando os viaxeiros no transporte por bus van de pé e un condutor ten que dicir «*todos al suelo*».

Polo tanto, levamos vivido en Galicia situacións puntuais con moitas dificultades, como en toda España. Tamén no transporte por estrada en Galicia, do que conviría que vostede dese conta a este Parlamento. Situacións sobre as que os responsables ferroviarios tiveron que tomar decisións que todos debemos dar por feito que se tomaron pensando na seguridade das persoas. E os socialistas en ámbitos puntuais desas situacións que se viñan producindo pedimos aos operadores ferroviarios alternativas, solucións sobre a marcha, como se fixo dende o Concello de Vigo e desde outros, pero sempre antepoñendo a seguridade das persoas ante esas incidencias cambiantes, como deberon facer vostedes no relativo ao bus de Galicia.

Pero mire, falemos... (*Pausa.*) Eu teño que resumir, por falta de tempo. Como teño que resumir vou facerlle a vostede as cifras de investimento de cando gobernaba o Partido Popular, porque Rajoy e Pedro Sánchez gobernaron e gobernan un período similar de sete anos. Cifras absolutamente incuestionables: maior investimento do Goberno socialista. E dareille tres cifras moi significativas desas que vostede sempre oculta. O investimento medio anual total de Rajoy en servizos ferroviarios foi de 2.000 millóns; o Goberno de Pedro Sánchez, 5.629 millóns de euros. Mantemento e investimento en rede convencional anual: Rajoy, 400 millóns; Pedro Sánchez, 2.330 millóns. Mantemento —do que tamén fala moito vostede— por quilómetro: 46.000 euros, época de Rajoy; 71.000 euros en época de Pedro Sánchez. É evidente que hoxe, ao falar de servizos ferroviarios, estamos a pagar sen dúbida á inanición da época e mandato de M. Rajoy.

E, como vexo que se me acaba o tempo, deixarei para a segunda intervención o relativo á realidade do ferrocarril en Galicia. Porque afirmou vostede que adolece de investimento e de planificación, e nós pensamos que é xusto o contrario. O que está facendo o Goberno de Pedro Sánchez é investir e é planificar, porque o Goberno de Pedro Sánchez situou o tren como o transporte do presente e do futuro, modernizando a rede ferroviaria en Galicia, apostando pola intermodalidade, apostando pola conexión con redes europeas e a alta velocidade. E fíxoo cun investimento —mencionábo anteriormente— sen precedentes de máis de 4.560...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor López Font.



CARLOS LÓPEZ FONT: ...millóns de euros ata 2030.

Remato, e deixarei para a segunda intervención: AVE a Galicia, modernización da rede ferroviaria, intermodais... Que ten vostede un cuajo tremendo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

CARLOS LÓPEZ FONT: ...de falar de intermodais tal e como está a estación de bus de Ferrol, que cae por todos os sitios e vostedes votaron en contra fai moi pouquiño tempo de arranxala.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ríos

PAULO RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, eu vou intentar centrarme no asunto, (*Risos.*) falar de servizos ferroviarios, porque si que é certo que cando falamos destas cuestións vemos como o Partido Socialista e o Partido Popular son totalmente intercambiabes segundo quen governe. Vostede, cando nós falamos do mal funcionamento do servizo de autobuses, sempre acode, alude a esas incidencias puntuais. Hoxe falamos de malos servizos ferroviarios e o señor Font fai exactamente o mesmo. Pero, como o BNG sempre defendeu o mesmo, estando o Partido Popular ou estando o Partido Socialista no Goberno do Estado, podemos falar sen ningún tipo de problema —efectivamente— da mala situación que viven os servizos ferroviarios no noso país.

E é que, se falamos de servizos ferroviarios —e creo que sacando as cuestións concretas que vostede xa nomeou de deficiencias no que ten que ver con cancelacións polo tema de temporais, a cuestión dos lumes, moitas outras cousas—, falar de mal servizo ferroviario ao final é falar de infraestruturas ferroviarias; e, sobre todo, dunha falta de investimento histórica, dunha falta de modernización, dunha mala calidade ou dunha antigüidade excesiva dos propios vehículos e un longo etcétera. Despois son os que provocan —efectivamente— en certos casos situacións onde existen avarías, onde existen un montón de problemas que dá esta falta de servizos, ou os propios atrasos e demais.

Señor conselleiro, eu si que é certo que boto en falta unha cousa. Vostede veu aquí comparecer —ao mellor teno para a seguinte intervención ou para o peche— e eu boto en falta propostas da súa Consellería. É certo, vostede veu aquí a unha comparecencia onde fixo unha lista da compra de agravios ou de queixas cara ao Goberno central, que nós compartimos na súa gran parte, porque si que despois hai certas cuestións de matiz que vostede aproveita (*Risos.*) para meter o dedo no ollo do Goberno do Estado, que se gobernase o señor Feijóo no Goberno do Estado non faría.



E é que tanto se falamos —a min gustaría dividilo en diferentes seccións— no que ten que ver coas infraestruturas ferroviarias, que van á par dos servizos, da mobilidade interior do país, a vertebración do propio país vía liña ferroviaria, vostede dárame exemplos: o caso da conexión Ferrol-Coruña co *bypass* de Betanzos. Falabamos tamén do Feve, porque efectivamente aínda que nos conecte con outras partes do Estado debería ser un motor tamén fundamental para que todo o norte do país estivese conectado. E, bueno, creo que non fai falta falar da situación na que se atopa o Feve, a todos os niveis de obsolescencia, a todos os niveis de antigüidade, da necesidade dunha modernización brutal en todos os sentidos que ten o Feve. Falaba tamén vostede das conexións de alta velocidade con Lugo, que, efectivamente, no día de hoxe é moi difícil prever un futuro próximo no que teñamos eses servizos en funcionamento. E tamén —aproveitando, supoño, a súa visita o outro día a Bruxelas— a cuestión da saída sur de Vigo, ¿non?

Aí hai varias cuestións e creo que deberíamos ir a cada unha delas. A cuestión —digamos— na que vostede fixo máis fincapé: a cuestión da saída sur de Vigo. Todo o que ten que ver co corredor Atlántico, ¿non?, que para nós é algo fundamental, a conexión con Portugal, non só de persoas, senón de mercadorías, para fortalecer esa Eurorexión Galiza-Norte de Portugal da que tanto falamos. Vemos como vostede dicía que tiñan máis apoio do Goberno luso, do Goberno portugués, que do Goberno español, e eu súbolle a aposta: é que parece que temos máis apoio do Goberno de Portugal que do propio Partido Popular, porque a propia Ayuso, a súa xefa de filas, é a que di que o Goberno do Estado tiña que priorizar a conexión Lisboa-Madrid antes que a conexión con Vigo e co resto de Galiza. Polo tanto, efectivamente, temos apoio de todo o mundo menos, efectivamente, de todo o que ten que ver co Goberno do Estado ou, como en palabras de Ayuso, «*Madrid es España y España es Madrid*». E con iso podemos retrotraernos a todos os anos de goberno do Partido Popular no Estado, porque efectivamente un dos primeiros estudos que se fixo para esta conexión fíxose no Goberno de Rajoy —ano 2012, se non me trabuco—, que rematou coa decisión de darlle máis pulo ao Tren Celta. Ou sexa, realmente unha década perdida no que ten que ver cos avances da saída sur de Vigo e da conexión en alta velocidade con Portugal. Vostedes non tiveron ningún tipo de apremio, ningún tipo de presión, ningún tipo de urxencia cando Ana Pastor era ministra de Fomento e o señor Rajoy era presidente do Goberno do Estado en materializar, ou en cando menos deixar sentadas as bases para que se puidese efectivizar esta infraestrutura ferroviaria, que é fundamental. E, efectivamente, o Goberno de Pedro Sánchez seguiu a zaga; aínda que —igual que noutros casos, o que ten que ver co servizo de proximidade, que aínda estamos nesa conexión interna no país— tivo que ser o BNG quen forzase o Goberno do Estado a poñerse as pilas neste terreo: encargar os estudos e que estivese enriba da mesa un mínimo de compromiso, que loxicamente o Partido Socialista está incumprindo e que ten que cumprir. Sen ningún tipo de ambaxes o dicimos: que o Partido Socialista está incumprindo unha vez máis con Galiza, igual que o fixo o Partido Popular cando gobernou. Aí non se diferencian absolutamente en nada. Porque, se vemos os últimos anos, efectivamente, ¿cales foron as comunidades autónomas, os territorios do Estado, que recibiron máis cartos para investimentos en infraestruturas ferroviarias? Cataluña e Madrid.

Pero é que vexamos unha das últimas promesas que fixo Rajoy en marzo do 2017, que anunciaba case 2.000 millóns de euros para *rodalies* en tres anos, 300 millóns de euros para a conexión co aeroporto do Prat vía tren. ¿E para Galiza? Quedámonos en 2015 co remate da



cuestión do Eixo Atlántico do ano 2015, a chegada do AVE a Taboadela recentemente e aquí nos quedamos. Porque facer un histórico de investimentos territorializados na cuestión ferroviaria ás veces é complicado, porque, por un lado, son plans a diferentes anos; e, sobre todo, que despois hai un problema, que é a execución. Porque, efectivamente, se vemos os cartos orzamentados nos diferentes plans, tanto do Goberno de Rajoy como do Goberno de Pedro Sánchez, vemos que o incumprimento é practicamente o cincuenta por cento. E onde o señor Rajoy investiu máis foi nos seus socios independentistas de Cataluña, curiosamente.

Unha vez máis vostede falaba —e teño aquí anotadas varias das súas frases— de «maltrato»: de maltrato cara a Galiza, de maltrato cara ao noso país; mentres que noutras comunidades autónomas —dicía vostede— se beneficiaban dunha serie de investimentos, dunha serie de apoios que Galiza non. E Rajoy, ¿que fixo? Meteu 4.000 millóns de euros nos servizos ferroviarios de Cataluña —*rodalíes* e diferentes cuestións— para reforzar o Corredor Mediterráneo; e o corredor Atlántico estivo case unha década en dique seco, totalmente en dique seco.

Non me queda moito tempo, señor conselleiro, e hai moitos temas dos que podemos falar. No caso concreto da saída sur de Vigo, nós coincidimos no ten que ver coa conexión Ferrol-A Coruña e ese *bypass* de Betanzos. Coincidimos en que é necesario poñer enriba da mesa un estudo que viabilice esta infraestrutura, que entendemos fundamental; e ademais compartimos que, efectivamente, o seu gasto non debería ser un impedimento para que se fixese de xeito o máis inmediato posible. Tamén temos que dicirlle —e vostede xa o sabe— que ese primeiro estudo, eses mínimos dos que vostede falaba —e témolo falado aquí en sede parlamentaria— nós entendemos que teñen que ir un pouco máis alá, pero entendemos positivo que existen uns mínimos e que traballemos nesa liña.

Pero eu o que si que boto en falta e lle dicía, señor conselleiro, é, primeiro: ¿que lle dixeron en Bruxelas? Vostede tivo unha reunión este venres creo que tamén coa directora xeral de Mobilidade, mais con diferentes cargos da Xunta no que ten que ver con cooperación exterior e demais. Claro, aquí vostede dixo que si que tiveron unha reunión, pero ¿que lle adiantaron? ¿Que lle dixeron? ¿En Bruxelas déronlle esa copia do plan director? Cando estiveron co alcalde do Porto... Porque entendo que, se o Goberno do Estado non lles quere dar os documentos...; igual que vostedes despois non nos queren dar os papeis nos que teñen acordos con Altri, nin as ofertas dos autobuses e demais. Se vostede di que que terá que esconder, nós podemos dicir o mesmo. ¿En Portugal teñen este plan director do Corredor Atlántico? ¿Teñen noticia del? Cando foron vostedes falar en Bruxelas, ¿déronlles algunha nova? Porque vostedes, efectivamente, dixeron que foron a Bruxelas, pero non dixeron nada. ¿Que lles trasladaron? ¿Que compromisos acadaron? ¿Que xestións fixeron como Goberno da Xunta de Galiza? É que o problema, señor Calvo, é que imos ao de sempre: vostedes veñen aquí queixarse —e está moi ben queixarse, e compartimos as queixas e compartimos a diagnose—, pero non podemos quedarnos aí. Vostedes son o Goberno galego, eu quero que o meu Goberno dea pasos cara a conseguir as cousas que precisamos —neste caso dos que os gobernan a vostedes—, pero eu quero que vostedes o consigan, ou que vostedes cando menos o intenten. Entón, queixándose é moi complicado que vostedes consigan absolutamente nada.



Eu realmente quero rematar dicindo —e despois teremos tempo na segunda intervención— que, efectivamente, aquí hai un déficit, un incumprimento e maltrato histórico con Galiza no que ten que ver coas infraestruturas ferroviarias. Que vostedes mesmos tamén propiciaron, que vostedes secundaron e que o Partido Socialista, loxicamente, tamén lles segue á zaga, porque —xa lle digo— que en moitas ocasións o máis parecido a un Goberno de esquerdas español é un Goberno de dereitas español. E iso nunca cambia; o maltrato ao noso país continúa: necesitamos un tren, uns servizos ferroviarios do século XXI e non do século XX. E, dunha vez por todas, o BNG entende que debemos ser nós quen, cando menos en cuestións de mobilidade interior e de vertebración ferroviaria do noso país, teñamos as competencias. Reclamemos as competencias dos servizos de proximidade, reclamemos as competencias de todo o que ten que ver coa mobilidade do noso país; e, en todo caso, chegaremos a acordos para despois ter o resto de conexións, tanto con Portugal como co resto do Estado. Pero, se non somos nós quen toma realmente a acción sobre o que queremos e sobre o que temos en infraestruturas ferroviarias...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Santomé.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: ...loxicamente, antes diso o Goberno do Estado ten que poñer compromisos e cartos enriba da mesa para a modernización de todas as liñas das infraestruturas ferroviarias. Pero eses acordos teñen que ir da man á mellora, á modernización e aos investimentos co traspaso de competencias; e que sexamos nós, dunha vez, quen decidamos sobre as nosas necesidades e sobre o noso futuro. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda agora da voceira do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Paula Prado del Río.

PAULA PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Grazas, señor conselleiro, por vir falar con claridade sobre unha cuestión que lles preocupa aos galegos e galegas. Estes días celebrabamos dous anos dende a vitoria nas eleccións autonómicas do presidente Rueda; aínda que outros, como o BNG, celebraron que perderon —algo inaudito, alá vostedes—. O Partido Popular obtivo unha ampla maioría absoluta que lle outorgaron os galegos. ¿E sabe por que, señor Font? Por cousas como esta: dar explicacións e exixilas; dalas cando nos corresponde e exixilas cando outros non cumpren. *(Aplausos.)*

Mire, señor Font, que vostede dixo aquí que non houbo ningunha incidencia desde que se rexistrou a comparecencia. Pois mire, non é verdade: «*Nuevo tropezón de los trenes gallegos. Una avería en la señalización para la circulación en la provincia de Pontevedra*», a súa provincia. ¿E que fan vostedes? Aplaudir e calar. O Partido Socialista aplaude e o BNG cala. E así lle vai a uns, señor Font: teñen o peor resultado da historia do Partido Socialista en Galicia, nove deputados. Iso si que é facer o ridículo, Font. *(Aplausos.)*



E outros, liderados pola señora Pontón, que a este paso xubilase no Parlamento sen ter gañado unhas eleccións. Iso si, gañou as eleccións na sombra e fixo o goberno na sombra. Miren, os gobernos na sombra naceron no Reino Unido como un mecanismo serio, unha oposición preparada, que prepara alternativas, unha oposición construtiva, unha oposición que vixía o Goberno e que está lista para asumir responsabilidades. Pero vostedes, claro, nin alternativas —señor Ríos—, nin construtiva, e, por suposto, moi lonxe de estar preparada para asumir responsabilidades. Vémoslo aquí cada quince días, cando a señora Pontón propón incrementar o número de médicos sen saber o que custa a contratación dun médico, porque nunca xestionou nin un euro público; ou, como vimos hai quince días, que falaba da aplicación dun artigo que non estaba en vigor. Pero, ben, iso é o que fai o Goberno na sombra: estar, efectivamente, á sombra. ¿Á sombra de quen? Á sombra de Pedro Sánchez. E, obviamente, un goberno invisible que apoia incondicionalmente o Goberno de España que máis leva maltratado a Galicia.

Vostede di aquí que veu o conselleiro cunha serie de agravios e que os comparte. Pero, iso si, cero propostas, señor Ríos. Pois, mentres os trens galegos perden frecuencias, os horarios empeoran e as infraestruturas se degradan, vostedes caladiños. Parece que a filosofía orixinal da política británica era a responsabilidade e a preparación; a versión galega é a de cero resultados e ningunha solución aos problemas dos galegos e galegas. Ao final están vostedes máis preto dun goberno de *therians* que dun goberno na sombra. (*Aplausos.*) Vostede, señor Ríos, ¿que *therian* político é? ¿O conselleiro de Presidencia? (*Aplausos.*) ¿Crese vostede realmente co que veu hoxe aquí dicir —que non aportou absolutamente ningunha alternativa— un *therian* conselleiro? Tamén a señora Pontón se cre presidenta. Bueno, pois oe, sentirase Alfonso Rueda. Pero, mire, fáltanlles moitas cousas: fáltalles sentidiño, capacidade de xestión, amor real a Galicia e bo rolo. ¿E sabe o que lles sobra? Sóbralles sectarismo, enfurruñamento e teatralidade. (*Aplausos.*) Mentres, o presidente real, o presidente Rueda, trata de resolver problemas e que Galicia avance exixíndolle ao Goberno de España o que Galicia precisa, a presidenta na sombra está máis centrada en xerar alboroto, conflitividade social e poñerse detrás da pancarta; en crear sombras onde non hai luz. ¿Onde vai aquilo de «fabricar luz»? Seguen fabricando luz, seguen fabricando deputados. ¿Canto lles dan hoxe as súas enquisas? ¿Corenta e dous? Pois, oia, xenial, vaian vostedes, que están abertas as fichaxes de inverno e poden coller algúns que están estes días facendo quedadas por aí. Iso si, teñen que buscar xente con moita imaxinación, ser moi sectarios, non ter ningún amor por Galicia; máis ben todo o contrario: canto peor, mellor para o BNG. É importante ter os domingos libres para ter esa rutina de pancarta. Pancarta para protestar. ¿Por que? ¡Dá igual! Un domingo sanidade, outro domingo educación, outro domingo contra a industria e outro domingo contra o medio ambiente; outro día criticamos... Iso si, sempre contra o Partido Popular, nunca contra o Goberno de España. (*Aplausos.*) Dá igual que os trens non funcionen, dá igual que Galicia non teña os investimentos que teñen outras comunidades autónomas, dá igual que nos discriminen no financiamento da débeda, dá igual. (*Aplausos.*) Iso si, o importante é ir sempre contra a Xunta e contra o Goberno do PP.

Hoxe tiñan que vir aquí, señores do BNG, a esta comparecencia propoñer unha fronte común contra o Goberno de España e defender máis trens, máis horarios, máis frecuencias e mellores infraestruturas. Pero vostede non; vostede veu aquí criticar o Goberno da Xunta, que —como acaba de explicar o conselleiro— está facendo todo o posible para solucionar e para



poñer solucións enriba da mesa e trasladarllas ao Ministerio. O único que veu aquí realmente dicir que había que facer esa fronte común foi o deputado de Democracia Ourensana. Pero vostedes no seu goberno *therian*, ¿teñen algunha proposta alternativa, señor Ríos? Cero, só criticar o Goberno do PP; na súa liña: tan bravos en Galicia e tan mansiños en Madrid. (*Aplausos.*) A situación das infraestruturas en Galicia é inaceptable. O servizo ferroviario era un servizo fiable que deixou de selo. E deixou de selo porque o noso país, en lugar de ter un goberno que nos governe, ten o Goberno máis corrupto da historia de España e o máis incompetente; apoiado, iso si, polo Bloque Nacionalista Galego. Defenderemos as veces que faga falta as infraestruturas dignas en Galicia, porque non pode ser doutro xeito, os galegos non merecen menos.

E miren, cando vostedes dan os datos, señor Font e señor Ríos, de investimentos en mantemento, a culpa sempre é do PP. Dá igual, aínda que non gobernemos en España dende o ano 2018. Pero o dato é o que é e non se pode ocultar, e é que, dende que goberna Sánchez —omitiuse no desgraciado accidente de Adamuz— o investimento en alta velocidade cae un 16 por cento respecto ao Goberno de Rajoy. Ese dato non interesa. Pois mire, a nós si que nos interesa, porque os galegos merecen servizos propios deste século. É difícil de entender como non lle dá vergonza ao ministro Puente dicir e repetir a famosa frase de que «*o tren español vive o seu mellor momento*». E vén o señor Font aquí dicir que o señor Puente nos deu un repaso non sei moi ben onde. Non sei moi ben en que momento o señor Puente pode sacar peito de absolutamente nada, señor Font. (*Aplausos.*) Porque, mire, o señor Puente xa tiña que ter dimitido non polo que pasou en Adamuz, senón por todo o que non fixo antes do accidente de Adamuz e por todo o que está pasando despois do accidente de Adamuz. Que demostra, señor Font, que non había nin investimento nas infraestruturas ferroviarias, que non había seguridade, porque os maquinistas se puxeron de folga. Non o di o PP; dino os propios operarios que traballan nos trens, señor Font. ¿Que pasa, que para vostedes eses non teñen credibilidade? Para vostedes, ¿os funcionarios, os operarios dos trens, os maquinistas non teñen credibilidade? Pero, por se acaso, baixaron a velocidade dos trens. ¿Por que, señor Font? ¿Por que? Conteste. ¿Por un capricho? ¿Como a xente vai ter garantías de pensar que é segura a rede viaria cando vostedes, cos seus actos, o ministro Puente, cos seus actos, día si e día tamén, amosa esa inseguridade? (*Aplausos.*) E hoxe un novo escándalo, señor Font, pola mañá, porque igual a estas horas xa saben doutro e non o sei. Vostedes ocultaron —Adif ocultou— probas no accidente de Adamuz. Ocultaron probas á xustiza para que non se saiba o que pasou aí. ¿E vostede vén aquí dicir que facemos o ridículo? Señor Font, teña un pouquiño de seriedade e de dignidade e de respecto ás vítimas e ás familias das vítimas do accidente de Adamuz e, polo menos, non veña aquí sacar peito de nada, de absolutamente nada. (*Aplausos.*)

Miren, ¿por que desconfía a xente? Porque pasan cousas como esta. Mire, vostede vaia explicarlles aos galegos que o tren está no seu mellor momento, por exemplo, en Valdeorras. Mire, ¿lembra isto? (*A deputada Paula Prado del Río amosa unha fotografía.*) ¿Sabe cando foi isto? Pois os viaxeiros coas maletas polo medio do campo en Valdeorras, señor Font, e vostede di que isto é un tren do século XXI. Esta foto podía ser do século pasado, pero non, é de agora, da época do Goberno de Pedro Sánchez, da época do Goberno do peor ministro da historia de Transportes. Vinte pasaxeiros dun tren español cruzando campo a través coas maletas, por culpa dunha incidencia máis, señor Font. Si, vostede di que son cuestións pun-



tuais; pois non, non son cuestións puntuais. E, mire, esta foto que lle acaba de ensinar non sei se é de película de terror, pero é unha imaxe absolutamente lamentable para un tren do século XXI. (Aplausos.)

Miren, falaba tamén o conselleiro da falta de investimento nas conexións cos portos galegos. Pois claro, vostedes festexan que Altri non poida instalarse en Galicia e crear miles de postos de traballo. Non queren que Galicia se industrialice e demóstrano apoiando un Goberno que bloquea a industria conserveira ou do automóbil, que poida medrar ao tempo que o fai o porto de Vigo. E ao señor Font moléstalle que falemos disto.

E sabe, señor Font, que vostede dixo aquí que a xente nova non utilizaba a tarxeta Nova. ¿Sabe quen a utiliza moito? Pois a xuventude de Lugo. ¿Por que? Porque non hai tren a Lugo e porque non lle queda outro remedio que vir en autobús por esa autovía que tampouco existe, que tampouco o señor Puente se digna a rematar, porque teñen outras preocupacións: teñen que tapar o Tito Berni, Ábalos, Aldama, as saunas, o DAO e cada día un escándalo máis. E, mentres tapan iso, non se ocupan dos problemas reais da xente.

O porto de Ferrol, ao que condenaron coa transición ecolóxica e o peche das Pontes, e que podería incrementar a súa actividade incorporándose á rede básica.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

PAULA PRADO DEL RÍO: Remato xa. Pero, claro, a min aquí, señores do BNG, gustárame saber que opina Rosalía. Porque, como agora resulta que os referentes opinan, aínda que estean mortos, das cousas, gustárame saber que opinaría Rosalía. Pois igual lle viría ben ler... Si, si, porque tamén dixeron que Rosalía estaría en contra de Altri. Non sei que pensaría Rosalía hoxe do seu feminismo, apoiando este Goberno de España que están vostedes están apoiando...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...e do pacto guarro da Deputación de Lugo. (Aplausos.) Pero recoméndolle un escrito de Rosalía, «El ferrocarril a Santiago»: «Ya tenemos ferrocarril, pero qué importa que el silbido de la locomotora turbe por un instante la calma de nuestros campos, si nuestros hijos continuarán abandonándolos para buscar en lejanas tierras el pan que aquí se les niega». Vía o tren como un símbolo de modernidade....

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...pero, sen xustiza económica, o progreso non existe...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...sen industria non hai progreso e sen progreso, señor Ríos, non hai futuro e sen futuro a xente marcha. Claro que si, e collen o ferrocarril para marchar. (Aplausos.)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Réplica, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

A verdade é que fun apuntando e espero poder contestar as cousas que ían dicindo os distintos portavoces.

Señor Ojea, agradézolle a anécdota do tren porque, efectivamente, relata moi ben cal é a situación do transporte ferroviario. Eu para o que quería vir aquí é para falar dunha situación dun transporte que nos afecta no noso territorio e que non é competencia nosa, como dicía o señor Font, pero que loxicamente afecta os galegos e tamén temos que tomar posicionamento; como goberno, pero tamén como grupos que formamos parte do Parlamento. E dicía vostede que estaba de acordo co das frecuencias na Agudiña, que hai que seguir reclamando. Falaba vostede de que a intermodal da Xunta é unha explanada cun tellado. Xa lles gustaría ter aos usuarios de Ourense un tellado para protexerse do sol ou da chuvia mentres esperan os taxis. Pedímoslle en varias ocasións ao Concello, houbo ofertas para facer a propia marquesiña a Xunta de Galicia, pero non tivemos contestación afirmativa. Eu espero que nos boten unha man e, se pode, convenza o Concello de que nos deixe construír unha marquesiña para que a xente que espera o taxi —como sabe vostede témonos visto tamén na estación vostede e mais eu, que é pequena—. Se podemos ter unha marquesiña para que poidan esperar os taxis e non morran ao sol en verán, como pasa moitas veces, ou algún día baixo a chuvia, agradeceríamolo. *(Aplausos.)*

E tamén nos dicía que se lle pediramos explicacións ao ministro polo incendio. É certo que este verán a provincia de Ourense foi gravemente afectada por moitos incendios; un deles en San Cibrao presuntamente foi causado por un tren de mercancías que saía, non pola velocidade, pero parece ser que botaba chispas, segundo dixeron todas as testemuñas, continuamente. O problema xa non é que vote chispas ao rodar; o problema é que non estaban limpos os valados e as zonas que estaban ao lado da vía, que iso é o famoso desbroce de Adif, que non fixera. E, froito dese incendio, puxéronse en risco empresas e persoas. Dende logo que a investigación en moitos destes incendios segue aberta. Pero é curioso, porque eses mesmos días é cando o —non sei como chamalo para non causar ningún problema, pero digamos que— «omnipresente ministro de Fomento» dixo naqueles días que lle ía pedir indemnizacións a Galicia polos incendios. ¿Recórdao? Nós pedimos explicacións sobre os incendios e seguen todas as investigacións. Pero, claro, cun ministro así é difícil entenderse, é moi difícil entenderse cun ministro que di estas cousas.

E dicía vostede que o temporal puxo en evidencia tamén deficiencias no transporte por estrada. Mire, eu intentei trasladar na miña primeira intervención que nós nunca cuestionamos que un servizo se poida interromper por razóns de seguridade, faltaría máis. Loxicamente, a continuación de dicir que se interrompe un servizo por razóns de seguridade haberá que explicar cales son esas razóns e o tempo que nos vai levar. E estou seguro de que non vai haber problema tampouco. O caso é que nestes últimos temporais e o que vostede di



que se puxo de manifesto foi totalmente o contrario. O que se puxo de manifesto foron dúas maneiras de actuar, señor Ojea: Renfe decidiu non poñer buses cando cancelou toda a comunicación con Vigo por tren. Nós falamos cos representantes de Renfe en Galicia e díxonos se podíamos firmar un papel no que dixésemos que era seguro circular pola AP-9. Dixeron que se estaba de coña... ¿Pero como imos firmar un papel de que é seguro circular? A AP-9 está aberta, están circulando coches, ¿que tontería é esa? Isto pediuno Renfe, señor Ojea. ¡Oia!, a AP-9 é titularidade do Estado aínda. Pídallo vostede ao delegado do Goberno, a tráfico, a quen sexa. Está circulando, está aberta a circulación, ¿como non vai ser posible? E a continuación di: «é que, como non temos prazas suficientes en autobús, decidimos non poñer ningún autobús». Pero, imos ver, este señor non é certo que nos está contando. Esta é a contestación.

Pero, é máis, isto foi porque nós chamamos e por que nos enteramos pola prensa. Non nos advirten de nada. Inmediatamente, puxémonos a traballar e fomos capaces de poñer entre o xoves e o domingo 4.126, me parece que son, as prazas, perdóeme se me equivoco nun par de ducias. Máis de 91 autobuses por carretera, pero sen previsión, sen previo aviso, senón que dunha maneira urxente. Houbo que ler nalgún medio de comunicación algún deputado socialista que lle botaba a culpa á Xunta e que fixese máis a Xunta. Pero, ¿está de broma isto? Isto é o día dos Santos Inocentes. É certo que o alcalde de Vigo lle dixo a Renfe que isto non podía ser. E ¿sabe que fixo Renfe? Nada, nada, señor Font. Non lle fixo nin caso. Aquí a única que respondeu foi a Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Algún pode dicir que había que poñer máis buses, pois ao mellor si, gustaríanos, pero non fomos capaces de poñer máis de 4.126 prazas. Agora ben, Renfe non puxo ningunha. Houbo algún deputado do Bloque que pedía a Renfe que reaccionase. Do PSOE, calaron todos; aí caladiños, non vaia ser que, se non, este, «o puto amo»... (*O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo Pouso fai un xesto que indica poñer fin.*) Con perdón, porque é como lle chaman os seus deputados, e se a algún lle molesta retíroo, pero os seus deputados do PSOE chámanlle así. Se non, retíroo, pero é como lle chaman os deputados do PSOE, o voceiro do grupo parlamentario do Congreso dos Deputados. Polo tanto, non creo que sexa ofensivo, digo eu.

Pero esa é a realidade, señor Ojea. Polo tanto, eu creo que reaccionamos e probablemente se podía reaccionar máis ou se podía poñer máis reforzo, sen dúbida. Nós fomos capaces de poñer eses reforzos coas empresas que tiñan eses contratos, pero Renfe non puxo ningún. Polo tanto, o que puxo de manifesto que en determinadas situacións uns responden aínda que non sexa competencia deles e outros miran para outro lado. Esa é a realidade.

Decía o señor López Font que non tiña tempo e el falou aquí de todo menos da comparecencia. Señor Font, despois da súa primeira intervención, non sei que opina da chegada do AVE a Lugo, que opina da chegada do AVE a Ferrol, que opina da saída das mercadorías dende Galicia para o resto de España. Non sei que opina do AVE ao Porto, porque nin o citou. Non sei que opina de cambiar o ancho internacional, primeiro entre Ourense e Santiago e, despois, no eixo Atlántico, porque non o citou. Non sei que opina de que o porto de Ferrol sexa porto nodal. Xa sei que Vigo, segundo vostede, dá igual que sexa nodal ou non, porque pode pedir igual subvencións. Iso díxoo vostede textualmente. E non dixo absolutamente nada de que Renfe non fixese nada e deixase a cidade máis grande de Galicia totalmente illada sen ningún tipo de servizo, aí tamén calou. (*Aplausos.*)



Iso si, dixo que o presidente Sánchez e o ministro Puente lle deron unha paliza a Feijóo. Eu non sei se se refire a que o ministro Puente, cando estivo no Senado, dixo que «vostedes me critican non porque o faga ben; é que o fago moi ben». Esa é a postura socialista, señor López Font, foi o propio ministro o que dixo que «me critican porque o fago moi ben». Eu iso nunca me atrevería a dicilo, de verdade, daríame vergonza allea. Estou seguro de que as cousas se fan bastante ben, que se poden facer moito mellor, sen dúbida, pero tamén estou seguro que nos esforzamos en facelas ben. Ás veces podemos errar, pero dende logo non veño aquí dicir que me critican vostedes porque o fago moi ben. Iso é propio dun ministro como o señor Ponte, que xa non vou utilizar de novo a expresión para non ofender a ningún; pero repito, é a expresión deles.

Di vostede que o transporte por carretera está peor que hai meses e dixo que ninguén utiliza o bus porque todo o mundo utiliza o tren. Pero, ¿vostede escoitouse? ¿Pero vostede escoitouse, señor Font? Mire, o ano pasado utilizaron o transporte por estrada de autobuses 39 millóns de pasaxeiros. ¡39 millóns de pasaxeiros! O escolar supón 10 millóns de viaxes ao ano; os de máis de 65 —que o ano pasado puxéronse unhas vantaxes gratuítas para os de máis de 65 dende xaneiro— foron 3,7 millóns de pasaxeiros. E deses que tamén para vostede pasan desapercibidos —debe ser porque vostedes non se acoplan a todos os beneficios que pode haber en Galicia co transporte—, da xente nova, hai 7,4 millóns de pasaxeiros o ano pasado. 39 millóns de pasaxeiros en Galicia, cunha poboación de 2,7, a min non me parece un dato tan malo. Repito: seguro que pode ser mellor, pero malo non é. Pero vostede chega aquí e di «o tren non o utiliza ninguén», e quédase tan ancho. Eu non sei realmente onde vive vostede. Sabe que lle teño aprecio, pero hai veces que parece un marciano. Moitos días parece un marciano, coas cousas que di, xa sei que ser... Dixo vostede noutro momento que eramos —téño apuntado, ía apuntando— «o comando de axentes de Feijóo». ¿Que quere que lle diga, que parecen os nove do patíbulo? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) ¿Que quere que lle diga, señor López Font?

Di vostede que o Goberno socialista inviste e que investía moito, e isto está relacionado tamén co que dicía o señor Ríos. Mire, para solucionar o *bypass* de Betanzos levamos anos —o estudo informativo eh, non a construción, o estudo informativo—. Leva o estudo informativo, a exposición pública e feitas unhas alegacións por veciños de Bergondo un montón de tempo. Diso depende a conexión entre A Coruña e Ferrol, porque no día de hoxe os trens teñen que virar, teñen que chegar, meterse nunha vía morta e dar marcha atrás. ¿Parécelle a vostede que iso é ter decisión e investir en Galicia? Evidentemente, claro que se inviste, faltaría máis, pero non se inviste o que se debería investir, e ese é un bo exemplo.

Dicía o señor Ríos que o papel do PP e do PSOE eran practicamente intercambiabes. Aquí o que non varía é o do Bloque, que, como dicía a señora Prado, aquí son moi duros, aquí berran moito, pero, cando hai que falar ou dirixirse aos seus socios, aí son mansiños, aí son mansiños. Si, si, si, si, son mansiños, demóstrano todos os plenos, señor Ríos. Aí son mansiños e non din absolutamente nada. Dicía vostede que falta inversión ferroviaria —por suposto— e acúsanos de que faltan propostas, que que imos facer. Bueno, pois eu creo que estamos facendo bastante. Primeiro, estamos poñendo de manifesto cales son as necesidades de Galicia nunha competencia que non é nosa. Estamos reclamando aos responsables desas competencias que fagan e que cumpran coa súa obriga. É máis, nalgún caso incluso nos



atrevenos a adiantar estudos informativos ou propostas técnicas para poder avanzar no traballo, como é o caso do transporte entre Ferrol e A Coruña, cun proxecto que —como dixen, e como dicía vostede— é de mínimos, pódese mellorar. Pero, con iso, xa faría atractiva a viaxe en tren dende Ferrol á Coruña, porque pasaría de estar en 80 minutos a estar no contorno de 45, cando no coche se fai en 35 e cando no bus se fai en 45. Pero é que no día de hoxe en tren faise nunha hora e vinte. Por iso, ese primeiro paso, ata iso levamos feito. E, ¿que van facer? Mandarillo ao Ministerio. Pasámosllelo a todos os grupos municipais —como sabe vostede—; pasámosllo á plataforma que se creou en Ferrol. Dixémoslle que estamos dispostos a dese estudo —dende logo, nós pagámolo, pero pode ser de todos— non saber nada; que o dirixa a plataforma, que o dirixa o Bloque, que o dirixa o Partido Socialista, dános igual, e a que cambien o que consideren oportuno. Mandámosllo ao Ministerio e pedimos unha reunión co Ministerio para poder falar disto e ¿sabe que nos contestaron? Nada, é que non contesta. Pediulle o alcalde de Ferrol unha reunión ao ministro Puente, ao Secretario de Estado, para ir cos voceiros dos grupos municipais. ¿Sabe cal foi a resposta? Nada, nada, porque non fan absolutamente caso. Pero non nos diga que os que non facemos nada somos nós. Pero, ¿como nos di iso?

Empezaba a falar da conexión con Portugal, e di vostede que nós non temos o apoio porque Ayuso pedía iso. Mire, iso é falso, é falso. Nestes fondos da Unión Europea vostede sabe —e se non coméntollo eu— que a prioridade da Unión Europea é que estean conectadas todas as capitais europeas; é unha imposición da Unión Europea. Foi o propio primeiro ministro portugués no último Cumio Ibérico, cando o ministro Puente dicía que primeiro tiña que ser conectado Madrid con Lisboa, o que dixo: «Por suposto que teñen que estar conectados, pero para nós a prioridade é conectar con España a través de Vigo». Ten a súa razón, porque de Lisboa cara arriba é onde se centra toda a acción en Portugal. Nós non estamos en contra de que se conecte Madrid con Lisboa, ¿como imos estar en contra? Non temos ningún tipo de problemas. O que queremos é que o Goberno de España non priorice a conexión con Madrid e deixe a conexión con Vigo, que é distinto, é distinto. Nós queremos que a conexión con Vigo forme parte da prioridade do Goberno de España, e no día de hoxe non o é. Son os seus socios, señor Ríos, son os seus socios, non son meus. Con nós non queren nada, nós con eles tampouco. Pero vostedes con eles téñeno todo, sen eles non teñen nada. Sen eles, vostedes non teñen nada. Por tanto, teñen capacidade para influír neses socios, pero vostedes non cren.

E criticábame que no Goberno de Mariano Rajoy, cando se fixo isto o único que se fixo foi potenciar o Tren Celta. Mire, xa estou farto de que sempre se utilicen ese tipo de argumentos, porque é unha media verdade pero bastante mal intencionada, señor Ríos. Cando Rajoy se fai cargo do Goberno de España a principal preocupación era que non viñesen aqueles *hombres de negro* de Europa, ¿acórdase vostede? E dicían, entre outros vostedes, e sobre todo o Partido Socialista, que España ía ser intervida, que ían vir eses homes de negro, como pasou en Italia e como pasou en Portugal, ían chegar ao Goberno e dicirlle exactamente o que podían facer e o que non podían facer. Iso pasou nalgúns países, pero en España o presidente Rajoy e todo o seu Goberno empeñouse en que non fose intervida, porque considerabamos que as decisións de España as tiña que tomar España e non uns homes de negro que viñan de Bruxelas. (*Aplausos.*) Para iso houbo que tomar moitas decisións; nun contexto, señor Ríos, que non sei se vostede lembrará, nun contexto no que houbo que facer moitos axustes, no que houbo que



emendar gran parte da política económica que fixo o Goberno de Zapatero, na que houbo que reducir o déficit, porque se non intervínannos, e na que se tomaron determinadas decisións. E o que é lóxico é que non vas potenciar o AVE entre Santiago ou entre Vigo e o Porto cando en Lisboa o país veciño estaba intervido, señor Ríos. Estaba intervido Portugal, igual que se interveu Italia. Pero claro, se vostede cre que naquel momento había que potenciar o AVE para chegar ao Miño e alí esperar vinte anos a que Portugal saíse da crise e poder facer isto, estamos apañados. Pero é que ademais hai outra razón fundamental: aquel momento do que estamos falando era un momento de crise económica para todos, para todos; e para España máis que nunca, porque había que emendar todo o que fixo o Goberno de Zapatero. Pero é que agora a situación é totalmente a contraria, porque agora Europa non é que mande homes de negro; agora Europa despois da crise dixo: oia, Europa ten que endebedarse por primeira vez e imos poñer á disposición dos países uns fondos europeos para que desenvolvan o tren nos seus países. Nunca antes houbo eses fondos, nunca antes había os fondos de conectar Europa, nunca. E agora hai unha pila de miles de millóns de euros á disposición de todos os países. O que se lles dixo aos países é: «¿onde os queredes investir?» De aí o plan director. E, ¿que fai o Goberno de España, que nós criticamos? Que inviste todo no Mediterráneo. E a min non me parece mal que invista no Mediterráneo, sempre e cando non vaia á conta do que non se inviste en Galicia. *(Aplausos.)* Pero non se preocupe, porque, se falamos do Tren Celta, o Tren Celta está á altura do Feve, señor Ríos, está á altura do Feve. É máis, o Tren Celta estivo semanas parado porque o alugueiro das locomotoras xa cumprira todas as horas. ¿E que fixo o Goberno? Nada. Tampouco escoitei o Bloque protestar moito e queixarse dos seus socios. Non, non o escoitei, señor Ríos, non o escoitei —ao mellor son eu, que terei cambiado isto—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por iso nós falamos dese maltrato a Galicia, que dicía vostede. Porque neste momento único na historia europea no que Europa se endebeda e pon máis fondos que nunca á disposición dos estados, o Estado ten a capacidade de investir eses fondos, e en España o Goberno de Sánchez invístelos naqueles sitios onde ten algún interese electoral para durmir un día máis na Moncloa, que é o único que lle preocupa. E, se aínda encima á fronte dese Ministerio ten un ministro que considera que o fai «ben non, que o fai moi ben», que é o mellor de todos E que lle dedica máis horas a estar no *Twitter* que atender o Ministerio... E fíxese que xa non utilizamos os señores anteriores; non teño necesidade de falar de Ábalos, de Koldo e de todo iso, non, eses xa os quito, pero eran responsables disto, eh, señor Font. *(Aplausos.)* Eses xa non falo deles, xa non falo deles.

E dicía vostede que estaba de acordo con ese estudo de trazado inicial, pero que «hai que ir máis aló». ¿A onde quere ir? ¿A onde? Eu quero ir a Madrid e que nos expliquen aos galegos, ao Goberno, aos grupos que están na oposición, ao alcalde e aos grupos municipais que parte diso non comparten. ¿Como se pode mellorar? *(Murmurios.)* Pois, se se pode mellorar, nós estamos a favor. Comprometémonos agora mesmo neste Parlamento a que, se se mellora ese estudo, nós estamos a favor. Agora, ¿que quere, que poñamos cartos? Ah, non, vale, eu tampouco, ben, alégrame. Pero loxicamente estamos exixíndoo. Di: hai que ir máis aló; estamosllo exixindo. E volven sempre coa matraca: «non, o importante é asumir as competencias» ¡Non!, o importante é que se modernice. Se se moderniza, despois falamos de asumir competencias, pero loxicamente hai que investir e quen ten que levar a cabo ese investimento é o Ministerio, que é o mesmo que lle explicamos a esta plataforma que había



en Ferrol. Alégrome de que coincidamos. O primeiro que hai que facer é poñer o Feve en funcionamento e, para poñer o Feve en funcionamento, hai que investir nas vías, hai que investir en todos os taludes, hai que investir na maquinaria, hai que investir en todo... Ten que haber revisores, que non hai un revisor, e non pode ser que en Asturias viaxen gratis pero en Galicia se lles cobre aos usuarios. Oia, ¿por que? ¿Por que? ¿Sabe por que? Porque nun momento determinado se compraron unhas locomotoras e cando ían ser subministradas déronse conta de que polos túneles do Feve non pasaban. Fora noticia en todos os periódicos. E, para non poñerse colorados ou para calar un pouco a poboación en Asturias e en Cantabria, decidiron que nesas dúas comunidades os usuarios xa non ían pagar, porque así xa non se rían do Ministerio por comprar locomotoras que non pasaban polos túneles. Pero en Galicia, non, en Galicia que sigamos pagando —cando temos oportunidade, eh, porque vostede sabe que non funciona case nunca—. Entón, claro que queremos que se fagan os investimentos necesarios e que se converta nun cercanías. É que levamos escoitando que vai haber cercanías en Galicia dende hai tempo e cada vez que hai un problema utilizan a táctica que fai Sánchez. Onte anunciábanos que hoxe se ían desclasificar papeis do Golpe de Estado. Supoño que os historiadores estarán encantados. E iso é unha prioridade para todos os que estamos aquí, para todos os que nos están escoitando aí arriba e, sobre todo, para toda a xente que está fóra, a que está facendo a súa vida... É fundamental... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ves como é fundamental. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.) (Murmurios.)*

Entón, en vez diso, ¿que é o que lle pedimos nós? Oia, ¿están falando de cercanías? O primeiro que... Vamos, xa non é o primeiro, eliminamos o primeiro. Deberían falar coa Xunta de Galicia, avanzarnos algo, a ver de que maneira podíamos colaborar. Non o fan. Anunciaron un billete único para os medios de transporte nacionais. Non sabemos nada, non sabemos nada, señor Ríos. Pedimos explicacións nas comisións sectoriais: como se vai articular, como vai ser. Non sabemos nada. Iso si, saen os do exército este, os do patíbulo, dicir que a Xunta ten que facer o mesmo... ¡Pero se en Galicia a xente nova de menos de 21 e os maiores de 65 viaxan gratis! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Aplausos.)* Non hai un bono; viaxan gratis. Oia, ¿pódese mellorar? Seguro. Dícímolo sempre: ¿pódese mellorar? Pois seguro, pero home, polo menos non nos traten como tontos. E estes son o Partido Socialista, co beneplácito do Bloque. Si, a vostede dálle igual. Bueno, pois xa o veremos, isto é o que pasa.

E remato. Di vostede: ¿que lle dixeron en Bruxelas? Mira, nós a Bruxelas fomos primeiro a que sexan conscientes de cal é a situación, porque o que lle traslada o comisionado do corredor Atlántico de España, o señor Sebastián, non é certo. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pedímoslle ao señor Bausch e invitámolo a que viñese a Galicia, e eu espero que ao longo do ano 2026 poida vir a Galicia e comprobar *in situ* cales son as necesidades de Galicia. Ese criterio que en Europa manda tanto, ou ese sentimento de que se leva investido durante moitos anos en moitas infraestruturas e ao final non se lles quita o rendemento que tiñan que ter, é evidente. Agora está pasando co porto de Ferrol e co porto de Vigo. En Ferrol, no porto exterior, investíronse centos de millóns de financiamento europeo e 48 millóns no acceso ferroviario ao porto exterior. ¡O que non ten sentido é que, despois de facer todo iso, lle cortemos a conexión cos trens á saída do porto e que agora non poidan saír! Oia: ¿non será de recibo que a vía de mercancías do tren que sae de Ferrol estea operativa canto antes? ¿Non será necesario que sexa un porto nodal? *(Pausa.)* Claro, pero o



PSOE mira para outro lado. Isto explicámosllo ao comisionado e, cando lle explicas estas cousas, di: ¡carai, pois merece a pena velo! Iso é o que queremos.

Fomos pedir información acerca dalgúns dos investimentos que existen porque nós non a coñecemos. Estou seguro de que vostede tampouco comparte comigo que ese plan director que circula por aí é un cachondeo, ¡pero iso é un plan director, eh! Non é unha documentación que estea sometida a un contrato, señor Ríos, non se equivoque. Este é un plan director. ¡Que xa non vexamos un plan director..., manda truco!

¿Dime vostede se o alcalde portugués me deu o Plan director? Home, o alcalde portugués... (Risos.) O Plan director é do Goberno de España. Se o chega a ter o alcalde do Porto e nós non, xúrolle que, (O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo Pouso, fala entre risos.) entón, faciamos unha manifestación tremenda. (Aplausos.) Sería o cumio do despropósito. ¡O cumio do despropósito! Non o temos, e levamos anos pedíndoo: ¡un plan director! Non se trata dos papeis do golpe de Estado. (Pausa.) ¡Non, non! Trátase dun plan director onde aparecen as liñas de ferrocarril que son prioritarias para o Goberno e para Europa para os próximos anos. Como saben vostedes, isto é un segredo que, por parte do Goberno de Sánchez, é dos mellor gardados, porque non nolo dan.

¿Que fai o PSOE de Galicia mentres tanto? Aplaudir, que é o que sabe facer; aplaudir todas e cada unha das ocorrencias dese señor que se considera non sei canto e a quen o único que lle interesa é durmir un día máis na Moncloa.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Imos coa apertura de réplica.

O voceiro do Grupo Mixto renuncia á súa intervención.

Damos paso ao voceiro do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

Mentres se incorpora, damos a benvida e saudamos os alumnos e as alumnas de formación profesional do IES Pedra da Auga, de Ponteareas. Benvidos ao Parlamento.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Tamén lles dou saúdos aos alumnos que nos acompañan.

O resumo desta comparecencia é unha lección de vitimismo. Son os esforzos do conselleiro por facer oposición aos socialistas e tamén é a conclusión de que é incapaz de ser efectivo como goberno.

Señora Prado, ata na xestión dos accidentes hai diferenzas entre os socialistas e o PP. ¿Vostede lembra como xestionaron Rajoy e Ana Pastor, e Feijóo aquí en Santiago, o accidente de



Angrois? (*Murmurios.*) ¿Vostede lembra o accidente Yak-42 e como se trataron as familias? ¿Vostede lembra todo iso? (*Aplausos.*) ¡Non houbo ningunha explicación e ningunha atención! O ministro Puente, efectivamente, compareceu durante doce horas. ¿Saben unha cousa? Feijóo fixo o ridículo. A vostede, que é unha política de Instagram, convídoa a ver o vídeo e a cara que poñía (*Risos*). ¡Convídoa a ver ese vídeo! Falaba o conselleiro do «puto amo». O «puto amo» o que non ten son amigos narcotraficantes. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pregúntame, señor conselleiro, polas miñas opinións sobre a situación do ferrocarril en Galicia. Non vou dar opinións; vou dar datos, as omisións que vostede fai.

O AVE chegou a Galicia co Goberno de Pedro Sánchez e púxose en servizo o AVE entre A Coruña e Madrid e entre Vigo e Madrid. En canto á modernización da rede ferroviaria —fálolle de boletíns oficiais—, son 650 millóns de electrificacións na liña Lugo-Ourense, 265 millóns na liña Vigo-Ourense, 125 na variante de Ourense, 93 na modernización do tramo Ferrol-Ribadeo-Cudillero, e temos o túnel do Oural recentemente.

Sobre as intermodais, o Goberno puxo en marcha, ao mesmo tempo, a construción das estacións intermodais das grandes cidades, con 270 millóns: Ourense, 119; A Coruña, 76; Santiago de Compostela, 30; Vigo, 24,5; e Lugo, 21,6. Xa lle dicía anteriormente da estación de buses de Ferrol.

Canto ao Corredor Atlántico, vostede estivo nunha reunión hai un ano, e permítese aquí permanentemente intentar ridiculizar un plan. Di que é un PowerPoint. Non, non é un PowerPoint; é un plan auténtico que ten o Goberno de España por 3.123 millóns en proxectos ferroviarios, o que supón un incremento do 171 por cento respecto ao ano 2018, cando gobernaba Rajoy.

Por falta de tempo, falo do ferrocarril en Portos do Estado. ¡Pero se o Goberno está investindo 705 millóns de euros nos portos de Galicia! Están os accesos ferroviarios aos portos exteriores de Ferrol e A Coruña, cun investimento conxunto de 270 millóns; os portos de Ferrol e A Coruña, con 31 millóns, e o apartadoiro ferroviario da plataforma loxística en Salvaterra de Miño-As Neves, que permitirá ao porto de Vigo ter unha terminal con vía de mercadorías adaptada ao transporte ferroviario, 31 millóns. Presumía vostede do porto de Vigo (*Risos*.) e do coche por 15 millóns. Vostedes non apoiaron a Stellantis na demanda da moi alta tensión, señor Calvo, ¡non a apoiaron!

Falemos dos estudos en marcha: redacción e estudo informativo da saída sur de Vigo. Claro, para vostede os compromisos do Goberno portugués son un acto de fe e o que di o Goberno español non vale. Tamén o hai en proximidades ou cercanías —o estudo terao vostede—, como ben sabe, para catro áreas: Vigo, A Coruña, o eixo atlántico e o interior.

Sobre a contratación, está o estudo e a redacción da viabilidade para mellorar a conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago de Compostela. ¡Fala do AVE a Lugo! ¡Desde logo, ten valor vostede! Revise a hemeroteca, porque eu non teño tempo, para que vexa que quen negou a alta velocidade a Lugo foi Mariano Rajoy. (*Aplausos.*)



En situación ferroviaria, a política e a implantación de descontos nas viaxes de tren por parte do Goberno permitiu que houbera aumentos do 97 e do 85 por cento na Coruña e en Santiago, e en Vigo e Vilagarcía...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor López.

CARLOS LÓPEZ FONT: ...do 61 e do 46 por cento. Conclúo: este ano, o Ministerio de Transportes puxo en marcha o abono único, cunha tarifa accesible de 60 euros ao mes e de 30 euros para mozos de ata 26 anos.

Os socialistas somos exixentes, non calamos e queremos que os compromisos que ten o Goberno de España con Galicia se cumpran. Polo tanto, espero que a próxima comparecencia súa, señor conselleiro, sexa sobre aquilo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor López.

CARLOS LÓPEZ FONT: ...que lle compete —remato—, sobre as súas competencias, e que poida contarnos o que fai e non facer de relator do que fan os demais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Imos coa réplica do señor Santomé.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señora presidenta.

Quero saudar tamén os alumnos e as alumnas de Ponteareas.

Señor conselleiro.

Antes de nada, señora Prado, representa vostede o peor da política actual, ¡o peor! *(Aplausos.)* Contribúe vostede á antipolítica, ao noxo que a xente lle ten á acción política, que debería ser para chegar a acordos; non para vir aquí insultar. Ademais, faino sen ningún tipo de exercicio de atención mínima. Vostede vén aquí, acende o ventilador —e o que segue— e a quen lle caía, caeulle. ¡Representa vostede o peoríño de todo! Vive vostede nunha realidade paralela chea de pozas de lama na que lle encanta rebozarse e na que lle encanta chapotear. *(Aplausos.)* ¡Non me vai coller aí, señora Prado! A min e ao BNG non nos vai coller aí. Siga vostede por esa liña. Cada vez que abre a boca, escandaliza máis a sociedade galega; cada vez que abre a boca vostede, o PP perde máis votos. Siga por esa liña...

Señor conselleiro, unha vez máis, son moitos os temas para poder sacalos en cinco minutos. Tentarei non quitarlle máis tempo á resposta cara a vostede. Temos un problema, señor conselleiro. Efectivamente, eu estou moi de acordo no que vostede di en moitos dos casos; na miña primeira intervención tamén llo dixen. Practicamente, non diferimos en nada, pero temos varias cuestións.



No tema de Ferrol e da conexión Ferrol-A Coruña, por un lado, xa cando gobernaba Rajoy, a miña compañeira aquí presente tamén, Rosana Pérez, demandou en moitas ocasións o *bypass* de Betanzos, jen moitísimas ocasións! O BNG é a forza política que máis fala do ferrocarril en Galiza, aquí e no Estado: sexa no Senado, sexa no Congreso ou sexa aquí. Polo tanto, señor Calvo, aí non nos vai coller. Ademais, nós, no caso de Ferrol, dende o BNG, non queremos dirixir absolutamente nada. Nós estamos coa sociedade e tamén chegando a acordos con vostedes cando é necesario para que Ferrol teña a conexión ferroviaria que merece, sen ningún tipo de problema. Nós non queremos dirixir, como dixo vostede. Vostedes tam pouco queren (*Risos.*) pero nós, loxicamente, tampouco.

¿Que fai o BNG? Claro, vostede o que me di é que fan queixas e reclamacións ante diferentes estamentos. Fóra de poder pagar un estudo de viabilidade e de necesidades —o BNG non ten a capacidade que ten a Xunta para facelo—, vostedes fan o mesmo que o BNG: reclamar alí onde podemos e queixarnos alí onde podemos. Porén, eu agardo do meu goberno, do Goberno galego, que sexa máis proactivo. Eu lémbrolle, por exemplo —faláballe antes diso—, o acordo ao que chegara Rajoy en marzo do 2017. O investimento de 4.000 millóns de euros para Cataluña foi a raíz —iso dicía a prensa do momento— de que a Generalitat ameazase con levar Adif ao contencioso por incumprimentos nos investimentos que tiña pactados coa Generalitat.

¡É unha vía que se lle abre, señor conselleiro! ¿Por que, se somos tan conscientes do agravio brutal ao noso país, da falta de investimentos e de que, nunha palabra, se están rindo de nós, non levamos isto ata as últimas consecuencias? ¿Por que non pasamos das queixas á acción e á actividade? Iso é porque o problema, señor conselleiro, é que cando vostedes gobernan en Madrid fan exactamente o mesmo; entón, é moi complicado abrir ese tipo de vías. Vostedes están aguantando, queixándose e tal, a ver se collen o goberno de volta e volvemos durmir esta cuestión.

Dígoo porque xa o vimos: vostede alegaba unha crise económica, efectivamente, no seu momento, sobre todo cando Rajoy inicia o seu goberno no ano 2011, pero tivo anos para poder facer as cousas. Non é que non invetsen ou que recortaren en investimento; é que centraron todo o seu investimento nas conexións centralistas radiais de Madrid e no Corredor Mediterráneo. Non quixeron saber nada da vertebración de Galiza vía servizos ferroviarios nin de sentar as bases para unha futura conexión con Portugal. Vostedes, no Goberno de Rajoy, fixeron todo o posible por seguir investindo nas conexións dende e para Madrid e no Corredor Mediterráneo. ¡É así! Vostedes non invetsiron máis que ningún outro goberno —nin que o Goberno de Pedro Sánchez, tampouco— no Corredor Atlántico. Non se equivoque, non é unha defensa do Goberno de Pedro Sánchez. Como lle dixer, estamos de acordo en que existe un infrafinanciamento e, sobre todo, en que o que se acorda e o que se promete tampouco se cumpre. Xa as promesas son baixas —¡xa as promesas son baixas!— e, aínda por riba, a execución real da que estamos falando aínda é máis baixa, pero é que con vostedes era exactamente igual. Ese é o problema que eu lle atopo á súa comparecencia, señor Calvo. Podemos estar de acordo en moitas cuestións, pero —non é unha premonición do BNG nin miña— é que vostedes demostraron en varias ocasións, tanto co Goberno de Aznar como co Goberno de Rajoy, que vostedes son da mesma confianza que o Partido Socialista neste tema, que é ningunha. Porque, se falamos da conexión con Portugal do Corredor Atlántico, xa é algo que



está sobrevoando desde o ano 1999, xa é unha necesidade que vén sobrevoando desde o ano 1999, cando aínda nin a conexión ferroviaria do Eixe Atlántico estaba configurada como está agora. E tivemos que esperar do 1999 ao 2015 para o Eixe Atlántico...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: ...e mire até onde imos esperar para a conexión con Portugal e para a vertebración do resto do país.

Remato, presidenta. Estamos de acordo —é que non podía ser doutra forma—: quen ten que poñer os cartos e quen ten que poñer investimentos, porque iso é a súa competencia, é o Estado; na modernización non só dos anchos de vía, senón na electrificación dos propios vehículos, e en moitas cousas. Ten que poñer os cartos o Estado, aí non nos vai coller; sabemos perfectamente quen os ten que poñer. E, unha vez os poñan, a competencia nisto ten que ser nosa. Temos que ser nós —como lle dicía antes— quen gobernemos, quen controlemos as nosas infraestruturas fundamentais para a nosa vertebración nacional, polo ben de todos e de todas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Font, efectivamente, o señor Puente despois do accidente fixo un plan. ¿Un plan de que? Un plan de medios, un plan de comunicación. Percorreu todas as televisións, todas as radios, todos os *platós*, ¿para que? ¿Para darlles algún tipo de información ás familias? Non, para gañar o relato, que é o único que lle preocupa ao Partido Socialista: gañar o relato de que o accidente non foi a culpa do Goberno de Pedro Sánchez, (*Aplausos.*) e intentar atopar un culpable do accidente que non fose do Partido Socialista. E claro que hai diferenza de como xestiona o Partido Popular un grave accidente a como o xestionaron vostedes. ¿Como o xestionaron vostedes? Ocultando probas, señor Font, ocultándolle probas á Xustiza para determinar como foi o accidente. Señor Font, hoxe tiña vostede que subir aquí e condenar esa ocultación de probas por parte de Adif dirixida polo Ministerio de Transportes, polo señor Óscar Puente. Iso era ao que tiña que vir vostede hoxe aquí. (*Aplausos.*)

Mire, dende que chegou Sánchez ao Goberno, o gasto real en mantemento por pasaxeiro de AVE reduciuse nun 40 por cento, o que provoca centenaes de limitacións de velocidade dos trens e todo tipo de incidencias. Os cidadáns pagan cada vez máis impostos e reciben peores servizos públicos, señor Font. ¿Como explica iso? Mire, entre o 2012 e o 2017, o investimento alcanzou 1.970 millóns de euros de media, e entre o 2018 e o 2025, 1.642 millóns de euros, un 16 por cento menos que co Goberno de Rajoy, señor Font e señor Ríos; e isto nun contexto actual no que, coa liberalización, se disparou o número de trens que circulan polas vías. Pero iso vostedes non o contan. E tampouco contan que a ministra Ana Pastor atopou 40.000 mi-



llóns de euros de burato só no Ministerio de Fomento daquel marabilloso goberno do señor Zapatero que vostedes tamén apoiaban, señor Ríos, que vostedes tamén apoiaban. *(Aplausos.)*

E, mire, ¿sabe quen son os peores da política, señor Ríos? Aqueles que non respectan a democracia, aqueles que non son capaces... Rían, que lles fai moita graza; rían, porque forman parte desa basura nocturna que se adica a vandalizar as sedes do Partido Popular. *(Aplausos.)* Porque, se non, vostedes tiveron a oportunidade de condenar eses ataques ás sedes dun partido democrático, e non o condenaron; ¡votaron «non»! *(Aplausos.)* E hoxe teñen enriba da mesa unha declaración institucional tamén para condenar a vandalización do retrato do busto de Manuel Fraga, que foi presidente da Xunta de Galicia elixido democraticamente polos galegos e galegas durante máis de quince anos, pero que, ademais, foi un dos pais da Constitución. Si, desa que non lles gusta, da que non lles gusta... *(Murmurios.)* Non, na outra etapa intentou ser aperturista... *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non me falen vostedes doutras etapas!, ¡do comunismo da UPG, que ten máis de 100 millóns de mortes nas costas! *(Aplausos.)* *(A bancada do Bloque Nacionalista Galego ri.)* ¡Os comunistas! ¡Veñen dar leccións de democracia os comunistas!, *(Aplausos.)* os que teñen nos seus estatutos que o seu ideario se basea na ideoloxía de Lenin; *(Aplausos.)* vostedes, os herdeiros de Lenin. Está escrito nos estatutos da UPG, no artigo 3 —léano—, no artigo 3. *(Murmurios.)* Si, ríanse, pero é que está... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro que si! Vostedes... *(Murmurios.)* ¡Non! Pero, claro, é que..., mire, os estatutos do Partido Popular... *(Murmurios.)* Mire, o Partido Popular nace no ano 1986, nace na democracia, señorías, e temos uns estatutos absolutamente democráticos. E nós non poñemos nos estatutos que os nosos principios están nin no franquismo nin non nazismo, pero vostedes están no leninismo. ¡100 millóns de mortos asasinados co comunismo! *(Aplausos.)* Esa é a súa historia, señoría. *(Aplausos.)*

Mire, non lle gusta que lle diga que vostedes son os cómplices do pacto guarro. Non lle gusta, por iso di que enlamo. Eu non enlamo; enlaman vostedes cando apoian a lei do só si é si, que puxo máis de mil agresores sexuais na rúa. Claro que enlaman, señoría. Forman parte e apoian un Goberno de España que, agora, a semana pasada, cando se descubriu que o DAO violara unha subordinada, en lugar de cesalo fulminantemente, lle deu unha opción de que dimitise. Señorías, iso vai sobre as súas espaldas. E hoxe coñecemos que a concelleira de Igualdade do señor Tomé dimite. ¿Para que? Para que entre o fillo do señor Tomé. ¡Unha saga de feministas no Partido Socialista de Lugo e no Partido Socialista de Monforte! *(Aplausos.)* E aí segue, cogobernando con vostedes na Deputación de Lugo. *(Aplausos.)* Iso, señorías, é moi feminista. *(Aplausos.)*

E, claro, eu enlamo cando conto estas cousas, porque non lles gusta oílas, non lles gusta oír o feminismo real —non o feminismo virtual, esa realidade virtual feminista na que vostedes viven—, porque o feminismo real que vostedes practican é o do pacto guarro da Deputación de Lugo, é o dos agresores na rúa, é o do DAO do Goberno que vostedes apoian, o dos ministros puteros, o das saunas... *(Murmurios.)* Si, claro, é que todo iso non lles gusta, pero vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Home, claro, é que contrataron prostitutas para as empresas públicas, señora Castro. ¡Parécelle mal, pero é unha realidade! *(Aplausos.)* E que están nos xulgados as prostitutas contando como estaban contratadas en empresas públicas polo ministro. *(Aplausos.)* ¡Si, o señor Ábalos era un ministro putero...!



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...Non pasa nada, señora Castro, non pasa nada. (*Murmurios.*) Se o quere defender vostede, pida a palabra... (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...e defenda o señor Ábalos, (*Murmurios.*) porque é moi defendible no novo feminismo do Partido Socialista.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: Menos mal que aínda quedan mulleres con dignidade no Partido Socialista. E hoxe a dimisión da concelleira de Igualdade do Concello de Monforte demostra que aínda hai mulleres feministas con dignidade no Partido Socialista e na esquerda, á diferenza dos nacionalistas independentistas e de vostedes, que seguen formando parte dese pacto guarro na Deputación de Lugo. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PAULA PRADO DEL RÍO: Sigán así. E isto non é enlamar; é relatar a realidade política deste país. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Dúplica. Señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señor Ríos, eu non sei cal é o interese do Bloque. Bueno, si que o sei, pero vostedes cando teñen que reclamar ao Partido Socialista son moi coidadiños, moi coidadiños... (*Murmurios.*) Non sei, procuran non molestar o Partido Socialista. Chegan aquí e falan: si, isto está mal, hai que reclamarllo ao señor Sánchez, igual que ao señor Rajoy, e tal, pero nada máis; caladiños, e non fan nada máis. Non fan nada máis —eu xa llelo digo sempre— porque vostedes dependen deste grupo —que agora son nove— e dos representantes deles nos concellos e nas deputacións. Sen eles, vostedes non terían nada. Ese é o motivo polo cal sempre falan coa boca pequena cando teñen que mirar para Madrid, é ese. (*Aplausos.*) E ese é o motivo que lle resta credibilidade, señor Ríos. Claro que lle resta credibilidade, porque hai unha liña que vostedes non pasan nunca. E nós levamos anos... Eu xa me acordo de Paco Rodríguez presentando emendas para o ferrocarril en Ferrol. ¡Imaxínense onde vai Paco Rodríguez no Congreso! ¿E sabe cal foi o resultado daquela? (*O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo Pouso, fai o xesto dun cero xuntando os seus dedos polgar e índice.*) Pero, ¿sabe que? Séguenlle aplaudindo ao Partido Socialista. (*Murmurios.*) Non, non; escoiten. Agora tócame a min, por favor. (*Pausa.*) ¿Sabe cal foi o resultado de todo? (*Murmurios.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Prego un pouco de silencio. Se non, non remataremos nunca esta comparecencia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Teñen que respectar o turno da palabra; iso ben o saben os uns e os outros.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ¡É nomear a Paco Rodríguez, da UPG, e como se alporizan todos, eh! (*Aplausos.*) (*Risos.*) ¡Todos! (*Aplausos.*) Xa se identificaron claramente.

Non estaba falando mal en ningún caso do deputado. Estaba a dicir que os resultados dende aquela —e mira onde vai iso que dixen— son cero, e, sen embargo, seguen apoiando aqueles cos que conseguen vostedes un resultado cero. Por iso, non teñen esa credibilidade, señor Ríos. Di: ¡estamos de acordo con todo o que di, pero vostedes non investiron! Eu xa llo expliquei: non son iguais as circunstancias, vostede debería sabelo. Si que o sabe; o que pasa é que fai oídos xordos e arrima a ascua como pode á súa causa, pero sabe que a situación non é a mesma.

Señor Font, ¿que quere que lle diga? Os amigos do señor Sánchez son mellores, diso non se preocupe. E seguramente teremos moitas noticias nos vindeiros meses ou anos —sabe *dios*— dos seus secretarios varios de organización, do Ministerio de Fomento e das obras de Renfe e de Adif. Teremos moitas noticias dese asunto, pero eu non traio iso aquí hoxe nin lle falei diso nas miñas comparecencias; en ningunha das intervencións.

Di vostede que o AVE chegou co PSOE. Claro, do AVE non había nada feito e foi Sánchez quen o trouxo. Eses son os argumentos que normalmente a xente desbota, porque, efectivamente, en que o AVE chegase a Galicia participaron moitos gobernos e cada un fixo o seu. Efectivamente, hai que xulgar como o fixo cada un dentro das posibilidades que tiña, e non ten nada que ver a etapa de Rajoy coa etapa de Pedro Sánchez, nada; presupostariamente falando, nada —e vostede sábeo—. E, aínda así, hai que ver.

E di que eu veño ridiculizar un plan que ten o Goberno de tres mil cento e pico millóns de euros..., que hai un plan que é do Goberno, que está aí e que o imos ver. ¡A ver cando! ¡Se é o que levamos pedindo dous anos e non nolo dan! Por algo será. E di vostede que é de tres mil e pico millóns. Claro, pero o presidente socialista de Asturias, o señor Barbón; o presidente do PP de Castela e León, e tamén o de Galicia establecían entre eles e nos seus estudos que o investimento necesario para o Corredor Atlántico é de 8.000 millóns de euros. Aí están os problemas. E, nas sucesivas convocatorias que houbo dende aquel momento a fondos europeos, o Ministerio non presentou ningunha obra do Corredor Atlántico. Ese é o problema, señor Font.

E dime vostede: non, é que levan investido non sei onde tantos millóns e no acceso ferroviario aos portos da Coruña e de Ferrol... ¡Claro!, o de Ferrol pagábao a Autoridade Portuaria. Agora inxéctanse 48 millóns de fondos europeos, o cal alivia as contas da Autoridade Portuaria de Ferrol —alégrome—, pero o problema é onde está o resto, señor Font. O problema é a comparación, porque non é que se invista máis ou menos. ¿Invístese máis ou menos comparado con que e en que circunstancias? Cando hai un fondo extraordinario de Europa para poder investir no tren. E vostede aí segue facendo dese exército de non sei que falaba ao principio.



Din que falei aquí de todo, que falei de Stellantis e que nunca apoiamos a moi alta tensión para Stellantis. Pero vostede, ¿onde cre que esta? ¿Vostede cre que pode vir a este Parlamento dicir esas burradas e irse tan a gusto? Repase toda a hemeroteca e repase todas as propostas, señor Font; (*Aplausos.*) repase. Isto non é o Concello de Vigo, señor Font. Repase un pouco e enterese. Entérese, porque evitaría que vostede faga o ridículo. Como sabe que lle teño aprecio, non quero que faga o ridículo aquí. (*Aplausos.*) Por iso llo digo; non llo digo por outro....

Di vostede que teremos eses estudos de proximidade que está facendo o Goberno, e relatounos... Eu estou de acordo, pero, ¿a vostede parécelle razoable que neses estudos participase dalgunha maneira —porque loxicamente ten relación co transporte de viaxeiros por estrada— a Xunta de Galicia facendo achegas na súa competencia, ¿si ou non? ¿Parécelle razoable? Eu supoño que si. Xa que vai facer un tren de proximidade, segundo parece, en varias zonas de Galicia, ¡joia!, pois falemos con Galicia. ¿A vostede que lle parecería que a Xunta de Galicia fose facer un plan de transporte dentro da cidade de Vigo e non lle dixésemos nada ao Concello de Vigo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, imaxínese; imaxínese a que se armaba. Pois iso é o que está facendo o seu partido en Galicia, e o peor é que ten xente que vén aquí defender iso, que é vostede e son os seus, que veñen aquí defender iso. Pois, ¿que quere que lle diga? ¿Que teremos os estudos? Bueno, xa veremos.

¡E vén defender o abono único! Eu xa lle expliquei que, sobre o abono único de transportes, Galicia non ten ningunha información. Preguntámoslle ao Ministerio como se vai articular, porque ese abono único para as liñas nacionais ten que ser compatible coas empresas que fan o transporte interurbano en Galicia. Entón, preguntámoslles como imos facelo compatible, cal é a tecnoloxía que van utilizar, como se van ler eses abonos. ¿Significa que entón os rapaces de Galicia, que pagan cero euros...? Vostede di que hai un abono único para os rapaces de 30 euros. En Galicia, non pagan. Hai moitas preguntas, e, ¿sabe vostede que nos contesta o Ministerio? Nada. Pedimos unha reunión sectorial a maior parte das comunidades autónomas e teñen a obriga de convocala, pero, ¿sabe que fai ese ministro que é —moi bo, non— mellor que moi bo? Non nos convoca. Teremos que acudir á Xustiza para estas cousas, como nos pedía antes o deputado do Bloque; xa o fixemos para a conferencia de presidentes. Pero eses son os seus socios. Os que non convocan e fan que haxa que acudir á Xustiza para que convoquen as reunións que veñen regulamentadas e que se teñen que convocar son os seus socios, pero vostedes encantados de que os seus socios se comporten así. (*O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo Pouso, sinala a bancada do Grupo Popular.*) A culpa é súa. Os meus socios non fan caso e pasan todos os regulamentos e todo por onde poden, pero a culpa é do resto. Bueno, pois é unha maneira curiosa de velo.

A verdade é que eu non veño aquí a... Decía o señor Font que me encantaría que a semana anterior houbera un montón de problemas. Non, os problemas créame que xa lle chegan a Renfe; cos que houbo nos últimos anos, xa lle chegan. Está sobrado de problemas, pero non en Galicia, señor Font; ten problemas por toda España, non é un problema único de Galicia. Non sei como tratan os gobernos autonómicos noutras comunidades, pero a situación de Renfe, das infraestruturas e dos servizos é un problema en toda España, e créame que lle chega ben con todo o que ten, máis que ben.



Dicía tamén que nós viñamos aquí confrontar única e exclusivamente. Non, hai algunha parte do Ministerio coa que estamos traballando e imos tendo avances. Estamos traballando con AENA e, no que ten que ver coa coordinación, pese a que algúns intentan tirar cada un polo seu lado, nós estamos traballando con AENA e pronto teremos —creo— noticias boas. Non teño nada que dicir, máis aló de reclamar o que lle reclamamos a AENA no seu momento. Non teño que criticar todos os departamentos do Ministerio. Agora, sobre os que non cumpren, os que non nos contestan, os que non se nos poñen ao teléfono, os que non nos dan as reunións, os que non nos dan un plan director, aí comprenderá que eu teño que dicir algo.

E remato. Dicían: joia!, ¿de onde saen esas datas da conexión con Portugal? Permítame. O 28 de decembro de 2022 —porque ademais antes dixen unha data mal eu— o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana anunciou no BOE a licitación do estudo informativo da saída sur de Vigo. O contrato asinouse en xuño do ano 2023 —e eu dixen outra data, pero agora quero dicilo ben— para finalizar en decembro de 2024. En abril do 2025, xa cando tiña que estar finalizado, o secretario de Estado de Transportes, o señor Santano, afirma que se atrasou, como era evidente, é que o estudo vería a luz antes do verán do 2025. No inicio do mes de xullo, o comisionado do Corredor Atlántico, o señor José Antonio Sebastián, anunciaba a súa publicación para finais do 2025. Isto xa supuña un ano de atraso co inicialmente previsto e incumprir o prazo dúas veces máis aló da licitación. O 19 de novembro do 2025 amplíase o prazo da redacción ata outono do ano 2026 —dous anos respecto do que tiña estar firmado—. Despois, cando estea rematado, en outono do ano 2026, se se cumpre ese prazo, vén a información pública, que son 6 meses —vaia botando contas, se quere—, e vén despois a tramitación ambiental, que son 18 meses. Imos xa polo primeiro trimestre do 2028. Despois vén a redacción do proxecto construtivo, que son aproximadamente 3 anos, e estamos no primeiro trimestre do 2031. E despois veñen as obras e a homologación, que son entre 5 e 6 anos. Polo tanto, estamos no 2037 ou 2038. Isto para un tramo de 12 quilómetros.

Polo tanto, cando nós desconfiamos non é porque non fagamos un exercicio de fe no ministro que mellor xestiona do mundo mundial; é porque estamos acostumados a xestionar, sabemos como son este tipo de obras e sabemos o tempo que é necesario e cales son os prazos legais. Polo tanto, cando escoitamos algún responsable político defender cousas que son, a todas luces, imposibles, o único que fai —e eu dígoo por vostede, como dicía o outro— é desacreditarse. Por iso nós pedimos que nos axuden a que o Goberno do Estado tome conciencia da importancia desta conexión e que, en vez de aplaudir o que fai o gran amo de todo o Partido Socialista —que é como se comporta—, de cando en vez, nos axuden e pensen nos galegos e nas galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta iniciativa non se presentou ningunha emenda.



Para a súa defensa, ten a palabra a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

¡Supoño que o momento aperturista de Fraga foi o asasinato de Grimau e cando firmaba en agosto do 1963 a sentenza de morte de Joaquín Delgado e Francisco Granados! (*Aplausos.*) ¡A garrote vil matáronos! ¡Que importante é combater a desmemoria nun momento onde se quere revisar a historia para facer pasar por demócrata a quen participou activamente nunha ditadura fascista que oprimiu o conxunto do Estado español durante corenta anos! Logo levámonos as mans á cabeza porque a chavalada di por aí que se vivía mellor con Franco. Son discursos como os que acabamos de oír agora mesmo os que levan a xente nova (*Aplausos.*) a crer que nunha ditadura sen dereitos nin liberdades onde o goberno manda executar estudantes se podía vivir mellor. Aperturismo chámalle. (*Aplausos.*)

Hoxe, señorías, dende o Bloque Nacionalista Galego, traemos esta moción para falar do que está pasando aí fóra hoxe, en 2026; da realidade que atravesan case 600.000 persoas neste país, galegas e galegos que viven por debaixo do limiar da pobreza ou en risco de exclusión social.

Traemos unha batería de propostas cun obxectivo, que é o de reformar a Lei de inclusión social do ano 2013, co obxectivo de evitar que ningunha persoa que resida neste país caia ou fique en situacións ou risco de exclusión social e para promover o desenvolvemento integral das persoas vulnerables e a mellora das súas condicións materiais de vida a través da garantía duns ingresos suficientes para poder enfrontar o custo da vida diaria. Para iso, defendemos a reforma da Lei de inclusión, como levamos reclamando desde hai anos desde o Bloque Nacionalista Galego, como sinalabamos na interpelación de hai quince días e como leva anunciando reiteradamente desde o ano 2020 o Goberno do Partido Popular, sen ansía ningunha por levar esas promesas a ningún sitio.

Propoñemos adaptar esa Lei de inclusión social do ano 2013 ao marco normativo actual e, especialmente, á realidade xerada pola creación, no ano 2022, do ingreso mínimo vital —acabando así coa incompatibilidade que existe actualmente destas dúas prestacións—, para adecuala á realidade socioeconómica de Galiza hoxe, introducindo mudanzas que permitan atender máis e mellor a precariedade e vulnerabilidade que atravesa a sociedade galega. Diciámolo na interpelación e repetímolo hoxe: Galiza avanzou reducindo as taxas de pobreza, que hoxe se sitúa no 16 por cento, e de exclusión social —no 22 por cento— nos últimos anos. Con todo, aínda hai moito traballo por facer e hai realidades moi precarias que atender.

Tres cuestións son para o BNG as fundamentais, as prioritarias e as que centran o conxunto de propostas que incorporamos nesta moción.

A primeira é a vivenda, convertida hoxe no principal factor de exclusión para a maioría da sociedade galega, cun custo do alugueiro cada vez maior, que se incrementou só entre o ano 2022 e 2025 nun 30 por cento e que está por riba, na maior parte do país —por non dicir en practicamente a totalidade—, dos 600 euros ao mes. Cando a vivenda tiña que ser un dereito



social e un factor de protección para calquera persoa, hoxe está convertido en todo o contrario: no principal factor de exclusión social.

¿Que é o que di a Lei de inclusión de 2013, a de hoxe, a que está en vigor actualmente en Galicia? Nada; nada sobre esta cuestión, porque nin sequera chega a desenvolverse, a aplicarse no seu máximo legalmente previsto. Lembremos que a Lei de inclusión social de Galiza prevé até un 25 por cento do IPREM como axuda complementaria ao alugueiro da Risga: 150 euros, tendo en conta que, por certo, o IPREM está conxelado desde o ano 2023, porque ten que actualizarse coas leis de orzamentos do Estado e non hai orzamentos no Estado. Polo tanto, ao estar prorrogados, o IPREM está conxelado. Pero é que o decreto que desenvolve esa Lei de inclusión social, o decreto de 2019, nin sequera leva ata ese máximo, que é pura miseria, a axuda que reciben as persoas que son beneficiarias ou titulares da Risga. Apenas reciben os fogares unipersoais o 10 por cento do IPREM, que son 60 pírricos euros, que chegan ao 15 por cento cando hai nenas e nenos menores de idade na casa. Nin sequera o Goberno do Partido Popular espreme ao máximo a pírrica axuda de complemento de vivenda que prevé na súa Lei de inclusión social.

¿Que é o que propoñemos dende o BNG? Mudar o enfoque, cambiar a política e fixar a axuda con base no custo real da vivenda das persoas que se atopan nesta situación de vulnerabilidade, a través da creación dunha prestación complementaria de vivenda. Propoñemos garantir, polo tanto, que poidas cubrir o custo de poder ter un teito debaixo do que meterte. Os datos de pobreza da Rede galega contra a pobreza o que nos din é que, das persoas que teñen vivenda, o 8 por cento está nunha situación de pobreza. Pero, se vemos aquelas persoas que pagan mensualmente un alugueiro, a porcentaxe elévase ata o 36 por cento. É o principal —insisto moito nisto— factor de exclusión social e, diante desa realidade, a achega da Xunta de Galiza son apenas 60 euros na maior parte dos casos, que nin sequera é o máximo previsto na propia lexislación, que xa é unha miseria.

O segundo elemento, a segunda prioridade que entendemos que debe centrar esa reforma da Lei de inclusión social é establecer unha contía mínima que garanta que podes vivir dignamente, que podes enfrontar o custo diario da vida nos seus elementos máis básicos. O custo da vida é cada vez maior, e a Risga sitúase —se collemos todos os complementos que contempla— de media, cos datos da memoria que publica anualmente a Consellería de Política Social, en apenas 502 euros. Sitúase, polo tanto, por debaixo do que se considera o limiar da pobreza. ¿Que é o que propoñemos desde o BNG? Determinar a contía mínima con base precisamente en cal é a cantidade mínima que considera o Instituto Galego de Estatística que é o ingreso básico e infranqueable para poder facer fronte aos gastos diarios. Outro exemplo máis —insisto— da necesidade, da urxencia de reformar esa Lei de inclusión social para que poida, polo menos, establecerse un límite mínimo que che permita vivir dignamente.

E, por último, cómpre atender os factores de desigualdade e as múltiples desigualdades e situacións de exclusión que xeran pobreza ou empobrecen a poboación do noso país. A Lei do ano 2013 —se vostedes a leron— o único que prevé, por exemplo, son plans territoriais de pobreza de maneira específica ou individualizada, cando hoxe en día o que nos din as estatísticas, o que nos din as entidades sociais do terceiro sector que traballan con persoas en situación de exclusión é que o que determina ese risco de caer na pobreza ou na exclusión é



demográfico, é social; non é territorial. É a orixe —a poboación migrante ten unha porcentaxe elevadísima de pobreza, moi superior á de calquera persoa que teña nacionalidade española—; o xénero —logo falaremos ao longo desta sesión plenaria da situación de exclusión social e laboral que teñen as mulleres galegas—; o tipo de familia no que vivas —as familias en crianza, onde hai menores a cargo e, sobre todo, as familias monoparentais concentran taxas e porcentaxes de pobreza absolutamente inadmisibles—, ou a etnia —cidadás e cidadáns galegos do pobo xitano que se atopan nunha situación de exclusión precisamente pola súa etnia—.

O BNG —con todo isto remato— o que propomos é deseñar programas específicos para colectivos e persoas vulnerabilizadas. O PP nin sequera cumpre as súas leis, porque quero lembrar que a Lei de impulso demográfico aprobada polo Partido Popular no ano 2021 exixía que no prazo máximo de seis meses había que aprobar un Plan de loita contra a pobreza nas familias monoparentais. Van cinco anos, e aínda estamos esperando que aproben o primeiro. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Entendo que renuncia o voceiro do Grupo Mixto, porque non se atopa neste momento, así que continuamos coa voceira ou voceiro do Grupo Parlamentario Socialista.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bo día.

A ver se desta vai, porque levamos trece anos cunha lei absolutamente fóra do seu tempo. Basicamente porque nestes trece últimos anos o que vén sendo a realidade contemporánea da sociedade galega —e da española tamén— mudou moitísimo. Nada ten que ver quen éramos hai trece anos co que somos agora, co cal, sempre digo o mesmo: a lei ten que estar á altura do tempo que lle toca servir. E hai que ter en conta, ademais, que a inclusión ten que dar un pulo máis alá do que coñecemos por «inclusión» como termo. A inclusión ten que ser integración, e para que isto suceda, hai que ter políticas que falen desa integración.

Falábase aquí dos índices de pobreza, e hai unha cuestión: a pobreza, durante un tempo concreto dos últimos anos, empezou nuns índices altos, alá polo ano 2010 ou 2011, e foi baixando relativamente ata que chegamos ao ano 2024 aquí en Galicia cunha baixada pero volvemos remontar. O que quero dicir é que ten unha baixada lenta porque precisa de medidas estruturais que acompañen. Non é unha cuestión que poidamos virar dun momento a outro nun par de anos; é unha cuestión estrutural, e iso fai que haxa que medir e que haxa que tomar esas medidas estruturais das que se fala aquí nesta moción. Eu quero poñer aquí o exemplo da pandemia. Isto descendeu na pandemia, basicamente porque, como houbo unha emerxencia en todo o territorio, se tomaron unhas medidas coas que non se deixaba ninguén atrás, e iso resolveu en certa medida todos estes problemas engadidos que tiña a poboación que está en risco de pobreza ou en risco de exclusión. En Galicia máis de 500.000 persoas están en situación vulnerable —como se dixo aquí—, e case 400.000 están con risco de pobreza. Entón, insistimos: que unha de cada cinco persoas estea en risco de pobreza ou ex-



clusión social é un problema. E é verdade é que se fixeron cuestións para que isto fose solventado, pero non se dá solventado, porque as actividades que temos hoxe en día na nosa sociedade, as accións que se acometen hoxe en día na sociedade non están reguladas ao nivel que deberían de estar, e iso provoca —como dicíamos antes— que, a partir de agora, unha sociedade complexa teña problemas complexos ao redor do que é a inclusión e, sobre todo, a integración, que é o seguinte paso da inclusión.

Como dicíamos, como se dicía aquí, incluso hai bolsas de pobreza nas cidades, que son efectivamente os poboados xitanos. Por certo, o Ano do Pobo Xitano pasou sen pena nin gloria. Non fixemos absolutamente nada, e segue caendo en mans dos concellos a erradicación do que se deu en chamar «patios de atrás das cidades». En poucas cidades —como se fixo na Coruña— se está a facer agora esa erradicación do chabolismo que se necesita urxentemente, dentro dese Plan de inclusión. É unha paréntese que ten que ser resolta, porque se converten, nalgúns casos porque xa se erradicaron e noutros porque seguen existindo, nese patio de atrás das cidades onde non soamente existe a exclusión e onde existe a pobreza, senón que existe unha marxinalidade perigosa e que despois ten unha difícil resolución.

Queríamos incidir con claridade en que a reforma seria debe construírse sobre tres principios: o realismo, a coordinación institucional e os dereitos efectivos. Realismo, porque as leis non poden limitarse a formular obxectivos ben intencionados. Evitar que ningunha persoa caia na pobreza é un horizonte político desexable, pero o que as leis deben garantir son dereitos efectivos e aplicables. A coordinación institucional —falaba agora da erradicación do chabolismo—, porque hoxe o sistema de rendas mínimas xa non depende só das comunidades autónomas; depende —como sabemos— do ingreso mínimo vital, xestionado pola Seguridade Social, que é a peza central do sistema, e a Risga debe funcionar, evidentemente, como un complemento desa renda mínima. E non ten sentido falar de inclusión con prestacións —como se dixo aquí— que non permitan saír da pobreza. Iso, cando vostedes reformen a Lei, é unha máxima na que non poden caer. É dicir, non podemos estar falando de rendas mínimas que nin sequera son capaces de chegar á volta da esquina, porque se supón que iso non é unha forma de atallar ou de darlle unha resolución a un conflito deste tipo. Insisto: reformas estruturais e dereitos efectivos, porque a inclusión social non pode depender —como dicíamos— de programas ocasionais ou de medidas improvisadas.

Queremos que se vencellen os ingresos mínimos á realidade social, tomando como referencia eses datos que se dixeron aquí do Instituto Galego de Estatística, porque non tería sentido falar de inclusión social se estas prestacións —insistimos— non permiten vivir con dignidade. E queremos, sobre todo, compatibilizar co emprego, porque traballar debe ser sempre unha vía para saír da pobreza e non un motivo para perder a protección social. Ten que haber unha compatibilidade co emprego. Europa está agora impulsando modelos de renda mínima activa, que incentivan traballar e, sobre todo, evitan a chamada trampa da pobreza, e iso é perfectamente defendible.

Converter a Tarxeta Básica nun recurso permanente tamén ten sentido. É un recurso de emerxencia, non estrutural, porque é unha resposta rápida de emerxencia, que evita burocracia e que, sobre todo, é moi útil para os concellos. Pero insistimos: é un mecanismo, unha ferramenta que non pode substituír os dereitos estruturais. E aquí —como xa se falou—



entra a peza fundamental á hora de eliminar a situación da pobreza, que ten as súas orixes no custo da vivenda. Este é un problema, señores, que efectivamente xa falamos aquí por activa e por pasiva, e non hai política social se non hai unha política real de vivenda. Posiblemente haxa niveis de pobreza que estean encubertos, porque hai moita xente que está a compartir as vivendas coas súas familias ou cos seus amigos, e eses niveis de pobreza nin sequera afloran na parte deses estudos, pero é a realidade. Somos máis pobres porque non podemos pagar a vivenda; somos máis pobres porque aquilo —como xa se dixo aquí— que nos amparaba agora significa un monstro contra o que temos que pelexar. E iso require unha política non só de anuncios —como xa se teñen feito aquí—, senón unha coordinación cos concellos e unha coordinación con institucións que están a traballar sobre todo para a inclusión social, e esa política hoxe non é efectiva. Non son pezas soltas, non son anuncios soltos; trátase de facer unha política en común.

Sobre todo, eu quería facer aquí unha reseña. Evidentemente imos apoiar que esta moción vaia para adiante, porque efectivamente traballa no eido no que sempre traballou o Partido Socialista e os concellos socialistas, que tiveron que lidar a maior parte das veces absolutamente sós fronte a estes problemas, porque os seus plans concertados coa Xunta de Galicia nunca chegaron a tempo e mesmo desapareceron. Foron os concellos os que traballaron en todos aqueles programas de inclusión social, coas traballadoras e educadoras sociais, que eran contratadas exclusivamente polos concellos.

Pero eu quería falar aquí, á marxe do que xa dixemos, dese materialismo reduccionista que se deu hoxe aquí neste hemicycle. Eu entendo que se imos pola vida tratando soamente de dar de comer e pouco máis, e non parándonos en que unha inclusión supón tamén un dereito á educación, un dereito á cultura, imos caer no chan da pirámide de Maslow, e nós non vimos aquí para facer unha política de materialismo reduccionista. Claro que temos dereito a coñecer o que pasou no 23-F; claro que temos dereito a enterrar os que morreron na nosa familia nos lugares nos que teñen que estar enterrados; claro que temos dereito a coñecer a historia, porque isto é parte da inclusión. *(Aplausos.)* Non somos reduccionistas, non somos reduccionistas. Non é onde ten que ir a sociedade, nin en inclusión nin en outros tipos de materias, como é a cultura e a educación, que van da man. Porque aquí estamos todos moi ben sentados coa calefacción central, e podemos dicir as barbaridades que se nos ocorran ou as que nos escriban —porque eu creo que moitas veces son a que lles escriben—, pero a realidade é que os que están aí fóra, que ás veces votan e ás veces non votan, ou que nin sequera se achegan a votar porque xa non teñen nada que perder, teñen dereito...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ...a ser —remato agora— coñecedores da realidade social e teñen dereito a escalar nesa pirámide para decidir aquilo que lles vai facer máis libres e mellores persoas.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

Mire, señora Rodil, non é máis demócrata quen máis berra aquí, eh; (*Aplausos.*) é máis demócrata aquel que condena calquera acto vandálico por razóns ideolóxicas, iso que vostedes aínda non fixeron hoxe. E cando vostede fala aquí de radicalismo neste hemiciclo supoño que se referirá ao seu propio grupo, porque aquí os que están traballando coa *kale borroka* son vostedes; (*Risos.*) (*Murmurios.*) os que están aquí dicindo (*Aplausos.*) a través da UPG e da CIG que hai que saír á rúas, que hai que facer manifestacións, que hai que facer algaradas, que hai que buscar o caos, eses son vostedes, señorías. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Máis coidado con xogar coa democracia e co que se está a dicir! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

E, de verdade, señoría, tamén falando aquí da defensa dos máis vulnerables, o BNG, o PSOE..., sempre a esquerda autoproclamándose como abandeirados da defensa das políticas sociais e dos máis vulnerables. Pero logo, cando vemos as súas accións, o que comprobamos é que son pura hipocrisía, unha fraude absoluta, señorías. Porque, señora Rodil, señora Longueira, as persoas vulnerables non precisan proclamas, non precisan voceiros que os utilicen como bandeira; o que precisan son políticas eficaces, respecto e resultados reais. O que precisan son feitos. E miren, os feitos, segundo aparece escrito literalmente no resumo executivo do último Informe do estado da pobreza en Galicia, publicado por EAPN, din que en Galicia a redución da taxa de pobreza e as medidas de apoio á clase media e baixa permitiron mellorar os indicadores de desigualdade e o índice Gini galego, é 4,4 puntos inferior á media nacional. Trátase —Galicia— da comunidade autónoma con menos desigualdade. E non o di o Partido Popular, dino as entidades que traballan coa pobreza.

E por suposto, non estamos satisfeitos, pero os datos veñen confirmar que as políticas postas en marcha polo Goberno de Alfonso Rueda funcionan e que o modelo Rueda funciona, aínda que teñamos que loitar, cada día, coas pedras no camiño que nos vai poñendo o outro modelo, o modelo Sánchez, dende Madrid, coa complicidade de sempre —sempre, sempre— do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) O modelo Sánchez, señores do BNG, que puxo en marcha o ingreso mínimo vital, que só chega ao vinte por cento das persoas en risco de pobreza; o modelo Sánchez, que hai oito anos anunciaba axudas para a gratuidade das escolas infantís e aínda non mandou un euro; que reparte menores non acompañados por toda España coma se fosen mercadorías; que mantén no limbo parlamentario a Lei de familias, señora Rodil, cun prexuízo enorme para as familias monoparentais, ás cales vostede tanto di defender; que tardou tres anos en aprobar a Lei ELA e que dezaseis meses despois só chegou ao cinco por cento dos afectados; que prohíbe que Galicia faga de xeito simultáneo as valoracións da dependencia e da discapacidade. O mesmo Sánchez, co apoio do BNG, que nos debe 2.900 millóns de euros para a Lei da dependencia; o mesmo Sánchez, señora Longueira, que prometeu vivendas —¡centos de miles de vivendas!—, pero que, no día de hoxe, fixo cero vivendas. (*A deputada Raquel Arias Rodríguez representa o número o coa man.*) (*Aplausos.*) Ese modelo Sánchez, señora Rodil e señora Longueira, que fai que en España a mocidade non viva, sobreviva; (*Aplausos.*) e non o di tampouco o Partido Popular, senón que o acaba



de recoñecer o Consello Xeral de Economistas de España. ¡E o BNG, encantado!, o BNG sempre —sempre— tan manso en Madrid e tan bravo en Galicia. Sempre igual.

Miren, señorías, a pesar do contexto estatal e a pesar de todos os atrancos, Galicia cumpre, Galicia funciona e a última enquisa do INE revela que a situación de Galicia segue sendo mellor que na media de España. A taxa AROPE é 3,6 puntos inferior á media nacional. O Informe FOESSA di que Galicia ten a segunda taxa de exclusión máis baixa de España; é máis, en Galicia baixou 4 puntos nos últimos anos —señora Longueira, escoite— mentres sobe 1 punto no Estado e, ademais, a taxa de pobreza severa reduciuse ata situarse por debaixo do 6 por cento mentres que en España é do 9 por cento. Galicia diminuíu a mínimos históricos a pobreza infantil, co 16 por cento, mentres que en España, co 34 por cento, o país está a vivir o terceiro peor dato da serie en canto a pobreza infantil. E, señora Rodil, reverteuse en Galicia a tendencia de que ter fillos e fillas é un factor de empobrecemento.

E vólvolles dicir: ¡non estamos satisfeitos! Sabemos que temos que seguir mellorando, pero sabemos tamén que o modelo que está aplicando a Xunta de Galicia está funcionando; (*Aplausos.*) está funcionando con medidas que se desenvolven de xeito planificado, blindando os orzamentos destinados á inclusión social, con preto de cento trinta millóns de euros neste ano, aos cales se suman medidas transversais noutras áreas como o emprego, a educación ou a vivenda. En Galicia si, señora Longueira, pero ¿en España?

Facémolo co Bono de alugueiro social; fixémoslo no ano 2021 e, dende aquela ata agora, e xusto este ano, duplicouse o orzamento dedicado a este; un bono que, ademais, foi copiado polo Goberno estatal no Plan de vivenda 2022-2025. E facémolo coa vivenda, co compromiso de duplicar nesta lexislatura o parque público de vivendas, pasando de 4.000 a 8.000 e de chegar ata 10.000 nos dous próximos anos. Mentres, Sánchez fai cero. (*A deputada Raquel Arias Rodríguez representa o número o coa man.*)

En Galicia, señorías, temos plan e temos orzamentos para levalo a cabo. Facemos, sendo a primeira comunidade coas escolas infantís gratis de 0 a 3 anos. Facémolo co feito de que aquí exista a risga e coa posibilidade de que sexa compatible co ingreso mínimo vital e —vostede sabe—, señora Rodil, isto póneno de manifesto todas as entidades que traballan coa pobreza como algo positivo. E mire, o que tiñan que estar aquí facendo era axudar o Goberno da Xunta a pedir que nos deixen xestionar o ingreso mínimo vital porque, tal como está plantexado, é unha verdadeira pena, señorías, un fracaso absoluto. Só o teñen o vinte por cento das persoas que están en situación de pobreza e, por riba, ten un impacto negativo no emprego e é moi limitado na propia pobreza. A súa tramitación é complexísima, longuíssima, máis de seis meses, mentres que a da risga, que é compatible con este ingreso —grazas a Dios— (*Murmurios.*) e que se pode compatibilizar con outras moitas axudas, (*Murmurios.*) señorías, a risga resólvese en 32 días, mentres que o ingreso mínimo vital, en máis de seis meses. (*Aplausos.*) A risga ten un orzamento de 46 millóns de euros e chega a 4.000 persoas que deberían estar no ingreso mínimo vital, pero que o fracaso deste e da súa xestión o fai imposible.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Arias.



RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

En fin, señorías. Mentres o BNG e o PSOE insisten no seu discurso catastrofista, os datos reflicten unha realidade na cal Galicia destaca como a comunidade con menos desigualdades, coa taxa de risco de pobreza por debaixo da media estatal e con medidas claras para non cronificala e nas cales, por suposto, seguiremos traballando, porque é preciso; seguiremos avanzando e apostando por unha rede de protección social, que funciona, por políticas públicas que priorizan o emprego, polo servizo público e polo apoio a quen máis o necesita. Porque temos estratexia e temos orzamentos para levala a cabo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da moción.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Quero tamén agradecer, antes de máis, o apoio do Partido Socialista á moción.

Eu, desculpen a miña vehemencia, a verdade é que, ás veces, eu tamén me vexo intensa, ¿non?

Eu non sei se é máis ou menos democrático berrar, o que non o é, desde ningún punto de vista, é sentar no Consello de Ministros dunha ditadura. Iso é a antítese (*Aplausos.*) da democracia, señora Arias. E eu entendo que sexa incómodo; eu entendo que sexa incómodo ter que lidar con que te funden sete ministros de Franco, que non era só Fraga..., pero bueno.

Eu, señora Arias..., eu creo que, para defender a postura que cada quen teña, non debería ser necesario mentir. Vou dar os datos de Cáritas e da Xunta.

En relación con Cáritas, sobre o grao de cobertura das prestacións de rendas mínimas que existen en Galiza: o 51 por cento da poboación en pobreza ten o ingreso mínimo vital, que é menos do necesario, pero é o 51 por cento. Son datos de Cáritas. ¿Saben até onde chega a risga da Xunta de Galiza? Ao 0,50 por cento —ao 0,50 por cento—, é dicir, nin sequera ao 1 por cento da poboación. Entón, ¡home!, como para botar foguetes, pois tampouco debера ser.

E digo tamén non mentir, porque os datos da propia Xunta son... Vostede di que se pode compatibilizar o ingreso mínimo coa risga, e é mentira, agás —agás— que esteas por debaixo de 429 euros ao mes. Catrocentos vinte e nove euros ao mes son menos de quince euros ao día. Vostede, señora Arias —calquera das que estamos aquí, señorías—, ¿somos capaces de vivir con iso? ¿Iso é digno?; ¿iso é xusto?; ¿iso é ao cal debера aspirar un goberno e un país democrático? Nós cremos —no BNG— que non, e por iso traemos esta moción aquí; por dúas razóns fundamentalmente.

A primeira: porque os anuncios e as promesas, as galegas e os galegos merecen que se cumpran. E o Partido Popular, que goberna a Xunta nos últimos dezaseis anos ininterrompida-



mente, leva desde o ano 2020 anunciando unha reforma da Lei de inclusión social que nunca chega. E eu, despois de oíla a vostede, señora Arias, non a van facer. O BNG xa está traballando e rematou o borrador da Proposición de lei de reforma da Lei de inclusión social de Galiza, no sentido no que están as iniciativas e as propostas que recolleemos hoxe nesta moción e ampliadas para garantir condicións de vida dignas neste país.

E o segundo que teño que lamentar eu, francamente, señora Arias, é que lles pareza que, como as taxas se reducen —eu mesma recoñecía a redución desas taxas de pobreza e o risco de estar nesa situación de exclusión ou de empobrecemento— ou baixan, cruzamos os brazos e deitámonos a durmir. *(A deputada Raquel Arias Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Que haxa case seiscentas mil persoas, señora Arias, cunha man por diante e a outra por detrás, a vostedes parécelles que, coas políticas que despregou o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, hai trece anos, é suficiente para que sigan actuando así. Eu lamento —dígollelo— profundamente porque —creo— hai moito por facer —como dicíamos na primeira intervención e na interpelación— e, ademais, hai ferramentas para poder facelo.

Nós —insisto— moito máis alá desta moción que o Partido Popular votará hoxe en contra porque lle debe parecer que como estamos, por certo, por riba do obxectivo de desenvolvemento que se fixou o propio plan estratéxico da Xunta de Galiza para os próximos anos, temos a capacidade para poder sacar medidas que fagan este país acolledor, incluso e, sobre todo, que protexan as capas da poboación máis vulnerables que hai neste país.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moi ben, moitas grazas.

Como saben, esta era a última moción que estaba anotada na orde do día para a sesión da mañá, e imos proceder á suspensión ata a tarde, reanudándose ás dezaseis horas.

Bo proveito a todos e a todas.

Suspéndese a sesión ás dúas horas e quince minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

O PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

E continuamos co punto terceiro, as mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.



Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto, que quedará redactado da seguinte maneira:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que promova a candidatura do galego como lingua co-oficial en Europa, toda vez que supón non só o recoñecemento da nosa identidade, senón tamén unha oportunidade de crecemento económico para o sector cultural de Galicia.»)

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Moi boa tarde.

Señorías, a confianza dos galegos e das galegas é quen me trouxo até esta Cámara. Confeso que, cada vez que tomo a palabra nesta Cámara, teño presente que ese escano e esta tribuna son un préstamo xeneroso que me fai a sociedade galega; un préstamo a cambio dunha condición que ten que ser compromiso: traer aquí a voz do pobo e loitar por ela coa arma máis poderosa, que é o amor ao país.

Nestes case seis anos como deputada do BNG, boa parte das miñas intervencións —moitos de vostedes darán fe disto— centráronse na nosa lingua, demostrando con datos empíricos o retroceso do galego ao longo dos últimos dezaseis anos e formulando sempre, desde o BNG, propostas alternativas para reverter unha situación que xa ninguén dubida en cualificar de emerxencia lingüística. Neste tempo —tamén saberán—, todas as propostas a favor do galego que defendemos, desde o BNG —que non son propostas exclusivas do BNG, senón que son precisamente a translación da voz desa inmensa maioría social que así as traslada—, atopáron sempre aquí co muro infranqueábel do «non» polo «non» ao galego. E o *Diario de Sesións* non me permitirá mentir.

Vostedes, como deputados e deputadas do Partido Popular, escolleron virar as costas á lingua e virar as costas ao pobo, que os escolleu para ser os seus representantes nesta Cámara. Escolleron defender o partido, un Partido Popular que está cómodo vendo, como ao cabo de dezaseis anos, o galego segue indo a menos e que aplaudiu o éxito desta política lingüística do seu partido. Por primeira vez na historia dunha lingua milenaria, como é o galego, esta non é a lingua maioritaria de Galiza, e o galego é a única lingua do Estado que perde falantes.

Por iso, hoxe quero preguntarlles, señorías do Partido Popular, se vostedes aproban realmente esta política lingüística do seu partido e se están cómodos aínda defendéndoa; preguntolles até onde ten que chegar a desaparecer socialmente o galego para comezar realmente a alzar a voz; e preguntolles até cando van seguir fallando á confianza que os galegos e as galegas depositaron en vostedes para seren, neste Parlamento, os seus representantes.

Recoñezo que estes días, preparando esta intervención, fíxenme dúas preguntas: en primeiro lugar, é se pagará a pena que eu volva hoxe aquí repetir a restra de datos, de informes académicos e dos incumprimentos reiterados do Goberno do Partido Popular, sobre a Lei de



normalización e sobre o Plan xeral de normalización; se é necesario volver traer aquí o clamor social que, reiteradamente, o pobo galego dixo alto e claro nas rúas, manifestando, por suposto, lexítima e democraticamente que queren que o Partido Popular rectifique a súa política lingüística, que deixou definitivamente o galego en mínimos históricos e cun futuro máis que incerto e condicionado. E en segundo lugar, tamén me preguntei se volverían, outra vez, esconderse, as señorías do Partido Popular, nese «non» polo «non»; se repetirán, outra vez, a mesma ladaíña de cada intervención, que coincide, ademais, coa que aínda repetiu o conselleiro de Lingua no pleno anterior, na interpelación que lle fixemos e que deu pé a esta moción: que se a imposición; que se o bilingüismo harmónico; que se o Bipartito; que se o PP gañou as eleccións por maioría absoluta e pode facer o que lle pete; que se hai bos galegos e malos galegos, que se manifestan en contra da política lingüística do PP neses «manifestódromos» — como dixo o conselleiro de Lingua aquí —; e que se a culpa é do BNG ou do chachachá. ¿Van continuar na mesma liña? Eu preguntolles directamente hoxe: ¿van repetir o mesmo discurso *trampeiro* de sempre ou van comezar a actuar como representantes do pobo que lles pide que miren polo galego? (*Aplausos.*)

A mala saúde do galego está máis que diagnosticada, pero hai unha boa nova, e é que hai remedio e que hai cura. E aínda hai outra boa nova, e é que todos e todas nós somos parte desa recuperación. Só cómpre poñernos a actuar xa. E se foi quen de conseguilo Rosalía de Castro, levantando todo un movemento, como foi o Rexurdimento, no século XIX, ¿como non imos ser capaces nós?; e se foron quen aínda de volver facelo Castelao e Otero Pedrayo, levantando un segundo renacemento lingüístico e cultural nos anos vinte do século XX, ¿como non imos poder facelo nós hoxe en día? Podemos facelo e, ademais, debemos facelo porque llelo debemos aos galegos: aos cales estiveron antes ca nós, abríndonos o camiño da defensa e da dignidade da nosa lingua e do noso pobo, e porque temos que ser nós os referentes positivos que queden para os que han de vir. Teñamos isto sempre presente: as nosas decisións hoxe, aquí, desde a responsabilidade e o compromiso co país, teñen que ser semente de futuro para Galiza e teñen que ser semente de vencer.

E este é o camiño de futuro que queremos trazar con estas catro propostas que formulamos para a votación nesta moción. A primeira, é ampliar progresivamente o orzamento da Xunta de Galiza para reforzar unha política lingüística centrada na recuperación e na normalización da nosa lingua. A segunda, é derrogar o «decreto dá vergoña» e substituílo por outra normativa que, de verdade, garanta a aprendizaxe do galego como lingua vehicular no ensino. Teñen que cesar xa na exclusión, na marxinación e na discriminación do galego no conxunto da sociedade pero, nomeadamente, comezando pola educación. A terceira, é desenvolver, de xeito prioritario e inmediato, unha razón inmensa de medidas que aínda están vixentes no Plan xeral de normalización da lingua galega. Claro que necesitamos actualizar un plan que ten máis de vinte anos, pero temos un montón de medidas que están agardando por un Goberno que sexa valente, que sexa comprometido coa lingua e co país e que as poña en marcha. E a cuarta, é iniciar os traballos dunha nova Lei de normalización lingüística porque a que temos, de 1983, está claro que é un traxe que non nos vale porque non se adecúa nin á situación lingüística nin á situación social que temos hoxe en día en Galiza.

Eu insisto —reitero—, señorías do Partido Popular e o conxunto da Cámara, as nosas decisións hoxe constrúen a memoria colectiva do país do futuro. Temos que tomar decisións



responsábeis e temos que colocarnos ao lado do galego, a favor do galego; e temos que tentar asegurar un futuro pleno e vivo para a nosa lingua propia porque, efectivamente, a lingua é de todos e de todas, e a lingua únenos.

Por iso, eu hoxe quéroilles facer un convite ao conxunto dos deputados e das deputadas desta Cámara; un convite para pensar a quen nos une o galego: se cadra, o aloumiño da súa nai; a retranca do seu pai; a primeira copla que lle cantaba a súa avoa; esa amiga que sempre escoita, aínda que está obrigada a vivir a miles de quilómetros de aquí; a conversa co teu compañeiro de escano e de militancia; a primeira palabra que empezou a dicir a túa filla; ou o amor da túa vida, por exemplo. *(Aplausos.)* Son moitos os lazos de unión e de amor que todos e todas temos co galego e que tamén eu teño co galego.

E hoxe quero representalo en algo material, nesta cunca. *(A deputada Mercedes Queixas Zas mostra unha cunca.) (Aplausos.)* Esta cunca ten máis de douscentos anos, até onde alcanza a miña memoria visual e cognoscitiva; esta cunca estaba na casa da miña bisavoa materna, Carmela. Cando ela faltou e se pechou a casa, o seu fillo Pepe —o meu avó materno— quixo levala para a súa casa, como gardador dunha parte daquela memoria familiar. Cando faltou o avó e faltou a avoa, Mercedes —miña nai—, foi quen recolleu o legado, quen a gardou e quen a protexeu. Decidiu que o mellor era colocala no chineiro da cociña, na parte alta, detrás dunha porta, cun cristal para poder ver pero sen tocar; finalmente, non sen traballo, convencina; convencina e agora, cando eu vou a esta casa, esta é a miña cunca do almorzo. O galego é para min como esta cunca, un legado con memoria persoal, biográfica, familiar, emocional, mais tamén colectiva; unha memoria que coidar e unha memoria que protexer, pero, iso si, usándoa, facendo parte dela, e non contemplándoa nunha vitrina nin deixándoa roubada nun escenario de cartón pedra.

A lingua pode significar algo parecido ou moi diferente para cada un de vostedes. Poden chegar a vivir nela de maneiras moi diferentes, todas válidas.

O que nós lles pedimos, desde o BNG, con esta moción é que nos una a lingua, a todos, desde un eixo común: a firme vontade de ser parte da súa recuperación, de darlle unha vida nova e un futuro pleno.

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Nada hai máis revolucionario que querer, quererse ben e querermonos desde o orgullo do que somos como pobo, co galego como principal razón de ser.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.



Boa tarde.

Claro, como vimos falar disto tantas veces... Hoxe, a señora Queixas tirou do afecto e a min tócame tirar da ironía porque é moi difícil afrontar este tema do galego —ía dicir día tras día—, pois, cada quince días vimos aquí falar sobre isto.

Hai unha pintada na rúa Ribadavia de Bos Aires, nunha parada de bus; case é unha pintada icónica que está chea dese humor arxentino, tan real como ferinte, que di: «A vida non é como o 111, a vida pasa». Pois iso é o que pasa co galego, que non é como a vida, senón que é case como o 111, é dicir, que non pasa absolutamente nada.

E desde hai dous anos —eu non tiven a honra de estar aquí antes; case non chego a estar aquí agora, tampouco— levamos traendo aquí día tras día... Ás veces, o señor, que está alí, facía un requiebro e aprobaba algo, pero despois aquilo non ía para adiante; e así levamos dous anos, cun problema aquí encallado e que non somos capaces de solventar.

Desde que aquela enquisa do IGE —desaparecido en combate— púxonos a realidade; unha realidade que todos coñecíamos, por certo. Aquela enquisa, de hai ano e medio, foi demole-dora, pero xa o sabíamos. Quero dicir, é unha caída libre, no caso do galego; hai caída tamén nas outras linguas cooficiais —tamén o sabemos—, pero a do galego era absolutamente destrozada, e, o que era peor, é que, estando en caída libre, non hai nada que a poida frear.

E os resultados, como xa se mencionaron aquí, para non andar repetindo os datos que todos coñecemos... Os fogares galegofalantes caeron do 35 por cento ao 17 por cento, mentres me-draban os castelanfalantes —que está moi ben que a xente fale castelán, pero, quero dicir, no que estamos aquí, hoxe, é en coidar dese patrimonio único e intransferible, que é a lingua—.

E dicía que era unha caída que foi avisada, pero a cousa é que isto vai cara abaixo e sen rodas; dicía que as culturas cooficiais deste país precisan de ser coidadas e atendidas porque nisto vainos a identidade, o noso feito diferencial, pois, como dicía Seoane: «...queremos encher o mundo coa nosa diferenza...», queremos ter máis valor engadido coa nosa propia lingua; dicía que para solucionar o problema hai que poñerlle remedio todos os días, e non no Día de Rosalía nin no Día do Patrón nin no 17 de maio. Castelao e Rosalía son algo máis do que os rostros *punkis* nas camisetas que escollen os peregrinos e que, se para nós é identidade, a nós sérvenos que para o Partido Popular sexa economía. Un ten os sentimentos que ten, pero tamén a ciencia é o que nos leva a ser obxectivos; entón —volvo repetir—, se vostedes non son capaces de entender que unha identidade é o que nos fai diferentes, poden entender perfectamente que é a economía.

E, desde o Partido Socialista, sabendo que isto, para algúns, é corazón, identidade, e que, para outros, pode ser economía, puxémonos ao dispor da Consellería de Cultura —como saben—, coa intención de aportar e dar un pulo a estas enquisas do IGE. Participamos nas comisións multidisciplinares, promovendo iniciativas como os outros grupos, que levaban o galego para ser lingua cooficial no Parlamento Europeo; promovendo iniciativas que po-tencien e leven un proxecto común ás fundacións e ás institucións galegas que coidan e que protexen a cultura galega; promovendo iniciativas que potencien o Consello da Cultura Ga-



lega e, por tanto, a lingua —por certo, institución que vostedes, digan o que digan, non respectan—; pedindo, en reiteradas ocasións, que desenvolvan a Lei Paz-Andrade, e non como unha situación de estado de ánimo, pois é practicamente no que está agora, senón que veña dotada de orzamentos e con obxectivos concretos.

E só me queda dicir que —¡bueno!, non sei—, se alguén ten algunha idea máis que, desde o poder lexislativo e desde a oposición que o conforma, poidamos levala a cabo, que levante a man, porque —como xa saben—, percorremos as rúas, levantamos bandeiras..., fixérono milleiros de persoas ¡de diferente cor política! Nin sequera sabemos, ata pode que fosen os seus votantes os que estiveron alí, pero —vemos— non se acada ningunha solución.

E eu creo que vostedes deben ter a conta botada, no senso de que este problema que crearon detrás dunha bandeira no ano 2009, xa tivo que morrer, pero vostedes seguen arrastrando este problema cun cadáver, danlle folgos, pero eu creo que xa non dá máis de si; creo que xa chegaron a espremer todo o que dá. E, se non fose porque na política hai que albergar sempre a esperanza de convencer, este paripé que estamos a facer aquí é absurdo, absolutamente absurdo.

Entón, eu creo que é mellor, como dicía ao inicio: tómelo como un problema científico. Levan dezaseis anos ensaiando a mesma política, e non dá resultado; levan dezaseis anos propiciando que haxa unha caída libre, e non dá resultado. Así que, eu entendo que non queiran facer súas as políticas que se aprobaron co goberno de Emilio Pérez Touriño, pero é que, se non as queren facer, pois, vanme perdoar, ¡chao *amiguís*! Ou sexa, non hai nada máis que facer porque isto non ten solución nin teñen vostedes unha rede para sostelo.

Nesta moción propóñense medidas que entran na cabeza de todos aqueles que están no ensino, no eido da cultura e mesmo en milleiros de persoas —como dicía antes— que nunca viron un problema en ter unha lingua propia, na cal posiblemente foron criados, en maior ou menor medida, e que recoñecen como parte do que son.

Pero o caso é que vostedes contraveñen ademais a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias. Isto é importante porque é un tratado aprobado polo Consello de Europa en 1992, co obxectivo de protexer e de promover as linguas rexionais ou minoritarias como parte do patrimonio cultural europeo; non é un tratado da Unión Europea, senón do Consello de Europa, é dicir, unha organización distinta que está centrada en dereitos humanos e en democracia. E vanme permitir dicir, para que quede constancia, o que están vostedes pervertendo coa inacción ou coa mala acción sobre a xestión da lingua galega. Hai uns principios xerais: recoñecer as linguas minoritarias como expresión da riqueza cultural; respectar a súa área xeográfica tradicional; fomentar o seu uso na vida pública-privada; promover a ensinanza e a aprendizaxe; facilitar medios de comunicación na lingua; eliminar os obstáculos ou a discriminación. E, despois, medidas concretas en educación, como o ensino na lingua minoritaria e da lingua minoritaria en distintos niveis e a formación do profesorado; en xustiza: a posibilidade de usar a lingua nos tribunais; na Administración pública: o uso da lingua nas relacións coa Administración; nos medios de comunicación: a promoción da radio e da televisión na lingua —aquí imos de campións. Aproveito para mandar un saúdo aos Venres negros e a Defende a Galega por todo o que está a acontecer no ámbito da televisión pública



galega (*Aplausos.*)—; en cultura: apoio á creación cultural. (*Aplausos.*) —vanme permitir, pois non é a primeira vez que escoito o presidente desta Cámara dicir que pide unha rebaixa aos artistas cada vez que se compra unha obra de arte—; e, despois, está a vida económica e social e o uso da lingua en servizos públicos e privados.

Entón, o galego, xunto co catalán e co éuscaro, están incluídos nesta Carta europea, e o que implica é que no Estado español se asumiron algúns terreos, pero, ¡claro!, o ensino é insuficiente en galego, no uso da Administración e, por suposto, na presenza dos medios públicos; e aí estamos a ver se o utilizamos na xustiza.

Así que, eu non sei, señores, ata onde podemos... Eu creo que ata aquí podo ler, non sei se poderemos facer algo máis sobre isto. Todo o que está aquí está nas súas mans, evidentemente, e non nas nosas; nas nosas está ofrecerlles o apoio, como se lles ofreceu desde o Partido Socialista. Nas nosas está convocar as manifestacións, que acontecen, cada dous por tres, nas rúas destas cidades. Hoxe vimos que vostedes practican o que xa dixeran antes deste materialismo, que nos reconcome, que nos leva sempre a situacións límite, pero nunca nos deixa expandir naquilo que nos fai máis grandes aos seres humanos, que é na cultura e na educación.

E eu, sinceramente, non sei como acabaremos, porque non podemos facer nada máis unha parte dos que estamos aquí. Seguramente vostedes saberán que momentos teñen para acabar con esta política de defenestración; seguramente vostedes saberán cando teñen a posibilidade de quitar esa bandeira e poñer a outra. Benvido sexa que poñan a bandeira da progresión na lingua galega.

O que si sei é que a este paso, seguramente, ata poderemos encontrar que sexa —pois non sei— Julio Iglesias o patrón da Terra porque, evidentemente, xa fixo un canto a Galicia. A vostedes parécelles marabilloso porque tomaron, evidentemente, a cultura como parte do folclore, e iso, sinceramente, non é outra cousa que ser reduccionistas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto.

(*O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Ferro.

JOSÉ LUIS FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Falamos hoxe, unha vez máis, da lingua galega; e facelo hoxe é tamén unha forma de homenaxear a Rosalía.



E cando falamos da lingua, non falamos dun asunto menor nin dunha cuestión sectorial, falamos dun dos piares da nosa identidade como pobo. Por iso quero comezar deixando algo claro: para o Grupo Popular, a lingua galega non é un instrumento político, é un patrimonio común. *(Aplausos.)* Non pertence a ningunha forza nin a unha ideoloxía nin a unha xeración concreta, senón que pertence a toda Galicia. *(Aplausos.)*

Escoitando as súas intervencións, dá a impresión de que Galicia vive nunha situación de conflito permanente coa súa lingua, pero a realidade social é distinta. E por iso quero formularlles unha pregunta moi concreta: ¿consideran vostedes que o equilibrio institucional, que a estabilidade educativa e que o respecto á liberdade das familias son un retroceso democrático? Porque iso é onde está a cuestión. Falan de emerxencia, de retroceso, de ruptura histórica, pero a pregunta que facemos é que nos debemos facer é moi sinxela: ¿está hoxe o galego prohibido? Non nos enteramos ou ¿está excluído das aulas ou da Administración ou dos medios públicos? A resposta é que non, claramente.

O galego é oficial, está protexido polo Estatuto, está presente no ensino, está vivo na cultura, está respaldado por políticas públicas que, ademais, incrementaron o seu financiamento nos últimos anos. Entón ¿cal é o verdadeiro problema? O verdadeiro debate non é lingua si ou lingua non porque todos os que estamos aquí estamos de acordo con que lingua si. *(Aplausos.)* E eu concordo con vostede, señora Queixas, na reflexión que fixo sobre a súa cunca. *(Aplausos.)* Nós tamén cremos que o galego é memoria e que o importante é que o galego se fale e non asustar a xente para que o fale. O verdadeiro debate —como dicía— non é lingua si ou lingua non, senón imposición ou convivencia. E nós, pola nosa parte, témolo claro: non imos participar nun modelo que entenda a identidade como uniformidade; non imos aceptar que se presente como conflito o que é convivencia. Non podemos asumir que defender o equilibrio sexa traizoar a lingua; defender un equilibrio nunca pode ser traizoar a lingua porque Galicia non precisa dunha lingua de partido, precisa dunha lingua de todos. E o galego non vai ser máis forte porque se impoña, senón porque siga sendo libre. *(Aplausos.)*

A convivencia lingüística non é unha anomalía, señorías, é unha realidade consolidada, e é, ademais, unha expresión de madurez democrática. Piden triplicar o orzamento, como se a Xunta estivese desentendida da lingua, mirando ou facendo outras cousas. E saben perfectamente que non é certo. Nos últimos anos, o Goberno galego incrementou, de maneira sostida, os recursos de política lingüística. Nestes dous últimos anos, incrementáronse nun dezaioito por cento; e fíxose con planificación e con rigor. Invístese máis na creación audiovisual en galego, na súa presenza dixital, no apoio á edición e á cultura e en programas que favorecen a transmisión interxeracional. Sabemos que o futuro do galego non se mide só nas aulas, senón tamén nas redes, nas pantallas, nas empresas e na cultura contemporánea.

Sei que o punto central desta moción é a derogación do Decreto 79/2010. E aquí quero ser moi claro: o equilibrio nunca é unha renuncia, é unha decisión consciente da Galicia que nós queremos, é dicir, garantir que todos os alumnos galegos dominen plenamente as dúas linguas oficiais. É unha obriga estatutaria e, ademais, unha responsabilidade política. *(Aplausos.)* Non podemos converter a escola nun espazo de experimentación ideolóxica, a escola debe ser un lugar de formación —si—, de cohesión e de liberdade. Galicia, señorías, é bi-



lingüe; oxalá consigamos que sexa trilingüe. Esa realidade non debe ser, polo tanto, combatida, senón ordenada con sentido común.

Permítanme unha reflexión que vai máis alá do debate técnico. Se unha política xera conflito permanente, algo falla; se divide a sociedade e se impón, en vez de convencer, algo falla. Galicia, hoxe, non vive unha fractura lingüística, vive nun marco de estabilidade, e iso tamén é resultado de boas políticas. A lingua galega fortalécese cando se asocia ao prestixio e á modernidade, á cultura e á utilidade.

Falaban da Lei de normalización lingüística do ano 1983; unha lei, froito dun grande acordo e os grandes acordos constrúense con vocación integradora. Non sei se a nova lei anunciada pola ministra Montero, para promover e difundir a fala andaluza, terá a mesma vontade real de política lingüística, pero penso que non vai ser así, señorías do PSOE, porque, co tempo que vostedes gobernaron alí, permítanme que vexa este anuncio coa cautela da vida.

Nós estamos sempre dispostos a dialogar sobre todo —¡sempre!—. Pero non podemos aceptar reformas que alteren o equilibrio institucional nin que rompan o marco de cooficialidade que garante o noso Estatuto. As leis fundamentais da nosa Autonomía non poden estar sometidas a vaivéns ideolóxicos. Como saben, a lingua atravesou séculos de dificultades, ben recordado por vostede, señora Queixas tamén. Sobreviviu sen poder político propio, sen que Galicia fose nacionalidade histórica, sen recoñecemento institucional e, en moitos momentos, sen protección legal; e sobreviviu porque estaba no pobo, na familia, na cultura, na fe tamén, e na vida cotiá.

Hoxe Galicia é unha autonomía consolidada: ten Estatuto, ten institucións e ten unha lingua recoñecida como propia e oficial. A nosa responsabilidade histórica non é tensar esa realidade, é coidala; non é dividir os galegos en función da lingua que empregan, é garantir que todos se sintan parte deste mesmo proxecto común. A verdadeira fortaleza dunha lingua non reside na imposición, senón na adhesión libre da sociedade; e a verdadeira madurez dun país mídese pola súa capacidade de convivir sen excluír.

Galicia é máis forte cando a súa lingua une e non separa, cando promove sen impor e cando actúa con serenidade, e non con dramatismo. Por responsabilidade co pasado que herdamos e co futuro que debemos legar, o noso compromiso é claro, señorías: defenderemos sempre a nosa lingua; defenderemos sempre o galego, pero defenderémolo dende a liberdade, dende o equilibrio e dende a convivencia, porque a lingua galega non é patrimonio dun tempo nin de ningún partido, senón que é un legado común e é unha tarefa compartida por todos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.



En primeiro lugar, entendo que van votar a favor do Grupo Socialista, aínda que non o dixesen explicitamente, pero dedúcese da intervención; e tamén quero facer explícito que aceptamos a emenda de engádegas que presentaron.

En relación co portavoz do Partido Popular, o señor Ferro, pois eu teño que recoñecer que pensaba que podía haber algunha posibilidade de comezaren a actuar, como representantes do pobo, e, vexo que non; vexo que seguen instalados no «non» polo «non» ao galego, que non mudou nada, que van votar en contra das propostas do BNG e, ademais, é que nin sequera se molestaron en presentar unha emenda ou en buscar a forma de achegarse con algunha transacción. Non hai vontade de consenso, non hai vontade de diálogo e non hai vontade de acordo, isto é, están pechados en banda na súa política de exclusión do galego e da sociedade. ¡Menuda homenaxe a Rosalía!, como vostede empezou aquí falando, hoxe. (Aplausos.)

Falou vostede de «bilingüismo», e eu só quero traer aquí unhas palabras do recentemente falecido profesor Alonso Montero, á cuxa familia e amizades, por suposto, mandamos outra vez un saúdo. E o profesor Alonso Montero dicía: «O bilingüismo mata a lingua con menos poder»; nada máis acaído para este momento.

Falou vostede de «liberdade»; liberdade, cando o seu partido, desde o Goberno da Xunta de Galiza, ten preso o galego na escola. ¿Como pode dicir que non está prohibido, se o Decreto prohibe impartir en galego, nunha lingua diferente do castelán...? ¡Non, perdón!, prohibe impartir en galego porque en inglés si que se pode. ¡Non, non!, non hai equilibrio, está a balanza bastante escorada. O Decreto prohibe impartir en galego —en inglés, si se pode— Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía. (A deputada Mercedes Queixas Zas diríxese ao deputado José Luis Ferro Iglesias.) Lea o decreto, por favor, porque eu o teño bastante lido. Está prohibido o galego na escola, como o estaba nos mellores tempos do seu compañeiro de militancia, o señor Fraga Iribarne, aquel ministro da ditadura que, hoxe, parece que foi un aperturista, como dicía a portavoz do Partido Popular.

Falou vostede de «imposición», señor Ferro, ¿como se pode impoñer unha lingua minorizada que perde falantes, día tras día?; ¿como se pode seguir sostendo iso?

E falou vostede de «equilibrio» —equilibrio—, ¿que equilibrio?, cando negan a posibilidade de aprender en galego, pero non en inglés, e cando un de cada tres menores de dezaseis anos recoñece que non ten competencia para ter unha vida normal de comunicación en galego. ¿Que clase de equilibrio é ese? Eu creo que era mellor ser honestos e que vostede veña aquí defender o que é a ideoloxía do Partido Popular, do seu partido, que é a ideoloxía da discriminación do galego e a apoloxía da ignorancia; e así deféndano (*Murmurios*.) e non se escondan porque é a reprodución da política lingüística actual.

¡Pero bueno, é igual! Eu téñolles unha moi mala noticia, que é que os galegos non llo van permitir, non van seguir por aí, porque saben que o galego non é ningún problema, pois o problema para o galego é o Partido Popular. E aí fóra hai unha sociedade que xa reaccionou, que fai que o galego avance na música, na literatura, no teatro, nas redes sociais, nas canles dixitais, no deporte etcétera, etcétera. Hai unha infancia que xa se declara membro do Club



Vitamina G —convídoos a que o siga nas redes sociais— ou unha mocidade que nos contaxia alegría e esperanza coa lingua, con esa declaración firme de «aquí tamén se fala». Hai unha sociedade que socializa, que ri, que baila e que canta ao redor da música e do baile tradicional galegos, que celebra, outra vez, volcada nas rúas, como no día de onte —o 23F—, como o Día de Rosalía, ou que premia os novos talentos de comunicación en galego, como é, por exemplo, o certame das Youtubeiras.

Como dixo Castelao —para nós Castelao segue plenamente vixente no ano 2026, aínda que xa rematase o ano oficial, só do Partido Popular—: «A tradición non é a historia, a tradición é a modernidade e revélase no idioma», como se revelou Rosalía, sendo a primeira autora...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...monolingüe, nun tempo en que tiña absolutamente todo en contra. Fíxoo tecendo soia a súa tea, mais sen renunciar nunca á liberdade e á defensa da lingua. E hoxe somos, afortunadamente, moitas —¡moitísimas!— máis as que tecemos a rede social ao redor dun futuro, en liberdade, para o galego.

—Remato presidente—. O pobo galego construíu unha lingua inmortal para unírnos como pobo e seguirá a unírnos a lingua a todos e a todas, excepto as que non a queren, as que a prohiban e as que lle neguen o futuro.

O pobo galego —non teñan ningunha dúbida, señorías— torceu o Goberno do Partido Popular e volverá facelo.

Altri non, galego si. (*Aplausos prolongados.*)

O PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais

O PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Raquel Arias Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España a seguintes demandas:



1º.- Retirar o recurso de inconstitucionalidade contra o Plan de axilización da dependencia e da discapacidade da Xunta de Galicia, que axiliza o recoñecemento da discapacidade pola vía das homologacións.

2º.- Esixir que cese no seu afán de bloquear as políticas sociais de Galicia, priorizando o benestar das persoas dependentes sobre as disputas competenciais.

3º.- Reclamar que cumpra as súas abrigas, abonando a débeda pendente cos galegos en materia de dependencia, e con financiando o 50% establecido na normativa.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o contido dos puntos 2 e 3 polo que segue a continuación:

«2. Aprobar un plan de choque para a redución das listas de agarda da dependencia e da discapacidade a través da ampliación do persoal e dos Equipos de Valoración e Orientación (EVO) priorizando aquelas delegacións territoriais que contén cun maior tempo de tramitación, co obxectivo de:

- Reducir nun 50% os teínpos medios de resolución no prazo de tres anos.

- Garantir que se cumpren os prazos legalmente establecidos.

3. incrementar a achega orzamentaria da Xunta ao financiamento do SAF até os 17 euros a hora con carácter retroactivo, isto é, desde o 1 de xaneiro de 2025 para aumentar progresivamente esa contía até alcanzar os 20 euros a hora en 2027 co horizonte posto en que se asuma ao 100% o seu financiamento por parte da Xunta e do Estado a partes iguais, tal e como establece a Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Personal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Así mesmo, impulsar as accións necesarias para reclamar xudicialmente ao goberno do Estado o diñeiro adebedado a Caliza en materia de dependencia tanto no referido ao financiamento do 50% do Servizo de Axuda no Fogar como a débeda histórica contraída desde a entrada en vigor da Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.»)

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Un saúdo á rapazada (A deputada Silvia Longueira Castro diríxese cara á tribuna de convidadas e convidados.) que está por aí arriba, que non sei de que colexio será, pero..., ola a todos.

(O presidente pronuncia palabras que non se perciben.)



O PRESIDENTE: Penso, ¿eh? —é que mo estaban dicindo e non puiden porque estabamos co debate—, pero penso que son os alumnos do terceiro curso do colexio plurilingüe do Sagrado Corazón de Ferrol. ¿É así? (*O presidente diríxese cara á tribuna de convidadas e convidados.*) Pois benvidos ao Parlamento.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Con motivo da anterior interpelación, que trouxemos a este Pleno, ten lugar hoxe aquí esta moción, que ten obxectivos moi claros: pautas para arranxar ou encamiñar de xeito rigoroso o devir dos servizos sociais en Galicia, de maneira que non só esteamos a traballar no presente inmediato, senón tamén na realidade inédita que, dentro de quince anos, vai ter que xestionar Galicia, e garantir un sistema financeiro que poida dar resposta á demanda dun futuro no cal as persoas acadarán maior lonxevidade.

E isto non é unha ocorrencia, é algo que se está facendo na Unión Europea, no cal se dá en chamar a Asociación Europea para a Innovación do Envellecemento Activo e Saudable, que promove a innovación en saúde, en tecnoloxías dixitais, en asistencia e en modelos de vida saudables para persoas maiores e que busca mellorar a calidade de vida, a sostibilidade dos sistemas sociais e a competitividade do mercado europeo de innovacións en envellecemento. Tamén está a deseñar unha Estratexia de equidade interxeracional que reforza o diálogo e os mecanismos sociais e é un pilar europeo dos servizos sociais, que inclúe principios para asegurar ingresos dignos, pensións xustas e dereitos sociais para as persoas na terceira idade. Estas políticas non son puntuais —non son puntuais—, senón que son parte dunha estratexia e dunha planificación, a longo prazo, cara ao ano 2050 e máis alá.

E aí está o primeiro punto da nosa moción, que xa trouxemos aquí —non sei cantas veces, pero moitas—, que é elaborar e presentar, no prazo de doce meses, un plan estratéxico galego de política social 2026-2036, con especial foco no envellecemento da poboación, que inclúa un diagnóstico demográfico, proxeccións e necesidades de coidados a todos [...], unha memoria económica plurianual, con financiamento garantido, e un sistema público de avaliación anual con comparecencia neste Parlamento.

E isto é porque Europa está a desenvolver, entre outras cousas —xa sei que aquí todos somos pioneiros e isto é unha forma de ir avanzando—, o que se espera que sexan as políticas nacionais dos países europeos nos próximos anos: un envellecemento saudable, o sistemas de saúde máis equitativos, crear ambientes amigables ou reequipar os roles sociais, combater o idadismo e favorecer políticas de inclusión.

E quero facer aquí un chamamento a quen lle escribía o outro día á señora conselleira —porque eu creo que llo escribiron; non creo que ningún diga isto así, se non o pensou—, que nos acusou de practicar o idadismo. Eu creo que se equivocaba. Debía estar falando por teléfono a quen llo dixo. Que alguén lle diga ao asesor que estamos errados, que ese non é o concepto, que estamos falando de todo o contrario; estamos falando do que se chama agora a «economía prateada», que, nuns casos é economía, e noutros, en Galicia, é supervivencia. Esa economía prateada que considera as persoas maiores como un motor económico, que vai ter lugar en Galicia, pois van ocorrer esas dúas correntes: vai haber xente que non sabe que facer coa súa vida e vai haber outra que teña unha vida máis arranxada. E aí é onde entra ese plan estratéxico, que levamos recla-



mando, que está dentro da Lei de servizos sociais de Galicia, que nunca se fixo, e que, polo tanto, se incumpre a Lei de servizos sociais de Galicia aprobada neste Parlamento.

Dicía que moitos países e institucións europeas fomentan estes sectores específicos para as persoas maiores, e isto ten que ver tamén co que propoñemos nos puntos 4 e 5, que consisten en desenvolver o Plan galego contra a soidade non desexada para as persoas maiores, coordinado con concellos e co terceiro sector, con indicadores específicos do impacto da avaliación anual, e en garantir a equidade territorial nos servizos sociais, mediante a implantación de unidades móbiles de atención sociosanitaria no rural, a Rede comarcal de centros de día e programas de transporte adaptado en concellos rurais. Insisto: nada do que hoxe a Unión Europea non estea planificando de cara ao ano 2050 para os distintos territorios, comarcas e rexións da propia Unión Europea.

Países como Dinamarca, por exemplo, aproban un aumento progresivo da idade legal de xubilación, para quen o estime oportuno, ata os setenta anos de cara ao ano 2040, e que está vencellado, evidentemente, á esperanza de vida para a sostibilidade do sistema de pensións; outros, como Alemaña, Italia ou Grecia, adaptan as idades de retiro e introducen mecanismos automáticos para responder ao incremento da esperanza de vida; e, ademais, organismos internacionais, como a OCDE, recomendan políticas combinadas de inmigración regular, de actividade laboral prolongada e de formación continua para manter unha forza de traballo sostible.

Para isto hai programas de envellecemento activo, que é verdade que os poñen en práctica nalgúns concellos en Galicia —concellos do Partido Socialista, evidentemente—, pero que non deixan de ser puntuais, e non estruturais, como se debería estar facendo nestes momentos. Envellecemento dixital, cunha formación para solventar as brechas tecnolóxicas e plans locais e rexionais para promover as comunidades amigables, que son sobre as que nós viñamos falar aquí, desa soidade non desexada que campa, pola súa ausencia, en toda Galicia. Non soamente estamos deixando soas ás persoas maiores, senón que as estamos deixando sen medios de comunicación. Son concellos de Galicia nos que hai anos que non pasa un só autobús que poida levar as persoas desde unha poboación pequena ata a vila de referencia máis preto daquela —e que apenas está a dez ou a quince quilómetros; pero que iso xa non existe—.

Por suposto, está a atención sanitaria de coidados a longo prazo e a integración de modelos de atención continuada que conectan o hospital, a atención primaria e os coidados no fogar. Entendo que é practicamente imposible, dado a como estamos tamén na atención primaria, pero tráíoo aquí, porque isto non deixa de ser parte desa estratexia europea, para a que nós, polo que sexa, nin sequera, no día de hoxe, temos en conta un plan estratéxico para os nosos servizos sociais.

E de aí xorde o que dicimos nos puntos 2 e 3, é dicir, aprobar o Plan de choque para a redución das listas de espera en dependencia, que, no día de hoxe, vostedes arranxan cunha unificación de procesos, pero que, de momento, nin é válido nin dá bos resultados, de momento, e o que se está facendo é retirar dereitos a cambio de bonos. É dicir, este non é o camiño que preconizaba a Lei de dependencia aprobada por un Goberno socialista hai xa dezaioito anos.



Polo tanto, non sei como sairá dos tribunais este recurso, pero, en calquera caso, xa lles digo que non é o que están a facer segundo o que se exige na Lei de dependencia, que é dar dereitos ás persoas maiores que teñen esa necesidade e que o Estado ten a obriga de facilitalos.

E, por último, demandamos reforzar estruturalmente o servizo de axuda no fogar, cun incremento sostible da achega autonómica aos concellos, establecendo un financiamento finalista estable, e cun impulso á profesionalización e mellora nas condicións laborais dos traballadores do sector. Todo isto —eu xa sei que me van vir despois cos fondos do Estado—, señoras e señores, ten que facerse como un plan estratéxico, porque se despois as contías non son finalistas nos atopamos con que estamos facendo iso, un xogo de cartas, traspasando diñeiros da dependencia aos cartos que se dan a través dos bonos, porque vostedes encontraron esa nova vía de facer pseudodependencia. Isto é, precisamente, cun plan estratéxico, o que se trata de erradicar.

Por outra parte, falabamos tamén de rexeitar estereotipos negativos, da idea de promover o que dicíamos antes: unha visión positiva do envellecemento como oportunidade, con programas de sensibilización, con formación para medios e profesionais, con políticas educativas sobre solidariedade interxeracional e con fomento de roles activos das persoas maiores na sociedade. Isto levaríanos aos puntos 6 e 7: aprobar un plan de accesibilidade de adaptación de vivendas, co obxectivo de adaptar cen mil fogares en dez anos mediante axudas simplificadas e convenios coas comunidades de propietarios, e incrementar progresivamente o investimento en políticas de coidados para acadar no ano 2036 un mínimo do 2,5 por cento do produto interior bruto galego, garantindo financiamento suficiente e sostible cunha perspectiva no longo prazo. Nós falamos de comezar este plan estratéxico, e, evidentemente, xa sabemos o resultado que vai dar, pero é que o que hai que facer é encamiñar esas políticas de cara ao 2050, porque sabemos que Galicia, en dez ou quince anos, vai ter unha situación inédita —como dicía aquí o outro día e tanta risa lle provocaba, señora conselleira—. E, como a política, basicamente —á parte de vir aquí e dicir cousas que ás veces van adiante e outras non—, é tamén planificar, volto deixar este dato encima da mesa, porque a nosa responsabilidade, tanto se está un gobernando como se está na oposición, é planificar, porque quen veña detrás vai encontrar un petate interesante e vai encontrar, ademais, que nesta Cámara nunca se exixiu que se levase a cabo...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ...este plan estratéxico, tal e como se contempla na lei.

Entón, ¿como convertemos Galicia nese lugar pioneiro que vostedes adoitan dicir para vivir noventa, oitenta e moitos ou case cen anos? Nas súas mans queda, porque basicamente se trata de que entre todos aprobemos un plan. É dicir, antes de ter os cartos, temos que saber que facer con eles, e, hoxe, desgraciadamente, non o sabemos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde xa a todas e a todos, e benvidas tamén as persoas que nos acompañan hoxe na bancada de convidados.

Vou pasar a enfocar a intervención a respecto da emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego. Nós, en xeral, concordamos co espírito da proposta, pero introducimos coa nosa emenda de modificación un par de cuestións para matizala e concretala en dous aspectos que para nós son fundamentais.

Un é que se fala da redución dos tempos de espera das listas de agarda no ámbito da dependencia para reducir á metade o tempo de resolución, e nós incluimos tanto a dependencia como a discapacidade. Cremos que, máis alá de falar dunha redución á metade desas listas de espera, hai que concretar como debe facerse esa redución e se a vía é a través do incremento tanto dos profesionais como dos equipos de valoración e orientación tanto da dependencia como da discapacidade.

Eu xa non pido nin o BNG pide... Fala a señora Longueira na súa moción de que ninguén espere máis de tres meses para recibir a prestación recoñecida. Nós conformámonos con que se cumpra o que establece a lexislación vixente, que hoxe está tremendamente superado. A Lei di —quero lembrar— que o tempo máximo para resolver as valoracións da dependencia son 180 días, un prazo máximo de seis meses. A media —cos últimos datos publicados polo Imserso— en Galicia é de 322 días. Falamos case de duplicar eses tempos de tramitación. E, no ámbito da discapacidade, a situación xa é absolutamente impresentable. A lexislación obriga —no ámbito estatal, eh, non só en Galiza— a que haxa unha valoración da discapacidade de 90 días —son tres meses—, e, para que nos fagamos unha idea, unha persoa de Lugo ten que agardar de media 675 días e unha de Pontevedra, 690 días —falamos de máis de dous anos— para ser valorada nun grao de discapacidade e acceder aos dereitos recoñecidos e ás prestacións que se lle recoñecen por lei, que é poder manter unha vida digna e con plenitude, con autonomía, cos apoios e servizos que se necesitan vinculados a esa condición.

¿Que é o que propón o BNG na emenda? Que se incrementen eses equipos de valoración e orientación —que se veñen incrementando nos últimos anos, pero, a todas luces e á vista dos datos, son claramente insuficientes— para reducir esas listaxes de agarda e eses tempos de tramitación e, sobre todo, para garantir que as persoas teñen en tempo e forma os seus dereitos recoñecidos. Porque no ámbito da discapacidade, no caso de Lugo, están tramitándose con carácter ordinario. Se ti non tes ningunha das prioridades contempladas na lexislación, estanse tramitando expedientes de 2023 ou 2024 hoxe, en febreiro de 2026. Iso é absolutamente inadmisíble.

E a segunda cuestión que introducimos na nosa emenda ten que ver co servizo de axuda no fogar. Poñen vostedes, as señorías do Partido Socialista, (*Risos.*) na moción que ten que reforzarse o SAF cun incremento sostible da achega autonómica aos concellos e un financia-



mento finalista estable. Iso xa o están facendo. É que o debate non é que haxa un financiamento que se incremente ou que sexa estable, senón que o debate está en que non se achega nin minimamente ao custo real de prestación do servizo a aportación que fan as dúas administracións responsables do sostemento económico do servizo de axuda no fogar, que son a Xunta e o Estado, que a lei di que teñen que sostelo economicamente e que teñen que financiarlo a partes iguais ambas as dúas administracións. E hoxe o que temos encima da mesa son 18 euros dentro de dous anos, en 2028, cando hoxe prestar unha hora do servizo de axuda no fogar, na maior parte dos concellos galegos, está en 24 euros á hora.

Entón, ¿que é o que propón o BNG? O mesmo que leva defendendo o Bloque Nacionalista Galego nesta Cámara desde hai moito tempo: que se incremente ese financiamento do SAF por parte das dúas administracións responsables de financiarlo, a Xunta e o Estado, até aproximalo minimamente —xa non digo máis— entre 2026 e 2027 ao custo real da prestación do servizo, e que, a partir de aí, a partir de 2027, se financie tal e como determina a Lei de dependencia desde hai vinte anos, e se reclame, por suposto, o que se lle debe a Galiza.

Porque isto é curioso e logo vai ser obxecto probablemente de debate outra vez: a famosa débeda adquirida polo Goberno español, polo Goberno central, con Galiza en materia de dependencia; case 3.000 millóns de euros, 2.900 millóns de euros aproximadamente. É curioso como intercambian os papeis o Partido Socialista e o Partido Popular en función de quen sente na Moncloa como inquilino, como presidente do Goberno de España. Eses case 3.000 millóns de euros que debe a Administración central, o Goberno español, a Galiza en materia de dependencia levan o puño e letra, a sinatura, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista, que se alternaron no Goberno español nos últimos anos.

E claro que se lle deben a este país eses cartos. Primeiro, porque ao contrario do que di a lei, ningún goberno de España —desde o ano 2006, que se aprobou a Lei de dependencia, até hoxe— pagou o 50 por cento do que custa o sostemento do sistema de autonomía persoal da dependencia, nunca. Agora ao Partido Popular parécelle pouco que o financiamento que achega o Estado ao sistema da dependencia sexa do 37 por cento. E, efectivamente, é pouco; é menos do que di a lei que debe pagar a Administración estatal. O Partido Popular cando gobernaba en Madrid pagaba o 18 por cento, e eu daquela non só non lembro o Partido Popular darse golpes de peito con discursos inflamados porque o Goberno español non pagaba, senón que botaba reiteradamente en contra das propostas que traía o Bloque Nacionalista Galego a esta Cámara cando lle exixíamos ao Goberno español, daquela presidido por Mariano Rajoy, que pagase o que a lei marcaba e devolvese a Galiza o que lle debía.

E, despois, claro, para chegar a 3.000 millóns de euros de débeda con este país —que, ¡logo se di!, é *muchísimo* diñeiro— non só hai que deixar de pagar; é que hai que recortar o que se pagaba. E aí o Partido Popular tamén ten unha responsabilidade ben grande nesa débeda da dependencia con Galiza, despois de que no ano 2012 non só recórtase diñeiro, senón que recortou salvaxemente tamén os dereitos das persoas dependentes.

Simplemente a modo de refrescarnos a memoria a todos —hai que saber de onde se vén para saber onde estamos—, o Goberno español suspendeu daquela, en 2012, durante dous anos, as solicitudes que estaban pendentes de resolución, impedíndolles a persoas que tiñan a súa



dependencia recoñecida acceder ao sistema durante tres anos; recortou un 15 por cento todas as prestacións económicas; recortou o 13 por cento o nivel mínimo de financiamento estatal, e suprimiu entre 2012 e 2015 os concertos coas comunidades autónomas que están na base do sistema de financiamento da dependencia. 285 millóns de euros aforrou o Goberno español. ¿Como chamou a conselleira nesta interpelación o Goberno de España de agora? ¿*Gobierno moroso*? Pois ten a firma, o puño e letra tamén do Partido Popular (*Aplausos.*) a débeda que ten contraída a Administración do Estado con este país. Entón, claro, claro que se lles debe case 3.000 millóns de euros ás galegas e aos galegos.

Nós agardamos que se acepten as nosas emendas. Insisto en que no espírito da moción estamos de acordo, pero cremos que é importante matizar e concretar estas dúas cuestións tan importantes.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Ben, antes de empezar a centrarme nesta iniciativa, señora Rodil, eu quería facer referencia a algo que comentou vostede aquí esta mañá, porque, efectivamente, eu pódome equivocar ao dar os datos, pero o que non fago é mentir. Entón, cando eu dicía que temos que seguir mantendo a Risga polo fracaso do ingreso mínimo vital, non estaba mentindo. O que si facía vostede eran comparacións espurias, porque estaba comparando a porcentaxe de persoas que teñen a Risga coa totalidade dos habitantes de Galicia, e, sen embargo, cando falaba do ingreso mínimo vital, referíase exclusivamente ás persoas que están en situación de pobreza severa. (*Murmurios.*) Entón, aquí o PP non mente; é o Bloque Nacionalista Galego o que fai comparacións espurias. (*Aplausos.*)

E, mire, xa centrándonos nesta iniciativa, vostede e mais eu, señora Longueira, levamos anos falando de dependencia, unhas veces con encontros, outras con desencontros. Algunha das iniciativas a min pódenme parecer máis ou menos afortunadas, pero realmente a proposta que hoxe vostede trae aquí directamente paréceme inverosímil. É unha iniciativa que, dende logo, é calquera cousa menos iso que dicía vostede de que era rigorosa. É directamente un insulto aos galegos, ás persoas con dependencia e ás súas familias, e vouno xustificar punto por punto.

Mire, falan vostedes de aprobar un plan de choque para a redución das listas de espera da dependencia. Pero, ¿de que me está falando, señora Longueira? Fan esta petición cando o PSOE de Sánchez, co apoio do BNG, nos acaba de prohibir a Galicia que sigamos adiante co plan de choque para as valoracións da dependencia e a discapacidade de xeito simultáneo. (*Aplausos.*) ¡Como poden ter tanta cara! Este plan de choque, señora Longueira, nun só ano, conseguiu reducir un 45 por cento o número de persoas en lista de agarda. ¡Reduciuno un 45 por cento en Galicia, cando só se reduciu un 4,5 por cento en España —e aquí as comas



sonlle moi importantes, eh—! Este plan, nun ano, conseguiu reducir en dous meses o tempo de espera, e ese plan vostedes bótano abaixo simplemente para poderlles cobrar máis impostos a quen máis o necesita, ás persoas con discapacidade. ¡Unha vergonza, señora Longueira!, co apoio do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Piden reforzar estruturalmente o servizo de axuda no fogar mediante o incremento sostible da achega autonómica aos concellos. Pero, ¿onde estivo vivindo vostedes estes días, señora Longueira? ¿Pero é que vostede non se lembra de que o alcalde socialista de Vilagarcía acaba de aprobar coa Xunta de Galicia un acordo para subirlle o 50 por cento a aportación aos concellos nos vindeiros tres anos —150 millóns de euros—? O Bloque votou en contra, pero, señora Longueira, ¡os alcaldes socialistas votaron a favor! Ben, logo o señor Besteiro e a súa número dous dixeron non sei que de non sei que, e non estaban de acordo cos seus alcaldes, pero iso terano que arreglar eles. O caso é que os concellos galegos terán eses 150 millóns de euros en tres anos para o servizo de axuda no fogar, a maiores dos que teñen agora mesmo. E claro que hai que aumentalo. Nós estamos de acordo en que hai que aumentalo, pero é o Goberno socialista o que nos debe 2.900 millóns de euros. ¡Que nolos pague! Non a nós; aos dependentes galegos e ás súas familias.

E falan vostedes de coordinación cos concellos; isto é moi bo. Falan vostedes de coordinación cos concellos, cando dende Madrid o que se fai é impoñerlles máis obrigas aos concellos para o servizo de axuda no fogar pero non se lles dá cartos. E falan vostedes de coordinación cos concellos, cando foi o Bloque e o Partido Socialista os que no ano 2008 dixeron que era competencia dos concellos facer o servizo de axuda no fogar. Porque lembren, señorías: vostedes unha vez gobernaron en Galicia, ¿lémbrense? Os galegos dixéronlles que querían que gobernase o Bloque e o PSOE. Fixérono tan rematadamente mal que tres anos despois os botaron e nunca máis os quixeron. ¡Menuda pegada deixaron en Galicia, señorías! *(Aplausos.)*

Pero isto non acaba aquí, señorías, ¡non acaba aquí! Di a señora Longueira que hai que garantir a equidade territorial nos servizos sociais. ¡Por suposto, señora Longueira! Se é o que vimos pedindo dende o Partido Popular e dende a Xunta de Galicia reiteradamente: que o Goberno de Sánchez trate con equidade todos os territorios e que deixe dunha vez de prexudicar as galegas e os galegos. Aos vascos páganlles xa o 50 por cento da Lei de dependencia, e ao Bloque pareceulle fantástico, pero a nós reduciunos do 40 ao 35 por cento. ¡Claro que queremos esa equidade do Goberno socialista con todas as galegas e os galegos!

Miren, pide a señora Longueira tamén que hai que incrementar progresivamente o investimento en políticas de coidado. Non podemos estar máis de acordo —xusto ao contrario do que fai Sánchez—. Aquí en Galicia a atención aos maiores e dependentes é unha prioridade da Xunta. Así o demostran os máis de 840 millóns de euros destinados a este fin no orzamento de 2026, unha cifra histórica coa que estaremos ao seu lado. Socialistas e nacionalistas, nós dicímoslles aos maiores, dende o Partido Popular, que queremos que vivan esa etapa da súa vida onde eles queiran, e nós ímoslles dar as condicións e o servizo para que así o poidan facer. Por iso, señorías, dende que governa o Partido Popular, con respecto a cando gobernaba o Bloque Nacionalista e o Partido Socialista, multiplicamos por seis o número de dependentes atendidos, por tres o número de prazas públicas de residencia, por seis o número de centros de día, por oito o número de persoas atendidas no servizo de axuda



no fogar en colaboración cos concellos e, ademais, puxemos 160 casas do maior. E miren, si, 33.000 persoas elixiron voluntariamente poder desfrutar do bono Coidado no Fogar. *(Aplausos.)*

Señora Longueira, vostede sabe... Hoxe está moi contenta a señora Longueira porque, miren, en Madrid xusto hoxe se acaba de aprobar a Estratexia para a soidade non desexada. E di aquí: ¡que poñan en marcha esa estratexia en Galicia! É que levamos anos con esa estratexia, señora Longueira; son vostedes os que a puxeron hoxe. En fin. *(Murmurios.)*

Mire —xa para rematar—, señora Longueira, eu non vou caer nesa supremacía intelectual á que vostede nos ten acostumados dicindo sempre que aos deputados do Partido Popular e mesmo aos conselleiros alguén lles fará as iniciativas. Eu estou convencida —convencidísima— de que as súas as fai vostede. O que non teño nada claro é que lle pasou cando redactou está, onde estaba vostede nese momento ou que era o que pretendía, porque realmente o que conseguiu foi rirse non dos deputados do Partido Popular, non desta Cámara, senón das galegas e dos galegos que teñen dependencia e teñen discapacidade e das súas familias. Pedímoslles que volvan ao sentidiño de todas as galegas e os galegos e apoiem a nosa emenda.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción. Señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bueno, eu teño que felicitala, señora Raquel... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Arias, perdón; é un costume que teño. Dona Raquel, señora Arias, é vostede a deputada do Partido Popular que fai a mellor oposición ao Partido Popular. *(Aplausos.)* Iso xa o leva gañado. É a que mellor oposición lle fai ao seu propio partido, que está gobernando. Xa llo dixen case a primeira vez...; creo que llo dixen á señora conselleira a primeira vez que tiveren a honra de estar aquí: teño unha mala noticia, vostedes gobernan. Vostede parece que non se enterou, porque fai unha oposición magnífica.

Por outra parte, eu non sei se teño supremacía cultural ou intelectual. En calquera caso, o que digo é froito da educación pública, esa que aquí o señor conselleiro —que o ten vostede aquí abaixo— está tratando de que se descoloque nalgún momento. *(Aplausos.)* Todo isto, toda esta intelectualidade que vostede me atribúe, á parte de ser froito do esforzo da miña familia, é froito da educación pública, así que me cundiu. Se polo menos vostede reconece que eu teño unha superioridade cultural, cundíume.

Pero, dito isto, como hoxe estamos aquí bastante reduccionistas, eu o que traía aquí era falar dun plan estratéxico, basicamente, porque levo falando disto moito tempo. Quero dicir, claro que hai que facer achegas, claro que hai que ter cartos, claro que hai que facer de todo, pero o que quero saber é o que facemos con el. Porque, ¿sabe o que pasa cando non sabemos que



temos no plan? Que vostedes están vaciando as axudas de dependencia converténdooas en bonos, si. E iso é terrible porque, mire, a lei aprobou dereitos, e vostedes están co «bonifiquismo». E se cren que isto a xente... ¡Claro, voluntariamente! ¿E como non o van facer voluntariamente, señora Arias? E vostedes, ¿que oportunidades lles dan se, ao tempo que vostedes incrementan os bonos, van vaciando outra caixa que é para todo o demais? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señora Arias, non é problema de que a xente sexa voluntaria; a xente non ten outra opción, porque, entremetres, morres. E entón máis vale ter 416 euros que estar esperando dous anos máis. As familias están desesperadas, vostede ben o sabe.

En calquera caso, aceptamos o que propón o Bloque Nacionalista.

Eu veño con este plan estratéxico e parece que ata son medio parva, que non fago máis que repetir, ¡pero é que está na Lei! É que vostede pode falar con calquera funcionario de alto nivel da Consellería de Servizos Sociais e vaille dicir o mesmo. Pero non hai forma, non sei por que non o queren. Parece ser que o teñen para outras cousas, pero para servizos sociais non fai falta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non o teñen. Chámase Plan estratéxico de servizos sociais de Galicia e non o teñen. Entón, todo se lles vai en falar de que non chegan os cartos. Evidentemente, hai que apostar... Por certo, xa vexo que agora estamos en 3.000 millóns de euros. Pero todo isto se lles vai en falar de que hai que pedir a Madrid. ¡Claro que hai que pedir a Madrid!, pero primeiro teremos que saber cal é a súa intención, porque se a intención é facer cambio de caixa eu creo que non vale a pena.

E, por outra parte, o plan de choque. Ben, vostedes tomaron esa licenza, que eu non sei como lles vai saír, de tirar pola rúa do medio, de unificar dependencia e unificar discapacidade. E veremos como vai saír, porque sabe vostede perfectamente que pouco ten que ver un dependente cun discapacitado, e crúzanse os diferentes expedientes sen ter moitas veces nada que ver; veremos como vai saír. Se o Estado considerou que hai que velo... Creo que mañá sairá unha resolución, así que xa o veremos. Entremetres, se sae mal, procuren vostedes darlles cobertura a esas máis de 12.000 persoas que entraron por esa porta con toda a súa boa vontade e ás que vostedes non foron capaces de garantir ou non son capaces de garantir que iso vaia acontecer con estado de ben.

O PRESIDENTE: Grazas.

Remate.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Si, xa rematei.

Entón, dito isto, señora Arias, enhorabuena por ser esa titular da mellor opositora do Goberno.

Grazas por darlle adiante á moción.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



O PRESIDENTE: A emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sei que a aceptou. É unha emenda de modificación. ¿Como a acepta? ¿Como engádega? Porque é de modificación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale. ¿E sobre a do Partido Popular? ¿Non? Vale, grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu aquí teño recollido que a emenda do BNG é unha emenda de modificación. Entón, se é de modificación, que cambie a dela pola súa. *(Murmurios.)* A ver, a ver. Eu xa sabía que isto traía cola. *(Pausa.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(A deputada Silvia Longueira Castro achégase ao escano da deputada Olalla Rodil Fernández para falar.)

(A deputada Silvia Longueira Castro pide o uso da palabra.)

¿Perdón? Déanlle voz ao escano da señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Aceptamos o punto 2 como engádega.

O PRESIDENTE: Aceptan o punto 2 como engádega, que é o de aprobar un plan de choque. ¿Isto é o que aproban como engádega? *(A deputada Silvia Longueira Castro: Si.)* Entón votamos esta transacción. *(Murmurios.)* A ver, a transacción. *(Murmurios.)* A ver, ¿que hai que facer? *(Murmurios.)* Bueno —eu digo—, sería votar se lle acepta iso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, ¿votámola enteira? A ver, votámola enteira. Dillo a el. *(Pausa.)*

Só lle acepta o punto 2 como engádega. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perfecto. Entón, agora imos votar as mocións, e comezamos polas que había, pola primeira. *(Murmurios.)* Vale, vale.

Votación das mocións

O PRESIDENTE: Entón, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Silvia Longueira.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular. Acéptase, como comentamos antes, a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como engádegas.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das mocións e continuamos co punto cuarto, que son as proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua

O PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas do Grupo Parlamentario Socialista, unha de modificación e outra de engádegas.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da iniciativa polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central a transferencia da totalidade dos fondos concedidos no marco do PERTE Nova Economía da Lingua, unha vez cumpridos todos os requisitos requiridos polo Real decreto 958/2022.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir na parte resolutiva da iniciativa o seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que inclúan fondos propios, no marco das súas competencias, para financiar os proxectos pertinentes.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Ferro.

JOSÉ LUIS FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Debatemos unha iniciativa que vai moito máis alá dunha cuestión orzamentaria. Falamos do futuro do galego na economía dixital, na intelixencia artificial e no ecosistema tecnolóxico que está a definir o século XXI. O Goberno central presentou o PERTE Nova Economía da Lingua como unha gran oportunidade para aproveitar o potencial do español e das linguas cooficiais en ámbitos estratéxicos como a intelixencia artificial, a tradución automática, a produción audiovisual, a investigación científica ou a aprendizaxe dixital. Anunciáronse 1.100 millóns de euros de investimento público para mobilizar outros 1.000 millóns privados; unha aposta ambiciosa, unha oportunidade histórica e un compromiso explícito coas linguas cooficiais.

Pero, señorías, os compromisos non se miden polas roldas de prensa; mídense polos feitos, e os feitos son claros. A Xunta de Galicia, en colaboración coa Universidade Santiago Apóstol...; perdón, coa Universidade de Santiago de Compostela... (*Aplausos.*) Perdón polo lapsus. É que, como xa estamos na coresma, estamos xa preparando as procesións e as manifestacións..., ¡manifestacións relixiosas, por suposto!, (*Aplausos.*) manifestacións relixiosas de Semana Santa. (*Aplausos.*) Ben, ao que ía. A Xunta, en colaboración coa USC —moito mellor así—, puxo en marcha o Proxecto Nós, unha iniciativa rigorosa, solvente e estratéxica para



situar o galego na economía dixital. Este é un proxecto cun orzamento de 15 millóns de euros e con capacidade para mobilizar o triplo: 45 millóns de euros. É un proxecto para dotar o galego de recursos lingüísticos, modelos de intelixencia artificial e ferramentas de procesamento da linguaxe natural. É un proxecto para que o galego non quede fóra da revolución tecnolóxica; unha iniciativa que traballa en incorporar o galego ás novas linguaxes dixitais, que permitirán a interacción en lingua galega entre as persoas usuarias e os dispositivos tecnolóxicos.

A evolución deste proxecto respecto ás tecnoloxías favorecerá que a tradución e o uso das linguas cooficiais en todo tipo de institucións e foros poida ser posible en igualdade de condicións coas grandes linguas, de forma que, a respecto de moitas das diferenzas hoxe existentes, como pode ser o uso das linguas no Congreso, no Senado, na Unión Europea, na xustiza, na sanidade, nas discapacidade e na educación, pode supoñer un punto de avance importante e tamén o final de moitas diferenzas sobre o emprego ou sobre o custo destas medidas que se están poñendo enriba da mesa e sobre as que o Partido Popular non mostra a súa desconformidade, senón que se cuestiona, igual que desde outros moitos foros, o seu elevadísimo custo, cando eses fondos son altamente importantes e necesarios para as comunidades autónomas que temos linguas cooficiais. *(Aplausos.)*

O Goberno central respondeu ao Proxecto Nós da Xunta de Galicia; respondeu con menos de 5 millóns de euros. Ese non era o compromiso público coas linguas cooficiais que prometera o Goberno central. Fáltannos por recibir, señorías, máis de 10 millóns de euros. Non estamos, por suposto, pedindo privilexios, senón o que nos corresponde, pedindo a transferencia da totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE. Porque, se o PERTE é para as linguas cooficiais, o galego non pode ser de segunda, non pode ser residual; se a nova economía é dixital, o galego non pode ser invisible; e, se a intelixencia artificial aprende con datos dispoñibles, ou estamos aí ou non estaremos. O risco é evidente. Se non hai investimento suficiente, non se desenvolverán modelos propios e non se xerarán corpus lingüísticos robustos. O galego así quedará fóra do futuro.

Permítanme traer aquí unha pequena anécdota que me contou hai pouco un profesor da Universidade de Santiago de Compostela, un dos que traballa no Proxecto Nós. Decía que a unha das sesións de gravación de voces para adestrar modelos lingüísticos en galego, achegouse alí unha señora, unha señora xa maior, maior de 80 anos, dun pobo do interior de Galicia. Cando lle preguntaron sorprendidos por que quería participar, respondeu: «Porque se o galego non está nas máquinas, non estará no futuro». Esa muller, que nunca usara unha intelixencia artificial nin sabía que era un algoritmo, entendeu mellor ca ninguén o que estaba en xogo: que a nosa lingua exista tamén na economía dixital. E por iso resulta tan difícil de comprender que haxa quen pida triplicar os orzamentos da Xunta en materia lingüística e, ao mesmo tempo, garde silencio cando se trata de reclamar ao Goberno central os fondos comprometidos. *(Aplausos.)*

Esa señora, si, a de antes, a mesma, sabía que o futuro da lingua depende de facer o que toca, e nós, dende o Partido Popular, tamén o sabemos, Por iso esta iniciativa non é unha confrontación institucional; é unha reclamación lexítima, é defender que Galicia reciba o que lle corresponde, defender que o galego teña igualdade de oportunidades e defender que



o talento das nosas universidades e centros de investigación non quede limitado por unha insuficiencia de financiamento.

Realmente non estamos pedindo máis que ninguén; estamos pedindo o anunciado, o comprometido e o que cremos que é necesario. E, ademais, hai un elemento temporal clave, e sábeno. o programa ALIA remata xa neste ano, no 2026. O financiamento ten, polo tanto, unha xanela concreta; a oportunidade, polo tanto, non é indefinida. Ou actuamos agora ou chegaremos tarde, e chegar tarde na revolución tecnolóxica é quedar atrás durante décadas.

Esta Cámara ten hoxe a oportunidade de falar cunha soa voz; non en clave partidista. Porque defender o Proxecto Nós é defender o galego. Eu sei que vostedes tamén lle queren ao galego. Mencionaban antes e lembraban a Alonso Montero. Eu tamén o coñecín, coincidín con el moitas veces cando estaba na Alcaldía de Celanova. Era un asiduo visitante de Celanova, tiña moitos vínculos con Curros Enríquez. Fixera a súa tese de Curros Enríquez e chegamos a ter bastante relación. E lembraba tamén aquelas palabras que lles dedicou a vostedes de que eran como aquelas nais que querían tanto, tanto os nenos que os apretaban tanto, tanto que os abafaban. Iso é o que fan vostedes co galego. *(Aplausos.)* Eu creo que esa lla tiñan gardada, e por iso máis tarde en Lugo votaron en contra de declaralo fillo adoptivo de Lugo.

A historia vainos vulgar, señorías, non polas palabras que pronunciamos, senón polas decisións que tomamos, e esta é unha cuestión de xustiza, nin máis nin menos. «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reclamar do Goberno central a transferencia da totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua». Estamos pedindo o que lle corresponde a Galicia. Hoxe podemos decidir se o galego terá presenza plena na intelixencia artificial ou se será residual; se terá capacidade de innovación ou será un consumidor pasivo. Nós queremos un galego protagonista —e remato, señor presidente—. Por iso lles pedimos o apoio a esta proposición non de lei, para pedir e reclamar o que nos corresponde, para garantir o futuro e para que o galego estea onde se merece e onde debe estar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista. Señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Vimos recoller nesta iniciativa unha cuestión de matiz. Basicamente porque cremos que os bos resultados que obtivo o Goberno de España a través dos PERTE é porque, neste caso, o Partido Socialista está a favor de obra —como se adoita dicir— dos proxectos, iniciativas e derivados que supoñen dar unha mellora substancial á lingua galega.

A exposición de motivos desta PNL que o PP trae hoxe ao pleno, en concreto o primeiro párrafo, axústase en parte á realidade. Indícase que o PERTE Nova Economía da Lingua foi presentado polo Goberno central como unha oportunidade para aproveitar o potencial do español e das linguas cooficiais en áreas como a intelixencia artificial, a tradución, a apren-



dizaxe e divulgación cultural, a produción audiovisual, a investigación etcétera. Pero xa desde o inicio esquecen cuestións que son importantes, como que o PERTE se fórmula tamén como un factor de crecemento económico e de competitividade internacional nas áreas que acabamos de citar. E, se seguimos lendo, afirmase que para iso se anunciou un orzamento de 1.100 millóns de euros de investimento público co obxectivo de mobilizar outros 1.000 millóns de investimento privado. E o verbo que emprega o PP nesta iniciativa non é —entendemos nós— o máis axeitado, porque este PERTE conta cun orzamento de 1.100 millóns de euros. E a diferenza é clara: si está dotado dun orzamento, fronte a moitos outros anuncios do PP que logo quedan niso, en meros anuncios. Pero este si que estaba dotado.

Antes de avanzar, creo que é preciso que lembremos que este proxecto estratéxico se estrutura arredor de seis principios que son chave. Primeiro, o carácter integrado, a colaboración público-privada —da que xa falamos indirectamente ao facer referencia aos millóns de investimento público-privado—; a vertebración territorial; o panhispanismo; a participación das pemes *startups*; a dixitalización integradora baseada no humanismo tecnolóxico, e a igualdade de xénero. E, sobre eses seis principios básicos, impulsaranse catorce proxectos tractores mediante a acción coordinada das administracións públicas, as universidades, os centros de investigación e as empresas e industrias que, á súa vez, estarían baseados en cinco eixos estratéxicos nos que non me vou deter porque non dá tempo, evidentemente. Limítome a indicar que o eixo transversal é a base de coñecemento en español e en linguas cooficiais.

É aquí onde encaixa o Proxecto Nós, do que tamén fala a iniciativa, que pretende crear os recursos dixitais e lingüísticos necesarios para facilitar o desenvolvemento de aplicacións baseadas na intelixencia artificial e nas tecnoloxías da linguaxe, tales como asistentes de voo, tradutores automáticos ou axentes de conversación en galego. Ten como obxectivo principal promover a presenza dixital do galego e garantir que a nosa lingua non queda excluída —como xa se dixo aquí— nos novos avances das TIC, mediante a creación dunha ampla variedade de ferramentas e recursos de gran calidade que se poñerán de forma gratuíta á disposición de calquera institución, organización ou empresa. Deste xeito, ademais, de asegurar os dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos no mundo dixital, tamén contribuirá á modernización e dixitalización do ecosistema empresarial.

Ata aquí nada que dicir. Compartimos o cen por cento dos principios básicos do PERTE Nova Economía da Lingua e compartimos ao cen por cento o obxectivo principal do Proxecto Nós, pero a parte resolutiva desta PNL deixa que desexar.

En primeiro lugar, cómpre reseñar que este PERTE está regulado polo Real decreto lei 958/2022, do 15 de novembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións a varios centros de carácter científico para impulsar as tecnoloxías da linguaxe, no marco do PERTE Nova Economía da Lingua, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. No obxecto deste real decreto aparece recollido o Proxecto Nós, pero tamén no artigo 2 desta norma, no apartado c), queda recollido que a Xunta de Galicia no ano 2021 impulsou, no marco da colaboración, actuacións orientadas a xerar recursos lingüísticos e tecnolóxicos en lingua galega. O resultado destas actuacións é o convenio de colaboración coa Universidade de Santiago e cos seus centros adscritos para poñer en marcha o Proxecto Nós, proxecto de referencia do galego enmarcado na Estratexia galega da intelixencia artificial.



Non pretendo entrar en detalle de todo o Real decreto, que sería evidentemente imposible e tampouco é a cuestión, pero, como é lóxico, recóllense as obrigas das entidades beneficiarias e, no anexo 1, a descrición das fases que comprende o Proxecto Nós. Por iso presentamos esta emenda de substitución, que modifica algo, un matiz. Xa sei que a política ás veces é cuestión de trazo gordo, pero aquí poñemos o matiz: substituír o verbo «reclamar» por «solicitar», porque consideramos que é máis acaído. En todo caso, esta solicitude deberá realizarse sempre e cando se cumpran todas e cada unha das condicións exixidas ao Proxecto Nós, e, moi especialmente, cando se dea o cumprimento íntegro do Real decreto mencionado.

De non ser admitida esta emenda —insisto, é unha cuestión de matiz, de trazo fino, pero tamén queremos salvagardar algo do que supón o bo facer en política—, entenderemos que estamos ante unha iniciativa na que o verdadeiro obxectivo non é dispoñer dos fondos aos que se fai referencia, senón promover unha nova confrontación —como vén sendo habitual nesta Cámara— co Goberno de España.

Remato sinalando que son moitas as comparecencias neste Parlamento, pero consideramos que este proxecto si era merecedor dunha comparecencia, si que o era. Era merecedor dunha comparecencia específica para coñecelo en profundidade, porque creo que, ademais, para todos os que estamos aquí sería de grande interese e, seguramente, tamén para unha boa parte da sociedade galega, que non o coñece e que debería facelo, porque non somos reducionistas, deberíamos facer publicidade deste coñecemento. Sería moi interesante unha comparecencia específica e non unha iniciativa máis —que está ben, pero é unha máis— do Partido Popular, que, neste caso, espero que non sexa para alimentar unha confrontación co Goberno de España en lugar de para poñer o foco no que realmente importa.

Insisto, é unha cuestión de matiz. Estamos de acordo, pero, dadas as características deste real decreto —xa sei que foi un rolo o que soltei aquí, pero é a explicación científica do que afecta en especial este proxecto—, dada a regulación pola que está feito este proxecto, que está adscrito a este real decreto que ten unha regulación específica, entendemos que está moi claro como son as fontes de levalo adiante. Pero si que estamos de acordo en que solicitemos, porque entre solicitar e reclamar hai unha cuestión —ata poderíamos dicir— de diplomacia política pero, sobre todo, hai unha cuestión moi puntual que nos di se estamos —como dicía ao inicio desta intervención— a favor de obra ou o que xa dixemos aquí máis dunha vez, a favor dun reduccionismo. Eu espero que non sexa así, vindo sobre todo de vostede, señor Ferro, que sabe que lle teño moita estima.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Castro.

DANIEL CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.



A verdade, a min dáme un pouco a risa porque é bastante ridículo. Agora parece que ten un problema co nome das rúas... ¡*La virgen!* ¿Onde está ese PP que cada dous por tres falaba de *las familias, las necesidades de la familia, lo que digan las familias*? Agora unha ANPA pide que cambien un nome, e isto xa é bolxevismo. Eu creo que ten un problema agora coas ANPA porque agora lles están dicindo que se cae o teito dun CEIP pois haberá que amañalo ou porque lles din que non hai profesores. Entón, claro, xa lles caen un pouco peor os das ANPA. Pero eu creo que, detrás de todo, hai un pouco esta concepción de que a liberdade acaba onde di o PP. ¡A liberdade é isto, ata aquí! É un pouco a mentalidade «*la calle es mía*», e co nome das rúas pois igual. E, entón, herdamos estas cousas.

Pero, máis aló destas anécdotas, eu estou encantado de poder falar de financiamento de políticas de normalización lingüística neste Parlamento. Estou encantado de dicirlle ao Goberno do Estado que isto non vale, que esta cantidade que vai ata agora non vale; hai que chegar aos 15 millóns, sen dúbida. Isto non vale, porque estamos a vivir —xa se dixo aquí— un momento chave en materia de dixitalización das nosas vidas en xeral, na cal o galego ten que estar presente en todo momento, en todas as plataformas e en todos os dispositivos, sobre todo porque, ademais, afecta dun xeito moito máis directo o espectro poboacional que menos fala galego e que ten menor capacidade para falar en galego, que é a mocidade deste país. É unha consecuencia directa, ademais, das políticas lingüísticas do seu Goberno, avaliando isto —cientificamenteme, ollo— por múltiples —non as vou dicir todas— institucións do noso país. Así que vale, veña, imos deixalo claro: o Bloque Nacionalista Galego sempre estará a favor de todas aquelas iniciativas que contribúan no plano xeral á normalización do noso idioma; sempre, veñan de onde veñan. E por iso imos votar a favor desta iniciativa. Xa está, non pasa nada. Eses 15 millóns de euros teñen que chegar, dise así e punto.

Non hai sectarismo aquí como noutros lares, pero hai que poñerlle contexto, porque ás medidas que se propoñen hai que poñerlles un pouco de contexto. Estamos falando de política lingüística e de diñeiro, e, como xa se dixo moitas veces: as competencias exclusivas en política lingüística —xa ata un se aburre de dicilo— son da Xunta de Galiza, agora e sempre. Eu sei que se fose por vostedes as lanzaban ao aire e que as collese o primeiro ao que lle chegasen ás mans, pero son da Xunta de Galicia ata agora, e así seguirá sendo.

E outro tema: ¿que pasa co Proxecto Nós? Porque, en cifras, imos camiño, en marzo, de facer cinco anos que andamos con isto, co Proxecto Nós. A Xunta leva posto 620.000 euros exactamente, e o Estado, dun xeito totalmente insuficiente, leva posto 3,4 millóns de euros, así que tamén cadaquén que mire para o seu.

Pero gustaríame preguntar tamén se ten algunha teima a Xunta co Proxecto Nós, porque, por exemplo, no ano pasado, nos orzamentos da Xunta de Galiza, puxeron un texto superbonito de que ían colaborar coas universidades, da importancia do galego no eido dixital etcétera, etcétera, pero, ao final, ¿cantidade? Cero euros —redondo—; ¿consignado? Cero euros. Este ano volveron poñerlle un texto precioso. ¿Cantidade consignada de euros? Cero. E as cousas adoitan facerse con boa vontade política, evidentemente, pero con cartos, sobre todo nos orzamentos da Xunta de Galicia; e ata agora, cero euros.



Hai que ser moi duros co Goberno central. Estou cen por cento de acordo, e máis nesta materia. Pero eu xa me pregunto en alto: se temos que ser en materia de política lingüística duros co Goberno central, ¿que temos que facer coa Xunta de Galicia?, (O deputado Daniel Castro García ri.) ¿que teremos que facer coa Xunta de Galicia? Porque hai exemplos, e hai exemplos neste propio Estado. Hai pouco o Goberno estatal deulle ao Goberno vasco 5 millóns de euros neste contexto. ¿Que fixo o Goberno vasco? Dixo: OK, ¿fago algo con isto? Non, e puxo 5 millóns e medio de euros máis. A Xunta leva posto 620.000 euros en cinco anos, e aí van un pouco as diferenzas.

E logo xa non nos vaíamos aos orzamentos propios das comunidades autónomas, porque dá un pouco a risa. Non sei xa se dicilo en alto, aínda que sei que non lles importa moito. Levan vangloriándose meses de que subiron 1 millón de euros os orzamentos de política lingüística para chegar —ollos— á cifra increíble, meteórica, de 13 millóns de euros, ¡13 millóns de euros! Estabamos no 2009 orzando máis de 20 millóns de euros, e é todo un éxito chegar aos 13 millóns de euros. ¿Que fai Euskadi con medio millón de habitantes menos? 93,5 millóns de euros o ano pasado orzados. E que a comparación..., resístese pouco, ¡oitto veces máis! Xa non me poño en Cataluña, que é certo que ten máis habitantes: están en 275 millóns de euros para políticas lingüísticas. Pero, claro, cuspir para arriba, cuspir para o Estado, é moi fácil. Iso si, con toda a razón do mundo.

Logo, así por curiosidade, mirei tamén o que fixeron en Valencia, e en Valencia o que fixeron foi reducilo ata 17 millóns de euros; supoño que será casualidade. Ademais eliminaron todos os organismos de normalización lingüística. Con isto, o que digo é que deben ser un pouco máis humildes e non enarborar aquí certas cousas. Xa lles digo: 5 millóns e medio de euros fronte aos 620.000 da Xunta neste contexto, e, a nivel xeral, 13 millóns de euros fronte a 93,5.

Pero, máis aló de cifras, deben ser máis humildes, porque teñen un pasado, ¡ben longo, ademais!, teñen un pasado ben longo. A min non me importa en absoluto que veñan aquí e se dean unha especie de «*galicianwashing*», que se sintan superdefensores da lingua; paréceme marabilloso. Collan a bandeira, saian aquí, póñana enriba, envolvan o pescozo...; non sei, o que queiran. Pero, claro, é que o pasado é moi longo, o pasado é moi longo. Vostedes votaron sempre «non» a todas as iniciativas que trouxemos aquí de normalización lingüística, dende a máis pequeniña ata a máis grande, ata máis ambiciosa; dende a máis pequeniña ata a máis ambiciosa. É que xa é unha anécdota, ¡pero incluso lle cambiaron o nome á Secretaría Xeral de Política Lingüística! Pasárona a chamar «Secretaría Xeral da Lingua». ¿Cuál? No sé, pero é Secretaría Xeral da Lingua. Son pequenas anécdotas que che van dicindo por onde van os tiros. E incluso, neste «*galicianwashing*» que se queren dar aquí, a semana pasada ratificaron o seu «non» a que Galicia formase parte da UNESCO. ¡Nin iso, nin iso! E logo xúntanse ben forte o domingo —eu enténdoo moi ben, porque hai que quererse; é superimportante— para dicir que moito autogoberno e moita valentía e ambición de país... ¡Carai! Pois debe ser homeopática, supoño.

Pero, miren, ao que estamos, ao tema no que estamos, porque isto é importante. Eu hoxe, por poñer un exemplo, para buscar certos datos, empreguei o ChatGPT porque che pon as fontes e é moito máis rápido. Fíxeno en galego e recibín a información en galego, e púidena



recibir en galego grazas ao Proxecto Nós, porque, se non, non a podería recibir en galego, porque OpenAI non poñería un peso —e a Xunta xa non digo nada— para fornecer á xente esa posibilidade, ese dereito de poder consultar a súa plataforma en galego. E por iso, como estamos falando de pantallas, de dixital, de onde está a xente, sobre todo a xente máis moza, que, ao mellor, non escoita unha palabra de galego —un terzo dos menores de 15 anos non o sabe falar—, é onde ten que estar.

O que non entendo é, se estamos aquí sentíndonos os máis defensores da lingua galega, como logo se traemos aquí que as redes sociais poidan estar na nosa lingua, votan «non»; sinceramente, non o entendo. Non entendo que se reclamamos poder ser atendidos e atendidas sempre en galego na sanidade pública se así o desexamos voten «non». Non entendo por que votan «non» se queremos relacionarnos coa xustiza en galego. ¿Por que votan non? Non entendo por que votan «non» a que poidamos aumentar porcentualmente ou a chegar a dar o debate tan sequera de aumentar as materias, a porcentaxe de materias en galego. ¿Por que votan non se son os defensores da lingua?

Eu podería empregar mil frases, pero voulle dicir unha que lles dixeron perfectamente no Consello da Cultura Galega. Miren, señorías do PP, xa non cremos nos Reis Magos, xa non cremos nos Reis Magos. Poden traer aquí o que queiran, sabemos perfectamente que é para chocar co Estado. Neste caso coincidimos totalmente, porque é certo e porque fan falta eses 15 millóns de euros, pero enganen a quen queiran enganar. Ese sectarismo que teñen, ao BNG, sinceramente, non lle importa. Non nos importa...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

DANIEL CASTRO GARCÍA: ...porque aquí traballamos para poder falar e empregar a nosa lingua en todos os contextos, e dános igual quen o promova e de onde veña a proposta. Nós non somos o PP. A nós móvennos os dereitos; a outra xente móvena as dereitas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Peche do autor da proposición non de lei. Señor Ferro.

JOSÉ LUIS FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, aquí hoxe o debate é moi claro: ¿debe Galicia reclamar os fondos comprometidos no PERTE Nova Economía da Lingua, ¿si ou non?

Quedoume claro que o Bloque Nacionalista Galego —así o entendín eu, polo menos— vai apoiar esta iniciativa aínda que loxicamente reivindicasen as súas posicións, o seu modelo lingüístico, que nós non compartimos; por iso non podemos aprobar moitas das iniciativas que vostedes traen aquí. Falou dos investimentos comparándonos co País Vasco. Ben, eu teño familia no País Vasco. Non teño máis capacidade para chegar ao País Vasco, ao Goberno do País Vasco, pero non sei, ao mellor, non están facendo tan ben as cousas, porque os que



falán euskera non son tantos, con esa desproporción orzamentaria que vostede citou, se é que é así.

Mire, hoxe non falamos de política lingüística tradicional; falamos de intelixencia artificial, de competitividade, de innovación e de futuro. Dicar que menos de 5 millóns de euros son suficientes cando se anunciaron 1.100 é simplemente aceptar unha posición secundaria para o galego, e iso nós non o podemos aceptar. E repito, señora Longueira —xa o dixen na primeira—, non é unha confrontación co Estado. Creo que simplemente é unha exixencia do que nos comprometeu o Estado que nos ía dar. Por iso creo que, se alguén vota en contra desta iniciativa, terá que explicar por que renuncia a máis investimento e por que considera suficiente o que claramente é insuficiente. Nós ímolo reclamar, e facémolo con serenidade, pero tamén con argumentos e con lealdade institucional, porque o futuro do galego non se pode deixar á inercia.

Hoxe esta Cámara pode —repito— mandar unha mensaxe clara: Galicia non se conforma e pide o que lle corresponde, porque quere estar na primeira liña da Nova economía da lingua. Galicia fixo os seus deberes. Mentres Galicia cumpriu, o Goberno central incumpriu. Séguenos debendo eses 10 millóns de euros; xa aprobamos aquí unha iniciativa sobre este asunto; incluso vostedes, os dous grupos, se puxeron de acordo en Madrid, na investidura, con varios temas de fondo, e un deles este. Se están de acordo en Galicia, pois tamén poderán estar de acordo en Madrid e con que lle solicitemos iso. Podemos converter Galicia nun polo de referencia tecnolóxica, pero fai falta diñeiro e fan falta eses recursos.

O Grupo Socialista presentou esas dúas emendas que en aparencia matizan a nosa proposta, pero que no fondo baleiran o contido.

Na primeira, pretenden substituír fondos solicitados por fondos concedidos unha vez cumpridos todos os requisitos do Real decreto 958/2022; é dicir, condicionan a reclamación política de Galicia á validación previa do propio Goberno que está incumprindo. Señorías, iso non é defender os intereses de Galicia; iso é asumir o marco e a posición do ministerio e renunciar á reivindicación.

A segunda emenda pretende engadir que a Xunta inclúa fondos propios no marco das súas competencias; xa o dixen antes: a Xunta leva moitos anos —loxicamente; ten a obrigação de facelo— financiando políticas lingüísticas con fondos propios e poñendo moitos recursos, pero o que estamos defendendo hoxe non é se Galicia debe facer os seus deberes —que os está facendo—, senón se o Goberno central está facendo os seus deberes e vai pagar o que comprometeu. Non aceptamos, polo tanto, que se desvíe o foco; non aceptamos que se dilúa unha reclamación lexítima...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Ferro.

JOSÉ LUIS FERRO IGLESIAS: ...nunha —remato, señora presidenta— redacción condicionada e ambigua. Esta iniciativa é clara —non hai escusas—, sen subordinar os intereses de Galicia aos cálculos partidistas de Madrid. Por iso non podemos aceptar as súas emendas e ímolos rexeitar.



Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei, neste caso a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa das deputadas María Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación do alumnado con necesidades educativas especiais

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Raúl Santamaría González, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar negociando melloras que beneficien ao alumnado e ao profesorado, e que favorezan a inclusión no sistema educativo, dentro do marco de negociación actualmente vixente do Acordo de Mellora de 2023, asinado cos sindicatos CCOO, ANPE e UGT, ao que recentemente se sumou CSIF e que está permitindo melloras reais e efectivas como a baixada progresiva das rateos, melloras nos agrupamentos, o reforzo da inclusión e avances nas condicións dos centros e do profesorado».)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a iniciativa, ten a palabra dona Cristina Fernández.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Boas tardes a todas e a todos.

Cando estes días preparaba esta intervención, deime conta de que este asunto en concreto, este debate, a falta de persoal suficiente de atención educativa, pois vén a este Parlamento de xeito recorrente; unha falta de recursos debida principalmente ao aumento tan significativo do alumnado con necesidades educativas e, por outra parte, a que levamos deza-sete anos sufrindo recortes do Partido Popular na Xunta de Galiza. É moi evidente que este Goberno do Partido Popular se está a rir de toda a comunidade educativa, e faino a cara descuberta, sen medias tintas, pasando polo forro toda a normativa que ampara, garante e defende os dereitos de todo o alumnado, especialmente daquel máis vulnerable, daquelas nenas, nenos e adolescentes que non poden avanzar sen os reforzos e apoios que necesitan.



E todo isto vostedes xa o saben, porque levamos dende o verán vendo que en cada sesión plenaria, en cada Comisión de Educación se están a reclamar eses dereitos e, nelas, o mesmo conselleiro de Educación ten mentido cara a cara ás familias dicíndolles que as súas fillas e fillos tiñan os recursos que precisaban, e logo saía de aquí e a súa propaganda terminaba na TelePP.

Sei que a vostedes, señorías do Partido Popular, impórtalles ben pouco o que hoxe poidamos dicir sobre estas necesidades de apoios e reforzos que ten o alumnado, sobre as ratios tan elevadas nas aulas que afectan todo o alumnado, sobre un profesorado que está maltratado e precarizado laboralmente, con problemas de saúde mental, por non poder atender todo o seu alumnado; ou incluso sobre os centros con escaso persoal de limpeza e tamén administrativo. Vostedes non queren saber o que senten ou pensan as familias afectadas, que levan seis meses cos seus fillos e fillas esperando, na cadeira, perdidas na aula, sen entender o que acontece ao seu redor; alumnado que, por certo, vostedes contan un a un para chegar a ese case 94 por cento de inclusión nas aulas, sen importarlles se para iso teñen os recursos que precisan.

Seguro que estou a aburrir as señorías do Partido Popular neste momento, porque xa o saben; despois xa terán a oportunidade de subir aquí a este atril e falar de todos os proxectos, estratexias, protocolos, estatísticas e datos falseados que traen aquí para desviar a atención do que é imprescindible e necesario para unha educación de calidade, como é: docentes en número suficiente; reforzar os orientadores; aumentar de xeito estable os pedagogos terapéuticos e de audición e linguaxe, así como persoal coidador; mellorar a *ratio* en todos os niveis e etapas educativas, computando por dous e por tres o alumnado NEAE; así como devolver ao profesorado os seus dereitos roubados polo Partido Popular no Goberno da Xunta durante todos estes anos.

Só así poderemos falar dunha educación de calidade e inclusiva, porque o que venden vostedes non é inclusión. Non son inclusivas as aulas específicas, como tampouco é inclusivo o desvío de matrículas a centros de educación especial para que ese alumnado —precisamente— non estorbe nos centros ordinarios e, de paso, aforrar aí uns cartos que despois desviaremos cando conveña aos centros privados; solucións, por certo, que son contrarias aos dereitos do alumnado que garanten tanto a Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade como a LOMLOE —que é a lei vixente— ou a orde da propia Xunta de Galicia, do 8 de setembro de 2021, que regula a atención á diversidade.

Xa nos contarán que isto vai de cadros de persoal, de catálogos docentes —que vostedes non actualizaron, por certo, en dezasete anos— ou da xestión de recursos limitados, pero agora tamén din que se trata de que os apoios e reforzos que son necesarios non fai falta que os impartan os especialistas, senón que tamén pode facelo o resto do profesorado. Ben, pois haberá que preguntarlles a eles con que horas e en que condicións. ¿Quen se vai encargar despois dunha listaxe interminable de tarefas?: gardas de todo tipo, activación de protocolos, seguimentos do alumnado con risco de suicidios, impulso a proxectos educativos, horas de formación, etc., etc., etc.

Acompañánnos hoxe na tribuna —e aproveito para saudalas— as representantes sindicais e tamén de ANPA galegas, a Confederación Galega de ANPA, que levan anos traballando polos



dereitos educativos das súas fillas e fillos, sen que a Inspección e as direccións territoriais se dignen a atendelas. O Goberno da Xunta leva anos vendendo a inclusión á comunidade educativa, pero, con esta propaganda enganosa, o alumnado queda desprotexido, desatendido e paga un prezo excesivo. Vostedes están a botalos aos leóns.

E mire, hai un exemplo claro dun centro que representa estes días a calquera e en calquera punto do país. No CEIP Campolongo, de Pontevedra, pois levaban pedindo unha cita con Inspección dende o 1 de decembro; tiveron que recorrer á Valedora do Pobo, que manifestou que a Xunta de Galiza non lle contestaba e que era para eles unha obriga legal. Realizaron moitas concentracións —unha delas foi diante do edificio administrativo da Xunta de Galiza en Pontevedra— e por fin estes días admitiron que lles van enviar reforzos que aínda están por determinar, despois de todas estas mobilizacións.

Vou ler algúns comentarios que saían publicados estes días na prensa de pais e nais deste centro. Dicía, por exemplo, Cristina, unha nai: «Pido que non xoguen coa saúde mental dos nenos»; Luciana dicía que tiña unha nena con dificultades de linguaxe e «non entendo como non vai recibir os apoios que precisa; se tanto falan de inclusión, pois que a practiquen»; Fernando Estévez, un pai dun neno con autismo, cun informe do seu neuropediatra, recomendaba ese apoio especializado e tampouco llo deron; Olalla Rodríguez, cunha nena con dislexia, que tamén dicía: «Hai pouco persoal e nenos que están quedando atrás». Así que estes son casos reais, con nomes e apelidos, que están en aulas ordinarias nunha situación aparentemente inclusiva pero que, de feito, non é tal.

Pero este caso —como xa temos dito— non é un caso puntual. Pasa o mesmo co CPI do Monte dos Postes, en Santiago, no que faltan PT e AL; no CEIP San Xoán de Filgueira, en Ferrol, falta un PT; os centros de Cee e Muxía precisan profesorado, especialistas e persoal coidador; no CPI Virxe da Cela, de Monfero, Educación retirou un coidador a un neno autista e precisamente porque miraban que tiña autonomía suficiente. ¡Tanta autonomía que a nai ten que ir todos os días a cambiarlle o pañal a este rapaz! Todos os centros de Salvaterra de Miño precisan máis efectivos —¡todos!—, igual que o resto no Condado, en Lugo, na Mariña, na Costa da Morte, no Barbanza, no Salnés, no Morrazo, en Vigo..., e así seguiríamos toda a tarde cunha lista infinita.

Unha enquisa realizada pola Federación de ANPA da Coruña e a súa área reflicte —e saíu na prensa estes días tamén— que o 78 por cento dos centros ten *ratios* elevadas e sen reforzos suficientes, e o 65 por cento denuncia falta de profesorado especialista. O 55 por cento afirmaba que a atención á diversidade depende de apoios parciais e descontinuos. Por fin, concluía que o 74 por cento dos centros ordinarios ten alumnado con necesidades educativas especiais sen persoal coidador suficiente. Tamén comentaban que o centro de educación especial de referencia carece dos efectivos para realizar desdobres e atención directa en casos de discapacidades severas.

Así que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza debe deixar de mirar cara a outro lado, asumir que está gobernando e que é responsable do que acontece dentro dos centros educativos e, polo tanto, compételle resolvelo. (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señor Santamaría.

RAÚL SANTAMARÍA GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, o que trae hoxe aquí o BNG pois non é unha proposta seria para mellorar a inclusión educativa. O que trae, unha vez máis —ao igual que fixo o señor Bouza no anterior pleno—, é ruído, ruído político cun tema extremadamente sensible como é a atención á diversidade, e iso, señorías, é profundamente irresponsable. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O BNG pretende dicir que a Xunta de Galicia só se dedica a recortar en educación, na educación á diversidade, e non sei como non se lles cae a cara de vergoña e teñen a capacidade de dicir tremendas mentiras á cara das familias, dos rapaces e destes deputados. ¡Claro!, cando temos 31.756 docentes, a cifra máis alta da historia da nosa comunidade, con menos alumnado e con 153 profesores máis que o curso pasado; cando en quince anos duplicamos os especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe; cando no conxunto do sistema hai arredor de cinco mil profesionais dedicados á atención á diversidade, case o dobre que en 2009, ¿queren dicir vostedes que cando gobernaban nesa época a educación era moito peor que agora, con menos profesorado, máis alumnado, menos recursos...? *(Aplausos.)* ¿Ese é o recorte da Xunta de Galicia?

¡Claro!, é que vostede vén aquí e di coa boca aberta: «non, agora chegará o portavoz do Partido Popular e dirá *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* datos que son falsos». Vostede non dixo ningún dato, ¿eh? Dedicouse a dicir que hai un erro por aquí, un problema por alá... ¡Datos! Os datos son os que son e os datos mostran a realidade, esa que non quere ver o BNG. E non son opinións —como digo—, son datos, porque a realidade é que o BNG, da man da CIG, leva anos dicindo «non» a absolutamente todo o que supón mellorar a educación pública galega: «non» á redución progresiva das ratios; «non» á ponderación do alumnado con necesidades especiais; «non» á mellora dos agrupamentos; e mesmo «non» ás melloras ao profesorado —a ese que din defender día tras día—, pero a realidade é que é «non» tras «non» por parte do BNG. *(Aplausos.)*

Señorías, Galicia é hoxe a comunidade máis inclusiva de España, e iso dino os datos. Temos unha das mellores ratios alumno/profesor do Estado e, nos centros de educación especial, unha ratio de 3,3 fronte ao 5,2 da media estatal. Segundo PISA, Galicia está á cabeza tamén en equidade. Son datos do ministerio e datos de PISA, non son propaganda nin bulos do Partido Popular; son datos do ministerio e de PISA.

Xa que falamos de datos e de rigor, e xa que non tiveron a oportunidade de volver ter un turno no pleno pasado, permítame facerlle unha precisión ao señor Bouza. Estaría ben que, antes de chegar aquí e facer vídeos, unha vez que acaba o pleno, pois mirase ben os conceptos que utiliza —vostede, ademais, é mestre— e revisase a documentación do seu propio ministerio. Estamos de acordo en que «inclusión» e «integración» son conceptos diferentes, pero creo que vostede non comprende o que é cada un. Vostede pediu aquí máis integración e menos inclusión.



A inclusión, señor Bouza, é un paso máis que a integración. É adaptar o sistema para todo o alumnado. *(Aplausos.)* Non é coller un neno, metelo nunha aula e xa está. Iso é a integración que vostede defende. A inclusión que defende a Xunta de Galicia é dotar ese alumnado de recursos, de docentes e do material necesario para estar realmente incluído na aula, non integrado, como vostede defende. Ten aí o vídeo para revisalo, jeh! Non sei se despois o borrarán ou non. Eu espero que si, porque o que están é a enganar a xente, e espero que rectifique e pida desculpas, xa que ten o seguinte turno.

Tamén quero que lle pida desculpas a un centro: ao centro A Gándara, de Monforte de Lemos, un centro que vostede nomeou nese listado que trouxo no último pleno. Vostede mandoume «facer os deberes». Nós fixemos os deberes: puxémonos en contacto co centro e preguntámoslles cal é esa demanda que necesitan. Non hai ningunha. *(Aplausos.)* Non entenden por que o señor Bouza incluíu o nome dese centro nesa listaxe. Só tiveron unha demanda cando comezou o curso. ¿Saben canto tardou a consellería en ter esa persoa, ese docente, que demandaban no centro? Poucos días, señor Bouza. Non sei, nin o sabe o centro, por que vostede o nomea nese listado. ¿Que pasa? É mentira. Claro, o rigor do señor Bouza. Eu entendo que vostede ultimamente está con moito traballo. Corenta iniciativas ao día, *(Murmurios.)* contando festivos e contando as fins de semana; 5.900 iniciativas nos poucos meses que leva vostede aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei como o seu equipo non di «¡buf!, que vén o señor Bouza e estamos temblando», porque son 5.900 iniciativas, jeh!, ¡5.900 iniciativas! *(Aplausos.)*

Moitos de vostedes preguntaranse: «¿Que pasa? ¿O señor Bouza non dorme, non come, non ten vida privada?». ¡Que va, non! ¿Saben o que pasa co señor Bouza? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Saben o que fai o señor Bouza? A conduta do señor Bouza consiste en rexistrar múltiples iniciativas que son idénticas todas e que teñen a mesma exposición de motivos. Son diferentes, unicamente, pola súa forma documental. Eu teño aquí iniciativas presentadas no mesmo día, jeh!: *(O deputado Raúl Santamaría González amosa un documento.)* «Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon de auga» nun concello, noutro concello, noutro concello ou noutro concello; ano 2012, ano 2013, ano 2014... *(Murmurios.)* ¡Claro! ¿Non será mellor, señor Bouza, poñer todos os concellos nunha mesma iniciativa ou, polo menos, preguntar...? *(Aplausos.)* ¡É que está preguntando no mesmo día, vostede! Pode preguntar por esa contía nunha mesma iniciativa para o ano 2012, 2013 e 2014, pero, claro, queda mellor dicir que presenta corenta iniciativas ao día, 5.900 iniciativas, así, ¡co peito ben grande, eh! *(O deputado Raúl Santamaría González abre a chaqueta e dá un salto.)* *(Risos.)* Así, chega vostede e di: ¡«5.900 iniciativas, eh»! *(Aplausos.)* Non sei que opina o seu compañeiro Font, que só presentou 90. Claro, ¡iso non é traballar! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En cinco meses, chegou o señor Bouza e capitalizou aquí o Parlamento de Galicia.

Miren, señorías, fronte ao ruído do BNG, fronte ás palabras do señor Bouza, o Goberno galego fixo o que ten que facer: negociar, acordar e cumprir. En 2023 asinouse un acordo de mellora cos sindicatos, ao que, recentemente, se sumou o CSIF. Ese marco está permitindo melloras reais e efectivas: baixada progresiva das *ratios*, melloras nos agrupamentos, reforzo da inclusión e avances nas condicións dos centros e do profesorado. Claro, ¿quen non estaba? Señorías, ¿quen non estaba? Vostedes sábano, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perci-*



ben.) ¿A CIG, non? A CIG non estaba. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Por que a CIG non está cando se negocian melloras do profesorado e da educación pública? ¿Por que non está? ¡Díganovostedes! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Claro, por iso nós trouxemos unha emenda que o que di é seguir negociando estas melloras, seguir avanzando da man dos sindicatos, eses que coñecen a situación real dos centros e do profesorado. O que non é normal é recibir por parte da CIG o «non» continuo a estas melloras na educación pública galega. Como digo, na Xunta de Galicia e dende o Partido Popular seguiremos traballando e facendo o que se está a facer.

Falaban vostedes do catálogo. Máis de 700 profesionais PT e AL por riba do catálogo. Claro, vostedes piden que se modifique pero, aínda que se modifícase, xa temos 700 profesionais máis por riba do que vostedes piden. E tamén esa estratexia galega, dotada de 116 millóns de euros ata 2023, que permite unha FP adaptada, acompañamento para o alumnado NEAE, itinerarios formativos adaptados e programas de acollida para o alumnado estranxeiro. Esas son políticas reais da Xunta de Galicia, non o fume que venden o Partido Socialista e o BNG.

E, por suposto, claro que os recursos se teñen que adecuar á realidade dun mapa educativo que cambia cada curso —¡claro que si!— e que hai que atender o cento por cento das necesidades, pero con criterios técnicos, transparencia e garantías.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Santamaría.

RAÚL SANTAMARÍA GONZÁLEZ: O que non imos permitir son leccións do Bloque Nacionalista Galego e da CIG, que sempre din «non» a todo o que é mellorar a educación pública galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Vaia, vaia... *(Murmurios.)* ¡Vaia, vaia! *(Murmurios.)* Non sabía que hoxe debatíamos sobre o ego danado dun deputado do Partido Popular nesta Cámara, pero encantado de poder facelo, señor Santamaría. *(Aplausos.)*

Porque, mire, voulle explicar unha cousiña. Vostede aínda non rexistrou ningunha iniciativa para poder saber o que responde ou non a Xunta de Galicia. ¿Sabe por que o Grupo Parlamentario Socialista tivo que facer e preguntar iso, individualmente por cada ano, de Augas de Galicia? Porque Augas de Galicia non contestou o primeiro requirimento que fixemos de anos agrupados. Que lle dean ben os datos, señor Santamaría. *(Aplausos.)* Por iso, dentro das capacidades que ten este deputado e dentro das funcións lexítimas que ten un deputado, o que fai é preguntar.

Vostede é o que ten que explicar, xustamente, cal é a súa función nesta Cámara, á parte de vir aquí facer gala do que fai ou non fai a Xunta de Galicia. Polo tanto, a ver, cando veñamos



aquí dar leccións, porque foi vostede o que veu tachar o Grupo Socialista de non traballar e, ao final, saíu trasquilado. ¿Por que? Porque o seu ego foi danado polas iniciativas que tiña rexistradas nesta Cámara. Eu aquí, nesta tribuna, non falei das que eu levaba rexistradas. Pode revisar o vídeo, (*Murmurios.*) ¡pode revisar o vídeo! Eu non falei das que eu levaba. Eu puxen de manifesto as que vostede levaba para criticar o traballo do resto de grupos, e aí está o *Diario de Sesións* para retratalo.

Pero eu vou centrarme no debate que hoxe nos ocupa, porque o BNG trasladaba un tema importantísimo, e non o ego dun deputado do Partido Popular. Imos falar das cuestións realmente importantes, porque rir aquí das cuestións que reclama a comunidade educativa é o que ten a ben o Partido Popular. Teno a ben, porque eu quero saudar os representantes da «comunidade educativa», que son os que están alí, ao pé do canón, defendendo realmente os intereses do sistema educativo público de Galicia, ¡claro que si!

E, á parte, vén aquí dicir: «Non, non, é que hai 5.000 profesores máis». ¡Haberá que darlle as grazas á Xunta de Galicia! E mire, señor Santamaría, tome nota tamén disto: ¿sabe por que non temos os datos? Porque a Xunta de Galicia non nos contesta para saber o número de profesorado que houbo no 2009, no 2010, no 2011, no 2012, no 2013, no 2014 e no 2015. Farémolo tamén individualmente. ¿Por que? Porque a Xunta de Galicia non responde. Iso é o que vostede debería estar aquí reclamando, que a Xunta de Galicia lle facilite os datos aos deputados desta cámara e aos representantes do pobo galego —como vostede, que o escolleron para representar o pobo galego— e non vir aquí descualificar o resto de deputados por facer o seu traballo.

Facemos preguntas para que se nos responda, non para que a Xunta de Galicia nos responda: «fagan a conta». Iso é o que responde a Xunta de Galicia nas súas respostas, ou envíanos ligazóns para que o resto dos deputados vexamos o que xa escoitamos na comisión. Esa é a realidade.

Polo tanto, nós preguntamos: ¿cal é ese profesorado que houbo e cal é o número de alumnado con necesidades educativas no ano 2009 e no 2026? ¿A que hai máis do dobre? ¿Vostede ten os datos? ¿Ten os datos vostede? Seguramente non será por presentalo polo artigo 9, pero, se ten os datos, facilíteos aquí nesta Cámara e déallos á presidenta deste Parlamento para que os poidamos coñecer o resto. Nós, polo menos, non os temos, porque os pedimos e non se nos facilitaron e tampouco están publicados. Publiquen vostedes eses datos e falamos con datos. Eses si son datos.

Por certo, señor Santamaría, ao mellor non llo comentaron, pero os datos que publica o ministerio son facilitados pola Xunta de Galicia. O 93 por cento do que vostede refire é unha publicación da Xunta de Galicia, e aí está, referenciado no propio ministerio. Di «Fonte: Xunta de Galicia». É que hai que ler os informes completos, non soamente falar do que nos di a consellería. Eses son os datos reais; polo tanto, non son fontes do Ministerio. Diga vostede correctamente as cuestións. Son fonte da Xunta de Galicia. «Yo, mí, me, conmigo»: iso é o que fai a Xunta de Galicia cos seus propios datos.

Polo tanto, claro que no día de hoxe o alumnado necesita moitísimo máis apoio e necesita moitísimo máis profesorado do que hai, ¡claro que si! Esa é a realidade e é o que estamos



defendendo nós, o que está defendendo a comunidade educativa e o que estamos traendo ao Parlamento. E si, aínda que lles moleste, semana si e semana tamén, e volverémolo traer as veces que faga falla, para que se actualice o catálogo. A última vez que se fixo foi no ano 2007, no 2008 e, en moitas ocasións, no 2009, no mellor dos casos. Esa é a realidade.

E o que estamos pedindo é que se atendan as necesidades educativas de todo ese alumnado que, si, xustamente, ten unha necesidade para poder ter un alumnado en condicións de igualdade, e de inclusión, por suposto, claro que si. E, xustamente, o que eu indiquei nesta bancada e neste hemiciclo é que o 93 por cento non é de inclusión, señor Santamaría. Ao mellor é que vostede non o entendeu. Claro que non están incluídos. Se estivesen incluídos, o que terían é profesorado de apoio que lles dea a cobertura específica para poder ter os seus dereitos garantidos. Esa é a realidade, a realidade á que nos enfrontamos.

Polo tanto, dentro deste panorama, apoiaremos por suposto esta iniciativa porque cremos que é xusta para o alumnado que ten necesidades educativas e xusta para todas as reivindicacións que se fan pola comunidade educativa. E tamén, como non pode ser doutro xeito, dende o Partido Socialista estaremos nas reivindicacións na rúa este sábado, apoiando toda a comunidade educativa, que lle di á Xunta de Galicia que escoite, xustamente, todos eses alumnos e todas as alumnas, que o que necesitan é ter recursos reais e efectivos, que é o que hoxe se reclama aquí: a actualización do catálogo, a redución das *ratios*, máis profesorado e, si, o listado dos centros.

Por certo, segundo o que se acaba de dicir aquí..., (*Murmurios.*) non o digo eu, eu lin o listado que reclamaron as ANPA galegas; é que, como vostedes non falan coas ANPA galegas... Hai que mirarlle á cara a todo o profesorado que ten, realmente, esas necesidades na aula; hai que mirarlle á cara a cada alumno ou alumna que ten necesidades educativas e non ten o seu profesor ou profesora; e, sobre todo, hai que mirar as familias, que ven como os seus fillos e as súas fillas non teñen os recursos suficientes. Se queren, agora, ao rematar a intervención, subimos e falamos con todas elas, con esas ou con todas as ANPA que vostedes non reciben, para poder escoitar cales son as súas demandas. Baixen á terra e poderán saber, realmente, cales son as reivindicacións e as reclamacións que se fan. Esa é a realidade.

A realidade é que saiamos de aquí e poidamos escoitar cales son as necesidades educativas. E iso é o que estamos pedindo aquí —por certo, o mesmo que se pedía a semana pasada— con total normalidade. Incluso, a semana pasada, máis *light*: pedimos un informe. Vostedes votaron en contra de facer un informe de como está a situación da pedagogía terapéutica e da audición e linguaxe. ¿Que lles parecía mal diso? Pois votaron en contra de facer un informe para saber como está a situación. Dinnos que temos que saber os datos, pero queremos eses datos, queremos un informe e non nolo facilitan, votan en contra e non nos dan a información. Entón, ¿como queren que o saibamos? Vimos aquí reclamalos, que é o que temos que facer. O noso traballo, si, efectivamente, é vir aquí fiscalizar o Goberno da Xunta de Galicia. É o noso traballo —polo menos o noso—, para o que nos escolleron. E, polo tanto e mentres tanto, reivindicaremos as veces que faga falla que se faga todo isto.

E, para rematar, por suposto que todos os avances que sexan acordados cos sindicatos, con todos eses profesionais que fan un traballo encomiable en Galicia e que tamén ven, dentro



dun marco estatal, que se está mellorando o ámbito das *ratios*. Estaremos sempre de acordo para mellorar, que haxa menos burocracia, que haxa menos *ratios* dentro do propio centro educativo, porque, a menor *ratio*, maior beneficio para todo ese alumnado con necesidades educativas.

Nada máis, presidenta, grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da iniciativa.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Señor Santamaría, vostede quería máis datos: Vale. pois doullos, e, á parte, van ser da propia consellería, que son facilitados á prensa os últimos días do ano pasado.

O alumnado NEAE aumentou un 15 por cento entre o curso 2022-2023 e o 2023-2024. O alumnado NEE, de necesidades educativas especiais, nun 12 por cento, que pasa a un 47 por cento se collemos os datos do ano anterior, do 2021-2022. Polo tanto, dende o ano 2021, o NEE pasou de 9.181 nenos a 13.517 e o NEAE de 15.873 a 28.148, e o alumnado estranxeiro duplicouse dende 2009, que pasou de 6.746 a 13.517 no ano 2023. Eses son os datos. Debería sabelos vostede. Parece que se aburría antes pero, en cambio, agora espabilou; ¡vaia!, moi ben.

Neste contexto a consellería, dende logo, debería valorar e actualizar ese catálogo, que leva, por certo, dezasete anos desactualizado, que vostedes non fixeron nada para actualizalo, e nada ten que ver a situación educativa naquel momento coa que temos agora e, polo tanto, tampouco a situación de atención específica é exactamente a mesma.

Por outra banda, a normativa actual pois está ben clara. É vostede o que non sabe o que significa a inclusión; vostede debe saber moito de TikTok e doutras cousas, pero de verdade que de inclusión, absolutamente nada.

Os alumnos deben ter unha atención personalizada, individualizada e estable, segundo os seus informes médicos ou de orientación. Iso é a inclusión, dentro de aulas ordinarias, e, cando non teñen eses apoios e reforzos, non é unha inclusión real. Vostedes cóntanos, entran dentro dese 94 por cento que vostedes publicitan, pero iso non é unha inclusión real, e, polo tanto, o alumnado sae prexudicado, moi prexudicado.

¿Que é o que nos interesa a nós aquí? A vostede aquí neste atril interesáballes outra cousa: ir contra algún outro deputado e demais, pero non lle interesaba o alumnado e a moción que nós traemos hoxe aquí. (*Aplausos.*)

Miren, o profesorado está esgotado, non é chicle, xa non se estira máis, e está moi preocupado e non pode atender a un alumno autista, a un alumno con TDH, a unha alumna con dislexia e a vinte compañeiras máis con outras características diferentes. É imposible, e, ao final, en vez de atendelos, están desatendidos. Iso é o que pasa.



Así que, mire, hoxe é «martes negro» no ensino, mañá mesmo están convocadas distintas mobilizacións en cinco concellos do sur de Pontevedra, na comarca do Morrazo (en Cangas, en Redondela, en Vigo, no Porriño e en Ponteareas), cinco comunidades educativas grandes, dispostas a impulsar outras novas mobilizacións xunto con outras do país. O sábado 28 tamén a Plataforma en Defensa do Ensino Público convoca aquí en Santiago unha gran manifestación para reivindicar os dereitos educativos e na comarca da Coruña as ANPA, a Federación de ANPA, tamén convocou outra na propia cidade. Así que hoxe o BNG vén defender os dereitos do alumnado, vimos apoiar as demandas do profesorado en procura de recuperar os seus dereitos roubados.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: E, por último, tamén queremos animar e reforzar a loita iniciada polas familias, que buscan solventar esta situación dunha vez por todas e que os recursos que necesitan as súas fillas e fillos que non dependan de facer ruído nas rúas. ¿Que é o que non queren facer? Queren os reforzos e os apoios, non estar na rúa, como vostede di.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Sobre a emenda.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Non aceptamos a emenda do Partido Popular, porque ao final o que queren é seguir enredando con esa representación sindical, que o que fan, ben, é non beneficiar precisamente o alumnado. Dedíquense a negociar con todos e a negociar realmente o que lle fai falta máis ao alumnado, que é o que necesitan. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da expansión da enerxía eólica mariña en Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non de lei presentou unha emenda o Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Fidalgo.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Fidalgo Iglesias, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:



1. *Defender que a eólica mariña debe ser unha oportunidade para a comunidade autónoma, sempre baixo o prisma dun desenvolvemento ordenado e co máximo respecto co medio mariño e as actividades existentes.*
2. *Incluír, nas súas posibles consideracións diante da consulta previa que realiza o Ministerio de Transición Ecolóxica aos implicados, a reclamación de que se debe promover a selección dos mellores proxectos, e, para iso, será fundamental ter en conta os factores socioeconómicos máis aló do prezo e promover a aceptación social dos proxectos, ao mesmo tempo que se establecen as garantías adecuadas para garantir a compatibilidade ambiental.*
3. *En consecuencia, a Xunta de Galicia esixirá ao Goberno de España a ponderación dos factores socioeconómicos e a promoción das sinerxías co sector pesqueiro por riba do prezo económico.*
4. *Defender unha eólica mariña baseada na coexistencia e compatibilidade coas actividades existentes, postura que deberá ser unha máxima tamén nas futuras revisións dos POEM».)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a proposición, ten a palabra o señor Golpe Acuña.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Imos falar da eólica mariña en Galiza, hoxe, como vostedes saberán, a primeira potencia pesqueira do Estado, unha das primeiras da Unión Europea, cunha frota de preto de 4.200 embarcacións, que representan ao redor da metade da frota de todo o Estado español, cunhas 11.000 persoas embarcadas. En pesca extractiva, máis de 50.000 empregos se sumamos marisqueo, industria transformadora, comercialización e servizos asociados.

O concepto da economía do mar, pesca, marisqueo e transformación achega arredor do 5 por cento do produto interior bruto de Galicia, con preto dun 5,5 por cento do valor engadido bruto, moi por enriba da media europea, e é o cuarto sector na exportación do país.

E, ao mesmo tempo, Galiza é xa hoxe unha potencia de enerxía eléctrica, como vén sendo nas últimas décadas. Segundo os propios datos do Estado e da Xunta de Galiza, o noso país cumpre, de feito, os cinco grandes obxectivos do Plan nacional integrado de enerxía e clima, se ben é certo que algún cunha pequena trampa, como é o de reducións de emisións respecto do ano de referencia, pero si cumprimos en porcentaxe de renovables, no consumo final, en mellora da eficiencia enerxética e é algo moi curioso que superemos o cen por cento da electricidade renovable no consumo interior.

Para isto, os datos da Rede Eléctrica de España son moi claros. Nos cinco últimos anos Galiza exportou 42.216 xigavatios/hora, unha media de 8.433 xigavatios hora/ano. E imos darlles unha dimensión real a estas cifras, porque moitas veces falamos de que somos excedentarios de enerxía eléctrica, ao redor dun 40 por cento; de feito, estes últimos cinco anos aos que me refiro fomos un 35,43 por cento.



Entón, ímoslle poñer algo máis tanxible, algo para que nos deamos conta do que estamos falando. E, para poñer estas cifras en perspectiva, imos facer un exercicio de comparación e imos comparalo con algo que teñen vostedes moi recente, que é a compra do parque eólico Mondigo por parte de Recursos de Galicia, parque eólico situado na Mariña lucense. Segundo os datos públicos, ese parque xera unha media de 121 xigavatios hora/ano; por certo, un parque do que nos custou menos de 28 millóns de euros a súa construción e polo que Recursos de Galiza pagou 35 millóns; o negocio do século, señorías, o negocio do século. (*Aplausos.*)

Facendo esta comparativa, temos que polos cables que van cara á Meseta, por esas autoestradas da electricidade, saen cada ano deste país 64,5 parques eólicos Mondigo, 64,5 parques eólicos Mondigo. E, seguindo unha comparación ou collendo as declaracións do presidente da Xunta, do señor Rueda, cando anunciaba que, a través desa comercializadora que vai montar Recursos de Galiza e a través da compra dese parque eólico Mondigo, as familias, ao redor de 500 familias, van ver reducida o 80 por cento a factura eléctrica, con esa enerxía que exportamos —falo de exportación entre aspas, porque realmente non exportamos nada, porque non cobramos nada por ela; a exportación é outra cousa—, por esa enerxía que sae cara á Meseta cada ano, poderíamos chegar a pagarlles o cen por cento da factura eléctrica a todas as familias do país e aínda sobraría para outro país e medio máis. Concretamente, segundo os datos do consumo medio dunha familia, chegaría a 2.345.315 familias, cando no país hai apenas 990.000.

Estes son os números, esta é a nosa realidade eléctrica. Galiza xa é excedentaria en produción de electricidade, sen que se vexa compensado este papel, como terra de sacrificio, pois con meirande tecido industrial, pechando os ciclos produtivos ou cun retorno directo cara ás familias. Non hai que ser moi listo para entender que todo isto implica a nosa demanda histórica dunha tarifa eléctrica galega, por certo demanda que tanto o Partido Socialista como o Partido Popular votaron en contra nesta Cámara, neste Parlamento.

E este é o contexto no que temos que debater sobre a enerxía eólica mariña, pero tamén hai que meter outro factor dentro do debate, que é unha revisión de cal é o estado da arte, é dicir, cal é o nivel de madurez que presenta a tecnoloxía eólica flotante en grandes profundidades, que é o caso galego.

Non somos equiparables nin ao mar do Norte nin ao mar de Escocia; aquí falamos de calados superiores a 1.000 metros. Así está nos mapas de batimetría da Unión Europea, non fai falta ir máis alá que ás fontes oficiais, e a conclusión é inequívoca. Podería citarlles ducias de estudos de actores internacionais de recoñecido prestixio que falan de que aínda é unha tecnoloxía inmadura e que non é apta para o despregamento masivo. Voulles citar algún por encima. O Irena, a Axencia Internacional de Enerxías Renovables, no seu informe sobre a eólica flotante de 2025, fala de que a competitividade económica desta tecnoloxía está máis aló de 2035; é un dato que non deberíamos deixar de lado. O propio Departamento de Enerxía dos Estados Unidos lanzou unha iniciativa, aló polo 2023, o *floating offshore wind shot*, co obxectivo de identificar cales son as probabilidades para reducir os custos de implantación desta tecnoloxía máis do 70 por cento, porque, se non, é inviable economicamente. E mesmo o Tribunal de Contas Europeo, no seu informe de 2023 sobre enerxías renovables, fala de que a enerxía flotante en grandes calados está en fase precomercial, que non existen máis



que unhas dúcias de megavatios flotantes en Europa, que non pasa de 120 metros de calado, e que hai certos retos que aínda faltan por revisar e superar, como son os fondeos, como son os cables dinámicos de alta tensión e avaliación de riscos en fondos profundos. Incluso a Axencia Internacional da Enerxía segue colocando prioridades moi claras para o desenvolvemento da enerxía eólica mariña en grandes profundidades, como, por exemplo, os impactos que teñen na aterraxe á terra das súas infraestruturas de evacuación.

Polo tanto, pretender converter hoxe o noso mar nun mar de sacrificio para unha proba a gran escala dunha tecnoloxía que un dos principais organismos internacionais aínda sitúa en fase de desenvolvemento e fase de aprendizaxe é, canto menos, profundamente imprudente.

E neste contexto chega a revisión dos plans de ordenación do espazo marítimo, o que lle chamamos os POEM de segundo ciclo. E na documentación que nos achega o ministerio, o Miteco, temos o documento inicial estratéxico, que de entrada hai dúas cousas nese documento que ao noso entender son gravísimas. Por un lado, recoñecen a inmadurez desta tecnoloxía, a falta da aprendizaxe na tecnoloxía, pero, por outro lado, falan de que a información sobre a afección á actividade pesqueira das zonas de alto potencial eólico é inexistente ou incompleta.

E, a pesar disto, o Goberno español insiste en acelerar a implantación da eólica mariña nas zonas que no caso galego coinciden de cheo con caladoiros. E agora mesmo sabemos, a través dun estudo do CSIC, do Instituto Español de Oceanografía, que, nun escenario de ocupación desas zonas, as capturas podían caer un 4 por cento, unhas 5.000 toneladas anuais, o que daría unha perda de máis de 11 millóns de euros. E hai que ter en conta que neste estudo non entra a frota artesanal, non entran os buques con menos de 12 metros de eslora.

E neste escenario temos a conselleira de Industria, que sae publicamente a dicir isto de que Galicia aspira a ser un referente na eólica mariña e que o mar galego ten que ser o primeiro en recibir estes proxectos. E ¿que contesta a conselleira do Mar? ¿Cal é a resposta da conselleira do Mar ante estas declaracións? Non sabemos. Non di nada a señora Villaverde. E cabe sinalar que o propio Goberno galego, por boca do seu director xeral de Enerxía e Minas, recoñece que dentro do Observatorio da Eólica Mariña de Galiza hai disensións, hai posturas encontradas, entre a industria eólica e a industria do mar. E, a pesar diso, piden ser os primeiros en someter os nosos caladoiros a unha carreira de poxas deseñada polo Estado e polas eléctricas.

E isto é o que hoxe queremos poñer enriba da mesa. Catro cuestións moi básicas. A primeira, instar o Goberno galego a rexeitar as declaracións da súa titular de Industria, a que desautorice esas declaracións imprudentes da señora Lorenzana. Segundo, que nas consideracións que a Xunta emita ao Ministerio de Transformación Ecolóxica, no marco das consultas previas, exixa que calquera revisión dos POEM ou das poxas conte previamente con informes científicos sobre o impacto nos ecosistemas mariños de consideracións socioeconómicas para Galiza. Terceiro, que se exixa do Goberno do Estado que desista de calquera ampliación das zonas para a eólica mariña en Galicia e desista tamén de convocar ningunha poxa mentres non existan esa información e conclusións fundamentadas científicamente. E, cuarto, pois que o Goberno galego apoie expresamente as reivindicacións da Plataforma en Defensa dos Ecosistemas Mariños.



En definitiva, señorías, isto non é un debate nin sobre renovables nin sobre se a eólica mariña si ou non...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ...—vou rematando, señora presidenta— senón que é un debate sobre manter a biodiversidade da nosa costa, sobre non poñer en risco o 5 por cento do noso produto interior bruto, de máis de 50.000 empregos, e o futuro de toda a costa galega, por un negocio que, ademais, Galiza non precisa para descarbonizarse, como acaba de quedar claro cos datos que lles acabo de dicir, nin sequera para garantir a subministración eléctrica a novos investimentos.

Galicia non pode ser unha terra de sacrificio, non pode contar cun mar de sacrificio tamén. Galicia precisa seguir sendo o país de portos vivos e un mar de futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Fidalgo.

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes.

O Bloque Negacionista Galego, os que non queren industria en Galicia, os que están máis preocupados polos peixes que polos pescadores, presenta unha iniciativa sobre o desenvolvemento da eólica mariña en Galicia. Por iso, o primeiro que cómpre dicir é que estamos ante un exercicio máis de demagogia, de contradición e de hipocrisía política. (*Aplausos.*)

Efectivamente, porque quen sostén co seu voto o Goberno de Pedro Sánchez en Madrid, quen lle dá estabilidade parlamentaria a cambio de absolutamente nada para Galicia, vén hoxe aquí pretender dar leccións sobre a defensa da pesca e sobre o modelo da implantación da eólica mariña. ¿Leccións de que? ¿De defensa de pesca, de coherencia? Señorías do BNG, señor Golpe, menos teatro e máis responsabilidade. Quiten a careta, que o Entroido xa rematou. (*Aplausos.*)

A postura do Partido Popular de Galicia é clara: defendemos que a eólica mariña é un sector estratéxico, con capacidade para impulsar toda a cadea de valor, para fortalecer a nosa industria local e para situar Galicia como referente europeo nun ámbito de futuro; sempre, iso si, baixo un modelo que combine e faga compatible o desenvolvemento das renovables coa actividade pesqueira e marisqueira.

Para nós a pesca é estratéxica. Somos o Partido da Pesca, PP, partido da pesca. (*Aplausos.*) Non o dicimos agora, demostrámolo con feitos, con políticas de apoio ao sector, con defensa permanente en Europa e en Madrid fronte a decisións inxustas.



Galicia é a primeira potencia pesqueira do Estado e unha das primeiras da Unión Europea, e iso non se toca. Por certo, a figura de Fraga tamén: non se toca, respéctase. *(Aplausos.)*

Agora ben, España acumula máis de tres anos de atraso na folla de ruta da eólica mariña. O Plan nacional integrado de enerxía e clima, de 2022, actualizado en 2024, fixaba entre un e tres xigas para 2030, cun obxectivo xa inalcanzable hoxe, polo atraso na regulación e nas poxas. O Real decreto 962/2024 deixou pendentes as ordes das poxas, e, tras máis de quince meses, só temos unha consulta previa, sen texto articulado, polo que as primeiras poxas non se prevén antes de finais de 2026, aumentando a incerteza e o atraso.

Fronte a isto, Galicia non queda de brazos cruzados. O 13 de febreiro reuniuse o Observatorio da Eólica Mariña, con participación tanto do sector industrial como do pesqueiro, e acordouse que Galicia vai presentar achegas á consulta aberta polo Estado e que o fará desde o diálogo e o consenso; esta consulta termina hoxe, como ben sabe, señor Golpe.

Un órgano que representa opinións encontradas e diversas foi quen nese momento de chegar a puntos de encontro, porque a posición de Galicia —como dicía— é clara: «si» á eólica mariña pero con garantías, «si» ao desenvolvemento industrial pero compatible coa pesca e con diálogo real cos profesionais do mar e «si» á transición enerxética, pero con planificación rigorosa e baseada en información técnica e científica. *(Aplausos.)*

No marco do observatorio xa presentamos alegacións ao real decreto, demandas de Galicia que foron desoídas ata o momento polo Goberno de Sánchez, e imos insistir nelas. E, en primeiro lugar, que a orde que regule as poxas inclúa medidas compensatorias claras para os sectores afectados, especialmente o sector pesqueiro. En segundo lugar, que os criterios non económicos teñan un peso decisivo na valoración dos proxectos; non pode decidirse todo polo prezo, porque para seleccionar os mellores proxectos hai que valorar os factores socioeconómicos, a integración territorial, a xeración de cadea de valor e as sinerxías co sector do mar; aplicar, en definitiva, o espírito da recente Lei galega de aproveitamento dos recursos naturais, porque o que quere o Goberno galego é precisamente que calquera proxecto que faga uso dos recursos naturais xere riqueza social e económica no territorio.

Por certo, o Tribunal Constitucional acaba de darlle a razón a Galicia na repotenciación dos parques eólicos. Si, señor Golpe, acaba de parar e suspender esa parálise.

Ademais, están en proceso de revisión os POEM, un segundo ciclo previsto para 2027. É lóxico que haxa adaptacións nunha tecnoloxía nova como esta, pero esa revisión non pode ser unha escusa para paralizar o desenvolvemento. Se paralizamos agora, Galicia e España perderán a oportunidade de situarse á vangarda da eólica mariña flotante.

E aquí, señorías do BNG, está a gran diferenza: o BNG trae hoxe unha iniciativa que na práctica só supón dicir «non» ao desenvolvemento desta tecnoloxía en Galicia. Mentres tanto, apoia en Madrid o Goberno que impulsa esta regulación e comparte grupo parlamentario cos ecoloxistas radicais en Europa.



Señorías, nós non dicimos: todo vale. Sen compatibilidade coa pesca, non haberá modelo válido; sen informes científicos rigorosos, non haberá apoio; sen respecto aos profesionais do mar, non haberá proxectos. Pero tampouco dicimos «non» a todo, porque a eólica mariña é unha oportunidade real de carga de traballo, de emprego cualificado e de fortalecemento industrial para a nosa terra. O que non podemos permitir é perder esa oportunidade por falta de planificación do Goberno do Estado nin por unha postura de bloqueo permanente. *(Aplausos.)* Porque resulta moi sorprendente que o BNG, que apoia en Madrid o Goberno que redacta os POEM e impulsa as poxas, veña agora aquí pedir que se rexeite todo, que se paralice todo e que se diga «non» a todo.

Bravos en Galicia, mansos en Madrid, os palmeiros de Sánchez, unha vez máis, elixen o «non» ao desenvolvemento de Galicia, o «non» á industria, o «non» á innovación, o «non» ao emprego e o «non» ao futuro. *(Aplausos.)* O BNG de sempre, arrodillado aos intereses políticos da UPG, que non quere unha Galicia de futuro. Ese é o BNG de sempre.

Señorías, a eólica mariña é unha oportunidade industrial; é carga de traballo para os nosos estaleiros, para a nosa metalurxia, para a nosa enxeñaría, para os nosos portos; é emprego cualificado, é investimento, é fixación de poboación; vostedes sábeno. E Galicia non pode permitirse quedar fóra mentres outros territorios avanza. O que Galicia si que non vai aceptar, e non vai aceptar nunca, son decisións que ameacen o noso sector pesqueiro. O Partido Popular ten unha posición coherente e, precisamente por coherencia, presentamos unha emenda para que o Goberno galego defenda a eólica mariña como o que é: unha oportunidade para Galicia. Para iso nos escolleron os galegos hai dous anos, para gobernar e para tomar decisións.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Señor Fidalgo, non lle deu a razón o Tribunal Constitucional, alzouse a suspensión dos preceptos impugnados. Esa aclaración é importante para, sobre todo, o tema da precisión, é importante.

Señorías, hoxe non estamos debatendo sobre a eólica mariña; estamos debatendo —pensamos as socialistas de Galicia— do país, do país que queremos ser. Un país que mira cara a dentro, un país que mira cara a fóra, con ambición, un país no que se inculca a desconfianza e se rexeita de plano por sistema, un país que planifica e regula e que pode liderar dous sectores estratéxicos no noso país, como é a pesca pero tamén a eólica mariña.

Porque o que nos trae hoxe aquí o BNG é unha proposta que, en esencia, pide rexeitar de plano a eólica mariña no país, e nós dicimos «non», dicimos «non» con claridade, señor Golpe,



«non» ao rexeitamento dogmático a priori, «non» á política que só mira cara a dentro e «non» a perder o tren da innovación, das renovables e, sobre todo tamén, de todas as sinerxías e as empresas auxiliares que se van crear ao redor da eólica mariña. E pedimos, evidentemente, coexistencia co sector pesqueiro, porque pode haber esa coexistencia e compatibilidade.

¿Cal é a realidade xurídica e tamén a madurez da eólica *offshore* en España? Isto é importante, porque debemos dar respostas claras aos galegos e ás galegas e, sobre todo, non insuflar a desconfianza porque si.

A primeira resposta clara, que é moi importante, é que houbo planificación na eólica mariña no Goberno de España, houbo diálogo e houbo criterios técnicos e científicos. O Plan de ordenación da eólica mariña —o POEM— foi aprobado polo Goberno de España en febreiro de 2023, logo dun diálogo serio cos sectores afectados, co rigor técnico e científico, no que se definiron cinco zonas de desenvolvemento eólico —as ZAPER—, no que a nosa costa está incluída na zona noratlántica.

É moi importante salientar que o POEM, o Plan de ordenación de recursos mariños, foi avalado polo Tribunal Supremo, logo da demanda interposta pola Plataforma en Defensa da Pesca. Non é unha opinión política. É que xa dixo o Tribunal Supremo que non houbo arbitrariedade por parte do Goberno de España nesta planificación da eólica mariña; tivéronse en conta informes científicos, avalíouse o impacto da pesca, houbo consulta cos sectores; repetilo unha e outra vez non cambia os feitos.

A segunda resposta que temos que darlles tamén aos galegos e ás galegas é que hai unha folla de ruta definida claramente polo Goberno de España, nun real decreto, que é o Real decreto 962/2024, no que é importante salientar que se vai establecer un procedemento de concorrencia competitiva, non como fai a Xunta, que dá os parques eólicos só con autorización e temos un caos eólico, 90 parques suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Vanse ter en conta criterios de impacto socioeconómico, creación de emprego, creación de empresas, sustentabilidade ambiental, monitoreo continuo sobre a pesca, viabilidade técnica financeira, innovación tecnolóxica, creación de ecosistemas industriais e sinerxías nas zonas onde saia a subasta.

A terceira resposta é que os primeiros informes do Instituto Español Oceanográfico, do CSIC —como apuntou tamén o señor Golpe—, sinalan —é verdade— que, co coñecemento actual —evidentemente non está instalada aínda a eólica mariña na nosa costa—, o impacto pode ser baixo, moi baixo, menor a un 4 por cento, compatible coa actividade pesqueira e a planificación e seguimento.

É importante tamén incidir que neste informe, de 188 páxinas, se establece en menos dun 4 por cento de afectación á pesca, coa hipótese de que se suprima o 100 por cento de actividades nas zonas afectadas; é dicir, que pode incluso ser menor, porque hai compatibilidade da existencia da pesca coa eólica mariña flotante que se prevé no noso mar.

Por tanto, con estas tres respostas claras, que é bo darlles aos galegos e ás galegas, ¿por que o BNG trae esta proposta de rexeitamento de plano? ¿Por que ignoramos a sentenza do Tri-



bunal Supremo que di que a planificación foi correcta? ¿Por que ignoramos os informes científicos e técnicos que temos enriba da mesa? ¿Substituímos datos por consignas?

Para nós esa ambivalencia amosa —e dígollo dende o cariño, señor Golpe, que sabe que lle teño— incoherencia do BNG neste eido das renovables. O BNG di que non está en contra as renovables —e seino—, pero di que está a favor da transición ecolóxica; di que quere soberanía estratéxica, pero, cando chega a hora da verdade, de novo vólvense situar detrás da pancarta e de plano din «non» á eólica mariña. Iso, señorías, é soprar e sorber ao tempo. Non se pode dicir que queremos liderar a transición ecolóxica e ao mesmo tempo bloquear un sector chamado a ser estratéxico para Galicia. Non se pode dicir que queremos industria verde e sostible cando realmente o que fai verde a nosa industria é que exista enerxía renovable, que se poida nutrir esa industria.

E logo está —que creo que tamén é importante poñelo de manifesto— como nós entendemos, as socialistas de Galicia, que mostrou esa pinza, esa unión entre o PP e o BNG, porque no Congreso das Deputadas e dos Deputados o PP e o BNG votaron xuntos (*Murmurios.*) para atrasar a primeira subasta de eólica mariña en Galicia; votaron xuntos. E o BNG di defender un modelo propio, pero o PP quere dicir que quere industria e, mentres tanto, a Xunta de Galicia, co presidente Rueda, e tamén a señora Lorenzana, pedía hai unhas semanas ser a primeira comunidade autónoma en beneficiarse da primeira subasta de eólica mariña. ¿En que quedamos? ¿Quere o Goberno do PP liderar o proceso ou vai cambiar de posición cando Feijóo lle dea orde de confrontar co Goberno de Pedro Sánchez?, que é a política que está seguindo o señor Rueda.

Porque iso é incoherencia, que hoxe queda en evidencia, como noutros asuntos, ¿non?, o seguidismo que fai o señor Rueda de Feijóo: no financiamento autonómico, na quitación da débeda, na repartición de menores migrantes, na política industrial, en Altri... A este paso o que amosa Rueda é que o único que lle gusta é a propaganda, a festa, as celebracións —niso, si, son unha máquina—, pero o que é mirar para Galicia moi moi pouco.

Despois, nós entendemos que por parte do Grupo Socialista hai que fuxir dese dogmatismo. Galicia necesita equilibrio, rigorosidade, estratexia industrial, enerxética, mirar con luces longas, necesita cabeciña e tamén planificación, que falta por parte do Goberno galego. E non todo é branco e negro, nisto hai un matiz de grises moi importante. A eólica mariña non vai ser a salvación automática das renovables, do cumprimento dos obxectivos do PNIR, nin a destrución reversible da nosa pesca. Nós queremos a coexistencia. É unha tecnoloxía nova, e, como toda tecnoloxía, require regulación, seguridade xurídica —que está no POEM, no real decreto aprobado, na subasta agora en consulta—, avaliación ambiental rigorosa, seguimento científico, que se teñan en conta os impactos socioeconómicos e o beneficio social para os territorios afectados... Pero rexeitala de plano é unha postura ideolóxica —cremos nós— pero non técnica nin tampouco científica. E Galicia non pode construír o seu futuro con dogmas; ten que facelo con coñecemento e innovación e tamén ambición.

E despois está algo que tamén para nós é moi importante, que é a cadea industrial que se creará arredor de toda a eólica mariña. Fabricamos estruturas flotantes; fabricamos pezas para o Mar do Norte, para Reino Unido, para Alemaña, para Países Baixos... Temos os nosos



estaleiros: Navantia en Ferrol, que produce, evidentemente, compoñentes para a eólica mariña, tanto flotante como fixa; a nosa industria metal-mecánica arredor de toda a eólica mariña, as nosas empresas auxiliares.

Co «non» á eólica de plano do BNG nós pensamos que se está dicindo «non» a todos os centros de mantemento de eólica mariña que se poden crear, á innovación asociada, ás *spin-offs* tecnolóxicas, á transferencia de coñecemento ás universidades, ás sinerxías con grupos de investigación... ¿De verdade que imos seguir sendo só subcontratistas mentres outros territorios lideran esa tecnoloxía? ¿Ou queremos que Galicia sexa referente de Europa nesta materia?

Nós, as socialistas de Galicia, queremos un país orgulloso de seu, que non teña medo, que non viva á defensiva, que non se renuncie antes de competir; un país que lidere en España, en Europa e que aposte pola innovación. A eólica mariña flotante é unha das tecnoloxías onde Galicia pode ser pioneira, pode ser pioneira. Temos o *hub* naval, experiencia eólica terrestre, temos universidades con grupos punteiros en enxeñaría mariña e co sistema industrial aquí xa...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...instalado no país.

Por tanto —e xa remato, presidenta—, as preguntas son moi simples: ¿queremos unha Galicia que lidere, influencie e sobre todo participe e lidere ou queremos quedar fóra mentres Portugal, Francia, Reino Unido, Dinamarca ou Escocia avanza na eólica mariña? Porque o mundo non vai parar, Europa non vai parar, e sobre todo no contexto xeopolítico mundial que estamos a vivir, onde Trump está apostando de...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...novo por retroceder aos combustibles fósiles.

Señorías do BNG, non se pode falar de soberanía enerxética e estar en contra de cada ferramenta para exercela. Deixemos que a ciencia e os estudos técnicos falen e logo tomar decisións de país nestes grupos parlamentarios.

Señoría do PP, non se pode pedir industria, enerxía...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...ao tempo que se amosa unha carencia de política industrial e de planificación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Turno de peche para o autor da proposición, señor Acuña. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Ben, a ver por onde empezamos. «Bloque Negacionista Galego». Pois si, señor Fidalgo, somos negacionistas, somos os do «non». Somos os do «non» a idolatrar ministros franquistas que asinaron sentenzas de morte; somos os do «non» aos recortes do ensino; somos os do «non» á sanidade precaria; somos os do «non» a un servizo de asistencia no fogar (*Aplausos.*) sen financiamento; somos os do «non» a unha industria de espolio e extractiva, unha industria de enclave; somos os do «non» a Altri, ¡Altri non!; (*Murmurios.*) e somos os do «non» a un goberno da Xunta vendido ao oligopolio eléctrico, como quedou retratado naquel vergoñento abrazo do Obradoiro. Si, señoría do PP, Partido da Pobreza; PP, Partido da Pobreza. (*Murmurios.*)

Señora Iglesias, dicíame vostede que están os deberes feitos por parte do Estado. Pero, entón, ¿por que recoñecen no documento inicial estratéxico esa falta de documentación ao respecto da afección á pesca?, e da afección á biodiversidade, non só á pesca, senón a toda a biodiversidade. Iso é unha eiva moi grande. Un documento inicial estratéxico que mete na mesma avaliación todas as zonas marítimas do país. Xa me dirá vostede cal é a homologación do Mediterráneo e do Levante co Atlántico galego ou co Cantábrico. Ningún. Esa é a seriedade, ese é o rigor co que traballa o Miteco. Non podemos estar nese lado, enténdao vostede.

E agora voume pronunciar sobre a emenda do Partido Popular, que, como non pode ser doutra maneira, está feita con moito tino. Piden vostedes defender que a eólica mariña sexa unha oportunidade para a comunidade autónoma, sempre baixo un prisma de desenvolvemento ordenado, co máximo respecto ao medio mariño e ás actividades existentes. Estamos de acordo; de feito, iso é o que pedimos nós tamén. Entón, votan a favor e asunto concluído. Pero logo seguen, nos seguintes puntos, e piden que a Xunta, nas consideracións que remita nas consultas previas ao Miteco, reclame que se promova a selección dos mellores proxectos. E aquí é onde vén a miga, ¿non? Especifica que fundamentalmente ter en conta factores socioeconómicos máis aló do prezo e «promover a aceptación social dos proxectos» ao tempo que se establecen garantías de compatibilidade ambiental. Ben, recoñecen claramente que existe un rexeitamento social e sectorial á enerxía eólica mariña flotante de gran calado.

É curioso que lle pidan ao Ministerio de Transición Ecolóxica que sexan eles os que actúen contra ese rexeitamento social. Parece que, logo do éxito que tiveron con Altri, teñen medo de que a eólica mariña lles pase factura electoral, e para iso que veña papá Estado a contarnos *lo buena que es esta tecnología, lo buena que es esta energía*, ¿non é? E finalmente demándanlle vostedes ao Goberno de España a ponderación dos factores socioeconómicos e a aprobación das sinerxías co sector pesqueiro por riba do prezo económico. ¿En serio? ¿Que sinerxías?

Voulle contar unha sinerxía. Nunha das visitas que fixemos a unha das confrarías —de tantas que hai no país, non vou dicir cal é— o patrón maior dicíanos: ese proxecto que temos aí diante, no suposto de que non estivese dentro dos nosos caladoiros, que está, pero no suposto de que non estivese afectando directamente dous dos caladoiros máis importantes que



temos na zona de saneamento, simplemente co combustible que temos que gastar en rodear o polígono eólico para ir faenar e volver faenar fainos inviable a nosa actividade. ¿Esa é a sinerxía da que vostede me fala? ¿En serio? ¿Ese é o concepto que vostedes teñen da pesca deste país? En fin...

En toda esa emenda non hai unha soa palabra sobre a protección á biodiversidade, sobre a protección da pesca, e isto é o que realmente a vostedes lles importa o sector primario deste país.

Como dixeran ao principio, non se trata de ir en contra da eólica mariña, porque cremos que aínda é unha tecnoloxía incipiente, é unha tecnoloxía que ten que facer percorrido. E voules contar outra anécdota. Estamos no 2025; hai xustamente vinte anos eu asistín ao primeiro congreso sobre hidróxeno que se fixo neste país, que organizou o Instituto Enerxético de Galicia, o Inega, aquí en Compostela. Nese congreso poñíase de manifesto a importancia que ía ter o hidróxeno renovable na cadea industrial e a cantidade de proxectos no mundo que ían saír a raíz desta nova tecnoloxía.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, e dicirnos...

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Remato, presidenta.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ...da emenda.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ¿Cantos proxectos se ven hoxe na Galiza? Cero. Coa eólica mariña está pasando exactamente igual, é o mesmo cliché. Vostedes empéñanse en sacar a bandeira da eólica mariña *y que venga, que venga*. Menos eólica e máis pesca.

E a emenda —como non pode ser doutra maneira— non a podemos aceptar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que complementen con fondos propios o programa do bono alugueiro financiado con fondos estatais

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta iniciativa non se presentou ningunha emenda.

Para a súa defensa, ten a palabra o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Boa tarde de novo.



Traemos hoxe esta proposición non de lei para solicitar á Xunta de Galicia que complemente con fondos propios o que se coñece como Bono Alugueiro, e traémolo dentro dun marco no que realmente imos facer unha cronoloxía do que ocorreu en Galicia no ano 2025 respecto do Bono Alugueiro e por que hoxe é tan importante debater esta cuestión no ámbito da vivenda, do acceso á vivenda e dun dereito básico e fundamental que entendemos así os socialistas.

No mes de marzo, despois da convocatoria que se fixo para que a mocidade galega poida ter ese acceso ao Bono Alugueiro —do que, por certo, a pesar de que nada se di por parte da Xunta, os fondos veñen do Estado, dese malvado Pedro Sánchez—, fíxose a convocatoria, e hoxe xustamente traemos esta proposición non de lei, que non fala de cifras abstractas nin tampouco de titulares de propaganda, senón que fala de mozos e mozas de carne e óso que realmente precisan ter unha vivenda, acceder a unha vivenda.

E, polo tanto, se vemos esta cronoloxía, vemos como no mes de marzo, despois da convocatoria, cando pechou, cando por esgotamento do crédito xa non puido ser atendida ningunha solicitude máis, tres de cada catro peticións para axudas ao alugueiro en Galicia quedaron fóra ao esgotarse o orzamento —isto no mes de marzo—, e, polo tanto, 12.200 persoas quedaron fóra desta axuda ao alugueiro.

¿Que pasou no mes de decembro? Compareceu a conselleira e, como se fora unha gran medida, como se fora acabar realmente con este tipo de problemática para a mocidade que lle impide emanciparse e que lle impide comezar unha nova vida, e para tantas familias que precisan realmente desta axuda, anunciou 2.000 solicitudes que ían ser aceptadas. Compareceu aquí no pleno para facer ese anuncio, ese recoñecemento. Xa daquela dixemos que era insuficiente, máis que nada porque o ano 2025 concluíu con 10.200 solicitudes sen atender. E, a maiores, tanto que se confronta co Estado, tanto que se critica o Estado nesta materia, vimos xa de debater nestas semanas esta cuestión e moitas outras en materia de vivenda, e a verdade é que hoxe temos que ser conscientes do marco no que nos atopamos.

E ese marco no que nos atopamos é que normalmente se lle bota a culpa de todo ao Estado, e moitas veces incluso se di: ¿para que un Ministerio de Vivenda, non?; en moitos debates parlamentarios: témolo aquí, dixémolo, dicímolo...; nós non, vostedes, as señorías do Partido Popular. Pero saben perfectamente que hai unhas competencias que ten o Estado e outras competencias que ten a Comunidade Autónoma. A Lei de bases correspóndelle ao Estado, para facer un marco, un esqueleto, e despois correspóndelle á Comunidade Autónoma con competencias exclusivas desenvolver toda esa política, cousa que a Xunta de Galicia xa sabemos que non fai.

Pero dicía isto porque casualmente, casualmente, teño aquí o DOG (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*) —é o DOG, jeh!, é dicir, non é un documento feito nin polo malvado Sánchez nin polo Partido Socialista—, que di, o 11 de marzo: «Resolvo: As persoas das cales se publican as listaxes, as persoas ás cales se lles denega a subvención do Programa de axuda ao alugamento por estaren as súas solicitudes presentadas con posterioridade á data de esgotamento do crédito orzado nesta convocatoria». Sorpresa: asinado por Heriberto García, director xeral do IGVS. (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*) É dicir, a



Xunta de Galicia é a que recoñece o esgotamento do crédito. Ata aquí entendo que estamos de acordo.

A continuación, en decembro, a conselleira, dentro desa magnanimidade da Xunta de Galicia, anunciou que ían aceptar 2.000 máis, como se fora un éxito, como o de Fogar vivo, un éxito; pois este éxito tamén.

A continuación, dentro deste grande éxito, a Xunta de Galicia fixo ese recoñecemento no DOG e ampliou eses 2.000. Ben, ata aquí de acordo tamén. Claro, ¿que pasa? Que nos quedan as 10.200 persoas, galegos e galegas, mozos e mozas, que non tiveron a posibilidade de ter esa axuda.

Entón, imos facer unha recompilación dos datos; xa que ao Partido Popular lle gustan tanto os datos, imos falar de datos. ¿Quen puxo os cartos para o Bono Alugueiro? Eu agardo que estaremos de acordo, máis que nada porque o propio DOG o pon.

Pero eu quixen ir un pasiño máis alá, porque, como normalmente todos os datos que damos aquí son falsos, non valen para nada, a execución non é a execución que nós dicimos, aínda que sexa da Xunta de Galicia, os datos que achegamos tampouco valen, pois eu fun aos orzamentos da Xunta de Galicia, publicado na páxina de orzamentos da Xunta de Galicia —prométolledo—, podo deixarllo de aquí para que o vexa (*O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.*); dígoo para que teñamos un debate construtivo de respecto de onde veñen os fondos. Vaia, ¡que sorpresa! O 100 por cento dos fondos para o Bono Alugueiro veñen do Estado, o 100 por cento dos fondos. Por certo, o 100 por cento dos fondos do Estado están transferidos; dígoo porque, claro, a Xunta de Galicia recibe o 100 por cento dos fondos do programa 451B, pero logo deixa o 70 por cento sen executar. Esa é tamén a competencia da Xunta de Galicia respecto das súas materias que debería facer.

Dixemos —creo que estamos de acordo con isto—: o 100 por cento dos fondos do Estado para facer o Bono Alugueiro. Ben, pois a Xunta de Galicia, na súa magnanimidade tamén, facendo gala e, á parte, sendo transparente e clara con toda a cidadanía galega, fixo o anuncio do Bono Alugueiro anunciándolle á mocidade galega que tiña a posibilidade de acceder a unha axuda de 250 euros. ¿Ven este anuncio en azul da Xunta de Galicia? (*O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.*) O que non van ver é o logo do propio Goberno do Estado, que é o que transfire os fondos. ¿Por que ocultan isto? Ese é o respecto institucional que vostedes teñen. O que realmente achega os fondos non aparece.

Pero, claro, hoxe chegamos ata aquí porque o que ten as competencias exclusivas o que se demostra é que, de todas esas solicitudes aceptadas, 4.482, que foron as iniciais ata que se esgotou o crédito, foron concedidas con cartos do malvado Sánchez. Esa é a realidade. E, polo tanto, a Xunta de Galicia, ata ese momento, achegara cero euros para o Bono Alugueiro, despois achegou uns cartiños —non moitos, jeh!—, 1 millón de euros, 1,3 millóns de fondos propios para esas 2.000 solicitudes. Esa é a realidade.

Pero, se falamos de datos tamén, a Xunta de Galicia no ano 2024 deixou sen executar no programa de acceso á vivenda 41,9 millóns de euros; e no 2025, tiña un total de orzamento



de 103,5 millóns. Xa que sacaron peito de ter aquí o orzamento aprobado, calculemos: ¿canto faría falla de orzamento para poder cubrir a totalidade das solicitudes, o 100 por cento das solicitudes? En base aos propios datos que se teñen publicado no *DOG*, farían falla 12,5 millóns. Conclusión: ¿a Xunta de Galicia ten cartos para poder facelo? Si. ¿Quere facelo? Non. Eu agardo, dentro do debate parlamentario de hoxe, que a Xunta de Galicia se comprometa a ter o 100 por cento das solicitudes aceptadas, admitidas, e tramitalo con fondos propios, porque os ten; en vez de deixalos no caixón, que execute a Xunta de Galicia todo isto que é tan importante.

Polo tanto, ¿pódese facer? Perfectamente. Isto é unha cuestión de vontade política, non é unha cuestión orzamentaria. E, por certo, tampouco unha cuestión de que o Goberno do Estado non transfira os seus fondos. Porque todo o balance que podemos facer —podemos falar doutras cuestións, pero hoxe falamos do Bono Alugueiro—, no día de hoxe, no que respecta ao Bono de Mocidade para o Alugueiro, é que están transferidos o 100 por cento dos fondos, en total, 45 millóns de euros, dende o ano 2018.

Esa é a realidade, a realidade que incluso se recolle no *DOG*. Agardo que poidamos ter un acordo unánime para que a Xunta de Galicia asuma as súas propias competencias para unha cuestión tan importante para a mocidade galega como é poder emanciparse e ter esta axuda que tanto beneficia a esta cuestión.

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Chao Rivas.

SALETA CHAO RIVAS: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Hai ou debería haber neste Parlamento un consenso —polo menos, un—, e é que estamos vivindo unha emerxencia habitacional sen precedentes. Nun contexto no que é cada vez máis difícil acceder a unha vivenda, o Bono Alugueiro é unha medida complementaria para impulsar o acceso á vivenda, para poder emanciparse e poder desenvolver un proxecto de vida independente, que supón moitos retos, sobre todo desde o punto de vista económico.

É unha medida complementaria, porque non se pode entender o Bono Alugueiro de forma illada, sen interrelacionarse con outras ferramentas que promovan o acceso á vivenda do conxunto da poboación e sen desenvolver un plan de emancipación propio con programas e servizos específicos.

É incomprensible que a Xunta de Galiza, en exercicio da competencia exclusiva que ten en materia de vivenda, non complementa con fondos propios o programa Bono Alugueiro, ao tempo que demande unha achega de fondos maior por parte do Goberno central para garantir que o Bono chegue a todas as persoas que o precisan.



Ampliar a dotación tanto da transferencia do Estado como dos fondos da Xunta é unha cuestión fundamental para que eses fondos transferidos realmente cheguen a cubrir as necesidades de todas as persoas e teñan o alcance necesario.

Mais falemos do contexto no que vivimos, para entender a que nos estamos a referir, porque os datos están aí para que debatamos sobre eles e sobre o rumbo que deben tomar as políticas públicas de vivenda do noso país. Segundo datos do Observatorio da Vivenda de Galiza, o prezo medio do alugueiro aumentou un 36 por cento desde o ano 2020; o salario medio bruto no mesmo período até 2024 —últimos datos dispoñibles—, un 14 por cento. A crise habitacional converteu a vivenda na primeira causa de desigualdade e exclusión social no noso país, onde cada vez máis xente deixa unha parte importantísima do seu salario para facerlle fronte ao alugueiro, que nalgúns contextos incluso chega a levar máis do 30 por cento do soldo, por riba do umbral máximo do que se considera sostible.

É por iso que unha política pública que realmente lle queira facer fronte á crise da vivenda debe despregar todas as ferramentas ao seu alcance para que este tipo de medidas complementarias non se convertan en parches mentres continúa a empeorar a situación. Sabendo que a crise da vivenda non é exclusiva do noso país —niso imaxino que tamén estaremos todas e todos de acordo—, é innegable que a política do Partido Popular ao longo dos últimos dezaseis anos nos deixa unha situación comparativamente moito peor que a doutros lugares onde non houbo dezaseis anos de seca no que a políticas de vivenda se refire.

Mentres o Partido Popular pretende colarnos agora que a vivenda é unha prioridade para eles, as mesmas persoas —as mesmas que levan dezaseis anos afogando a cidadanía coas súas políticas de vivenda— que paralizaron por completo a promoción de vivenda pública e protexida e que deixaron que fose ao mercado libre, que acaparase todo, esas mesmas persoas son as que nos venden a moto de que están moi comprometidas coa vivenda. En 2026, acordoulles agora. Ver para crer.

E a xestión do Bono Alugueiro, señores do Partido Popular, tamén deixa ao descuberto o seu Goberno, en primeiro lugar porque foron tarde na última convocatoria —creo que non o mencionou o deputado do Partido Socialista—, xa que a convocatoria do 2025 tiña que ter saído en realidade en 2024, co prexuízo que iso supuxo para as persoas que precisan ese apoio económico. E, en segundo lugar, porque o déficit orzamentario e o modelo de adjudicación en concorrència non competitiva deixa fóra moitas persoas que cumpren os requisitos para solicitar o Bono Alugueiro; que non aumenten a decisión orzamentaria é unha limitación consciente do alcance desta medida, é unha decisión política que prexudica milleiros de persoas.

Entón, señores do Partido Popular, debatemos ao longo das últimas semanas varias veces sobre vivenda, e eu teño que dicirlles que demostraron, unha e outra vez, que son incapaces de recoñecer a desfeita que nos deixan os seus anos de goberno e a súa mala política, incluso cando saben que renunciaron deliberadamente á promoción de vivenda pública protexida. Nin iso son quen de asumir. Son incapaces de asumir que hai que facer unha política diferente para reverter unha realidade na que cada vez é máis difícil acceder a unha vivenda sen precarizar a vida.



Por iso, desde o BNG defendemos que é preciso aumentar a dotación orzamentaria que destina a Xunta de Galiza ao Bono Alugueiro, como propón o Partido Socialista, mais indo un paso máis alá, para demandar que tamén aumente a dotación estatal. Pero tamén é necesario axilizar a tramitación e resolución da convocatoria e adecuar os prezos por zonas territoriais á realidade do mercado inmobiliario galego.

Dicía ao comezo que o Bono Alugueiro é unha medida complementaria, porque a emerxencia habitacional debe enfrontarse de forma integral. E un dos grandes obstáculos que temos sobre a mesa é a oposición do Partido Popular a artellar unha política de mobilización de vivenda baleira. ¿Por que se nega o Partido Popular a impulsar a intervención pública para a adquisición e a incorporación ao parque público de vivendas e exercendo o dereito de tanteo e retracto sobre as vivendas protexidas que se poñen á venda? ¿Por que se opón a gravar a vivenda baleira en zonas onde existe un problema de acceso para disuadir os propietarios de manter o parque desocupado?

A motivación é a de sempre, a que levan aplicando desde o 2009: dicir «non» á regulación e «si» á especulación. Por iso, renuncian a exercer as competencias a través do IGVS para declarar zonas de mercado residencial tensionado como política con perspectiva de país en todos os concellos onde haxa detectado un problema de tensionamento, como acreditan os datos que manexa o Observatorio da Vivenda de Galiza, é dicir, o propio IGVS. Unha ferramenta para axudar a conter o prezo do alugueiro de forma temporal que vostedes se negan a aplicar porque prefiren seguir fomentando a especulación en vez de protexer a función social da vivenda. *(Aplausos.)*

Esta negativa do Partido Popular a abordar a emerxencia habitacional de forma integral supón seguir alimentando o monstro, no que cada vez é máis difícil acceder a unha vivenda e desenvolver un proxecto de vida digno. No contexto no que vivimos é fundamental que as medidas como o Bono Alugueiro contén cunha dotación máis ampla, onde se incremente a achega de fondos propios da Xunta de Galiza e se reclamen máis fondos do Estado para garantir que ningunha persoa que o precisa queda fóra, que ningunha moza que cumpre os requisitos se vexa excluída dunha medida chave.

É responsabilidade da Xunta de Galiza, señores do Partido Popular, en exercicio da competencia exclusiva que teñen en materia de vivenda, que se despreguen todos os mecanismos e se financien de maneira suficiente para garantir a súa efectividade; do contrario, seguirán deixando fóra moitísimas persoas que necesitan destas medidas para poder acceder a unha vivenda digna.

Grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Pérez.

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidente.



Boas tardes, señorías.

Se hai un partido comprometido coa vivenda e coa xente nova, señorías, ese é o Partido Popular. *(Aplausos.)*

Señor Bouza —hoxe xa levou bastante—, que o Partido Socialista traia a este pleno este asunto, tela marinera. A verdade é que vostede, en particular —eu teño que recoñecerllo e fágoo publicamente—, ten moito mérito; é admirable a vehemencia coa que vostede defende o indefendible.

Os socialistas empregan moito iso de «eu invito e ti pagas», típica política sanchista. Quen escoite o titular en letra grande, ata eu mesmo escoitándoo, algo de razón pode ter. Dá a sensación de que son os grandes defensores da xuventude, do alugueiro, da vivenda, do emprego, do clima, da lingua, da cultura, da igualdade, do feminismo..., ben, en Monforte aínda non. *(Aplausos.)* Pero ben, con vostedes hai que ter moito coidado.

Vostedes e as súas políticas, coma sempre, traen letra pequena, letra pequena que case ningún le, pero te afectan. Traen contraindicacións e sobre todo efectos secundarios.

Os mozos e mozas de Galicia, afortunadamente, andan ben de vista e a súa palabrería barata non lles cola, non lle cola a ningún. A xuventude non quere ser utilizada, a xuventude ten criterio, a xuventude está preparada, non compra o que vostedes lle queren vender. Todo leria, leria barata, fume. En fin, cada catro anos, o resultado xa o sabemos.

A xuventude o que precisa é confianza e oportunidades. Vostedes presumen de ser os paladíns da información, da transparencia, do progresismo —de cartón pluma—; parece unha broma, se non fose algo tan serio. O Bono Alugueiro Mocidade —certo é— é unha axuda creada polo Goberno de España, sen ningún tipo de participación das comunidades autónomas. Dende o anuncio do bono por parte de Pedro Sánchez, o Goberno actuou con total falta de transparencia. O Goberno do señor Sánchez vendeu unha axuda de carácter practicamente universal que só permitiría aos mozos acceder á mesma dotación destinada a Galicia a cerca de 4.000 axudas.

Por certo, señor Bouza, ¿poderíame dicir cando teñen pensado aprobar o Plan de vivenda? Porque isto afecta, e afecta directamente. Estamos perdendo moito tempo e todos sabemos que é un problema, un problema grave.

O Bono Alugueiro é un exemplo de improvisación e falta de seguridade xurídica. Naceu con moitas dúbidas acerca da súa repercusión sobre os prezos do alugueiro. Poderían subir incluso os prezos, requisitos pouco realistas, falta de diálogo e invasión de competencias —vostede que tanto fala das competencias propias—.

En suma, o Bono Alugueiro é unha medida de propaganda, con impacto mediático, que xerou expectativas entre a mocidade, si, sen garantir recursos suficientes. Eu invito e ti pagas. *(Aplausos.)*



Xestión por parte da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia, señor Bouza —e sábeo— ampliouno. ¿Sabe por que? Non pechou o programa porque sabía que había moita xente que ía renunciar, entón ampliou os fondos. Esa foi a razón de que se concederan axudas despois de xaneiro de 2023. Esta xestión pode cualificarse como eficaz. A realidade é unha —presten atención—: a Xunta concedeu todas as axudas, esgotando o crédito entre decembro de 2022 e xaneiro de 2023. Antes de rematar o ano 2025, do que vostedes falaban, o Goberno autonómico xa notificara 2.033 novas concesións do Bono Alugueiro, un orzamento de 11,4 millóns de euros; datos reais, compromiso máximo.

Cómpre lembrar que esta nova partida se suma aos preto de 13 millóns de euros —tome nota, que tanto lle gusta dicir a vostede— xa executados nesta liña este ano, chegando polo tanto no orzamento de 2025 a máis de 24 millóns de euros, neste sentido, ata facer un total de 4.383 axudas.

Non hai que esquecer que a Xunta xestiona o Bono Alugueiro cos fondos —certo é— transferidos do Estado. A Xunta, a pesar de non estar de acordo coas bases do bono, cumpriu rigorosamente as súas responsabilidades, mesmo as superou, ao tramitar en tempo e forma todas as axudas, por outra parte mal dimensionadas, calcularon mal, cousa estraña para unha comunidade como a nosa.

Señor Bouza, que veñan agora vostedes, socialistas, co apoio dos nacionalistas, con esta iniciativa, pedindo que sexa a Xunta de Galicia quen responda con fondos propios ante a incapacidade do Goberno de cumprir as súas propias promesas, ¡manda truco na Habana!, é algo totalmente inadmisíble. Pode que vostedes non sexan conscientes da complexidade da xestión desta tipoloxía de axudas nin dos criterios que inclúe. Gobernar, señor Bouza, é orzar, que, por certo, deberían aprobar os orzamentos e dicir o que funciona, non simplemente o que soa ben nun titular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas.

Señor Rodríguez, a verdade é que o de soprar e sorber é un mérito. Recoñecer, por unha banda, que é unha mala medida e, por outra banda, que vostedes consideraron que era tan mala medida que aumentaron en 2.000 persoas, ¿non lle parece un pouco incongruente? (*Aplausos.*) ¿Non lle parece un pouco incongruente vir aquí dicir que o Goberno de España se equivoca cunha medida que vostedes viñeron aquí —a conselleira— dicir que realmente era o mellor do mundo?

E, á parte, hai unha cousa. Pero, se é tan mala medida, ¿por que se apropian da medida?, (*O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.*) ¿por que se apropian? Se é tan mala, que poñan aquí (*O deputado Aitor Bouza Manso sinala o documento.*) «Goberno de España» e bó-



tenlle a culpa e díganlles aos mozos e mozas: os 250 euros, mal, mal, mal, é por culpa de Pedro Sánchez. Pero ¿por que, se é tan mala medida, se apropián dela? Devolvan entón a medida, non os cartos, cartos para os mozos e as mozas. Executen os fondos. E esa é a realidade.

Claro que é unha boa medida, señor Rodríguez. É unha boa medida, porque da mocidade galega claro que si que hoxe vimos falar dela e claro que nos preocupamos dela, e por iso non empregamos a mocidade galega só para facer anuncios de pandereta dicindo que grazas á Xunta de Galicia ten 250 euros. E vostede aquí vén dicir o contrario. É que é absolutamente incongruente.

E, á parte, di: 11,4 millóns de euros. Señor Rodríguez, eses datos son os que pon o orzamento, 11,4 é o importe bianual que lle dá á Xunta de Galicia o Estado. Non mintamos. ¿Que fondos propios, fondos propios da Xunta de Galicia? O que achegou foi 1,3.

Sexamos realistas, os datos quedan ben, pero, á parte, os datos eu non os invento, están publicados. Se quere, confrontamos os datos, pero saben perfectamente que os datos que vostede deu aquí son o que transfire o Estado a Galicia.

E, polo tanto, si podemos afirmar unha cuestión moi importante: a Xunta invita, a Xunta invita e o Estado paga. *(Aplausos.)* Esa é a realidade: o malvado señor Sánchez é o que paga esta medida. Se non lles gusta a medida, *(O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.)* cambien o azuliño e poñan o logo do ministerio e quiten o seu. E digan: o señor Sánchez quere darvos 250 euros; se non o queredes, non o fagades. Porque hai 12.000 solicitudes sen atender, 10.200 no día de hoxe. ¿Por que? ¿Porque a mocidade non a quere? ¿É tan mala medida que a mocidade non a quere? Non é a única medida, e haberá que facer moitas máis.

Pero, evidentemente, o que temos que ter claro é que isto non pode ser unha carreira de obstáculos, acceder a unha vivenda, e a Xunta de Galicia non pode facelo, e cando hai medidas en positivo o que ten que facer a Xunta, con competencias exclusivas na materia, é facelo.

E, para concluír, señor Rodríguez, agardo que, aínda que voten en contra aquí, o fagan en todas as institucións, e non como co Banco Público de Alugueiro, que votan en contra no Parlamento galego, en Santiago de Compostela, pero no pleno en Santiago de Compostela despois defenden o contrario. Dígoo porque non vaia ser que vaíamos ter que ver como a semana que vén ou esta mesma semana o Partido Popular vota unha cousa no Parlamento e o Partido Popular defende esa mesma proposta como a medida estrela que defende o Partido Socialista; non vaia ser.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de deseñar e impulsar as políticas en materia de coresponsabilidade

O PRESIDENTE: Presentouse unha autoemenda e hai unha emenda tamén do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

No punto 1 da parte resolutiva da iniciativa, onde di: «...Consello Galego de Emprego, ...», debe dicir: «...Consello Autonómico de Emprego...»

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa propónse unha nova redacción para os seguintes puntos:

2. E no mesmo marco do diálogo social e dos órganos de participación institucional en materia de emprego, deseñar un conxunto de medidas concretas de política de emprego orientadas a reducir o nesgo de xénero existente nas excedencias e reducións de xornada por coidados desde a perspectiva laboral.

3. Das conclusións acadadas no marco do diálogo social e dos órganos de participación institucional en materia de emprego dar conta no Parlamento, no prazo máximo de dous meses, das medidas propostas ou acordadas para corrixir a situación.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 5, que terá o seguinte contido:

5. Elaborar, antes de que remate o presente período de sesións, un plan de choque específico dirixido ás mulleres, destinado a diminuír a fenda salarial existente entre mulleres e homes en Galicia, a deseñar medidas que contribúan a establecer un marco laboral de calidade no emprego combatendo a desigualdade de acceso ás diferentes ocupacións, e a incrementar a incorporación das mulleres nas ocupacións altamente masculinizadas.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonzo, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte.

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar no marco dos organismos galegos de participación institucional, nomeadamente o Consello Galego de Relacións Laborais e máis o Consello Económico e Social de Galiza, unha avaliación exhaustiva dos efectos que o tempo dedicado a os coidados ten no traballo das mulleres, salario, xornada, promoción profesional e pensións.

2. Deseñar, a partir das conclusións da avaliación e no mesmo marco, un conxunto de medidas concretas orientadas a promover a corrección dos efectos negativos detectados.



3. *Implantar no ámbito do persoal con relación laboral directa coa Xunta de Galiza a aplicación das medidas, e promover a través da introdución de cláusulas sociais nos presos de contratación públicos a implantación das mesmas medidas ao persoal das empresas que prestan servizos para a Xunta.*

4. *Recomendar ao goberno do Estado a modificación da normativa en materia de conciliación e de igualdade, nomeadamente a redución da xornada a 35 horas semanais, e a obriga de pactar os plans de igualdade das empresas.»)*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e todas.

Dentro de poucos días conmemoraremos de novo o 8 de Marzo, o Día Internacional das Mulleres. E eu creo que este Parlamento ten a obriga de chegar a esa data con compromisos concretos, con compromisos reais, e por iso esperamos que esta iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista sexa aprobada por unanimidade.

Porque a igualdade é, ademais dun dereito fundamental, unha cuestión de xustiza, e tamén non obviemos que é unha necesidade social e económica. Un modelo de competitividade baseado na calidade, na produtividade e na cohesión pois non é posible se seguimos aceptando que exista desigualdade real entre mulleres e homes.

E hoxe, señorías, non negarán que vivimos tempos de mensaxes negacionistas, que cuestionan a loita pola igualdade. Pois ben, a mellor maneira de responder a ese negacionismo é facer o que toca neste parlamento: contrarrestar con datos e con argumentos.

E os datos que coñecemos para Galicia son preocupantes e son os seguintes. Segundo a última enquisa anual de estrutura salarial do INE, a fenda salarial anual en Galicia sitúase no 15,7 por cento. Iso significa, en termos máis entendibles, que unha muller galega cobra de media 4.326 euros menos ao ano que un home. As mulleres galegas perciben o salario medio similar ao que percibían os homes galegos no ano 2015, nada máis e nada menos. E a fenda salarial, traducida en euros, supón que as mulleres galegas deixamos de percibir 2.349 millóns de euros no ano 2023; en resumo, 2.300, case 50 millóns de euros que non entran nos fogares galegos e que non se transforman, obviamente, nin en consumo nin en aforro, nin en estabilidade, e que revelan que a desigualdade salarial non é só unha cuestión de xustiza social, senón tamén unha cuestión económica de primeira orde.

E hai outro dato especialmente significativo: as mulleres galegas son as terceiras pola cola de todo o Estado en retribución por hora traballada. Perciben 15,36 euros por hora, un 25,4 por cento menos do salario que perciben as mulleres vascas. E algo terá que facer o Goberno galego.



E, señorías, cando falamos da fenda salarial, non estamos falando só de salario. A fenda non é un fenómeno illado nin retributivo exclusivamente. Está vinculado ao mercado laboral e á organización social dos coidados.

E aquí entramos pois tamén na problemática profunda. En Galicia 107.500 mulleres traballan a tempo parcial, case unha muller de cada catro. No caso dos homes, esa porcentaxe redúcese a un 6 por cento. E, ademais, isto non é tempo parcial porque si. Realmente, das persoas que teñen contrato a tempo parcial por coidado de menores, maiores ou dependentes, o 91,3 por cento son mulleres galegas. É dicir, cando aparecen necesidades no fogar, son as mulleres as que renuncian á xornada completa, e isto non se pode presentar como unha simple decisión desa muller, é unha resposta condicionada por un mercado laboral galego desigual, polos salarios máis baixos que temos as mulleres galegas e por unha corresponsabilidade insuficiente.

E cando a conciliación non se resolve con medidas compatibles co emprego, senón con interrupcións, a realidade pois volve ser igual de contundente. Se falamos de excedencias, que xa consta na iniciativa, por coidado de familiar, en 2023, 1.363 excedencias solicitadas por mulleres fronte a só 249 excedencias por homes; é dicir, o 84,55 por cento recaen sobre as mulleres.

E ¿que significan realmente esas excedencias? Son interrupcións da carreira profesional, son deixar de acumular experiencia e deixar de participar en proxectos e perder visibilidade interna e moitas veces quedar fóra dos procesos de promoción. Ademais, existe un efecto real no mercado laboral: o estigma da dispoñibilidade que todos coñecen. E cada mes sen cotizar implica, obviamente, menor base de cotización para o cálculo da pensión futura. Por iso, as excedencias, cando recaen como en Galicia de maneira case exclusiva sobre as mulleres, reproducen desigualdades estruturais non nun momento determinado, senón ao longo de toda a vida laboral. E en Galicia, ademais, hai unha realidade demográfica que agrava esta situación, porque moitas mulleres interrompen a súa carreira profesional dúas veces: primeiro, cando os fillos son pequenos, e despois cando os seus pais ou nais entran en situación de dependencia. Somos unha das comunidades máis envellecidas do Estado e isto significa que, cando unha muller está criando, os proxenitores están xa en idades avanzadas e, cando os fillos medran, despois ten esa nova responsabilidade, que debería ser compartida cos homes.

Miren, a brecha das pensións —é un tema moi importante que deberemos tratar igual de maneira monográfica— en Galicia é do 32,6 por cento, e o diferencial medio mensual do que cobramos as mulleres menos de pensión en Galicia son case 500 euros, concretamente 490,65. E hai outro dato que demostra que a desigualdade non é inevitable, porque a fenda salarial é moito menor no sector público que no privado. Cando hai maior regulación, cando hai maior transparencia e control, as desigualdades redúcense. Polo tanto é un problema que se pode corrixir con políticas ambiciosas, as que non ten o Partido Popular en Galicia.

Señorías, por todo o exposto traemos unha iniciativa para que a Consellería de Emprego non mire para outro lado. Non pedimos nada do outro mundo. O que pedimos son análises e pedimos medidas concretas. Medidas como realizar, no marco do diálogo social e dos órganos de participación institucional en materia de emprego, unha avaliación exhaustiva da situa-



ción das excedencias e das reducións de xornada por coidados en Galicia, con especial atención ao seu impacto diferenciado por razón de sexo. Esta avaliación deberá analizar a distribución por sexo, idade e sector, as causas económicas, laborais e organizativas, os efectos sobre a carreira profesional, a estabilidade no emprego, as cotizacións, o papel das empresas e da negociación colectiva na adopción ou ausencia destas medidas. Tamén deseñar, a partir destas conclusións, desta avaliación, e neste mesmo marco, un conxunto de medidas concretas de políticas de emprego orientadas a reducir o nesgo de xénero existente nas excedencias e nestas reducións de xornada por coidados desde a perspectiva laboral; dar conta —obviamente— ao Parlamento de Galicia dos resultados destas avaliacións; garantir a publicación periódica de datos desagregados por sexo sobre excedencias, reducións de xornada e medidas de conciliación no ámbito laboral na nosa comunidade. E elaborar antes de que remate o presente período de sesións —a ver se desta vez vai— un plan de choque específico dirixido ás mulleres, destinado a diminuír a fenda salarial existente entre os homes e as mulleres en Galicia, a deseñar medidas que contribúan a establecer un marco laboral de calidade no emprego, combatendo a desigualdade de acceso ás diferentes ocupacións, e a incrementar a incorporación das mulleres nas ocupacións altamente masculinizadas.

Por esta vez, espero que o Partido Popular atenda estas reivindicacións e non se escude en que «xa estamos facendo», porque os datos están aí e aí vemos a brecha que existe, a parcialidade que soportan as mulleres e tamén a brecha nas pensións. E, por suposto, o que dicía na iniciativa: que temos que preocuparnos polo tema das excedencias, e a política pode cambiar as cousas. A ver se desta vez o Partido Popular vota a favor desta iniciativa.

Nada máis. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Fernández Alfonso.

RAMÓN FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Se hai temas importantes dos que se fala pouco, con certeza o da conciliación da vida laboral e a corresponsabilidade é un deles. E o que é aínda peor que falar pouco é non tratar o asunto con seriedade; facelo con timidez, por non dicir covardía, sen querer molestar a ninguén e, por suposto, sen gastar moito. E, claro, así é imposible que as mulleres gañen en dereitos, porque diso é do que trata ou debería tratar a conciliación e a corresponsabilidade: de que as mulleres, que son as que coidan, as que coidan as crianzas, as persoas maiores, as persoas dependentes e que son as que asumen as penalizacións vitais destes coidados en todos os ámbitos, deixen de sufrir estas penalizacións. En primeiro lugar, porque poidan deixar de asumir eses coidados, porque os asumamos os homes ou porque os asumamos socialmente. En segundo lugar, porque eses coidados non penalicen. Pero prescindir dos coidados non é unha opción, niso estaremos de acordo todos e todas —supoño—. E quero supoñer que tamén estaremos de acordo —ou deberíamos estar de acordo— en que estes coidados non poden recaer e penalizar as mulleres, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



e para falar seriamente disto hai que tratar moitos aspectos e ámbitos; por exemplo, estes tres: o laboral, os recursos públicos destinados aos coidados e a educación en igualdade.

A proposta que trae o PSOE céntrase no ámbito laboral e moi especificamente en dúas cuestións: as excedencias e as reducións de xornada por coidados. A proposta consiste basicamente en facer unha avaliación destas dúas cuestións para despois tomar as medidas que xurdan desta avaliación. Así que eu centrareime tamén no ámbito laboral, mais abrindo o foco. Está máis que constatado —como dicía a portavoz socialista—, que máis do oitenta por cento das persoas que piden excedencias para coidar son mulleres. Unha porcentaxe absolutamente abrumadora e que xa deixa en evidencia sobre quen recaen os coidados. Pero a redución de xornada por coidados, o outro eixo da proposta, pode deixar fóra do foco todas as xornadas parciais que non son reducións dunha xornada completa previa. Sabemos que as mulleres traballan a xornada parcial tres veces máis que os homes e sabemos que a cuarta parte das mulleres que traballan en xornada parcial fano para poder prestar coidados. Do mesmo xeito, quedaría fóra do foco a temporalidade, que tamén padecen máis as mulleres que os homes. ¿En que medida os coidados están relacionados con esta situación? Habería que incluílo no estudo. A proposta do PSOE tamén deixaría fóra do estudo as mulleres desempregadas nas súas diferentes versións —as inactivas, por exemplo—, e sabemos que a taxa de mulleres inactivas é máis alta que a dos homes; ou a diferente casuística das mulleres en paro, por exemplo, o paro de longa duración, que tamén sabemos que afecta máis as mulleres que os homes. Do mesmo xeito que antes, ¿en que medida os coidados están relacionados con esta situación? Outro exemplo: ausentarse do traballo para atender unha crianza, pedindo permisos e licenzas, días soltos de vacacións, compensando tempo por tempo, faltando, co coñecemento e o consentimento da persoa empregadora, pedindo favores aos compañeiros... A vida típica dunha familia monoparental. ¿Penaliza igual unha muller que un home, na percepción, por exemplo, de complementos retributivos, na promoción profesional ou directamente na continuidade no emprego? Habería que ampliar o estudo que se propón para que abarque todos os impactos negativos que os coidados poden ter na vida laboral das mulleres e que se poden concretar en máis formas alén das excedencias e reducións de xornada por coidados.

Nese sentido vai ao primeiro punto da nosa emenda: ampliar o foco da avaliación proposta. En segundo lugar, tamén quixemos introducir coa nosa emenda unha cuestión da que todo o mundo fala pero que ninguén acaba de asumir completamente: aproveitar a capacidade propia da Xunta como empregadora directa de miles de persoas e como contratista de moitas empresas que teñen por súa vez tamén miles de persoas empregadas. Estamos a falar de que, directa ou indirectamente, a Xunta pode introducir numerosas e variadas medidas a favor da conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Pode facelo a partir dos resultados desta avaliación que estamos a debater; pode facelo a partir dos resultados obtidos no segundo Plan de conciliación e corresponsabilidade da Xunta 2021-2025 —se é que ten pensado cumprir algunha vez co seu compromiso e obriga de avaliar e presentar estes resultados—; pode facelo a partir da negociación colectiva e mesmo da negociación dos plans de igualdade. O importante é que a Xunta podería ser un axente determinante para mellorar as condicións laborais e de conciliación de miles de persoas no noso país. Pero claro, para isto faría falta outro goberno na Xunta de Galiza. Un goberno que non desprece as demandas dos traballadores —e especialmente das traballadoras— como vén facendo o Partido Popular



durante todos os seus anos de goberno. Por non falar do modelo e dos recursos que o Partido Popular destina á dotación dos servizos públicos sociais implicados nos coidados, mais isto fai parte doutro debate.

En último lugar, quixemos achegar tamén dúas propostas concretas. A primeira, a redución de xornada a 35 horas semanais, todo un clásico cando se fala de conciliación: redución de xornada e racionalización de horarios. Todo o mundo ten claro que é o camiño, mais ninguén se atreve a collelo, e para nós é fundamental facelo canto antes. Obviamente ten as súas dificultades, igual que a racionalización dos horarios, mais as dificultades non poden paralizarnos. Haberá que acompañar ese camiño con medidas de apoio —non o discutimos—, pero o importante para nós —repito— é non ficar paralizados e paralizadas cando estamos a falar de cuestións tan importantes como a calidade de vida das persoas no sentido máis profundo. E a segunda proposta concreta: facer que os plans de igualdade haxa que pactalos coa representación legal do persoal. Unha das razóns polas que os problemas de conciliación e corresponsabilidade perduran é porque moitas das medidas que se toman para actuar neste ámbito non pasan da cosmética, das boas palabras e das simples recomendacións. Non se toman a serio —como dicía de inicio—, e que os plans de igualdade non haxa que pactalos para poder rexistralos e que se teña a obriga por cumprida é o caso paradigmático de como a igualdade non se toma a serio. A que debería ser a principal ferramenta para rematar coa desigualdade no ámbito laboral, a través do debate concreto e informado e do acordo responsable, cae á categoría de mero xoguete ou dun mero trámite que cumprir de xeito burocrático e, a poder ser, rápido. A obriga de pactar estes plans tería un impacto profundo nas condicións de traballo de moitas mulleres, e trátase dunha medida que poden adoptar vos-tesdes no Goberno central.

E, para rematar, non podo deixar de anotar que non compartimos con vostedes a súa admiración por esa criatura mítica, construída man a man entre a dereita e a patronal, que deron en chamar «diálogo social». Un relato construído coa finalidade de convencer a clase traballadora de que existe unha identidade de intereses entre o capital e a clase traballadora; unha confluencia, que podemos vivir felices e comer perdices todos sentados á mesma mesa. (*Murmurios.*) Vostede sabe que isto non é certo, sabémolo todos e todas os que estamos aquí. Sábeo tamén o señor Pedro Sánchez, que se atreveu a sinalar os magnates das tecnolóxicas como «malos malísimos que mandan máis que os Estados». E ten razón, pero facer caricaturas non axuda a disipar o ruído, a confusión e as mentiras. Eses magnates representan hoxe mellor do que nunca o poder que as grandes corporacións e os *lobbies* empresariais tiveron sempre, non é un fenómeno novo, apenas a versión dixital do conflito de sempre entre capital e forza de traballo. A milonga do diálogo social —pénseo ben— non é outra cousa que unha nova versión do sistema franquista onde estaban a patronal e o sindicato único baixo os rexios principios *del Movimiento*. ¿Por que habería de ter tanto interese o conselleiro de Emprego do Partido Popular, que pacta todo con Vox en todas partes, en institucionalizar o diálogo social se non fose así? ¿Por que lle seguen o xogo? A esquerda, as organizacións de esquerda, non deberamos alimentar criaturas míticas que poidan tornarse contra nós á volta dunha esquina ou dunhas eleccións xerais. Reflexionen.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)



O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Pérez López.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: Boas tardes. Grazas, presidente.

Señora Rodríguez, moitos datos, pero bastante pouco rigorosos. Ven aquí pedir que dea conta o Goberno galego ao Parlamento, supoño que igual que vostedes dan conta nas Cortes de España.

Vostede, señor Alfonso, na súa liña: era raro que hoxe non saíse aquí Franco nin que saíse aquí Vox. ¿Como que non se pacta cos traballadores? Páctase cos representantes dos traballadores, pero vostede quedou —creo eu, despois de escoitalo— no século pasado.

«Políticas ambiciosas», dicía a señora Rodríguez, cunha institucionalización definitiva da mesa do diálogo social —que non lle gusta ao Bloque Nacionalista Galego, que prefiren outras cousas—. (*Murmurios.*) No seo dese diálogo —que non hai mellor cousa que o dialogo—, Galicia está redactando unha estratexia para avanzar en materia de igualdade e de prevención do absentismo, poñendo en marcha novas medidas, señorías, para a conciliación, a flexibilidade laboral e a corresponsabilidade. Galicia ten un plan con medidas concretas de conciliación e corresponsabilidade xa en avaliación e traballa no seguinte: axudas para o fomento do teletraballo, a flexibilidade horaria, a conciliación e a implantación de plans de igualdade nas empresas. (*A deputada Noelia Pérez López amosa un documento.*)

Miren, ¿vostedes len o *Diario Oficial de Galicia* antes de vir falar a este Parlamento? O da semana pasada, como mínimo, non. Dicía: apoio á conciliación e á corresponsabilidade no traballo autónomo; axudas para as substitucións por maternidade; apoio á contratación para o coidado de menores e dependentes; e medidas para diminuír a fenda salarial, porque é certo que as mulleres cobran aínda no día de hoxe menos que os homes. En Galicia é certo, pero en España tamén, señora Rodríguez. Por certo, e con datos da Axencia Tributaria —que eu creo que non é nada sospeitosa—, Galicia ten unha fenda salarial menor que a que existe a nivel nacional. (*Aplausos.*) As mulleres están mellor en Galicia, señora Dacosta; son datos da Axencia Tributaria, do Partido Socialista. Algo estaremos a facer ben, aínda que a vostedes lles custe dixerilo. Podería seguir, pero vostedes coñecen as medidas e os programas perfectamente.

¿Temos que seguir mellorando e traballando? Por suposto que si, e eu recoñezollo, pero Galicia non mira para outro lado, como dixo vostede. Galicia non vai por detrás en materia de corresponsabilidade. Galicia avanza con feitos, con orzamentos e con consenso, señorías. Pero mire, a responsabilidade non se esgota nin no ámbito laboral —como dicía o señor Alfonso— nin no ámbito autonómico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Depende moito das decisións estatais, que teñen un impacto directo nas familias galegas, e é a nosa obriga falar delas, aínda que vostedes non o fagan e aínda que lles moleste e veñan aquí co conto de que queremos confrontar. Non queremos confrontar; o que queremos é buscar solucións para as galegas e para os galegos, e por iso imos contarlles a verdade. Dígolles, señorías, que o que quere votar hoxe o Partido Socialista, incluídas as emendas do Bloque



Nacionalista Galego, é inútil para a cidadanía galega; vostedes hoxe non viñeron aquí a outra cousa máis que a colocar o seu relato. Estamos ante un novo capítulo do relato do Partido Socialista, un máis deses moitos que durante oito anos foron fabricando, e un máis que non resiste o contraste dos datos.

Señora deputada, mire, estamos no Parlamento de Galicia, non nun mitin do Partido Socialista nin nunha rolda de prensa da Moncloa. Aquí, na casa dos galegos, queda moi feo mentir e faltar á verdade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Faltan á verdade e pretenden enganar todos os galegos —e dálles a risa...— cando falan aquí de avances moi importantes en materia de corresponsabilidade impulsados polo Goberno de España de Pedro Sánchez. Mire, están faltando á verdade, porque o que queren vendernos como unha conquista ideolóxica do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego non o é. O que vostedes avanzaron en materia de corresponsabilidade non foi unha decisión transformadora do Partido Socialista; foi unha directiva europea de obrigado cumprimento. Non era unha opción, señora Rodríguez; era unha obriga xurídica. Bruxelas marcou o camiño e España tiña que traspoñelo obrigatoriamente, pero o peor é que o Goberno do señor Sánchez —utilizándoos a vostedes, ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista Galego de comparsa— traspúxo a ao mínimo exixible. Ambición ningunha, nin do Partido Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Ningún de vostedes levantaron a voz, señorías. Bruxelas permitía medidas máis ambiciosas e o Bloque Nacionalista Galego, que ía ser decisivo en Madrid e ao final acabou sendo decorativo do señor Sánchez, quedou mudiño. Ese Goberno do que tanto presumen e que tanto lles molesta que mencionemos actuou máis para pechar un expediente sancionador e para evitar multas de Bruxelas que para ampliar dereitos reais das galegas e dos galegos. Pero, aínda así, vostedes veñen aquí contarlles contos...

Falaron vostedes de que, en materia de coidados, as persoas dependentes e a conciliación seguen recaendo maioritariamente nas mulleres, e teñen razón no diagnóstico. Quédanos moito por avanzar e niso estamos de acordo. Esta realidade non é exclusiva de Galicia, pero hai que ter cara para vir dicir aquí iso e pedir medidas ao Goberno galego. Mentres intentan colocar o seu relato —que é ao que viñeron hoxe—, o Goberno de Sánchez —díxollo a miña compañeira esta mañá— recorreu o plan de choque de dependencia. Intenta paralizar un plan de choque e, polo momento, señorías, nin o Constitucional de Pumpido lle dá a razón: acaba de levantar a suspensión cautelar. Pero, se somos precisos —como pedía hai un momento a súa compañeira—, o recurso segue vivo, a sentenza segue pendente e quen levou Galicia aos tribunais está a intentar paralizar unha medida que funcionaba, que resolveu nun ano máis de 87.000 expedientes e que deixou no peto dos galegos e das galegas, vía exención fiscal, máis de 114 millóns de euros. Quen levou Galicia aos tribunais é o Partido Socialista, co beneplácito do PSdeG e do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Explíquenllelo ás galegas e aos galegos, que isto teñen que sabelo.

¿Que políticas de corresponsabilidade e de igualdade e que preocupación polas mulleres nos queren vir vender hoxe aquí cando, co diñeiro de todos os españois, señorías, con diñeiro público, pagaron prácticas que están a cousificar as mulleres? ¿Xa esqueceron a Jessica etcétera etcétera etcétera? ¿Que van facer o día do 8M, señora Rodríguez? Pregúntolle: ¿que van facer cando, co diñeiro de todos —que acabamos de coñecelo—, con diñeiro que debería ser aplicado para políticas de igualdade e de corresponsabilidade, seguen facendo negocios familiares



desde o Goberno de España, señora Rodríguez? (*Aplausos.*) A muller de El Uno, o irmán de El Uno..., pero agora, ademais, os puntos violeta, señora Rodríguez, a dedo, a mans da muller da directora do Instituto das Mulleres, tamén socialista. E aínda tivemos que escoitar hai dous días o señor Sánchez falar do machismo do PP... (*A deputada Noelia Pérez López persíg-nase.*) ¡Por Santiago Apóstolo, señora Rodríguez! (*Aplausos.*) Presumen de ser o Goberno máis feminista e, en realidade, son o Goberno máis corrupto e machista da historia deste país.

A corresponsabilidade non vale con declamala, tamén hai que practicala, señorías, cando hai que adoptar solucións e cando hai que poñer cartos enriba da mesa para que sexa real; e non só falar, señor Alfonso. Miren, dous datos só. ¿Queren saber, señorías, que fixo esta bancada, (*A deputada Noelia Pérez López sinala a bancada da oposición.*) a do Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, cando o Partido Popular hai uns meses presentou no Congreso unha lei completa de conciliación e de corresponsabilidade, con permisos de ata vinte semanas, con educación 0-3 gratuíta cofinanciada polo Goberno do Estado —en Galicia, pioneira, pero estamos a pagala soamente os galegos—, con incentivos fiscais, con apoio real ás empresas? ¿Saben que fixo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia? Votar en contra. Iso foi o que fixeron... Cando puideron ampliar dereitos reais ás familias e ás mulleres, dixeron que non e votaron en contra. E isto non é relato, señorías, isto é o *Diario de Sesións*. (*A deputada Noelia Pérez López amosa un documento.*) Pero hai máis: o Goberno que presume de ser o máis feminista da historia recortou 50 millóns do Plan Corresponsables, sen diálogo coas comunidades autónomas. Hai un refrán dos nosos maiores que nunca falla, señores deputados socialistas e do Bloque Nacionalista Galego: «*Dime de qué presumes y te diré de qué careces*». Iso é o que viñeron a facer hoxe aquí vostedes: proxectar as súas propias carencias. ¿Saben canto lles vai custar ese recorte ás galegas e aos galegos? 2,3 millóns para os concellos, as ANPA e miles de familias galegas que vai ter que custear o Goberno galego. (*Aplausos.*)

Así que, señorías —e vou rematando xa—, hai grandes diferenzas entre o modelo galego e o modelo estatal en materia de corresponsabilidade e en materia de igualdade. O Partido Popular en Galicia institucionaliza o diálogo social e financia medidas; o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego en Madrid deciden unilateralmente e recortan. Se de verdade lles preocupan as mulleres, sobre as que maioritariamente recae a carga dos coidados en España e, por tanto, maioritariamente piden excedencias e reducións de xornada, empecen por exixirlle, a quen hai que exixirlle e onde hai que exixirlle, a retirada do recurso contra o plan de choque da dependencia. Cada mes de espera é un mes máis de coidados que, como ben dicía vostede, na maioría das ocasións recaen nas mulleres. Exixan que se repoñan eses —se non máis— 50 millóns de euros...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: ...que recortaron do Plan Corresponsables —remato xa, señor presidente— e exixan ao señor Sánchez que cumpra a Lei de dependencia e financie o 50 por cento do sistema; ese mesmo 50 por cento que lle dicía a señora Arias hoxe á mañá que lle está financiando ao País Vasco.

Ten tres minutos agora, señora Rodríguez. Díganos se o Partido Socialista de Galicia vai reclamar todo isto e poñerse do lado dos galegos ou, pola contra, ao igual que o BNG, moi bra-



vos aquí é moi mansos alá. Sexan sinceros. (A deputada Noelia Pérez López sinala a bancada do Grupo Parlamentario Popular.) Mire, esta bancada e este partido, señora Rodríguez, se de algo se poden acusar é de berrar menos e de coller menos pancartas, pero coidan e protexen as mulleres moitísimo máis...

O PRESIDENTE: Remate, grazas.

NOELIA PÉREZ LÓPEZ: ...ca vostedes. Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas. (Murmurios.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Señora Pérez, eu creo que leva moito tempo neste Parlamento e debe saber como funciona isto. A iniciativa é do Partido Socialista; quen ten que contestar é vostede. (Aplausos.) Eu non teño que contestarlle a vostede as preguntas que me fai sobre todo menos sobre a situación das mulleres en Galicia. Porque esta tarde parece que os deputados do Partido Popular van *in crescendo* e cada un ten que subir o ton respecto ao anterior e atacar máis os deputados que temos uso da palabra. Fun moi educada (Pronúncianse palabras que non se perciben.) —si, si; vostede non...—, mostrei unha situación que hai en Galicia, cos datos contrastados, je vostede vén falar aquí dunha lei de dependencia que Mariano Rajoy —M. Rajoy— desmantelou e as mulleres galegas quedaron como quedaron! (Aplausos.) Pero, claro, as circunstancias que temos neste Parlamento son que as mulleres e os homes galegos, os deputados e deputadas, estamos a cobrar o mesmo, pero na rúa coñecerá moitas mulleres que cobran moito menos que os homes. ¿E sabe por que? Porque igual o salario base é o mesmo, pero resulta que os complementos que lles poñen os empresarios ás mulleres e aos homes son completamente distintos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Sabe canto? Escoite: 730 euros de diferenza. (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Si, señora Pérez! A ver se vai pola calle e fala coas mulleres galegas. (A deputada Noelia Pérez López nega coa cabeza.) Mire, corresponsabilidade é emprego e é salario digno, pero parece que a vostede iso non lle importa.

Voulle repetir uns datos, xa que dicía que minto nos datos. Como non lle gustaron, creo que é hora de que vostede escoite e outro día diga exactamente o que non é certo: a brecha salarial anual é dun 15,7 por cento; a diferenza salarial media anual é de 4.326 euros menos que os homes; o salario por hora é de 15,36 e somos as terceiras pola cola no Estado español; mulleres traballando a tempo parcial, 107.000; parcialidade por coidados, 91,3; diferenza media mensual de 490 euros nas pensións... ¿Que lle parece? A vostede o que lle parece é que o que pide o Partido Socialista, avaliar unha situación como esta, non o ten que facer, porque «a muller galega percibe o mesmo salario que o home», porque «a muller galega non é a que sustenta os coidados dos fillos e dos pais» e porque «a muller galega non precisa ningunha medida do Partido Popular e ningunha medida do Goberno galego». Entón, vostede ten que dicir a realidade: «non imos apoiar esta iniciativa porque nos importa un pepino a situación das mulleres galegas, que perciban 490 euros menos cando se xubilan». Iso é o que lle importa ao Partido Popular. Pouco máis hai que dicir.



E hai outra cousa: falaba vostede de que eu non podía falar en nome das mulleres polo que acontecera en Madrid. Eu non quero falar de Móstoles polo respecto que teño ás mulleres galegas, cousa que vostede non tivo. *(Aplausos.)*

En relación co Bloque Nacionalista Galego, compartimos apreciacións e argumentos que puxo sobre a mesa o portavoz en materia de emprego, moitísimas delas en relación co diálogo social. Ten que analizar que tamén pedimos os órganos de participación institucional —non só o diálogo social— para realizar esta avaliación. Entendemos que o punto 3 podemos aceptalo como engádegas.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.


Remata aquí por hoxe.

Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e un minuto da noite.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

